



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 474
29 de marzo de 2023



CSV: BOPGDSPG-nNE6FOS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 29 de marzo de 2023, polo que se admite a trámite a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral [186639](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

■ 51842 (11/MOC-000149)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María

Sobre a aprobación do Consello de Informativos e o Estatuto profesional na Corporación Radio e Televisión de Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 50359, publicada no BOPG núm. 461, do 1 de marzo de 2023, e debatida na sesión plenaria do 21 de marzo de 2023) [186655](#)

■ 51925 (11/MOC-000150)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a política do Goberno galego en relación coa planta xudicial en Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 6169, publicada no BOPG núm. 59, do 9 de decembro de 2020, e debatida na sesión plenaria do 21 de marzo de 2023) [186657](#)

■ 51926 (11/MOC-000151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o mercado de traballo. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 50750, publicada no BOPG núm. 465, do 8 de marzo de 2023, e debatida na sesión plenaria do 21 de marzo de 2023) [186660](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

■ 51943 (11/PNP-004308)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Sánchez, Rosalía e 13 máis



Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da asistencia sanitaria ás persoas reclusas nos centros penitenciarios [186665](#)

I 52092 (11/PNP-004317)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 14 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto do desenvolvemento dos plans de ordenación do espazo marítimo [186669](#)

I 52118 (11/PNP-004320)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 14 máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que solicite da Unión Europea a necesidade de ampliar os criterios que se teñen en conta para a declaración de zona escasamente poboada [186673](#)

Admisión a trámite e publicación

I 51625 (11/PNP-004272)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do seguimento da campaña de vacinación contra a lingua azul polos servizos veterinarios oficiais [186676](#)

I 51631 (11/PNP-004273)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar de persoal docente o hospital de día de psiquiatría infantoxuvenil do Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo [186679](#)

I 51643 (11/PNP-004274)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto dos problemas co transporte interurbano de viaxeiros por estrada da veciñanza de Ribeira [186683](#)

I 51644 (11/PNP-004275)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto dos problemas co transporte interurbano de viaxeiros por estrada da veciñanza de Ribeira [186686](#)

I 51646 (11/PNP-004276)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incrementar as liñas de axudas ordinarias para o audiovisual en galego cos fondos achegados do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais [186689](#)

I 51656 (11/PNP-004277)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para financiar a elaboración dun informe sobre a muller no rural e incorporar eses datos ao estatuto da muller do rural e do mar

[186691](#)

I 51661 (11/PNP-004278)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a remisión ao Parlamento dun plan de ampliación da rede de escolas infantís públicas en contornas laborais

[186695](#)

I 51667 (11/PNP-004279)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre a elaboración dun informe de avaliación que determine os efectos da entrada en vigor da Lei Ánxeles Alvareño

[186699](#)

I 51677 (11/PNP-004280)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para engadir o concello de Dumbría á lista de posibles beneficiarios da convocatoria de subvencións para embelecer o litoral galego

[186702](#)

I 51682 (11/PNP-004281)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar o Centro de Saúde de Quiroga da figura de traballo social

[186704](#)

I 51685 (11/PNP-004282)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para colaborar co Concello de Gondomar e prestar servizo de comedor no Colexio Rural Agrupado de Peitieiros

[186707](#)

I 51695 (11/PNP-004283)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a permanencia da Escola de Educación Infantil do Gaioso, en Santiago de Compostela

[186711](#)



I 51701 (11/PNP-004284)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis**

Sobre a reclamación que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que resolva a situación do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Física de Ferrol [186714](#)

I 51704 (11/PNP-004285)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e as demandas que debe facer ao Goberno do Estado en relación coa utilización dos recursos sanitarios do Punto de Atención Continuada de Curtis para atender a poboación reclusa do Centro Penitenciario de Teixeira [186718](#)

I 51718 (11/PNP-004286)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das solicitudes de queima para palla, restos agrícolas e/ou forestais [186722](#)

I 51724 (11/PNP-004287)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para xustificar o destino ao Centro Oncolóxico de Galicia de equipamento tecnolóxico pagado con fondos públicos [186727](#)

I 51734 (11/PNP-004288)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para rematar cos incumprimentos e coas irregularidades nos contratos do servizo público de transportes por estrada [186731](#)

I 51743 (11/PNP-004289)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a elaboración dun plan integral para o ensino rural [186735](#)

I 51773 (11/PNP-004290)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da súa política económica e enerxética [186738](#)

I 51781 (11/PNP-004291)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co sector eólico [186742](#)



I 51797 (11/PNP-004292)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co programa Rexurbe

[186747](#)**I 51758 (11/PNP-004293)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar unha diagnose respecto da situación bancaria internacional e os principais riscos para a economía galega

[186750](#)**I 51808 (11/PNP-004294)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co mantemento da estrada AC-543, no concello de Rois

[186753](#)**I 51815 (11/PNP-004295)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para determinar normativamente os criterios de destino das doazóns de material ao sistema público de saúde

[186755](#)**I 51821 (11/PNP-004296)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para levar a cabo un plan de fomento da lectura, incrementar as axudas ao sector editorial e promocionar o libro galego

[186758](#)**I 51833 (11/PNP-004297)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para instar os grupos políticos con representación no Congreso a que apoien o texto da Proposición de lei de transferencia da AP-9

[186762](#)**I 51844 (11/PNP-004298)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis**

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para iniciar as negociacións entre os grupos con representación parlamentaria para a renovación da Dirección Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia

[186765](#)**I 51846 (11/PNP-004299)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para avanzar na dixitalización da Administración de xustiza [186768](#)

I 51852 (11/PNP-004300)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un fortalecemento da política industrial e de investigación, desenvolvemento e innovación [186771](#)

I 51858 (11/PNP-004301)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto dos incumprimentos da empresa adxudicataria do servizo de salvamento marítimo de Galicia [186774](#)

I 51882 (11/PNP-004302)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un informe independente acerca dos resultados e das deficiencias da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, nomeadamente das burgas en Ourense [186782](#)

I 51900 (11/PNP-004303)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para realizar unha estratexia para o ensino rural [186786](#)

I 51912 (11/PNP-004304)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto dos microcortes de electricidade e da precariedade das conexións telemáticas que sofre a provincia de Lugo [186788](#)

I 51919 (11/PNP-004305)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facilitar o acceso ás axudas ao alugueiro [186792](#)

I 51927 (11/PNP-004306)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facilitar á empresa promotora da planta de fibras téxtiles en Palas de Rei o acceso ás axudas económicas necesarias para poñer en marcha a planta [186795](#)



I 51933 (11/PNP-004307)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para colaborar co Consello de Contas para garantir a transparencia e a legalidade nas percepcións de indemnizacións polo exercicio do cargo e por gastos de protocolo e representación

[186799](#)**I 51951 (11/PNP-004309)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a atención xinecolóxica e pediátrica no Centro de Saúde do Carballiño

[186804](#)**1.4. Procedementos de información****1.4.2. Solicitudes de comparecencia****1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación****I 51717 (11/CPP-000121)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Do conselleiro de Sanidade, por petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta da decisión do Servizo Galego de Saúde de destinar ao Centro Oncolóxico de Galicia equipamento tecnolóxico pagado con fondos públicos por valor de tres millóns trescentos trinta mil euros

[186807](#)**I 52090 (11/CPP-000122)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar sobre o proceso público de contratación: Concesión de servizo público regular de viaxeiros de uso xeral por estrada (lotes XG800 a XG891). Expte. 1/2020 DXM, recentemente denunciado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

[186810](#)**1.4.3. Interpelacións****Admisión a trámite e publicación****I 51651 (11/INT-002474)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre as axudas á produción audiovisual

[186813](#)**I 51665 (11/INT-002475)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre a creación de escolas infantís

[186815](#)

I 51671 (11/INT-002476)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación [186819](#)**I 51702 (11/INT-002477)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a sanidade penitenciaria [186821](#)**I 51722 (11/INT-002478)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as queimas de restos agrícolas e forestais [186824](#)**I 51728 (11/INT-002479)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre o destino de equipamentos sanitarios públicos a centros privados [186829](#)**I 51738 (11/INT-002480)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o transporte público por estrada [186833](#)**I 51747 (11/INT-002481)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o ensino rural [186836](#)**I 51762 (11/INT-002482)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre a situación económica mundial [186840](#)**I 51777 (11/INT-002483)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a participación pública no sector eólico [186844](#)**I 51785 (11/INT-002484)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre o canon eólico [186848](#)**I 51802 (11/INT-002485)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



- Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis
Sobre o programa Rexurbe [186852](#)
- I 51817 (11/INT-002486)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a utilización dos equipamentos sanitarios [186855](#)
- I 51823 (11/INT-002487)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre o fomento do libro en lingua galega [186857](#)
- I 51848 (11/INT-002488)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre a dixitalización da Administración de xustiza [186861](#)
- I 51854 (11/INT-002489)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a delegación de competencias da Consellería de Economía, Industria e Innovación [186864](#)
- I 51862 (11/INT-002490)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre o servizo de salvamento marítimo de Galicia [186866](#)
- I 51886 (11/INT-002491)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre o aproveitamento das augas termais [186874](#)
- I 51902 (11/INT-002492)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre o ensino rural [186878](#)
- I 51923 (11/INT-002493)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis
Sobre as axudas ao alugueiro [186880](#)
- I 51929 (11/INT-002494)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e 2 máis
Sobre as vías de financiamento e apoio técnico para a implantación de novas empresas [186884](#)



I 51937 (11/INT-002495)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a integridade e a exemplaridade dos representantes públicos

[186888](#)

1.4.4. Preguntas**1.4.4.1. Preguntas orais en pleno****1.4.4.1.1. Preguntas orais****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación****I 52073 (11/POP-008046)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para recibir a Plataforma pola Creación dun Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela

[186893](#)

Admisión a trámite e publicación**I 51629 (11/POP-007985)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dun protocolo de seguimento de reaccións adversas á aplicación da vacina da lingua azul

[186898](#)

I 51635 (11/POP-007986)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación de persoal docente do hospital de día de psiquiatría infantoxuvenil do Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo

[186901](#)

I 51637 (11/POP-007987)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a cobertura sanitaria dos galegos pertencentes á Casa de Galicia de Montevideo

[186904](#)

I 51639 (11/POP-007988)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre os programas e accións que comprende a dimensión laboral da Estratexia Galicia Retorna 2023-2026

[186906](#)

I 51641 (11/POP-007989)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis



Sobre as previsións do Goberno galego respecto da planificación e funcionamento do transporte interurbano de viaxeiros por estrada en Ribeira [186908](#)

I 51649 (11/POP-007990)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre o financiamento das axudas ao talento e á produción para o audiovisual [186911](#)

I 51660 (11/POP-007991)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para facer un estudo para determinar a situación actual das mulleres no medio rural [186913](#)

I 51666 (11/POP-007992)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a creación de escolas infantís en contornas laborais [186917](#)

I 51672 (11/POP-007993)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación [186920](#)

I 51674 (11/POP-007994)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a convocatoria de subvencións para embelecer o litoral galego e a ausencia de Dumbría na lista de posibles concellos beneficiarios [186922](#)

I 51679 (11/POP-007995)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións de dotar o Centro de Saúde de Quiroga da figura de traballo social [186924](#)

I 51687 (11/POP-007996)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para colaborar co Concello de Gondomar e prestar servizo de comedor no Colexio Rural Agrupado de Peitieiros [186927](#)

I 51699 (11/POP-007997)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Carreira Pazos, Iria

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a permanencia da Escola de Educación Infantil do Gaioso, en Santiago de Compostela [186930](#)



I 51707 (11/POP-007998)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre a situación da sanidade penitenciaria en Galicia, nomeadamente a problemática que xorde no Centro Penitenciario de Teixeira, en Curtis

[186933](#)**I 51723 (11/POP-007999)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para facilitar as solicitudes de queima de restos agrícolas e forestais

[186936](#)**I 51729 (11/POP-008000)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre a xustificación de destinar equipamentos tecnolóxicos pagados con fondos públicos ao Centro Oncolóxico de Galicia

[186940](#)**I 51739 (11/POP-008001)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto dos incumprimentos e das irregularidades nos contratos de transporte público por estrada

[186944](#)**I 51748 (11/POP-008002)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego de elaborar un plan integral para o ensino rural

[186947](#)**I 51752 (11/POP-008003)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para restablecer a asistencia pediátrica deslocalizada nos centros de saúde de Curtis, Teixeira, Sobrado e Vilasantar

[186950](#)**I 51763 (11/POP-008005)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 3 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das consecuencias do escenario bancario internacional

[186953](#)**I 51766 (11/POP-008006)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para protexer o conxunto muralístico de Urbano Lugrís do edificio en ruínas da rúa Olmos, da Coruña

[186956](#)

I 51772 (11/POP-008007)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e 2 máis**

Sobre as previsións económicas e temporais para as obras de reparación e inspección da estrada AC-543

[186959](#)**I 51778 (11/POP-008008)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da participación pública e directa no sector enerxético

[186961](#)**I 51786 (11/POP-008009)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do canon eólico, os seus resultados e as previsións no medio prazo

[186965](#)**I 51803 (11/POP-008010)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia ante os resultados do programa Rexurbe

[186969](#)**I 51810 (11/POP-008011)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre o estado e o mantemento da estrada AC-543 ao seu paso polo concello de Rois

[186971](#)**I 51818 (11/POP-008012)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para atender as indicacións do Consello de Contas sobre a derivación a centros privados da tecnoloxía sanitaria doada ao sistema público

[186973](#)**I 51824 (11/POP-008013)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre o cumprimento e o desenvolvemento que está a facer o Goberno galego da Lei 17/2006, do libro e da lectura de Galicia

[186975](#)**I 51849 (11/POP-008014)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre o cumprimento dos obxectivos de dixitalización da Administración de xustiza previstos no plan Senda 2025

[186978](#)

I 51855 (11/POP-008015)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**Sobre a delegación de competencias da Consellería de Economía, Industria e Innovación noutros órganos [186981](#)**I 51863 (11/POP-008016)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos incumprimentos da empresa que presta o servizo de salvamento marítimo de Galicia [186983](#)**I 51865 (11/POP-008017)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**Sobre o aumento da taxa de abandono escolar [186990](#)**I 51871 (11/POP-008018)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Vidal, Ana Belén e 7 máis**Sobre o estado en que se encontra o proxecto de construción do novo centro de saúde de Noia [186992](#)**I 51873 (11/POP-008019)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 6 máis**Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento das obras de remodelación no hospital de Valdeorras [186994](#)**I 51875 (11/POP-008020)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis**Sobre as medidas que está a tomar a Axencia Galega de Doazón de Sangue, Órganos e Tecidos para incentivar as doazóns [186996](#)**I 51877 (11/POP-008021)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis**Sobre o balance por parte da Xunta de Galicia respecto da ampliación do calendario de vacinación ao longo de toda a vida [186998](#)**I 51879 (11/POP-008022)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis**Sobre as melloras que vai recoller o novo contrato de transporte sanitario urgente [187000](#)**I 51881 (11/POP-008023)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do funcionamento dos equipos de soporte de atención domiciliaria [187002](#)

I 51887 (11/POP-008024)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre o aproveitamento lúdico das augas termais en Ourense, nomeadamente das burgas [187005](#)

I 51890 (11/POP-008025)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pardo López, Adrián e 8 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da mellora dos recursos educativos no concello de Culleredo [187008](#)

I 51898 (11/POP-008026)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pardo López, Adrián e 8 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do investimento e da mellora dos servizos no Instituto de Educación Secundaria Francisco Aguiar, de Betanzos [187011](#)

I 51903 (11/POP-008027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a realización dunha estratexia para o ensino rural [187014](#)

I 51907 (11/POP-008028)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre os datos comparativos de audiencias da Televisión de Galicia en relación co resto das canles televisivas [187016](#)

I 51914 (11/POP-008029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos microcortes de electricidade e da precariedade das conexións telemáticas que sofre a provincia de Lugo [187020](#)

I 51918 (11/POP-008030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do informe "O galego nos centros públicos de ensino secundario obrigatorio: avaliación do Decreto 79/2010" [187023](#)

I 51924 (11/POP-008031)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a convocatoria de axudas ao alugueiro para vivenda habitual

[187026](#)

I 51930 (11/POP-008032)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre o asesoramento por parte do Goberno galego á empresa promotora da planta de fibras téxtilas en Palas de Rei co fin de acceder ás convocatorias de proxectos estratéxicos para a recuperación e a transformación económicas

[187029](#)

I 51938 (11/POP-008033)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o informe do Consello de Contas respecto da percepción de indemnizacións por parte de representantes públicos dos concellos de Valga, Catoira, Vilasantar e Trazo

[187033](#)

I 51941 (11/POP-008034)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para velar pola integridade e a exemplaridade dos representantes públicos no Concello de Valga

[187038](#)

I 51948 (11/POP-008035)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a noticia dun xornal respecto dun posible proxecto de lei en relación co desenvolvemento de novas fontes de enerxía

[187043](#)

I 51953 (11/POP-008036)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de horas e días de atención xinecolóxica no Centro de Saúde do Carballiño

[187045](#)

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

I 51944 (11/PUP-000317)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Sánchez, Rosalía e 6 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto da cobertura sanitaria da poboación reclusa

[187048](#)

I 52028 (11/PUP-000318)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



López Sánchez, Rosalía e 7 máis

Sobre a valoración que fai a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da sentenza do Tribunal Supremo, en relación coas bolsas do alumnado con trastorno por déficit de atención e hiperactividade, que resolve a favor das demandas tanto do Goberno galego como das entidades de apoio ás persoas que presentan este cadro clínico [187051](#)

I 52113 (11/PUP-000319)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 7 máis

Sobre a futura lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia [187054](#)

I 52114 (11/PUP-000320)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Suárez Sarmiento, María Elena e 7 máis

Sobre as obras que ten en marcha a Xunta de Galicia en Vilagarcía de Arousa encamiñadas a mellorar o saneamento [187056](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Acordo da Mesa do Parlamento, do 29 de marzo de 2023, polo que se admite a trámite a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 29 de marzo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 52026 (11/PPLC-000007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 29 de marzo de 2023, adoptou os seguintes acordos:



1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 51842 (11/MOC-000149)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María

Sobre a aprobación do Consello de Informativos e o Estatuto profesional na Corporación Radio e Televisión de Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 50359, publicada no BOPG núm. 461, do 1 de marzo de 2023, e debatida na sesión plenaria do 21 de marzo de 2023)

- 51925 (11/MOC-000150)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a política do Goberno galego en relación coa planta xudicial en Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 6169, publicada no BOPG núm. 59, do 9 de decembro de 2020, e debatida na sesión plenaria do 21 de marzo de 2023)

- 51926 (11/MOC-000151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o mercado de traballo. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 50750, publicada no BOPG núm. 465, do 8 de marzo de 2023, e debatida na sesión plenaria do 21 de marzo de 2023)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 51943 (11/PNP-004308)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Sánchez, Rosalía e 13 máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da asistencia sanitaria ás persoas reclusas nos centros penitenciarios

- 52092 (11/PNP-004317)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 14 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto do desenvolvemento dos plans de ordenación do espazo marítimo

- 52118 (11/PNP-004320)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 14 máis



Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que solicite da Unión Europea a necesidade de ampliar os criterios que se teñen en conta para a declaración de zona escasamente poboada

Admisión a trámite e publicación

- 51625 (11/PNP-004272)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do seguimento da campaña de vacinación contra a lingua azul polos servizos veterinarios oficiais

- 51631 (11/PNP-004273)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar de persoal docente o hospital de día de psiquiatría infantoxuvenil do Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo

- 51643 (11/PNP-004274)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto dos problemas co transporte interurbano de viaxeiros por estrada da veciñanza de Ribeira

- 51644 (11/PNP-004275)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto dos problemas co transporte interurbano de viaxeiros por estrada da veciñanza de Ribeira

- 51646 (11/PNP-004276)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incrementar as liñas de axudas ordinarias para o audiovisual en galego cos fondos achegados do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais

- 51656 (11/PNP-004277)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para financiar a elaboración dun informe sobre a muller no rural e incorporar eses datos ao estatuto da muller do rural e do mar

- 51661 (11/PNP-004278)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis



Sobre a remisión ao Parlamento dun plan de ampliación da rede de escolas infantís públicas en contornas laborais

- 51667 (11/PNP-004279)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre a elaboración dun informe de avaliación que determine os efectos da entrada en vigor da Lei Ánxeles Alvariño

- 51677 (11/PNP-004280)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para engadir o concello de Dumbría á lista de posibles beneficiarios da convocatoria de subvencións para embelecer o litoral galego

- 51682 (11/PNP-004281)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar o Centro de Saúde de Quiroga da figura de traballo social

- 51685 (11/PNP-004282)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para colaborar co Concello de Gondomar e prestar servizo de comedor no Colexio Rural Agrupado de Peitieiros

- 51695 (11/PNP-004283)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a permanencia da Escola de Educación Infantil do Gaioso, en Santiago de Compostela

- 51701 (11/PNP-004284)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis

Sobre a reclamación que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que resolva a situación do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Física de Ferrol

- 51704 (11/PNP-004285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e as demandas que debe facer ao Goberno do Estado en relación coa utilización dos recursos sanitarios do Punto de Atención Continuada de Curtis para atender a poboación reclusa do Centro Penitenciario de Teixeiro



- 51718 (11/PNP-004286)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das solicitudes de queima para palla, restos agrícolas e/ou forestais

- 51724 (11/PNP-004287)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para xustificar o destino ao Centro Oncolóxico de Galicia de equipamento tecnolóxico pagado con fondos públicos

- 51734 (11/PNP-004288)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para rematar cos incumprimentos e coas irregularidades nos contratos do servizo público de transportes por estrada

- 51743 (11/PNP-004289)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a elaboración dun plan integral para o ensino rural

- 51773 (11/PNP-004290)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da súa política económica e enerxética

- 51781 (11/PNP-004291)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co sector eólico

- 51797 (11/PNP-004292)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co programa Rexurbe

- 51758 (11/PNP-004293)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar unha diagnose respecto da situación bancaria internacional e os principais riscos para a economía galega



- 51808 (11/PNP-004294)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co mantemento da estrada AC-543, no concello de Rois

- 51815 (11/PNP-004295)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para determinar normativamente os criterios de destino das doazóns de material ao sistema público de saúde

- 51821 (11/PNP-004296)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para levar a cabo un plan de fomento da lectura, incrementar as axudas ao sector editorial e promocionar o libro galego

- 51833 (11/PNP-004297)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para instar os grupos políticos con representación no Congreso a que apoien o texto da Proposición de lei de transferencia da AP-9

A Mesa acorda a admisión a trámite, coa adición na parte dispositiva despois de «insta» a expresión «á Xunta de Galicia para que requira».

- 51844 (11/PNP-004298)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para iniciar as negociacións entre os grupos con representación parlamentaria para a renovación da Dirección Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 51846 (11/PNP-004299)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para avanzar na dixitalización da Administración de xustiza

- 51852 (11/PNP-004300)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un fortalecemento da política industrial e de investigación, desenvolvemento e innovación



- 51858 (11/PNP-004301)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto dos incumprimentos da empresa adxudicataria do servizo de salvamento marítimo de Galicia

- 51882 (11/PNP-004302)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un informe independente acerca dos resultados e das deficiencias da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, nomeadamente das burgas en Ourense

- 51900 (11/PNP-004303)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para realizar unha estratexia para o ensino rural

- 51912 (11/PNP-004304)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto dos microcortes de electricidade e da precariedade das conexións telemáticas que sofre a provincia de Lugo

- 51919 (11/PNP-004305)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facilitar o acceso ás axudas ao alugueiro

- 51927 (11/PNP-004306)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facilitar á empresa promotora da planta de fibras téxtiles en Palas de Rei o acceso ás axudas económicas necesarias para poñer en marcha a planta

- 51933 (11/PNP-004307)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para colaborar co Consello de Contas para garantir a transparencia e a legalidade nas percepcións de indemnizacións polo exercicio do cargo e por gastos de protocolo e representación

- 51951 (11/PNP-004309)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a atención xinecolóxica e pediátrica no Centro de Saúde do Carballiño

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 51717 (11/PPP-000121)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do conselleiro de Sanidade, por petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta da decisión do Servizo Galego de Saúde de destinar ao Centro Oncolóxico de Galicia equipamento tecnolóxico pagado con fondos públicos por valor de tres millóns trescentos trinta mil euros

- 52090 (11/PPP-000122)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar sobre o proceso público de contratación: Concesión de servizo público regular de viaxeiros de uso xeral por estrada (lotes XG800 a XG891). Expte. 1/2020 DXM, recentemente denunciado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 51651 (11/INT-002474)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as axudas á produción audiovisual

- 51665 (11/INT-002475)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a creación de escolas infantís

- 51671 (11/INT-002476)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

- 51702 (11/INT-002477)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a sanidade penitenciaria



- 51722 (11/INT-002478)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre as queimas de restos agrícolas e forestais

- 51728 (11/INT-002479)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre o destino de equipamentos sanitarios públicos a centros privados

- 51738 (11/INT-002480)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre o transporte público por estrada

- 51747 (11/INT-002481)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o ensino rural

- 51762 (11/INT-002482)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 3 máis
Sobre a situación económica mundial

- 51777 (11/INT-002483)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a participación pública no sector eólico

- 51785 (11/INT-002484)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre o canon eólico

- 51802 (11/INT-002485)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis
Sobre o programa Rexurbe

- 51817 (11/INT-002486)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a utilización dos equipamentos sanitarios



- 51823 (11/INT-002487)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre o fomento do libro en lingua galega

- 51848 (11/INT-002488)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre a dixitalización da Administración de xustiza

- 51854 (11/INT-002489)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a delegación de competencias da Consellería de Economía, Industria e Innovación

- 51862 (11/INT-002490)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre o servizo de salvamento marítimo de Galicia

- 51886 (11/INT-002491)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre o aproveitamento das augas termais

- 51902 (11/INT-002492)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre o ensino rural

- 51923 (11/INT-002493)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis
Sobre as axudas ao alugueiro

- 51929 (11/INT-002494)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e 2 máis
Sobre as vías de financiamento e apoio técnico para a implantación de novas empresas

- 51937 (11/INT-002495)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a integridade e a exemplaridade dos representantes públicos



1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 52073 (11/POP-008046)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para recibir a Plataforma pola Creación dun Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela

Admisión a trámite e publicación

- 51629 (11/POP-007985)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dun protocolo de seguimento de reaccións adversas á aplicación da vacina da lingua azul

- 51635 (11/POP-007986)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación de persoal docente do hospital de día de psiquiatría infantoxuvenil do Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo

- 51637 (11/POP-007987)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a cobertura sanitaria dos galegos pertencentes á Casa de Galicia de Montevideo

- 51639 (11/POP-007988)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre os programas e accións que comprende a dimensión laboral da Estratexia Galicia Retorna 2023-2026

- 51641 (11/POP-007989)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da planificación e funcionamento do transporte interurbano de viaxeiros por estrada en Ribeira

- 51649 (11/POP-007990)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre o financiamento das axudas ao talento e á produción para o audiovisual

- 51660 (11/POP-007991)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego para facer un estudo para determinar a situación actual das mulleres no medio rural

- 51666 (11/POP-007992)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a creación de escolas infantís en contornas laborais

- 51672 (11/POP-007993)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa
Sobre a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

- 51674 (11/POP-007994)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre a convocatoria de subvencións para embelecer o litoral galego e a ausencia de Dumbría na lista de posibles concellos beneficiarios

- 51679 (11/POP-007995)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre as previsións de dotar o Centro de Saúde de Quiroga da figura de traballo social

- 51687 (11/POP-007996)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para colaborar co Concello de Gondomar e prestar servizo de comedor no Colexio Rural Agrupado de Peitieiros

- 51699 (11/POP-007997)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Carreira Pazos, Iria
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a permanencia da Escola de Educación Infantil do Gaioso, en Santiago de Compostela

- 51707 (11/POP-007998)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis



Sobre a situación da sanidade penitenciaria en Galicia, nomeadamente a problemática que xorde no Centro Penitenciario de Teixeiro, en Curtis

- 51723 (11/POP-007999)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para facilitar as solicitudes de queima de restos agrícolas e forestais

- 51729 (11/POP-008000)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a xustificación de destinar equipamentos tecnolóxicos pagados con fondos públicos ao Centro Oncolóxico de Galicia

- 51739 (11/POP-008001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto dos incumprimentos e das irregularidades nos contratos de transporte público por estrada

- 51748 (11/POP-008002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de elaborar un plan integral para o ensino rural

- 51752 (11/POP-008003)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para restablecer a asistencia pediátrica deslocalizada nos centros de saúde de Curtis, Teixeiro, Sobrado e Vilasantar

- 51763 (11/POP-008005)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das consecuencias do escenario bancario internacional

- 51766 (11/POP-008006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para protexer o conxunto muralístico de Urbano Lugrís do edificio en ruínas da rúa Olmos, da Coruña

- 51772 (11/POP-008007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as previsións económicas e temporais para as obras de reparación e inspección da estrada AC-543

- 51778 (11/POP-008008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da participación pública e directa no sector enerxético

- 51786 (11/POP-008009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do canon eólico, os seus resultados e as previsións no medio prazo

- 51803 (11/POP-008010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia ante os resultados do programa Rexurbe

- 51810 (11/POP-008011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre o estado e o mantemento da estrada AC-543 ao seu paso polo concello de Rois

- 51818 (11/POP-008012)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para atender as indicacións do Consello de Contas sobre a derivación a centros privados da tecnoloxía sanitaria doada ao sistema público

- 51824 (11/POP-008013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre o cumprimento e o desenvolvemento que está a facer o Goberno galego da Lei 17/2006, do libro e da lectura de Galicia

- 51849 (11/POP-008014)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre o cumprimento dos obxectivos de dixitalización da Administración de xustiza previstos no plan Senda 2025

- 51855 (11/POP-008015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a delegación de competencias da Consellería de Economía, Industria e Innovación noutros órganos

- 51863 (11/POP-008016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos incumprimentos da empresa que presta o servizo de salvamento marítimo de Galicia

- 51865 (11/POP-008017)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o aumento da taxa de abandono escolar

- 51871 (11/POP-008018)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Vidal, Ana Belén e 7 máis

Sobre o estado en que se encontra o proxecto de construción do novo centro de saúde de Noia

- 51873 (11/POP-008019)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento das obras de remodelación no hospital de Valdeorras

- 51875 (11/POP-008020)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis

Sobre as medidas que está a tomar a Axencia Galega de Doazón de Sangue, Órganos e Tecidos para incentivar as doazóns

- 51877 (11/POP-008021)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis

Sobre o balance por parte da Xunta de Galicia respecto da ampliación do calendario de vacinación ao longo de toda a vida

- 51879 (11/POP-008022)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as melloras que vai recoller o novo contrato de transporte sanitario urgente

- 51881 (11/POP-008023)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis



Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do funcionamento dos equipos de soporte de atención domiciliaria

- 51887 (11/POP-008024)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre o aproveitamento lúdico das augas termais en Ourense, nomeadamente das burgas

- 51890 (11/POP-008025)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pardo López, Adrián e 8 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da mellora dos recursos educativos no concello de Culleredo

- 51898 (11/POP-008026)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pardo López, Adrián e 8 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do investimento e da mellora dos servizos no Instituto de Educación Secundaria Francisco Aguiar, de Betanzos

- 51903 (11/POP-008027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a realización dunha estratexia para o ensino rural

- 51907 (11/POP-008028)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre os datos comparativos de audiencias da Televisión de Galicia en relación co resto das canles televisivas

- 51914 (11/POP-008029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos microcortes de electricidade e da precariedade das conexións telemáticas que sofre a provincia de Lugo

- 51918 (11/POP-008030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do informe "O galego nos centros públicos de ensino secundario obrigatorio: avaliación do Decreto 79/2010"

- 51924 (11/POP-008031)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis



Sobre a convocatoria de axudas ao alugueiro para vivenda habitual

- 51930 (11/POP-008032)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre o asesoramento por parte do Goberno galego á empresa promotora da planta de fibras téxtilas en Palas de Rei co fin de acceder ás convocatorias de proxectos estratéxicos para a recuperación e a transformación económicas

- 51938 (11/POP-008033)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o informe do Consello de Contas respecto da percepción de indemnizacións por parte de representantes públicos dos concellos de Valga, Catoira, Vilasantar e Trazo

- 51941 (11/POP-008034)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para velar pola integridade e a exemplaridade dos representantes públicos no Concello de Valga

- 51948 (11/POP-008035)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a noticia dun xornal respecto dun posible proxecto de lei en relación co desenvolvemento de novas fontes de enerxía

- 51953 (11/POP-008036)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de horas e días de atención xinecolóxica no Centro de Saúde do Carballiño

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 51944 (11/PUP-000317)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Sánchez, Rosalía e 6 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto da cobertura sanitaria da poboación reclosa

- 52028 (11/PUP-000318)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Sánchez, Rosalía e 7 máis



Sobre a valoración que fai a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da sentenza do Tribunal Supremo, en relación coas bolsas do alumnado con trastorno por déficit de atención e hiperactividade, que resolve a favor das demandas tanto do Goberno galego como das entidades de apoio ás persoas que presentan este cadro clínico

- 52113 (11/PUP-000319)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 7 máis

Sobre a futura lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia

- 52114 (11/PUP-000320)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Suárez Sarmiento, María Elena e 7 máis

Sobre as obras que ten en marcha a Xunta de Galicia en Vilagarcía de Arousa encamiñadas a mellorar o saneamento

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2023

María Elena Candía López

Vicepresidenta 1ª





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración Xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza en materia de ordenación e xestión do litoral**, para que sexa elevada ao Congreso dos Deputados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é a Comunidade Autónoma do Estado coa cifra máis alta en quilómetros de costa. Concretamente, posúe unha fachada litoral que abrangue 2.555 km, incluídos os 432 km de illas, 464 km de marismas e 1.659 km de costa, segundo se indica no documento onde se conteñen as Directrices de Ordenación do Territorio de Galiza, referentes ao artellamento do litoral galego.

Esta vasta extensión é crucial para Galiza, pois constitúe un elemento de enorme valor e aproveitamento, no que se concentra unha importante porcentaxe de poboación e onde se desenvolven múltiples actividades; moitas delas provenientes dunha longa e vizosa tradición. Con efecto, arredor de primixenios asentamentos situados nas zonas fronteirizas coa costa, foron conformándose pequenos núcleos rurais, cuxa evolución nos trouxo a actual configuración en núcleos de maior densidade de poboación, caracterizados pola existencia dunha intensa actividade económica, básica para o desenvolvemento de Galiza; a saber:





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pesca, marisqueo, acuicultura, portos, estaleiros, lonxas, actividades turísticas, culturais, patrimoniais ...

Neste sentido, de fixármonos unicamente na relevancia da actividade marítimo-pesqueira e a cadea mar-industria, cómpre salientar que nos peiraos dependentes da Xunta de Galiza, descargáronse no ano 2021, un total de 77.317 toneladas de peixe e que só na cadea extractiva (pesca, marisqueo, acuicultura) e a de mar-industria (conxelado e conserva), xeran un volume de facturación de máis de 8.800 millóns de euros anuais, segundo datos do propio sector empresarial ligado a estas actividades. E existen numerosas instalacións relacionadas coa antedita cadea mar-industria situadas no litoral galego (depuradoras, cocedeiros de marisco; piscifactorías; cetáreas ...) que precisan situarse en zonas de dominio público marítimo-terrestre para desenvolver a súa actividade, de maneira eficiente e sostíbel.

En calquera caso – como sinalamos-, o dominio público marítimo-terrestre en Galiza conforma un espazo no que conviven múltiples actividades. Fan boa proba disto as numerosas empresas, así como instalacións deportivas; faros; edificios administrativos; centros educativos; centros sanitarios; mercados municipais; cámpings; edificios culturais; estacións de augas residuais; edificacións industriais; construcións patrimoniais; ... que están situados dentro do referido dominio público marítimo-terrestre.

Todas estas actividades humanas desenvólvense en espazos reducidos que interactúan coa paisaxe e cun ecosistema moi rico e de alto valor pola súa biodiversidade de hábitats e de especies de flora e fauna silvestre que cómpre



conservar, protexer e xestionar de maneira integrada. Con efecto, todo isto conforma unha paisaxe que, ademais de constituír un recurso natural, cultural e económico é fonte dunha tradición dinámica, construída ao longo do tempo e que remite á identidade do pobo galego.

Neste sentido, tanto pola propia configuración xeomorfolóxica como por razóns socioeconómicas, culturais, históricas, urbanísticas, paisaxísticas, patrimoniais,... o litoral galego presenta unhas características específicas, distintas e distantes da costa mediterránea que esixen unha ordenación integral desde una óptica autocentrada e sustentábel, lonxe dun tratamento homoxéneo e estraño á súa singularidade.

É evidente que Galiza debe posuír a máxima capacidade de decisión sobre o seu litoral. Precisa deseñar e planificar -entre outras-, actuacións estratéxicas racionais e razoábeis para a convivencia -e pervivencia- sostíbel de todas as actividades anteriormente mencionadas, situadas no seu litoral, así como a súa posta en valor e aproveitamento para novas utilidades que teñan o carácter de sostíbeis. E precisa, así mesmo, de tales estratexias para previr riscos derivados de fenómenos naturais e, nomeadamente, daqueles derivados do cambio climático.

Xa que logo, o exercicio por parte de Galiza, das máximas competencias para a ordenación do seu litoral é fulcral e prioritaria.

A Constitución Española, establece, no seu artigo 132.2 que “*son bens de dominio público estatal os que determine a Lei, e en todo caso, a zona marítimo-terrestre, as praias, o mar territorial e os recursos naturais da zona económica e a plataforma continental.*”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, o artigo 149. 1. 23ª dispón a competencia exclusiva do Estado en materia de *“lexislación básica sobre medio ambiente, sen prexuízo das facultades das Comunidades Autónomas de establecer normas adicionais de protección”*.

Ademais, a Constitución Española, no artigo 148. 1. 3ª establece que as *“Comunidades Autónomas poderán asumir competencias”* en materia de *“ordenación do territorio, urbanismo e vivenda”*.

Esta competencia sobre ordenación do territorio conleva o exercicio dunha serie de atribucións relativas ás diversas funcións e usos para os que pode ser destinado o seu solo ou espazo físico territorial, incluído o seu litoral e *“ningunha dúbida cabe sobre a pertenza do litoral ao territorio”* tal e como ten declarado o propio Tribunal Constitucional (STC 141/1991, de 4 de xullo). O mesmo Tribunal, na STC 5/2015, de 22 de xaneiro, sinala que *“(…) A ordenación do litoral, inexistente como competencia específica no texto constitucional, hase considerar integrada dentro da competencia sobre ordenación do territorio á que se refire o art. 148.1.3 CE. O exercicio desta competencia autonómica haberá de ter en conta a incidencia territorial de todas as actuacións dos poderes públicos, co fin de garantir dese modo o mellor uso dos recursos do solo e do subsolo, do aire e da auga e o equilibrio entre as distintas partes do territorio mesmo.”*

Por outro lado, a Comunidade Autónoma de Galiza, vía artigo 27.3 do seu Estatuto de Autonomía –aprobado por Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril- asumiu competencias exclusivas en materia de *“ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda”*, o que implica exercer un conxunto de actuacións públicas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

planificadoras dos usos do solo e de equilibrio entre as distintas partes do territorio.

Se ben a Constitución Española configura directamente como dominio público estatal “a zona marítimo-terrestre, as praias e o mar territorial”, e remitiu a súa regulación á Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, dita norma, non pode - en absoluto- implicar unha limitación competencial respecto do exercicio das facultades de ordenación do litoral que Galiza pode -e debe- desprezar sobre o dominio marítimo-terrestre.

De facto, agás a definición do propio réxime xurídico que configura o dominio público marítimo-terrestre como competencia do Estado, a competencia de Galiza sobre ordenación do seu litoral inclúe as seguintes facultades:

- O establecemento e a regulación dos plans territoriais de ordenación e uso do litoral e das praias, así como a regulación do procedemento de tramitación e aprobación destes instrumentos e plans;
- A xestión dos títulos de ocupación e uso do dominio público marítimo terrestre, especialmente o outorgamento dos títulos de autorizacións e concesións.
- A regulación e a xestión do réxime económico-financeiro do dominio público marítimo terrestre, nos termos previstos pola lexislación xeral.
- A execución de obras e actuacións no litoral de Galiza, para o caso de non seren de interese xeral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As anteditas facultades executivas (incluídas as de xestión dos títulos de uso e ocupación do dominio público-terrestre) derivan da competencia propia estatutaria sobre ordenación do territorio e do litoral, con independencia da titularidade estatal sobre o dominio público marítimo-terrestre, sen necesidade de que o vixente Estatuto de Autonomía de Galiza sexa sometido a reforma e están avaladas por varias sentenzas do Tribunal Constitucional, tales como as STC 149/1991, do 4 de xullo; STC 31/2010, de 28 de xuño; STC 36/2022, do 10 de marzo; entre moitas outras.

Ademais, xa existe un precedente nesta materia, ao serlle traspasadas funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza con relación aos vertidos no mar, a través do Real Decreto 659/1985, de 17 de abril e que permiten ao Goberno galego, entre outras funcións, as de formular, tramitar e aprobar os plans de ordenación do litoral, que inclúan as praias e/ou a zona marítimo-terrestre; autorizar as obras e instalación de vertidos industriais e contaminantes nas augas do litoral galego, así como a inspección das mesmas; a tramitación das concesións de todas as instalación portuarias e deportivas que sexan competencia exclusiva da Comunidade Autónoma galega.

Por outro lado, o Consello Consultivo de Galiza, no seu Informe CCG 227/2022, emitido con data de 20 de xullo de 2022, polo que resolve a solicitude de consulta presentada pola Xunta de Galiza sobre “*se é posible entender, sen necesidade de modificación do Estatuto de autonomía de Galiza, que a competencia autonómica de ordenación do litoral comprende a xestión dos títulos de ocupación e uso do dominio público marítimo-terrestre*”, ofrece unha resposta en sentido afirmativo, con ampla e rica argumentación á cal remitimos. En todo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

caso, o antedito Consello chega ás seguintes conclusións que reproducimos literalmente:

“Primeira.- Dos termos dos artigos 27.3 e 37.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, e da doutrina actual do Tribunal Constitucional (por todas, SSTC 31/2010, do 28 de xuño, 57/2016, do 17 de marzo e 18/2022, do 8 de febreiro), dedúcese que a competencia asumida pola Comunidade Autónoma galega sobre a “ordenación do territorio e do litoral” comprende todas as facultades ou funcións que naturalmente son desenvolvibles en relación con tal materia, incluídas as facultades sobre a “xestión” dos títulos de uso e ocupación do dominio público marítimo terrestre, comprensibles das funcións executivas de outorgamento (e, conseguintemente, tamén as relativas á prórroga, modificación e extinción) das autorizacións e concesións previstas na normativa de costas para a utilización e ocupación do dominio público marítimo-terrestre do litoral galego non adscrito.

Segunda.- Tales funcións executivas sobre a “xestión dos títulos de uso e ocupación do dominio público marítimo terrestre corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia como competencia propia, non formando parte das facultades do Estado derivadas da titularidade do dominio público marítimo-terrestre nin da competencia estatal sobre protección do medio ambiente, sen que tampouco as reteña o Estado en virtude da cláusula residual do artigo 149.3 da CE.

Terceira.- Integrada a xestión dos títulos de ocupación e uso do dominio público marítimo-terrestre, como función executiva, na competencia autonómica de ordenación do litoral prevista no artigo 27.3 do vixente Estatuto de autonomía,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non resulta necesario modificar o dito Estatuto para a asunción competencial neste eido.

Cuarta.- Para que as ditas funcións de xestión, de carácter executivo, poidan ser efectivamente exercidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, resulta necesario o traspaso de medios e servizos por parte do Estado, debendo evitarse, por lealdade constitucional, que persista a situación anómala de que o Estado siga exercitando transitoriamente funcións que non lle corresponden.

Quinta.- Ao tratarse de funcións que forman parte xa do acervo competencial autonómico, pendentes só de traspaso de medios e servizos para o seu exercicio efectivo, poderán ditarse, no exercicio da competencia autonómica en materia de ordenación do litoral, normas de rango legal e/ou regulamentario que disciplinen, con respecto ao réxime xeral do dominio público, cuestión relacionadas co exercicio de tales funcións executivas, e condicionadas, na súa aplicación, ao traspaso efectivo”

Finalmente e, co obxectivo de proceder a solicitar o devandito traspaso ao Estado dos medios e servizos requiridos, convén acudir ao artigo 150 da Constitución Española que, a través dos seus números 2 e 3, establece o seguinte:

“2. O Estado poderá transferir u delegar nas Comunidades Autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes á materia de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación. A lei preverá en cada caso a correspondente transferencia de medios financeiros, así como as formas de control que se reserve o Estado.



3. O Estado poderá ditar leis que establezan os principios necesarios para harmonizar as disposicións normativas das Comunidades Autónomas, aínda para o caso de materias atribuídas á competencia destas, cando así o esixa o interese xeral. Corresponde ás Cortes Xerais, por maioría absoluta de cada Cámara, a apreciación desta necesidade.”

Por último, a Disposición Transitoria Cuarta do Estatuto de Autonomía de Galiza, alude á creación da correspondente Comisión Mixta paritaria “coa finalidade de transferir a Galiza as funcións e atribucións que lle correspondan, conforme ao presente Estatuto.”

Tal disposición, conxuntamente co Real Decreto 581/1982, de 26 de febreiro (BOE de 24 de marzo) polo que se aproban as normas de traspaso de servizos do Estado á Comunidade Autónoma Galega, regulan o funcionamento da Comisión Mixta de Transferencias, así como a forma e condición ás que se deben axustar os traspasos das referidas funcións e servizos.

Artigo 1. Funcións obxecto de demanda de traspaso

En virtude do disposto na presente Lei, unha vez realizado o traspaso de servizos correspondente, a Comunidade Autónoma de Galiza, a través do correspondente Acordo coa Administración do Estado, deberá ter encomendadas, ao menos, as seguintes funcións:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. En relación coas autorizacións de usos de temporada nas praias e no mar territorial (zonas de fondeo, embarcadiros flotantes e usos análogos); coas autorizacións de actividades nas que concorran circunstancias especiais de intensidade, perigosidade ou rendibilidade; e coas autorizacións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre con instalacións desmontables ou con bens mobles:

- a) A súa xestión e outorgamento.
- b) A súa vixilancia e aplicación do réxime sancionador.
- c) A xestión dos ingresos que se devindiquen pola súa ocupación e aproveitamento.

2. A xestión e outorgamento de autorizacións en zonas de servidume de tránsito e acceso ao mar, así como a vixilancia, tramitación e imposición e recadación das sancións que corresponda, no que se refire ao incumprimento dos termos en que foron outorgadas.

3. A xestión das concesións demaniais a que se refire o artigo 64 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, que inclúe, en todo caso, o seu outorgamento, renovación, prórroga, modificación e extinción, así como a xestión dos ingresos que se devindiquen polas anteditas ocupacións ou aproveitamentos en concepto de canons. As devanditas concesións son as seguintes:

- a) As requiridas para efectuar verteduras ao dominio público marítimo-terrestre e as de ocupación do dominio público marítimo-terrestre esixidas para as explotacións de acuicultura.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) As que amparan usos especialmente intensos, rendibles ou perigosos, así como os privativos, con obras ou instalación desmontábeis que pola súa natureza, finalidade ou outras circunstancias requiran un prazo de ocupación superior a un ano.

c) As concesións amparadas por outra concesión de explotación de recursos mineiros ou enerxéticos.

d) As que amparen usos especialmente intensos, rendíbeis ou perigosos, así como os privativos, con obras ou instalacións non desmontábeis. Igualmente, as concesións que possibiliten a execución de obras fixas no mar e aquelas que amparen as instalacións marítimas menores no dominio público marítimo-terrestre, tales como embarcadoiros, varadoiros e outras análogas que non formen parte dun porto ou estean adscritas ao mesmo.

4. A vixilancia, tramitación e imposición das sancións que correspondan, así como a recadación das multas, no que se refire ao incumprimento das condicións de outorgamento das concesións demaniais.

5. A xestión do rexistro de concesións en dominio público marítimo-terrestre no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza.

6. A emisión do informe previo ao rescate das concesións demaniais cando, por razóns de interese xeral, sexa competencia da Administración Xeral do Estado o exercicio desta función.

7. A planificación, elaboración e aprobación de proxectos, xestión e execución de obras e actuacións no litoral galego que non sexan de interese xeral.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

8. A participación da Comunidade Autónoma de Galiza na planificación e programación de obras de interese xeral no litoral galego e a emisión dos correspondentes informes sobre a súa cualificación e execución.

9. A execución e xestión das anteditas obras de interese xeral nos termos do convenio suscrito coa Administración Xeral do Estado.

10. A emisión do informe previo ao prego que sirva de base para a redacción dos proxectos correspondentes a obras de interese xeral.

11. A emisión de informe facultativo e non vinculante, con carácter previo ao exercicio da función de emisión pola Administración do Estado de informe preceptivo en relación coa xestión das concesións demaniais recollidas no apartado 3 b).

Artigo Segundo. Traspaso de servizos

As Comisións Mixtas de traspaso de servizos precisarán os medios persoais, materiais e financeiros que sexan necesarios para o cumprimento das funcións comprendidas nos ámbitos das competencias que se transfiren na presente Lei e, se é o caso, concretarán cales das funcións se realizarán a través de órganos de cooperación, ou axustarán o seu exercicio a plans ou programas de carácter xeral. En todo caso, os recursos transferidos garantirán financiamento suficiente para o desenvolvemento das funcións transferidas.

O exercicio das competencias transferidas debe ser asumido pola Comunidade Autónoma de Galiza no momento en que teñan efectividade a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

transferencia dos medios persoais, materiais e orzamentarios precisos; instrumentado mediante Acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galiza e o correspondente Real Decreto de traspaso de servizos.

Así mesmo, detallarase a documentación e expedientes dos servizos que se traspasen.

A entrega da documentación e expedientes relativos aos servizos que se traspasan efectuarase na data de efectividade do traspaso.

A entrega de bens, dereitos e obrigas, así como documentación deberá formalizarse a través da correspondente acta de entrega e recepción, que será subscrita polos órganos competentes de ambas Administracións.

Artigo Terceiro. Transferencia de competencias de execución

Transfírese así mesmo, a competencia de execución da lexislación do Estado en materia de formación e outorgamento de títulos das ensinanzas e formación específicas relacionadas coa ordenación e xestión do litoral.

Igualmente será competencia da Xunta a determinación dos requisitos profesionais e de titulación mínima e a realización das probas precisas para desenvolver funcións de practica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo Cuarto. Delimitación das competencias

De conformidade co disposto nos apartados 4º e 29º do artigo 149.1 da Constitución, o contido das competencias transferidas enténdese sen prexuízo das competencias en materia de Defensa e Seguridade Pública que seguirán correspondendo ao Estado.

Artigo Quinto. Modalidades de control

A Comunidade Autónoma de Galiza adaptará o exercicio das competencias transferidas pola presente Lei Orgánica aos seguintes principios e controis:

A Comunidade Autónoma de Galiza facilitará á Administración do Estado a información que esta solicite sobre as materias correspondentes.

As facultades e servizos transferidos manterán o nivel de eficacia que teñan no momento da transferencia.

Disposición final. Entrada en vigor

A presente lei orgánica entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial do Estado. Así mesmo, será publicada no Diario Oficial de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS

-Constitución española de 1978.

-Estatuto de Autonomía de Galiza de 1981.

-Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas.

-Real Decreto 581/1982, de 26 de febreiro (BOE de 24 de marzo) polo que se aproban as normas de traspaso de servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza e funcionamento da Comisión Mixta prevista na disposición transitoria cuarta do seu Estatuto de Autonomía.

-Real Decreto 659/1985, de 17 de abril, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza en materia de ordenación do litoral e vertidos no mar.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 27/03/2023 13:00:33





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **María González Albert**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 22 de marzo, sobre a aprobación do Consello de Informativos e o Estatuto profesional na Corporación de Radio e Televisión de Galicia (doc. núm **50359**, [11/INT-002412]).

Moción

“O Parlamento acorda por resolución reprobar a actual Dirección Xeral da CRTVG, personalizada en Don Alfonso Sánchez Izquierdo, como máximo responsábel dos medios públicos de Galiza, diante da situación laboral que se está a producir na Corporación así como do incumprimento reiterado da Lei 9/2011 de medios de comunicación audiovisual públicos de Galiza.

Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a iniciar de maneira inmediata o proceso para proceder á renovación da Dirección Xeral da CRTVG tal e como prevé a Lei 9/2011 de medios de comunicación audiovisual públicos de Galiza.”

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023

Asdo.: **María González Albert**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 23/03/2023 11:13:37

Ana Pontón Mondelo na data 23/03/2023 11:13:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 22 de marzo, sobre a política do Goberno galego en relación coa planta xudicial en Galiza (doc. núm **6169**, [**11/INT-000413**]).

Moción

“O Parlamento galego:

1.- Insta a Xunta de Galiza a:

- a) Formular as propostas necesarias para incrementar as competencias e/ou facultades de Galiza en materia de planta e demarcación xudicial, así como as que impidan a posibilidade da eliminación ou redución das actuacións e dilixencias xudiciais que se veñen realizando nos órganos xurisdicionais dos distintos partidos xudiciais de Galiza.
- b) Trasladar ao Goberno do Estado a proposta de creación de 12 novos xulgados en Galiza (Primeira Instancia e Instrución de Viveiro, Sarria, Vilagarcía, Carballo e Ribeira; Xulgados do Penal Ourense e Lugo, Xulgados de Primeira Instancia para Coruña, Ourense e Santiago; X Social de Ferrol e Xulgado Contencioso-Administrativo en Santiago de Compostela) , con cargo á programación de 2023; así como a creación,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

con carácter inmediato de 3 xulgados de violencia sobre a muller con sede nas cidades de Santiago, Lugo e Ourense.

c) Incrementar o cadro de persoal, técnico e administrativo, do Instituto de Medicina Legal de Galiza.

d) Poñer en marcha, con carácter urxente, instrumentos e medios alternativos á solución xudicial de conflitos.

2.- Manifesta a súa vontade de que se proceda sen maior dilación á renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial.”

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/03/2023 12:16:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 24/03/2023 12:16:48



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 21 e 22 de marzo do 2023, sobre o mercado de traballo (11/INT-002432, doc. núm. 50750).

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Convoque, na primeira quincena de maio, unha reunión extraordinaria do Consello Autonómico de Emprego para retomar as súas normas de funcionamento e definir a información a aportar pola Consellería sobre o mercado de traballo e políticas de emprego.
2. Convoque, na segunda quincena de maio, a primeira reunión ordinaria do Consello Autonómico de Emprego desta lexislatura.
3. Estableza o réxime de reunións do Consello Autonómico de Emprego trimestral como estaba no Comité Autonómico de Emprego, en vez de semestral.
4. Na primeira quincena de xuño, cada unha das Xefaturas Territoriais da Conselleira de Emprego e Igualdade, convoque unha reunión extraordinaria, do seu respectivo Consello Provincial de Emprego para retomar as súas normas de funcionamento e definir a información a aportar pola Consellería sobre o mercado de traballo e políticas de emprego.
5. Convoque, na segunda quincena de xuño, a primeira reunión ordinaria de cada un dos Consellos Provinciais de Emprego desta lexislatura.



6. Estableza o réxime de reunións dos Consellos Provinciais de Emprego mensuais como estaban nos Comités Provinciais de Emprego e Seguimento da Contratación Laboral en vez de trimestrais.
7. Antes do 15 de maio estableza e publique un novo mapa dos Comités Territoriais de Emprego tendo en conta os lugares onde viven e onde traballan os cidadáns.
8. Antes do 15 de xuño, a Consellaría de Emprego e Igualdade solicitará á Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) o nomeamento dos tres representantes dos concellos incluídos dentro do ámbito do cada un dos dezaseis Comités Territoriais de Emprego.
9. Na primeira quincena de xullo, convoque a reunión de constitución dos Comités Territoriais de Emprego, tendo en conta o mapa resultante publicada segundo o apartado sete.
10. Modifique as funcións dos Comités Territoriais de Emprego para que realicen a análise das fortalezas e debilidades, oportunidades e ameazas no ámbito do emprego de cada Comité Territorial.
11. Modifique as funcións dos Comités Territoriais de Emprego para que no ámbito do emprego de cada Comité Territorial elaboren un plan de emprego do territorio en que se asenta que comprenda a análise da situación; a concreción no seu territorio dos obxectivos establecidos en materia de emprego; a incardinación do Plan de emprego noutros programas de desenvolvemento socioeconómico; a proposta de avaliación e seguimento do Plan de emprego.
12. Modifique as funcións dos Comités Territoriais de Emprego para que no ámbito do emprego de cada Comité Territorial establezan a análise e avaliación da evolución dos diferentes indicadores de emprego do territorio



13. Modifique as funcións dos Comités Territoriais de Emprego para que no ámbito do emprego de cada Comité Territorial elaboren o informe, con carácter previo á resolución da Consellaría de Traballo sobre as programacións a que concorran as distintas entidades no ámbito xeográfico de cada Comité territorial. Este informe deberá ser emitido con antelación á data prevista da reunión do comité provincial de emprego e seguimento da contratación que trate o mesmo asunto.

14. Modifique as funcións dos Comités Territoriais de Emprego para que no ámbito do emprego de cada Comité Territorial elaboren un plan de traballo que deberá recoller:

- a avaliación das políticas de emprego realizadas ata o de agora na zona;
- a detección das necesidades de traballadores e traballadoras e a determinación dos perfís profesionais requiridos;
- a detección de posibilidades e acompañamento dos emprendedores e empresas de economía social;
- a análise das competencias dos colectivos incluídos, distinguindo:
 - as competencias que faciliten a mobilidade dun sector produtivo a outro.
 - as competencias que faciliten a mobilidade entre as diferentes ramas profesionais.
 - As competencias que faciliten o cambio dunha profesión a outra, especialmente as que faciliten o cambio de profesión de mulleres a aquelas en que estean subrepresentadas.
- o establecemento dos diferentes colectivos que se incorporarán ao Plan de emprego e determinación das súas necesidades;
- a elaboración do mapa de emprego do pacto territorial de emprego e posibilidades de futuro a curto, medio e longo prazo;



- a determinación e análise das necesidades relacionadas coa recuperación ambiental e cos servizos da vida diaria, de mellora das condicións de vida, culturais e de ocio;
- a elaboración do mapa de servizos de emprego existente na zona e demais recursos, incluídos os humanos;
- a busca de empresas que se instalen nas diferentes áreas, ofrecéndolles, ademais das axudas e bonificacións previstas e que se poidan prever, os procesos de formación e selección que necesiten;
- a elaboración das necesidades das empresas sobre infraestruturas, solo industrial, man de obra, servizos de I+D+i
- a promoción de itinerarios de inserción con todos os participantes vinculados aos sectores maduros ou que están en reconversión; cos parados que non tiveron emprego anterior e aqueles que leven máis de seis meses no paro.

15.A creación dunha comisión asesora por cada Comité territorial que será dotada cunha unidade de promoción e desenvolvemento que exercerá a coordinación técnica.

16.Estableza o réxime de reunións dos Comités Territoriais de Emprego mensuais en vez de trimestrais.

Santiago de Compostela, 24 de marzo do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2023 12:21:56
Nº Rexistro: 51926
Data envío: 24/03/2023 12:21:56.955

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/03/2023 11:58:05

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/03/2023 11:58:16

CSV: BOPGDSPG-nNE6FQS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

186664

@PSdeG





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Rosalía López Sánchez, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Raquel Arias Rodríguez, Paula Prado del Río, Marta Nóvoa Iglesias, José Antonio Armada Pérez, José Manuel Balseiro Orol, Belén Cachafeiro Anta, Elena Candia López e Ramón Carballo Páez**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

Desde 2003, unha disposición adicional da Ley 16/2003, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, establece que “os servizos sanitarios dependentes de Instituciones Penitenciarias serán transferidos ás comunidades autónomas para a súa plena integración nos correspondentes servizos autonómicos de saúde”.

En varias ocasións, o Parlamento de Galicia respaldou esta transferencia, sendo a última delas un acordo acadado en xuño de 2021 na Comisión de Sanidade do Parlamento por unanimidade có seguinte contido no punto 1:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que solicite do Goberno do Estado:

- 1.- O traspaso das competencias en materia de saúde penitenciaria á Xunta de Galicia para a súa asunción polo Servizo Galego de Saúde, de conformidade co establecido na disposición adicional sexta da Lei de Cohesión do Sistema Nacional de Saúde 16/2003 de 28 de maio, de xeito que a atención a este colectivo se realice na rede sanitaria pública galega. Esta transferencia debe estar acompañada dos medios humanos, económicos e materiais necesarios, atendendo á suficiencia dinámica para a prestación do correspondente servizo;





así como da compensación da débeda contraída polo Ministerio de Interior co Sergas”.

Sen embargo, ata o de agora o Ministerio nunca se comprometeu de forma efectiva con este traspaso, negándose a dotalo dos medios axeitados, polo que o Goberno de España continúa a ser, por decisión propia, o responsable da atención sanitaria da poboación reclusa nos cárceres de Galicia.

Neste contexto, o persoal do centro de saúde e do PAC de Teixeira (concello de Curtis) trasladou hai uns días xunto co alcalde unha problemática importante de sobrecarga de traballo derivada da falta de cobertura sanitaria que está a sufrir o centro penitenciario de Teixeira, obrigando ao persoal médico a desprazarse varias veces ao cárcere para atender a persoas reclusas pola ausencia de facultativos na prisión.

O centro penitenciario ten a obriga de manter o seu propio servizo sanitario para atender á poboación reclusa pero os sindicatos do persoal de institucións penitenciarias denuncian que nesa prisión hai sete de nove prazas médicas vacantes, nun contexto no que o 60% de prazas médicas no conxunto das prisións galegas están vacantes, polo que o acontecido en Curtis pode repetirse pronto noutros centros penitenciarios. Unha situación que, tal e como teñen trasladado as organizacións sindicais, o Goberno de España está a tratar de paliar recorrendo aos servizos de empresas de sanidade privada.

As comunidades autónomas, máxime neste momento de escaseza de facultativos, non están en disposición de soportar unha sobrecarga na atención primaria derivada de que o Goberno do Estado non garanta a atención sanitaria na que é competente.

Por todo o anterior exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Demandar do Goberno de España que tome as medidas necesarias para garantir de forma urxente a asistencia sanitaria axeitada ás persoas reclusas nos centros penitenciarios da súa competencia polos seus propios medios, evitando a sobrecarga do persoal do SERGAS dos centros de saúde e dos PACs próximos ás prisións, tal e como ten ocorrido en Teixeira (Curtis).





2.- Asuma a demanda efectuada por sete gobernos autonómicos e pola maioría do Congreso dos Deputados de ampliar en 1.000 prazas ao ano a formación sanitaria especializada de medicina familiar e comunitaria para garantir especialistas suficientes para cubrir as necesidades de profesionais da atención primaria e da sanidade penitenciaria do conxunto do Sistema Nacional de Saúde”.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/03/2023 13:01:55

López Sánchez, Rosalía na data 24/03/2023 13:02:11

María Corina Porro Martínez na data 24/03/2023 13:02:21

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/03/2023 13:02:34

José Alberto Pazos Couñago na data 24/03/2023 13:02:47

Noelia Pérez López na data 24/03/2023 13:02:58

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 24/03/2023 13:03:12

Raquel Arias Rodríguez na data 24/03/2023 13:03:23

Paula Prado del Río na data 24/03/2023 13:03:36

Marta Nóvoa Iglesias na data 24/03/2023 13:03:50

José Antonio Armada Pérez na data 24/03/2023 13:04:02

José Manuel Balseiro Orol na data 24/03/2023 13:04:14

Cachafeiro Anta, Belén na data 24/03/2023 13:04:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2023 13:08:28
Nº Rexistro: 51943
Data envío: 24/03/2023 13:08:28.923

María Elena Candia López na data 24/03/2023 13:04:39

Ramón Carballo Páez na data 24/03/2023 13:04:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-nNE6FOS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, Teresa Egerique Mosquera, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Ana Belén García Vidal, Moisés Rodríguez Pérez, Borja Vereá Fraiz, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento, Paula Prado del Río e Alberto Pazos Couñago**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade dun pronunciamento do Parlamento de Galicia en relación con esta cuestión de máxima actualidade e relevancia.

Exposición de motivos

O pasado 4 de marzo publicouse no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto 150/2023, de 28 de febreiro, polo que se aproban os Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM) das cinco demarcacións mariñas españolas: noratlántica – no que se inclúen as augas mariñas que bañan o litoral de Galicia - sudatlántica, do Estreito e Alborán, levantino-balear e canarias.

Lamentablemente, este acordo volve a evidenciar o escaso interese do actual Goberno de España por chegar a acordos coas Comunidades Autónomas e co tecido produtivo, xa que a planificación aprobada en ningún caso se levou a cabo desde un consenso real coa Xunta de Galicia e dos sectores implicados, é dicir, nin co sector marítimo-pesqueiro, nin tampouco coa industria da eólica mariña.

En consecuencia, o texto aprobado non recollese todas as sensibilidades necesarias para garantir un desenvolvemento da eólica mariña como vector de competitividade e de impulso industrial, sempre e cando existan as máximas garantías de compatibilidade coa actividade pesqueira.

Cómpre recordar que a industria galega xa emprega a 1.200 persoas en proxectos de eólica mariña, un segmento de actividade no que somos un referente a nivel mundial e europeo, e que, ademais, ten a aspiración de contar con 8.000 traballadores e traballadoras nos vindeiros anos.





Polo tanto, antes de falar de proxectos concretos, a vicepresidenta terceira e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico do Goberno, Teresa Ribera, debe cumprir o compromiso adquirido co presidente a Xunta e reunirse co Observatorio da Eólica Mariña de Galicia. Constituído en xuño de 2021, o seu obxectivo é servir de foro de diálogo, encontro e análise para a procura da coexistencia e compatibilidade do potencial desenvolvemento da eólica mariña na Comunidade con todas as actividades existentes, con especial atención ás actividades marítimo-pesqueiras.

Deste xeito, o Goberno debe rectificar a súa posición e buscar puntos de encontro, sempre baixo a premisa de garantir a compatibilidade entre as actividades tradicionais, nomeadamente o sector da pesca, e o desenvolvemento da eólica mariña, atendendo as solicitudes feitas desde Galicia así como polo Congreso dos Deputados que, o pasado mércores, adoptou un acordo unánime neste sentido - no seo da Comisión de Agricultura, Pesca e Alimentación - que o Grupo Parlamentario Popular de Galicia comparte plenamente polo que propón a súa ratificación na Cámara galega a través desta iniciativa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1. Desenvolver os Plans de ordenación do espazo marítimo (POEM) desde un enfoque integrador que contemple unha canle de comunicación continua entre os ministerios competentes, as Comunidades Autónomas e os sectores afectados, con especial protección ao sector pesqueiro. Realizar os estudos socioeconómicos que avalíen os impactos en sectores como o pesqueiro, garantindo que o desenvolvemento dos (POEM) ten en conta aos mesmos. En particular, realizar e dar publicidade á medida ER2 recollida nos POEM (ER2: Análise do sector pesqueiro potencialmente afectado polo Desenvolvemento da enerxía eólica mariña nas zonas propostas nos POEM).
2. Dar audiencia desde o máximo nivel ministerial do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico así como do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, aos representantes da Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños, ao Observatorio de Eólica Mariña de Galicia e ao seu homólogo en Asturias, así como aos das federacións e confrarías de pescadores afectados, para que poidan expoñer as súas discrepancias coa eólica mariña e co contido do Real Decreto 150/2023, do 28 de febreiro, publicado no Boletín Oficial do Estado o 4 de marzo de 2022.





3. Atender as iniciativas e resolucións adoptadas nas Cortes Xerais e en distintos parlamentos autonómicos en favor dos pescadores e da súa oposición aos plans da eólica mariña tal e como finalmente foron aprobados polo Consello de ministros.
4. Elaborar os estudos científicos e de impacto socioeconómico que permitan determinar e precisar as consecuencias sobre os ecosistemas mariños e sobre a pesca a instalación de parques eólicos mariños”.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 28/03/2023 12:25:11

Marta Nóvoa Iglesias na data 28/03/2023 12:25:31

Teresa Egerique Mosquera na data 28/03/2023 12:25:48

Cristina Sanz Arias na data 28/03/2023 12:26:02

José Antonio Armada Pérez na data 28/03/2023 12:26:19

Pardo López, Adrián na data 28/03/2023 12:26:36

Ana Belén García Vidal na data 28/03/2023 12:26:48

Rodríguez Pérez, Moisés na data 28/03/2023 12:27:01

Borja Vereá Fraiz na data 28/03/2023 12:27:10

José Manuel Balseiro Orol na data 28/03/2023 12:27:23

Freire Vázquez, María Begoña na data 28/03/2023 12:27:37

Manuel Santos Costa na data 28/03/2023 12:27:53

María Elena Suárez Sarmiento na data 28/03/2023 12:28:05

Paula Prado del Río na data 28/03/2023 12:28:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2023 12:33:51
Nº Rexistro: 52092
Data envío: 28/03/2023 12:33:51.395

José Alberto Pazos Couñago na data 28/03/2023 12:28:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-nNE6FOS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez, Marisol Díaz Mouteira, Ana Belén García Vidal, Paula Prado del Rio, Jose Manuel Rey Varela, Maria Felisa Rodríguez Carrera, Guadalupe Murillo Solís, Jose Manuel Balseiro Orol e Jose Luís Ferro Iglesias** ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno** polo trámite de **urxencia**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia é pioneira na adopción de medidas para afrontar o reto demográfico, que abranguen dende iniciativas legislativas (somos a primeira comunidade que puxo en marchas unha Lei de Impulso Demográfico) ata medidas que teñen que ver co emprego, o acceso á vivenda, a tributación ou a conciliación, entre outras (destacando entre estas últimas que Galicia é a única comunidade autónoma con educación infantil gratis de cero a tres anos, as casas niño, casas do maior, etc...).

Sen embargo a nosa comunidade non pode acceder ás axudas da Unión Europea, previstas para as zonas escasamente poboadas, e que permitirían ampliar os beneficios fiscais e acceder a axudas directas. Isto débese a que os criterios son tan restritivos que no conxunto de España só Teruel, Cuenca e Soria teñen a consideración europea de “zonas escasamente poboadas”.

Chama a atención que para esta clasificación, Europa non teña en conta criterios como o sobreenvellecemento ou a dispersión poboacional, que claramente supoñen un sobrecoste na prestación dos servizos; ou que tampouco se valoren outros criterios como a baixa natalidade. Cuestións, todas elas, que en Galicia, son especialmente relevantes.

Esta foi unha das eivas que se puxeron de manifesto no encontro bilateral sobre demografía que mantiveron, recentemente, os presidentes de Galicia e Asturias, Alfonso Rueda e Adrián Barbón.





Tendo en conta o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para que solicite da Unión Europea a necesidade de ampliar os criterios que se teñen en conta para a declaración de zona escasamente poboada, de tal xeito que Galicia poida ter acceso aos beneficios que esta consideración trae aparelados”

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 29/03/2023 09:56:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Corina Porro Martínez na data 29/03/2023 09:56:27

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/03/2023 09:56:36

José Alberto Pazos Couñago na data 29/03/2023 09:56:46

Noelia Pérez López na data 29/03/2023 09:56:59

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 29/03/2023 09:57:11

López Sánchez, Rosalía na data 29/03/2023 09:57:24

María Sol Díaz Mouteira na data 29/03/2023 09:57:39

Ana Belén García Vidal na data 29/03/2023 09:57:49

Paula Prado del Río na data 29/03/2023 09:58:00

José Manuel Rey Varela na data 29/03/2023 09:58:08

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/03/2023 09:58:21

María Guadalupe Murillo Solís na data 29/03/2023 09:58:35

José Manuel Balseiro Orol na data 29/03/2023 09:58:46

José Luis Ferro Iglesias na data 29/03/2023 09:58:55

Pedro Puy Fraga na data 29/03/2023 09:59:32





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data 17-02-2023 dáse conta oficialmente da detección do serotipo 4 do virus da Lingua Azul por parte dos Servizos Veterinarios da Xunta de Galiza, en catro explotacións “centinela” de bovino, sitas nos concellos de Fornelos de Montes e As Neves, en Pontevedra e Sarreaus e máis Castro Caldelas en Ourense.

Trátase dunha doenza vírica que se transmite por medio de mosquitos do xénero culicoides e que afecta a ruminantes de diferentes especies, tendo especial interese no noso País en vacas, ovellas e cabras.

Esta doenza xa afectara en 2.008 e 2.009 na nosa comunidade efectuándose naquela altura unha campaña de vacinación.

O día 7 do presente mes de marzo iniciouse a campaña de vacinación gratuíta e obrigatoria para gando bovino e ovino nas provincias de Ourense e Pontevedra e nas comarcas de Sarria, Chantada e Terra de Lemos e Quiroga en Lugo. No gando bovino a vacinación faise en dúas doses cun período intermedio de 21 días.

Neste tempo e debido á temporada, estamos aínda no inverno, o vector transmisor oficialmente está desaparecido sendo abril o mes en que os insectos do tipo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mosquito comezan a súa actividade picadora. Isto non é totalmente certo, pois nalgunhas zonas obsérvase actividade entomolóxica no trampeo non oficial.

Na campaña de vacinación anterior observáronse un bo número de reaccións adversas á vacinación tanto en ovino coma en bovino con mortes, abortos en ocasións tardíos... Non sabemos se desta vez se prevén estas incidencias, mais consideramos que esta campaña e vistos os precedentes, debería ir acompañada dun protocolo de seguimento de efectos adversos (mortes, abortos...), así coma de compensacións destes e dos prexuízos ocasionados aos gandeiros polas inmovilización de animais e a súa posible prohibición de compra ou venda.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a activar un protocolo de seguimento á campaña de vacinación da Lingua Azul que contemple a actuación dos servizos veterinarios oficiais ante as posibles reaccións adversas e actuar en consecuencia na reparación dos danos ocasionados.”

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2023

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/03/2023 09:58:26

María del Carmen Aira Díaz na data 17/03/2023 09:58:36

María González Albert na data 17/03/2023 09:58:48

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/03/2023 09:58:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e Carmen Aira Díaz** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as necesidades educativas da unidade de psiquiatría infanto-xuvenil do HULA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A unidade de psiquiatría infanto-xuvenil do HULA é a de referencia para as case 40.000 persoas menores de idade que viven nesta provincia. A pesar desta grande poboación, esta unidade conta cun cadro de persoal extremadamente reducido, ademais de instalacións escasas e recursos extremadamente limitados.

No hospital de día desta unidade préstase asistencia a pacientes entre os 12 e os 18 anos de idade e que requiran unha intervención intensiva e precoz. Actualmente, reciben asistencia 20 pacientes e as súas familias durante un horario de mañá nos días laborables, a través de grupos de traballo, por exemplo, de asistencia aos trastornos da conduta alimentaria grave ou aos trastornos mentais graves. Os niveis educativos varían, polo tanto, entre os últimos cursos de Educación Primaria ata 2º de Bacharelato.

Segundo recolle o artigo 25.2 do decreto 229/2011 será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

- a) Longa hospitalización: máis de trinta días.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.

c) Curta hospitalización: menos de quince días.

A atención neste hospital de día infanto-xuvenil establécese cun mínimo de 6 meses de intervención, aínda que se podería alongar no caso de non conseguir a melloría clínica precisa ou non acadar os obxectivos terapéuticos básicos.

Non obstante, cando está próximo o ano desde a posta en funcionamento deste hospital de día, aínda non conta con ningún tipo de persoal educativo asignado. Cómpre ter presente que este apoio educativo, ademais de atender ás propias necesidades académicas, ten tamén implicacións terapéuticas, sobre todo en menores con períodos tan longos sen acudir ás súas aulas habituais.

Foi solicitado en numerosas ocasións, tanto por parte do persoal do hospital de día, como tamén polas propias pacientes e as súas familias esta dotación de profesorado, que comprendería profesorado de nivel de secundaria, tanto da área de humanidades coma científica, así como de pedagogía terapéutica, dado que algunhas destas pacientes presentan necesidades educativas específicas de longa evolución (TEA, TDAH, trastornos da aprendizaxe, etc.). Esta falta de resposta por parte da administración chegou a poñer en compromiso os obxectivos terapéuticos dalgunhas destas pacientes, que chegaron a deixar de acudir ao hospital de día, interrompendo así a súa recuperación, por non ter garantidas as súas necesidades académicas.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dotar de xeito inmediato e estable o hospital de día de Psiquiatría infanto-xuvenil do persoal docente que se vén reclamando desde o inicio do curso, para garantir a mínima interrupción no seu desenvolvemento educativo e contribuíndo tamén á súa recuperación.”

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Olalla Rodil Fernández

Carmen Aira Díaz

Deputadas do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/03/2023 11:50:58

María del Carmen Aira Díaz na data 17/03/2023 11:51:04

Olalla Rodil Fernández na data 17/03/2023 11:51:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 17/03/2023 11:51:21



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Árias**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición no de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Dende que comezou a prestarse o novo servizo de transporte interurbano de viaxeiros por estrada son numerosas as queixas dos usuarios e usuarias de toda Galicia polos problemas que está a dar o servizo debido a atrasos, reducións de frecuencias e horarios e mala comunicación, o que está a afectar moi negativamente a toda a cidadanía.

A veciñanza do concello de Ribeira, sendo cabeceira de comarca, asiste diariamente a esa prestación deficitaria do servizo, algo que o Grupo Parlamentario Socialista ten denunciado en numerosas ocasións sen atopar por parte do Goberno galego máis resposta que a inexistencia de queixas por parte das persoas usuarias.

O Grupo Parlamentario Socialista, á vista do argumento esgrimido polo Goberno galego, conseguiu o recente venres 3 de marzo un acordo unánime na comisión 3ª do Parlamento galego para instar a Xunta de Galicia a “Situación nun lugar visible e accesible do *web bus.gal* o espazo para que a cidadanía poida informar das incidencias que teñen lugar con este servizo”. Mais lonxe de cumprir este mandato, na actualidade ese *web* non dispón de ningún formulario de fácil acceso.

Fronte a esta actitude incomprensible do Goberno galego, moi recentemente un grupo de veciñas de Ribeira entregou na Oficina de Atención Cidadá do



Concello un escrito avalado por case tres mil sinaturas no que se esixe a mellora do servizo de transporte público. O escrito tamén foi remitido á Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade e á propia empresa concesionaria.

A problemática que denuncian é recorrente: cambios nos horarios, ausencia de publicidade clara de horarios e rutas, impuntualidade ou supresión de frecuencias por vontade da empresa sen motivo aparente, o que provoca un lóxico prexuízo na veciñanza que precisa desprazarse por motivos laborais, de estudos, de saúde ou de calquera outra índole.

Ademais, no que é tamén unha queixa xeral, advirten do mal estado dos vehículos e dos problemas constantes que se producen nos institutos de educación desde o inicio do curso, con alumnado que chega tarde ás súas clases ou que mesmo non chega.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Esixirlle á empresa concesionaria do transporte interurbano de viaxeiros por estrada o cumprimento estrito do contrato e que solucione de inmediato os problemas que está a padecer a veciñanza de Ribeira con este servizo.
2. Dar cumprimento ao acordo unánime do Parlamento galego do 3 de marzo de 2023 para situar nun lugar visible e accesible do *web bus.gal* un espazo para que a cidadanía poida informar das incidencias que teñen lugar con este servizo.

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2023





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 17/03/2023 12:40:06

Patricia Otero Rodríguez na data 17/03/2023 12:40:25

Eduardo Ojea Arias na data 17/03/2023 12:40:38

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/03/2023 12:40:49



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Árias**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición no de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Dende que comezou a prestarse o novo servizo de transporte interurbano de viaxeiros por estrada son numerosas as queixas dos usuarios e usuarias de toda Galicia polos problemas que está a dar o servizo debido a atrasos, reducións de frecuencias e horarios e mala comunicación, o que está a afectar moi negativamente a toda a cidadanía.

A veciñanza do concello de Ribeira, sendo cabeceira de comarca, asiste diariamente a esa prestación deficitaria do servizo, algo que o Grupo Parlamentario Socialista ten denunciado en numerosas ocasións sen atopar por parte do Goberno galego máis resposta que a inexistencia de queixas por parte das persoas usuarias.

O Grupo Parlamentario Socialista, á vista do argumento esgrimido polo Goberno galego, conseguiu o recente venres 3 de marzo un acordo unánime na comisión 3ª do Parlamento galego para instar a Xunta de Galicia a “Situación nun lugar visible e accesible do *web bus.gal* o espazo para que a cidadanía poida informar das incidencias que teñen lugar con este servizo”. Mais lonxe de cumprir este mandato, na actualidade ese *web* non dispón de ningún formulario de fácil acceso.

Fronte a esta actitude incomprensible do Goberno galego, moi recentemente un grupo de veciñas de Ribeira entregou na Oficina de Atención Cidadá do



Concello un escrito avalado por case tres mil sinaturas no que se esixe a mellora do servizo de transporte público. O escrito tamén foi remitido á Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade e á propia empresa concesionaria.

A problemática que denuncian é recorrente: cambios nos horarios, ausencia de publicidade clara de horarios e rutas, impuntualidade ou supresión de frecuencias por vontade da empresa sen motivo aparente, o que provoca un lóxico prexuízo na veciñanza que precisa desprazarse por motivos laborais, de estudos, de saúde ou de calquera outra índole.

Ademais, no que é tamén unha queixa xeral, advirten do mal estado dos vehículos e dos problemas constantes que se producen nos institutos de educación desde o inicio do curso, con alumnado que chega tarde ás súas clases ou que mesmo non chega.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Esixirlle á empresa concesionaria do transporte interurbano de viaxeiros por estrada o cumprimento estrito do contrato e que solucione de inmediato os problemas que está a padecer a veciñanza de Ribeira con este servizo.
2. Dar cumprimento ao acordo unánime do Parlamento galego do 3 de marzo de 2023 para situar nun lugar visible e accesible do *web bus.gal* un espazo para que a cidadanía poida informar das incidencias que teñen lugar con este servizo.

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2023





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 17/03/2023 12:41:13

Patricia Otero Rodríguez na data 17/03/2023 12:41:31

Eduardo Ojea Arias na data 17/03/2023 12:41:47

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/03/2023 12:41:59





Grupo
Parlamentario
Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **Pleno**.

Agadic convocou en marzo de 2022 as axudas á creación audiovisual para a promoción do talento audiovisual galego, cun crédito global de 194.000 euros, e para a produción e coprodución de proxectos audiovisuais galegos, cun crédito de 2.500.000 millóns, ambas as dúas convocatorias financiadas con fondos propios.

O BOE publica o 6 de decembro unha resolución do Ministerio de Cultura dando conta do convenio asinado pola Agadic co Instituto de Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA) polo que se canaliza a concesión directa de axudas para fomentar a produción, distribución, exhibición e promoción da industria cinematográfica e audiovisual en lingua cooficial distinta ao castelán no ano 2022. A contía total que lle correspondeu a Galicia no reparto foi de 1.212.805,03 euros

Unha vez asinado este convenio, Agadic publica a finais de xaneiro deste ano sendas resolucións que modifican as convocatorias de marzo de 2022 no tocante á partida orzamentaria coa que se sufragarán.

Deste xeito, Agadic deixa de destinar parte dos seus fondos contemplados nos Orzamentos da Xunta asumindo para as súas liñas ordinarias un crédito extraordinario chegado do ICAA.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186689

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a incrementar as liñas de axudas ordinarias para o audiovisual en galego cos fondos achegados do ICAA para fomentar a produción, distribución, exhibición e promoción da industria cinematográfica e audiovisual en galego, de maneira que non se comprometan os fondos propios xa orzamentados da Agadic.

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 17/03/2023 16:01:06

Noelia Otero Lago na data 17/03/2023 16:01:36

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/03/2023 16:01:56

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186690

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación real da muller no rural galego permanece oculta a ollos públicos, porque hai moi poucos datos ordenados que poidan posibilitar unha análise de necesidades que logo conduzan a modificar a mellor a súa posición.

As análises da situación das mulleres relativas á súa vida laboral e condicións de vida ou ben se fan por sectores sen distinguir o lugar onde habita ou se fan por estudos estatais que non reflicten a realidade galega.

Isto aconteceu co relativo aos estudos sobre violencia de xénero promovidos polo goberno estatal en colaboración con asociacións privadas, previos ao Pacto de Estado sobre violencia de xénero. Tiráronse daquel estudo unha serie de conclusións que non reflectían a realidade galega tal e como quedou claro cando da comisión sétima saíu un acordo unánime a proposta do BNG, para instar ao goberno galego a facer un estudo propio que representara a nosa realidade rural a respecto da violencia de xénero.

Sábese que hai que mellorar as súas condicións de vida, dotar o rural de servizos que alivien a carga de coidados para as mulleres, pero non se sabe exactamente de onde partimos en canto á renda media das mulleres no rural, ou ás súas condicións laborais,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tipos de emprego, a cantas persoas coidan, que idades teñen, que relación de parentesco manteñen con elas...

A iniciativa da Xunta de facer un Estatuto da Muller rural (que debería ser do rural) e do Mar (que igual merecía un estatuto separado) a instancias de varios colectivos, é benvida en termos xerais, mais non temos coñecemento de como van eses traballos nin que metodoloxía están empregando. Precisaría facerse partindo de datos fidedignos e ben estruturados que dentro do Estatuto sirvan de punto de partida para marcar un cronograma de obxectivos realistas que poidan supoñer unha mellora profunda das condicións de vida das mulleres no rural.

Destá volta non podemos perder a oportunidade de traballar con datos relativos á muller que vive ou tamén traballa no rural porque xa se perdeu no VIII Plan Estratéxico da Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 22-27.

Descoñecemos as realidades cuantitativas e cualitativas das mulleres que viven nel, a que sector de actividade se dedican, cantas a cada un, cantas fan labores de coidados, cantas a fillas e fillos, cantas a persoas maiores, se teñen soporte para iso, cantas non o teñen e por que; como perciben a súa calidade de vida, que nivel de corresponsabilidade se vive no seu fogar, que nivel de renda alcanzan, que nivel de independencia poden desfrutar, que diferencias hai entre as diferentes zonas do rural... cantas fillas e fillos teñen... que futuro consideran que é mellor para eles, cantas sofren violencia de xénero e as dificultades engadidas que teñen para poder poñer fin a esa situación, etc.

Mais con respecto a estas variables dispomos de varias hipóteses ou certezas, que gustaríamos corroborar con datos. A título de exemplo, cal é a porcentaxe de mulleres novas e adultas novas (menos de 50 anos) nos concellos rurais e cal é o seu número respecto aos efectivos masculinos. Estimamos que hai un problema de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

masculinización no rural. Se hai menos mulleres, porque abandonan o rural? ¿Cantos fillos teñen as mulleres do rural menores de 50 anos de promedio? ¿Cal é a súa relación coa media de Galiza? ¿Que problemas de conciliación laboral/familiar teñen as mulleres do rural? ¿Cantos nenos/as e persoas maiores teñen ao seu cargo? ¿Que servizos públicos de proximidade demandan? ¿Como valoran seguir vivindo no rural e que opinan para o futuro dos seus fillos/as?

Non temos a máis mínima dúbida de que precisamos datos ordenados e ben estruturados para coñecer a realidade das mulleres galegas que viven nos distintos tipos de rural e que se deben compilar de xeito previo a calquera outra intervención, co fin de marcar obxectivos que nos leven a cambios profundos. Sabemos que eses datos son de dous tipos, cuantitativos e cualitativos. Os cuantitativos están dispoñibles no IGE e no INE a partir dos censos e dos padróns municipais. Só se trata de encargar operacións estatísticas de desagregación de datos. Os cualitativos poden obterse e enquisas representativas en número e calidade. Só se trata de realizalas e costealas, con aval académico sobre o seu nivel de representatividade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a financiar a elaboración dun informe completo sobre a muller no rural galego, as súas demandas, calidade de vida e expectativas de futuro, que conte co aval académico necesario e que constitúa o punto de partida de calquera Estatuto da muller rural que, non pode construírse sen datos ou sobre datos xenéricos, fragmentarios ou apañados doutras institucións, e incorporando eses datos ao Estatuto da Muller do Rural e do Mar para así xustificar as actuacións propostas nel.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Noa Presas Bergantiños

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2023 09:36:47

Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2023 09:36:52

María del Carmen Aira Díaz na data 20/03/2023 09:37:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños** e do deputado **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a creación de escolas infantís de 0 a 3 anos en contornas laborais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A conciliación da vida laboral e persoal é un dereito e, ao mesmo tempo, un dos grandes quebradeiros de cabeza para moitísimas familias.

Neste senso, hai dous factores determinantes para garantir o dereito de conciliación:

- a.- horarios laborais compatibles coa vida persoal
- b.- a existencia de recursos de conciliación e educativos para as crianzas próximos tanto aos domicilios como ás contornas laborais

En Galiza, durante uns anos existiron liñas de axudas para a construción de escolas infantís de 0 a 3 anos en polígonos industriais e contornas laborais. Porén, a Xunta de Galiza deixou de convocalas no ano 2019.

As entidades beneficiarias debían cumprir cuns requirimentos para obter a axuda, entre eles, constituíren un centro completo cun mínimo de 3 unidades con 41 prazas agás nos casos en que a demanda potencial non sexa suficiente para un centro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

completo nos que se creará o número de prazas e unidades internivelares que aprobe a Consellería de Política Social con base no proxecto presentado e á información que obre no seu poder.

Así mesmo, as entidades debían dispor dunha parcela e permanecer durante un mínimo de 5 anos desenvolvendo actividade.

A administración cubría a través destas convocatorias (con cargo a fondos europeos): a realización do proxecto básico e de execución da construción ou reforma así como o equipamento da escola infantil.

Doutra banda, a Xunta de Galiza dispón dunha rede de escolas infantís pública (Galiña Azul) con 8.167 prazas en 145 escolas, xestionadas a través do Consorcio de Igualdade e Benestar e 27 centros con 2.242 prazas dependentes da Axencia galega de servizos sociais.

Porén, os últimos datos de matriculación evidencian que existe unha demanda superior á oferta existente o que fai necesaria a creación de novas escolas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Remitir ao Parlamento un Plan de ampliación da rede de escolas infantís públicas de Galiza (0 a 3 anos) no que se inclúa o número de prazas de nova creación; lugares ou criterios de localización das mesmas, previsión temporal e orzamento de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

execución. Teranse en conta neste plan as necesidades de conciliación nas contornas laborais como criterio de implantación de novos centros.

2. Convocar de novo as axudas de implantación de escolas infantís de 0 a 3 anos en polígonos industriais e outras contornas laborais quer a través da adaptación da liña de axudas de Casas Niño ou dunha convocatoria específica.

3. Modificar a normativa vixente para que aquelas empresas que traballen coa administración (a través de concursos ou procesos de licitación pública) garantan a existencia de recursos de conciliación e corresponsabilidade e/ou escolas infantís de 0 a 3 anos nos centros de traballo..”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2023 10:25:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 20/03/2023 10:25:52

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2023 10:26:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a avaliación e resultados da entrada en vigor da Lei Ángeles Alvariño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xullo de 2021 publicouse no Diario Oficial de Galiza a Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación; un texto normativo máis coñecido como Lei Ángeles Alvariño.

A nova norma, impulsada orixinalmente polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego mais aprobada pola unanimidade de todas as forzas parlamentarias, supuxo un grande paso adiante na loita pola igualdade na ciencia e a investigación, especialmente contra as pexas que as mulleres científicas e investigadoras aínda atopan cando deciden ser nais.

Neste senso, ademais de medidas encamiñadas a garantir e promover a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario, a lei prevé a introdución de factores de corrección nas convocatorias públicas de I+D, concretamente nos procesos de avaliación dos méritos, currículos vitae e traxectoria investigadora.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transcorrido máis dun ano desde a súa entrada en vigor, é preciso facer unha avaliación da súa aplicación e tamén dos éxitos obtidos mais tamén das eivas que poidan existir ou distorsións se se están a producir.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar e remitir á Cámara antes de rematar o actual período de sesións, un informe de avaliación que determine os efectos (positivos e negativos) da entrada en vigor da Lei Ánxeles Alvariño. O informe deberá ser remitido e presentado igualmente perante o Plenario da Unidade Muller e Ciencia e as entidades que a conforman así como difundido a través do espazo web desta Unidade para coñecemento e consulta do conxunto da sociedade galega.

O informe incluírá propostas de actuación para corrixir posíbeis efectos negativos e/ou distorsións indesexadas que se puidesen estar a producir así como medidas de mellora para garantir o cumprimento real e efectivo da norma.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2023 11:40:25

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2023 11:40:34



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das dúas deputadas e do seu deputado, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández e Leticia Gallego Sanromán**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Na información aos medios sobre os acordos do Consello da Xunta de Galicia do 16 de marzo anúnciase a próxima convocatoria de subvencións para embelecer o litoral galego, establecéndose dúas liñas de axuda, unha dirixida a concellos cun importe de máis de 4,4 millóns de euros e outra dirixida a establecementos turísticos por máis de 2 millóns de euros.

Na mesma nota, infórmase de que o presidente Rueda salientou o “grande atractivo turístico dos 2.500 quilómetros de costa cos que conta Galicia e considerou necesarias este tipo de axudas para revalorizar o patrimonio e a paisaxe costeira galega, e destacou estas axudas para actuacións para a conservación, rehabilitación, revalorización e mellora do patrimonio singular, natural e de uso turístico do litoral galego no marco del Plan de recuperación, transformación e resiliencia.”

Tamén se establece que na liña de axudas dirixida a concellos, poderán ser beneficiarios os concellos situados no territorio do litoral galego, 71 repartidos ao longo da costa galega e debulla cada un dos posibles beneficiarios:

Na provincia de Pontevedra: Catoira, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa, Cambados, Meaño, Sanxenxo, O Grove, Poio, Pontevedra, Marín, Bueu, Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán, Baiona, Oia, O Rosal e A Guarda.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2023 12:34:24
Nº Rexistro: 51677
Data envío: 20/03/2023 12:34:24.439

Na provincia de Lugo: O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros e Ribadeo.

Na provincia da Coruña: Mañón, Ortigueira, Cariño, Cedeira, Valdoviño, Narón, Ferrol, Neda, Mugardos, Ares, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Bergondo, Sada, Oleiros, A Coruña, Arteixo, A Laracha, Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Camariñas, Muxía, Cee, Fisterra, Corcubión, Carnota, Muros, Outes, Noia, Porto do Son, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a engadir o concello de Dumbría como posible beneficiario da convocatoria de subvencións para embelecer o litoral galego dirixida a concellos cun importe de máis de 4,4.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/03/2023 11:17:58

Paloma Castro Rey na data 20/03/2023 11:18:14

Pablo Arangüena Fernández na data 20/03/2023 11:18:28

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/03/2023 11:18:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/03/2023 11:19:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O traballo social é fundamental nos nosos servizos públicos, para o noso rural é óptimo que estes servizos se acheguen á poboación. O traballo social sanitario forma parte da carteira de servizos do Servizo Galego de Saúde. A súa integración nos equipos de atención primaria permite detectar as situacións de máis necesidade, de máis urxencia pero tamén programar un traballo coa sociedade ademais de dar asistencia a demanda.

A poboación destinataria dos seus servizos é ampla incluíndo ás persoas con problemas de saúde e as súas familias en tódolos seus estratos de idade e situacións de necesidades sanitarias e sociais.

En concellos do rural onde a dispersión xeográfica é evidente, a media de idade da poboación é elevada a vivencia de situacións relacionadas coa discapacidade teñen unhas dificultades especiais como tamén a vivencia da enfermidade ou mesmo a soidade das persoas que cada vez son máis maiores, teñen máis patoloxías e se encontran máis illadas nos seus lugares.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A atención ás necesidades da sociedade dende a confluencia dos servizos sanitarios e sociais é un valor que pode cambiar a vivencia que usuarias e usuarios poden chegar a ter da súa situación de necesidade, mellorándoa e polo tanto mellorando a súa calidade de vida.

O concello de Quiroga, cabeceira da comarca do seu mesmo nome carece do posto de Traballo Social no seu Centro de Saúde dende hai anos, ou se conta con esa praza estrutural está sen cubrir. Os e as habitantes desta comarca deben acudir a Monforte para poder cubrir coas súas necesidades de apoio social.

Vense afectados os concellos de Folgoso de Caurel con 900 habitantes, Ribas de Sil con outros tantos e o de Quiroga con pouco máis de 3000, en total 5000 persoas que quedan sen atención social para as súas cuestións sanitarias ou ben se teñen que desprazar a Monforte para ser atendidos/as.

Hai que subliñar que dende algunhas zonas de Caurel ou Quiroga a distancia pode chegar a ser de moitos quilómetros, sobre 150, moito tempo e moito gasto de recursos que pode chegar a ser do 10% da súa pensión por viaxe realizado, o que resulta insostible para as persoas e vergoñento para as administracións.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a dotar o Centro de Saúde de Quiroga da figura de Traballo Social cunha praza estable que permita a atención á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poboación dos 3 concellos da comarca. En tanto non se consolida a praza cubrirase de xeito urxente aínda que sexa de xeito temporal.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 20/03/2023 11:48:25

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2023 11:48:42

María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2023 11:49:01





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O Colexio Rural Agrupado (CRA) de Peitieiros en Gondomar, ata o ano 2021 o seu comedor estaba xestionado polo Concello de Gondomar e comían todos no comedor do Colexio Neira Vilas. Desde o ano pasado, a Xunta encárgase da xestión, e sen ningunha xustificación e inexplicamente só permite que catro nenos e nenas utilicen o comedor, quedando outros catro sen servizo.

Como consecuencia, algúns pais víronse obrigados a cambiar de centro para conciliar e outros deixaron de matricular aos seus fillos no centro. Así o que conseguirá a Consellería de Educación é acabar cos colexio rurais agrupados, un modelo educativo polo que tanto os pais e nais como nós estamos firmemente comprometidos, e non permitiremos que se desmantelen.

Para dar solución a este problema houbo unha reunión en novembro do ano pasado que mantivo o delegado territorial de Educación en Pontevedra cos pais e nais onde a solución que traslada é que o concello firme un convenio coa consellería, cando as competencias son da Xunta de Galicia.

O Concello de Gondomar solicitou formalmente o 12 de decembro de 2022, levar a cabo un convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional co obxecto de poder levar adiante o servizo de comedor do CRA de Peitieiros, dado que a mencionada Consellería non





presta o devandito servizo ao alumnado coma así o fai co resto da comunidade educativa deste concello.

Esta solicitude foi reiterada ante a falta de resposta por parte da administración autonómica nas seguintes datas:

- 30.12.2022, dirixida á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional.
- 17.01.2023, dirixida á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional.
- 08.02.2023, dirixida á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional.
- 08.02.2023, dirixida á Xefatura Territorial Da Consellería De Política Social E Xuventude De Vigo.
- 03.03.2023, dirixida á Xefatura Territorial Da Consellería De Política Social E Xuventude De Vigo.

A día de hoxe o Concello de Gondomar segue sen ter ningunha resposta por parte da Consellería de Educación. Por iso, o alcalde desta vila o 15 de marzo procedeu a formular unha queixa ante a Valedora do Pobo de Galicia. Porque esta situación, tan inxusta, causa un prexuízo considerable ás familias que ante a incerteza actual non saben onde van matricular aos seus fillos e fillas para o próximo curso escolar, tendo en conta a necesidade de conciliar, imprescindible nos nosos días e na nosa sociedade.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2023 12:43:53
Nº Rexistro: 51685
Data envío: 20/03/2023 12:43:53.626

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento galego insta a Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional a levar a cabo un convenio de colaboración co Concello de Gondomar co obxecto de poder prestar o servizo de comedor do CRA de Peitieiros.

Santiago de Compostela, 17 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/03/2023 12:40:51

Noelia Otero Lago na data 20/03/2023 12:41:00

Noa Susana Díaz Varela na data 20/03/2023 12:41:09

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186709

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2023 12:43:53
Nº Rexistro: 51685
Data envío: 20/03/2023 12:43:53.626

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/03/2023 12:41:21

CSV: BOPGDSPG-nNE6FQS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186710

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Manuel Lourenzo Sobral** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de que o goberno galego garanta a permanencia da EEI do Gaioso de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A escola de EEI do Gaioso é un centro de educación infantil de referencia en Santiago de Compostela. Trátase dunha escola unitaria na que se imparten ensinanzas de educación infantil de segundo ciclo e na que, polo tanto, están a ser escolarizadas nenas e nenos de 3 a 6 anos sen separación de idades.

Esta escola, alén da súa importancia na contorna por ser un centro histórico no que estudaron centos de familia, é ademais unha escola de referencia no que ten a ver co seu modelo educativo e coa función social que ten para toda a veciñanza.

Na EEI lévase adiante un modelo educativo baseado na aprendizaxe colaborativa con aulas multigrao onde o alumnado convive en todo o proceso de aprendizaxe. Nesta escola, o proceso educativo pon tamén o foco nas necesidades de apoio emocional, tanto para o alumnado como para as familias, nomeadamente na etapa de adaptación.

Trátase en definitiva dunha unitaria na que se traballa cun modelo educativo de vangarda, con metodoloxías activas e na que o contexto educativo e o respecto polo medio ambiente son piares estratéxicos do enfoque pedagóxico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais a pesar de ser este un centro de referencia, o temor á clausura desta escola estivo presente durante todo este curso. O proceso de centrificación e o abandono do ensino rural que caracterizan o modelo educativo do Partido Popular fixo que esta escola estivese en risco de peche por non acadar nun único curso o límite mínimo de matrícula. Un descenso de matrícula que tivo un carácter claramente conxuntural e que viña marcado pola pandemia da Covid-19.

Esta realidade ocasionou unha grande preocupación para toda a comunidade educativa que tivo que levar adiante un traballo de promoción e difusión da escola determinante para evitar o peche. Así e todo, é agora a propia comunidade educativa a que esixe que esa situación non se volva dar e que o futuro da EEI non se vexa condicionado polo descenso conxuntural de alumnado que se poida dar nun curso concreto.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta ao goberno galego a levar adiante cantas medidas sexan necesarias para garantir a permanencia da EEI do Gaioso e para evitar situacións como as que se deron no actual curso.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Deputada do G.P. do BNG
Manuel Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 20/03/2023 17:19:53

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/03/2023 17:19:57





A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Rey Varela, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Os Centros de Atención a Persoas con Discapacidade Física (CAMF) son centros de ámbito estatal destinados á atención integral, en réxime de internado e media pensión daquelas persoas con discapacidade física que, carecendo de posibilidades de recuperación profesional a consecuencia da gravidade da súa discapacidade, encontran serias dificultades para conseguir unha integración laboral e para ser atendidos nas súas necesidades básicas das actividades da vida diaria en réxime familiar ou domiciliario.

O Imsero xestiona CAMF en Alcuéscar (Cáceres), Ferrol (A Coruña), Guadalajara, Leganés (Madrid), Pozoblanco (Córdoba) y Bergondo (A Coruña).

Traballadores e residentes do CAMF de Ferrol saíron á rúa os pasados meses de maio e agosto para mobilizarse polo deterioro das instalacións e a falla de persoal no centro. Agora o comité de empresa estuda novas mobilizacións porque a falla de

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



persoal está de novo baixo mínimos. O detonante destas novas protestas é o fin do último cupo de horas que concedeu o Imsero ao CAMF de Ferrol para facer contratos eventuais. Esgotouse o pasado 31 de xaneiro, e desde entón, o centro conta con dez traballadores menos o que xa se está deixando notar na atención aos usuarios. Nas quendas de noite tería que haber 6 auxiliares de enfermería e agora mesmo só hai 5.

O problema de fondo é o déficit estrutural de persoal que padece o CAMF desde fai anos, xa que 25 dos 168 postos da plantilla están vacantes, e en lugar de cubrilos con interinos se está facendo fronte ao problema con contratos eventuais entre 1 e 6 meses e contratos de menos de 15 días.

Desde o Imsero comprometéronse a aprobar un novo cupo de horas para poder volver a facer contratos eventuais de un a seis meses, pero de momento non é unha realidade e por iso se están valorando novas mobilizacións.

Os traballadores insisten en que os contratos eventuais son só parches e insisten na necesidade de cubrir as vacantes con traballadores interinos á espera de que se resolvan os distintos procesos selectivos para adxudicar esas prazas. No CAMF de Bergondo realízanse 5 ou 6 contratos eventuais cada tres meses, mentres que no CAMF de Ferrol se fixeron máis de mil nun ano.

A infraestrutura do centro ten mais de 30 anos, en todo ese tempo non se acometeu ningunha reforma integral que adapte a instalación ó que tería que ser un centro adaptado as actuais exixencias precisas para un servizo tan especializado e adaptalo ós novos estándares de confort e eficiencia enerxética nos que as administracións públicas deberían ser exemplares.

A grave situación na que se encontra o CAMF de Ferrol levou a que o 27 de febreiro

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal





deste ano a Xunta Local de Residentes e o Comité de Empresa do persoal laboral da Administración Xeral do Estado da provincia da Coruña convocaron unha concentración na entrada de centro para reclamarlle ó IMSERSO que tomase medidas para garantir unha enxeitada atención ás persoas que nel residen.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno de España que resolva a situación do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Física (CAMF) de Ferrol relativa á falla de persoal que se está dando no centro e que repercute directamente na atención aos usuarios, cubrindo de xeito inmediato os postos vacantes existentes, dotar postos de traballo fixos para reducir a contratación temporal e acometer as reformas precisas para renovar as infraestruturas e medios técnicos”.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/03/2023 17:39:58

Raquel Arias Rodríguez na data 20/03/2023 17:40:18

José Manuel Rey Varela na data 20/03/2023 17:40:33

María Corina Porro Martínez na data 20/03/2023 17:40:52

María Encarnación Amigo Díaz na data 20/03/2023 17:41:05

José Alberto Pazos Couñago na data 20/03/2023 17:41:18

Noelia Pérez López na data 20/03/2023 17:41:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2023 17:43:21
Nº Rexistro: 51701
Data envío: 20/03/2023 17:43:21.048

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 20/03/2023 17:41:47

López Sánchez, Rosalía na data 20/03/2023 17:42:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-nNE6FOS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Das tres da tarde en diante e ata as oito do día seguinte pola mañá, os concellos de Curtis, Vilasantar, Sobrado e máis Aranga que contan cunha poboación de 9.000 habitantes e con máis de 500 núcleos de poboación dispersos polos 416 km², teñen un PAC de referencia, o de Curtis cun único facultativo para o servizo de urxencias.

Como se pode deducir, no caso dunha visita domiciliaria, outra urxencia tanto en domicilio coma a que acuda ó pac queda sen posible cobertura. As visitas domiciliarias nunha área rural tan extensa e cunha poboación tan dispersa teñen unha duración que so en tempos de desprazamento se volve complicada e longa.

Pois non lle abundaba ó maltreito servizo sanitario que dun tempo a esta parte esta complexa situación vese agravada pola lamentable situación médica do Centro Penitenciario de Paradela sito na parroquia do mesmo nome e próximo ó citado PAC de Curtis.

Este Centro Penitenciario, cunha poboación de 1.200 reclusos conta “oficialmente” con 9 médicos en plantilla deles 7 vacantes e un de recente xubilación





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que nos deixa un panorama dun so facultativo real para cubri-lo servizo as 24 horas os 365 días do ano.

E así, nestes últimos meses o persoal médico tanto do Pac coma do Centro de Saúde foron requiridos polo 061 para atender emerxencias debido a esa falta de persoal médico no Centro Penitenciario. Estas demandas provocan interrupcións na actividade e retrasos considerables na atención. Debemos facer constar que o Centro de Saúde de Teixeira conta cun médico e medio (un a tempo completo e outro a tempo parcial) máis dúas enfermeiras que no caso de atender unha urxencia, a súa lista de agarda e as consultas quedan sen atender e hai que reprogramalas.

Esta situación vese agravada pola falta de protocolos e as dificultades que se engaden ás visitas polas estritas medidas de seguridade para o acceso á atención da urxencia carceraria. Deste xeito, o persoal médico de Curtis indica que nos casos que atenderon houbo:

“un significativo desaxuste en canto aos procedementos que teñen relación coa seguridade e a protección de risco do persoal sanitario do PAC”

Por todo o anteriormente argumentado, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta a:

1.- Reclamar do Goberno do Estado que poña solución inmediata ás carencias de persoal medico do Centro Penitenciario de Paradela.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Incrementar os recursos do PAC de Curtis polo insuficiente na actualidade para cubrir unha área tan extensa e complexa.

3.- Dar unha resposta urxente por parte da Xerencia da área A Coruña-Cee ás reclamacións presentadas polo persoal médico de Curtis a respecto dos requirimentos do 061 para atención de urxencias no Centro Penitenciario de Paradela.

4.- Establecer, de cara a futuras e xustificadas emerxencias, protocolos que cubran debidamente a seguridade do persoal sanitario que accede ó Centro Penitenciario así como que se axilice o tempo de acceso á emerxencia.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Montserrat Prado Cores

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/03/2023 17:36:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 20/03/2023 17:36:47

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/03/2023 17:36:59

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2023 17:37:07

María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2023 17:37:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz** e deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre os problemas para tramitar as solicitudes de queima por medios electrónicos e telefónicos e as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para solucionarlos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno do Estado aprobou o pasado abril de 2022 a Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. Esta norma, desenvolvida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, (MITECO) xerou unha importante preocupación e un grande enfado no mundo rural ao prohibiren, con carácter xeral, a queima de residuos agrarios e forestais. Equiparábase nese texto, por inconcreto, os restos de ramas, podas ou rozas a outro tipo de residuos que puideran ser perigosos.

Así o artigo 27 da citada norma, no seu punto 3, establecía que “con carácter xeral, non está permitida a queima de residuos vexetais xerados no entorno agrario ou silvícola”. Esta queima só podería permitirse con carácter excepcional e sempre e cando conten coa correspondente autorización individualizada que permita que esa queima, por razóns de carácter fitosanitario que non sexa posíbel abordar por outro tipo de tratamento, e motivando axeitadamente que non existen outros medios para evitaren a propagación de pragas ou, en entornos silvícolas co obxecto de prever os incendios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

forestais cando non poida accederse para a súa retirada e posterior xestión (en aplicación da exclusión prevista no artigo 3.2.e).

E cales son esas excepcións establecidas no artigo 3.2.e.?: “quedarán excluídas desta lei as materias fecais, se non están contempladas no apartado 3.b, palla e outro material natural, agrícola ou silvícola, non perigoso, usado en explotacións agrícolas e gandeiras, na silvicultura ou na produción de enerxía a base de biomasa, mediante procedementos ou métodos que non poñan en perigo a saúde humana ou o medio ambiente”.

Tratouse así, desde un primeiro momento, dunha norma confusa que ten xerado moitos problemas e ante a que a Xunta de Galiza se ten colocado de perfil, o que non resulta unha cuestión menor xa que o réxime sancionador da lei considera infracción “moi grave” a “queima de residuos agrarios e silvícolas sempre que non se conte cunha autorización individualizada de conformidade co previsto no artigo 27.3”. As sancións fixadas para este tipo de infraccións poden traer consigo multas que van desde os 100.001 € até os 3.500.000 euros.

No noso país, acuciado en boa parte do territorio polo abandono e o envellecemento acompañados dunha insuficiente e moi mellorábel política de xestión de residuos orgánicos por parte da Xunta de Galiza, a Consellaría do Medio Rural autoriza cada ano ao redor de 400.000 destas queimas. Unhas queimas que se teñen demostrado fundamentais para xestionar un exceso de combustible vexetal no noso país que é preciso atallar do mellor xeito posíbel para minimizar o risco de incendios forestais e a virulencia destes, máis tamén para garantir unha correcta xestión do territorio.

A aclaración da norma estatal, despois de que o Congreso aprobase en decembro levantaren a prohibición de queimaren restos de poda e vexetais ás explotacións agrícolas e forestais de menos de 50 empregados e que facturen menos de 10 millóns de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

euros, non ten mudado até o de agora as modificacións na tramitación dos permisos introducida pola Consellaría do Medio Rural desde abril, ao tempo que deixa na indefensión máis absoluta a todas aquelas persoas do noso país que, non estando dados de alta en ningunha actividade agrícola, realizan queimas de forma regular para xestionar os restos de roza nas súas propiedades.

Deste xeito na actualidade na maior parte dos Distritos Forestais da Consellaría no conxunto do territorio non se tramitan eses permisos de queima e as únicas vías que lles quedan a profesionais e particulares son a vía telefónica e a vía electrónica.

As dificultades que presenta a vía electrónica para boa parte da cidadanía son evidentes nun país no que unha parte importante do territorio ten problemas de conectividade mais, sobre todo, porque a idade avanzada de moitas persoas demandantes de queima imposibilítalles, en non poucas ocasións, poder xestionar estes permisos directamente deste xeito. Esta realidade fai que moitas persoas teñan que acudir a xestorías de pagamento para poder facer este simple trámite que antes facilitaban os Distritos. Iso sen contaren con que teñen que autorresponsabilizarse de que a queima solicitada correspóndese “a palla e/ou material natural, agrícola, non perigoso, **utilizado en explotacións agrícolas e/ou gandeiras**”.

A outra alternativa que lles resta é a vía telefónica a través do 012. Chamada de pago que está a ter unhas duracións medias de entre 4 e 5 minutos como mínimo e que, lonxe de ser gratuíta, supón un elevado coste para a cidadanía.

Deste xeito, e nun contexto como o do noso país no que toda a propaganda do Goberno galego xira en torno á obrigatoriedade de xestión da biomasa (incluso endurecendo as sancións no caso de non levar adiante esa xestión) resulta cando menos sorprendente e decepcionante que se dificulte deste xeito o acceso aos permisos correspondentes por parte da cidadanía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Modificar o marco xurídico propio para que, no marco das súas competencias, se garanta a seguridade xurídica das persoas particulares que solicitan permisos de queima para palla, restos agrícolas e/ou restos forestais.
2. Restabelecer o servizo de tramitación de permisos de queima desde os Distritos Forestais
3. Estabelecer un número de teléfono gratuíto que substitúa ao 012 no que a cidadanía poida tramitar ester permisos sen coste para a persoa usuaria.”

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2023

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 21/03/2023 10:52:38

Xosé Luis Rivas Cruz na data 21/03/2023 10:52:42

María del Carmen Aira Díaz na data 21/03/2023 10:52:52

María González Albert na data 21/03/2023 10:53:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a xustificación de destinar equipamentos tecnolóxicos pagados con fondos públicos ao Centro Oncolóxico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Sergas ten establecido un Concerto Singular co Centro Oncolóxico de Galiza, situado na Coruña, polo que lle deriva doentes da sanidade pública para tratamentos oncolóxicos fundamentalmente das áreas sanitarias de A Coruña, Ferrol e Lugo.

O Consello de Contas publicou recentemente o “Informe de Fiscalización da Contratación Dunha Solución Global que Cubra as Necesidades de Realización de Probas e Procedementos de Diagnóstico por Imaxe, Intervencionismo, Medicina Nuclear e Radioterapia no Sergas”

No mesmo fai unha avaliación do procedemento de contratación iniciado polo Sergas en 2013 que denominou “Contrato de colaboración entre o sector público e o sector privado para dispoñer dunha solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia”. Trátase dun contrato que ten por obxecto a renovación tecnolóxica dos dispositivos de “alta tecnoloxía” empregados no diagnóstico e tratamento de enfermidades.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contrato o Sergas incluíu dentro das súas necesidades tecnolóxicas as dotacións doutras entidades que lle prestan servizos, incluíndo no caso do Centro Oncolóxico o seguinte equipamento: un acelerador lineal (prezo estimado na licitación de 1.900.000 euros), e un PET (con valor estimado de 1.430.000 euros).

O Consello de Contas considera que *non está debidamente xustificada a súa participación no contrato xa que se trata dunha entidade privada que presta servizos de natureza sanitaria en condicións de mercado.*

Fai as seguintes consideracións:

1. Trátase dunha entidade de natureza privada, na que o Sergas forma parte do seu padroado.

2. É un operador libre de mercado, no sentido de que presta servizos de natureza sanitaria no mercado en condicións de competencia co resto de operadores sanitarios.

3. Non forma parte do sector público, xa que non reúne os requisitos establecidos pola Lei 16/2010 para ser considerada unha entidade do sector público autonómico.

O Centro Oncolóxico atende simultaneamente doentes procedentes da derivación que lle realiza o Sergas e de doentes privados. A súa memoria de actividade de 2021 recolle o importante peso da actividade privada: o 63% das consultas proveñen de persoas con seguros privados, ao igual que o 38% das persoas doentes en seguimento.

Consideramos preciso que por parte do Sergas se explique a xustificación de destinar ao Centro Oncolóxico equipamento tecnolóxico pagado con fondos públicos e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se clarifique se os cartos públicos do concerto asinado con esta entidade e este equipamento tecnolóxico tamén se están usando para atender doentes non procedentes da sanidade pública.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.- Presentar un informe, no prazo dun mes, coas xustificacións de destinar ao Centro Oncolóxico equipamento tecnolóxico pagado con fondos públicos por valor de 3.330.000 euros: un acelerador lineal (prezo estimado na licitación de 1.900.000 euros), e un PET (con valor estimado de 1.430.000 euros).

2.- Realizar unha auditoría para determinar que os cartos públicos do concerto asinado co Centro Oncolóxico e o equipamento tecnolóxico pagado con fondos públicos se están usando para atender aos doentes procedentes da sanidade pública e non da privada.”

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/03/2023 11:24:16

Iria Carreira Pazos na data 21/03/2023 11:24:21

María Montserrat Prado Cores na data 21/03/2023 11:24:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as medidas para rematar cos incumprimentos nos contratos do servizo de transporte público por estrada de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e no seu desenvolvemento práctico.

Este novo plan de transporte está a deixar unha Galiza peor comunicada e un servizo máis precarizado, con eliminación de horarios, o incumprimento continuado dos mesmos ou a eliminación de itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da sociedade galega.

Alén destas cuestións, o plan de transporte da Xunta de Galiza fomenta o monopolio do Grupo Empresarial Monbus, concentrando o 80% dos lotes licitados e nos que se rexistran as maiores cotas de incumprimentos e irregularidades.

A realidade é que este Plan de Transporte é o contrario do fomento do transporte público, a realidade é que este é un plan que dende o seu deseño, os seus procesos de adxudicación e valoración de ofertas e a súa aplicación práctica, busca o beneficio dun grupo empresarial concreto en detrimento de usuarios, traballadores e pequenas e medianas empresas do sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As deficiencias son moitas, xa que estamos a falar dos incumprimentos reiterados e a total impunidade coa que se traballa por parte de quen ten un monopolio de facto sobre o sector.

Autobuses que chegan tarde, outros que non chegan, vehículos en mal estado, duplicidade de matrículas en diferentes concesións, vehículos que superan a idade indicada polos pregos, modificación unilateral de horarios, falta de información, de prazas, caos e unha duplicidade nas matrículas en lotes non compatíbeis entre si, cuestión que pon de manifesto a actual falta de flota e a connivencia e o trato de favor da Xunta de Galiza co grupo empresarial hexemónico no país.

Isto acontece debido á falta de control, inspección e connivencia por parte da Xunta de Galiza, que permite que esta precarización do servizo e os incumprimentos que a motivan. Coa chegada do inicio do curso e da implantación de bonificacións tanto do estado, como da Xunta de Galiza como da principal empresa concesionaria deste servizo, Monbus, vemos como estas deficiencias, incumprimentos e irregularidades acadaron unhas maiores cotas de visibilidade en todo o país.

Hoxe, as persoas usuarias do servizo público de transporte, ven afectadas as súas vidas ao non poder contar cun servizo de transporte minimamente regular, que lle permita chegar a atender as súas responsabilidades nun período de tempo coñecido, contando cunha pequena marxe de tempo, o cal faría que puidese seguir apostando polo transporte público por estrada para os seus desprazamentos.

As persoas que simplemente non contan cun vehículo privado dependen directamente dos intereses e a acción dunha empresa para chegar en tempo, ou non, ao seu posto de traballo ou ao seu centro de estudos, xa que nin se cumpre nin se controla as condicións establecidas nos contratos de transporte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É responsabilidade da Xunta de Galiza o fomento do transporte colectivo, tanto polo carácter democratizador do transporte público, así como tamén pola defensa dunha Galiza máis sostible ambientalmente.

Hoxe, coa precarización do servizo e o incumprimento dos contratos, moita xente continúa a desprazarse no seu propio vehículo por non ter unha alternativa viable para facelo no sistema público de transporte.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a rematar cos incumprimentos e irregularidades nos contratos do servizo público de transportes de Galiza, por parte das empresas concesionarias.”

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/03/2023 12:58:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 21/03/2023 12:58:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta elabore un Plan integral para o ensino rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Anpas Galegas, a confederación de ANPAS que agrupa 9 federacións que representan 400 asociacións de nais e pais que comprenden ao redor de 80.000 familias, traballan na defensa dun ensino público, galego, laico, inclusivo e feminista.

Froito do seu traballo comprometido con estes obxectivos acaban de facer público, e de nos presentar aos grupos parlamentarios desta cámara, un exhaustivo e contrastado estudo intitulado Por un plan específico para o ensino rural galego que dá boa conta de cal é a perspectiva actual educativa no rural galego e, sobre todo, demostra que nesta realidade o alumnado non vive nunha situación de igualdade e equidade.

A implicación e compromiso de Anpas Galegas achéganos agora o resultado global dun proceso de varios anos: unha análise detallada que ofrece esta diagnose integral e pioneira da realidade educativa no rural galego nace do cruzamento informativo de varias fontes.

En primeiro lugar a través dos encontros coas familias a través do contacto directo das ANPAS; en segundo lugar mediante a consulta de enquisas en liña (un total





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de 640 recibidas de 93 concellos diferentes) e, en terceiro lugar, a partir do contraste con especialistas diversas nos debates que tiveron lugar en catro foros temáticos.

Entre as conclusións do estudo destacan as seguintes:

1. Non existe unha planificación do rural galego.
2. A escola rural é o soporte vital inescusábel da vida social, e do futuro do País no rural.
3. Non existe unha oferta educativa equitativa e en igualdade para o conxunto do noso país.
4. A escola rural non é a escola urbana.
5. Coidar da escola rural asegura manter unha forma de vida e de identidade galega que é responsabilidade de todas e cada unha de nós.

Mais, sen dúbida, todas as conclusións poden sintetizarse nunha principal que actúa como eixo central das demais e que debера ser o punto de reinicio para, por unha banda, afrontar a superación dun tempo limitador e discriminador para unha parte da poboación galega que vive no rural e, pola outra, a apertura dun tempo novo no ensino rural galego: cómpre activar un plan específico para o ensino no rural.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta a elaborar un Plan integral para o ensino rural que permita garantir o acceso á educación pública galega en condicións de equidade e igualdade para o conxunto da infancia e mocidade galega.”

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/03/2023 16:57:31

Daniel Castro García na data 21/03/2023 16:57:37

Mercedes Queixas Zas na data 21/03/2023 16:57:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Luis Bará Torres**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o presunto cambio de opinión do goberno galego respecto da participación pública do sector eólico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transición enerxética leva parello outro debate, o da participación pública dos sectores estratéxicos da economía. Diante dos retos de futuro, lamentablemente, a Xunta de Galiza do Partido Popular veu renunciando a dar este debate tanto nas súas leis de implantación empresarial, popularmente coñecidas como leis de depredación, como nas súas directrices enerxéticas 2018-2020 , no Plan Estratéxico ou na Axenda Enerxética 2030, que se limita a ser unha colectánea de resultados enerxéticos e obxectivos europeos.

Máis aínda, o pasado 21 de febreiro de 2022, cando comparecía o Vicepresidente Conde en sede parlamentaria para informar da presunta estratexia eólica galega e non fixo mención á participación pública. De feito, reiterou dous dos seus leitmotivs: a autocompracencia cun canon eólico desfasado e fracasado, que non se adapta ás novas características técnicas do sector, que cada vez recada menos e que non reverte no territorio; e a crítica ao modelo eólico do BNG, tanto nas novas propostas como no espírito das modificacións impulsadas no período 2005-2009 arredor da





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

blindaxe da Rede Natura e do impulso á participación cidadá e á participación pública directa en beneficios do sector.

Recentemente, o Grupo Parlamentario do Partido Popular votaba tamén en contra de que Galiza impulsase modificacións legislativas para, dunha banda, desenvolver un modelo enerxético de seu e, doutra, posicionarse nos debates estatais remitindo propostas de modificación do sector como están a traballar outras comunidades autónomas que non renunciaron ao exercicio do seu autogoberno.

Así as cousas, o pasado 21 de marzo de 2023 o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciaba unha lei “para que os beneficios do aproveitamento dos recursos naturais galegos se reinvestan en Galiza” coa “futura creación dunha sociedade coa que Galiza asumirá un papel protagonista na transición enerxética.”

A nota oficial da Xunta fala dunha “decisión pioneira para garantir que a sociedade galega no seu conxunto asuma un papel protagonista na transición enerxética, coa previsión de aprobar no Consello da Xunta o inicio da tramitación dunha lei que sentará o marco normativo para a creación dunha sociedade coa que asumirá esa participación directa, xunto con outros socios, e que permitirá velar para que o rendemento económico dos recursos naturais de Galiza se reinvesta en Galiza.

Sería unha boa noticia para o futuro de Galiza que o goberno galego apostase pola participación pública e directa no marco dun cambio de modelo que fixe como reto recuperar o control do sector, transformar as fontes de xeración, democratizar o acceso e restar poder ao oligopolio eléctrico. Porén, o seu historial en materia enerxética, sumado á falta de transparencia e dilixencia da última “sociedade” que artellou, a Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galiza, a través da cal entidades privadas coma un banco teñen máis información e capacidade decisoria do que tivo o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Parlamento Galego no ámbito dos fondos europeos, levan á necesidade de fiscalizar este presunto cambio de orientación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a impulsar a rectificación da súa política económica e enerxética apostando decididamente por un novo marco lexislativo e organizativo no que sexa a administración quen lidere os foros de organización e decisión. Para levalo a cabo, terá en conta as seguintes cuestións:

a) a participación plural dos sectores da sociedade galega, incluíndo os axentes sociais, singularmente os relacionados co medio ambiente e a enerxía, os sectores económicos e os centros e institutos de investigación en materia ambiental e enerxética do noso país, singularmente do tecido universitario galego.

b) a creación dunha empresa pública de enerxía que aglutine a participación pública do sector en todas as enerxías.

c) estudar, entre outras medidas, a incorporación dos activos hidráulicos rescatables para o público

d) o impulso, en coherencia, dun Mapa de ordenación das enerxías renovábeis, singularmente eólica e fotovoltaica, consensuando e planificando os obxectivos a acadar e a súa expansión no territorio.”

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2023 11:47:08

Ramón Fernández Alfonso na data 22/03/2023 11:47:12

Noa Presas Bergantiños na data 22/03/2023 11:47:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Luis Bará Torres**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a valoración do goberno galego sobre o canon eólico, os seus resultados e previsións a medio prazo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza ten no seu papel de produtora enerxética unha enorme potencia de obtención de recursos económicos. Porén, a histórica renuncia do Partido Popular á participación pública e directa dos beneficios do sector, xunto coa súa conivencia co lobby eléctrico, fixo que perdamos oportunidades como país.

A Xunta de Galiza impulsou no ano 2009 a *Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental* e que viña a substituír o anterior marco legal, que si apostaba pola participación pública.

Ao longo dos últimos anos, este canon, que no ano 2021 recadou 22.142,07€ millóns de euros, reduciu a súa recadación e esta folla de ruta é a previsible, toda vez que o goberno galego non adapta a súa formulación ás novas características técnicas do sector.

O canon eólico arbitrado pola Xunta de Galiza grava o número de aeroxeradores establecendo un tramo exento e tres tramos con pagamentos unitarios crecentes segundo





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se incrementa o número de aeroxeradores. Dito imposto fornece, excluídos os gastos de xestión, o denominado Fondo de Compensación Ambiental, que se reparte por dúas vías. Unha, para os municipios directamente afectados polas instalacións dos aeroxeneradores e as súas poligonais e infraestruturas. Outra, para a totalidade dos concellos galegos, por vía competitiva. A lei direcciona as actuacións financiábeis para aquelas *“comprendidas en aplicacións orzamentarias que teñan entre as súas finalidades a protección do medio e do contorno natural, a súa conservación, reposición e restauración, así como o fomento da investigación dirixida á mellora na eficiencia do aproveitamento dos recursos das enerxías renovables”*. Anualmente a Xunta emite unha orde mediante a cal regula os criterios de repartición e establece as bases reguladoras e a convocatoria das subvencións do Fondo de Compensación Ambiental en réxime de concorrencia non competitiva e concorrencia competitiva, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida. A contía aproximada adoita rondar os 11 millóns de euros, a metade aproximadamente do recadado polo canon eólico.

Hai que recordar que dita lei do sector eólico xa foi modificada unilateralmente e sen diálogo sectorial ou social múltiples veces, a maioría a través do subterfuxio da lei de acompañamento dos orzamentos. Hai que recordar tamén que, para alén de que o seu carácter ambiental é relativo, hai que dicir que a lei do sector eléctrico estatal en vigor dende 1997 abría xa a porta a encarecer a tarifa nunha autonomía ou concello no caso de contar con tributos sobre o sector. Esta posibilidade converteuse en imposición coa reforma impulsada en 2013. Resultado diso e das políticas austericidas dos orzamentos estatais de Montoro co Partido Popular, Galiza chegou a pagar a tarifa eléctrica máis cara do estado ao repercutírense nela os suplementos territoriais do ano 2013 após diferentes sentenzas xudiciais en favor do lobby eléctrico.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Canto máis tempo pasa, é máis evidente a eiva de concepción e funcionamento do canon eólico, tanto pola súa formulación inicial como polo uso que o goberno da Xunta fai del á hora de repartir o recadado.

En síntese, é evidente que esta non é a forma máis adecuada de retornar á sociedade unha compensación polo impacto xerado, pois é decrecente nun non contexto no que paradoxalmente está a aumentar. Polo tanto é necesario que o goberno galego faga unha profunda avaliación da situación e dialogue cos axentes afectados para introducir mudanzas, se é que non accede a transformar globalmente o marco enerxético e facelo desaparecer por outras fórmulas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar as seguintes medidas:

1. Impulsar fórmulas de participación pública en beneficios do sector eólico que substitúan a actual formulación do canon eólico por outros mecanismos como unha empresa pública de enerxía que avance no control do sector e na súa democratización.

2. Solicitar do tecido universitario galego experto en economía e enerxía unha avaliación sobre os resultados do canon eólico e do Fondo de compensación ambiental desde a súa creación, no que se indique de forma pormenorizada o grao de retorno aos concellos e a tipoloxía dos proxectos financiados, distinguindo claramente os seus obxectivos e retorno no territorio.

3. Como medida transitoria, en canto non se acometa unha profunda reformulación da lei do sector eólico, asumir a proposta do Observatorio Eólico Galego





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de incrementar a xustiza distributiva nas áreas con implantación de parques eólicos mediante a distribución da totalidade do recadado polo canon eólico entre os axentes con afección de aeroxeradores e liñas de evacuación mudar o deseño do imposto para que teña como feito impositivo a potencia instalada do parque eólico e non o número de aeroxeradores.

4. Negociar estas cuestións e a reforma do Fondo de Compensación Ambiental cos concellos galegos a través da FEGAMP.”

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2023 12:36:07

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/03/2023 12:36:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 22/03/2023 12:36:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as medidas que debería asumir o goberno ao respecto do programa REXURBE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O programa REXURBE foi posto en marcha en 2017 co fin de adquirir e rehabilitar inmobles e solares emprazados nos centros históricos. Segundo o programa electoral do PP do ano 2016, o obxectivo deste programa era rehabilitar até 1.500 vivendas e 350 locais comerciais. Unha aposta que se redobrou no programa electoral do PP en 2020, asegurando que rehabilitarían 3.000 vivendas.

Porén estes anuncios non pasaron de ser falsa propaganda electoral. Segundo os últimos datos publicados, dende o ano 2017 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda apenas logrou adquirir 59 inmobles, dos cais tan só 9 foron rehabilitados.

A falla de desenvolvemento do programa explícase pola negativa do goberno a dotala de recursos suficientes. O orzamento previsto inicialmente no ano 2020 foi de 8M€, mais a súa execución final foi de 3M€. No ano 2021 volveu a repetirse esta situación, tras anunciarse un investimento inicial de 10 M€, a execución final foi de 3, 2M€. Evidénciase, pois, que a parálise que sofre este programa é consecuencia dunha falla de vontade do goberno, que nin inviste fondos suficientes para acadar os obxectivos marcados, nin executa os que compromete.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a:

- Aumentar sustancialmente o investimento para a rehabilitación de vivendas nos centros históricos.
- Redeseñar o programa Rexurbe para que a localización das actuacións respondan a pautas territoriais obxectivas e transparentes, que teñan en conta tanto criterios de demanda de vivenda como de cohesión territorial.
- Deseñar un plan de actuación con obxectivos e cronograma concretos.
- Creación dunha rede de oficinas de rehabilitación encargadas, entre outras funcións, de dinamizar este programa.”

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2023 13:03:56

Paulo Ríos Santomé na data 22/03/2023 13:03:59

Alexandra Fernández Gómez na data 22/03/2023 13:04:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Rosana Pérez Fernández** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación económica mundial, as incertezas no sector bancario e a valoración da Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas foron protagonistas de preocupantes informacións a realidade bancaria dos Estados Unidos a raíz da quebra do Silicon Valley Bank e do Signature Bank así como informacións respecto da realidade bancaria máis próxima, singularmente a respecto da situación da Credit Suisse coa consecuente absorción por UBS.

Estas novas traen o recordo da forte crise financeira desatada a partir do ano 2008, recordan o fracaso dos mecanismos reguladores e engaden incerteza a unha situación económica xeral xa marcada pola inflación, o incremento dos tipos de xuro e as consecuencias económicas e sociais das tensións xeopolíticas derivadas da crise enerxética, de materiais e bélica. Aínda que o Banco Central Europeo enviou mensaxes de confianza ao redor da estabilidade financeira da Unión Europea e de que fornecería de liquidez, a desconfianza fíxose notar nos mercados.

O Banco de España, pola súa banda, insistía, a través do seu gobernador, en diferentes comunicacións e entrevistas, en que os exercicios de stress test que se





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

realizaran ao abeiro do Mecanismo Único de Supervisión e do propio Banco de España confirmaban un presunto elevado grado de resiliencia do sector, incluso en escenarios adversos hipotéticos de carácter severo.

Así mesmo, este escenario aviva os debates sobre o avance nunha maior oligopolización, coa creación de máis instrumentos macrobancarios e ferramentas en pausa como a posta en marcha dun Fondo de Garantía de Depósitos europeo. Todo isto sen que a resolución da anterior crise e o avance na redución da oferta fosen adecuadamente analizados, singularmente respecto do impacto nos investimentos territoriais e no ámbito da clientela e dos seus dereitos.

Os tipos de interese ou as medidas de débeda son outros dous ámbitos nos que está a haber novidades importantes e unha grande inestabilidade, polo tanto, é necesario que a Xunta de Galiza se manteña alerta a respecto das consecuencias que todas estas transformacións poden ter sobre o noso país.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a empregar os instrumentos autonómicos en materia de estudo e investigación económico-financeira, como son o Consello Económico e Social ou o Instituto Galego do Consumo e da Competencia para elaborar unha diagnose sobre a situación bancaria internacional, as súas perspectivas e os principais riscos e escenarios para a economía galega, prestando especial interese ao impacto nos sectores produtivos, nas PEMES, no traballo autónomo e na clientela. Os resultados deste traballo serán remitidos á Cámara galega para a consecuente elaboración de propostas de resolución ao respecto.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 22/03/2023 10:05:22

Rosana Pérez Fernández na data 22/03/2023 10:05:28

Daniel Pérez López na data 22/03/2023 10:05:37

Ramón Fernández Alfonso na data 22/03/2023 10:05:47

Noa Presas Bergantiños na data 22/03/2023 10:05:58





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A estrada AC-543 sufriu o 21 de marzo no seu punto quilométrico 18 ao seu paso por Urdilde, no Concello de Rois, un desprendemento que provocou unha focha de 4 metros de diámetro e 2 de profundidade.

A Xunta asinaba a comezos deste ano un convenio co concello de Brión para realizar obras de mellora nesta estrada, sumándose así aos asinados a finais de 2022 cos concellos de Lousame e Noia co mesmo obxectivo. Non obstante, non sucedeu así co concello afectado, cando non é a primeira vez que esta estrada sofre desprendementos semellantes.

As autoridades competentes informaron que esta vía de comunicación de titularidade autonómica, que conecta Santiago de Compostela e Noia, permanecerá pechada mentres duren as labores para restablecer as condicións de seguridade.

Mais dados os problemas recorrentes nesta vía ao seu paso polo municipio de Rois parece máis axeitado realizar un estudo rigoroso de todo o seu trazado para así evitar novos desprendementos que poñan en serio risco a seguridade das persoas usuarias.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2023 13:55:35
Nº Rexistro: 51808
Data envío: 22/03/2023 13:55:35.319

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar un estudo técnico da estrada AC-543 en todo o seu trazado polo concello de Rois e realizar de maneira inmediata as tarefas de mantemento e reparación que correspondan.

Santiago de Compostela, 22 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 22/03/2023 13:51:07

Patricia Otero Rodríguez na data 22/03/2023 13:51:18

Eduardo Ojea Arias na data 22/03/2023 13:51:30

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/03/2023 13:51:38

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186754

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O Consello de Contas evidencia, no seu último informe, un problema sinalado de xestión da sanidade de Galicia polo derivar a un centro privado unha tecnoloxía sanitaria doada para o tratamento de cancro no sistema público.

O caso, que ven de anos atrás, ten que ver cunha doazón feita pola Fundación Amancio Ortega ao sistema público de saúde. Esta doazón, que é unha boa nova para o sistema de saúde por aumentar a súa capacidade para tratamentos oncolóxicos, incluíu diversos aparataxes que foron destinados a centros sanitarios de Galicia. Entre eles, sendo esta unha doazón ao SERGAS (que xestiona o sistema público), está unha clínica privada de A Coruña, o centro oncológico de Galicia. Este centro traballa, en parte, concesionado co sistema público e en parte cos seus clientes privados.

A tecnoloxía, cedida polo Sergas unha vez que foi recibida, utilízase por esta clínica para dar servizo tanto aos usuarios que veñen derivados do sistema público como aos seus propios pacientes vía privada. Ademais, e a pesares de que o centro asume un custe que paga ao Sergas pola citada aparataxe, logo cobra ao propio sistema público por tratar aos pacientes que son derivados. Por tanto, a realidade é que o goberno de Galicia destinou unha tecnoloxía de moito valor a unha clínica privada que obtén beneficio propio dela e que, despois, cobra ao propio goberno pola derivación de pacientes para os que usa esa mesma maquinaria.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 51815
Data envío: 22/03/2023 15:13:31.194

Esta situación surrealista é provocada pola decisión do goberno de Galicia de incluír a este centro como destinatario de parte destas doazóns, cuestión que o propio Consello de Contas sinala como irregular.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a determinar normativamente os criterios de destino das doazóns de material ao sistema público de saúde de Galicia para que todas elas teñan repercusión directa no propio sistema público, ubicándose en centros de titularidade e xestión integramente pública e que non poidan utilizarse para beneficio privado externo ao propio sistema público.

Santiago de Compostela, 22 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 22/03/2023 14:46:06

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/03/2023 14:46:14

Marina Ortega Otero na data 22/03/2023 14:46:25

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186756

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 51815
Data envío: 22/03/2023 15:13:31.194

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/03/2023 14:46:34

CSV: BOPGDSPG-nNE6FQS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186757

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Noa Díaz Varela** e **Noelia Otero Lago**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno**.

Exposición de motivos

A industria do libro galego constitúe o primeiro sector cultural do país, declarado estratéxico pola Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia, e que leva unha década sufrindo multitude de problemas con descenso notables de produción e tamén dos índices de lectura en Galicia.

A crise da pandemia incidiu agravando notablemente a súa situación, tal como puxeron de manifesto no seu día a Asociación Galega de Editoras (AGE), a Federación de Librerías de Galicia (AELG) e a Asociación de Escritores e Escritoras en Linga Galega (AELG). E se ben é certo que globalmente o sector se vai recuperando, non o fai ao ritmo agardado e moito menos cando falamos do libro en galego.

O sector do libro sufriu ademais nesta última década unha forte redución das axudas e subvencións públicas nas últimas lexislaturas, a absoluta carencia de campañas de estímulo á lectura, o descenso de axudas a bibliotecas públicas e a falla de apoio ás librarías, entre outros asuntos.

O último barómetro 'Hábitos de lectura e compra de libros 2022' elaborado pola Federación de Gremios de Editores de España segue mostrando que Galicia está por baixo da media estatal na porcentaxe de lectores de libros en tempo libre (64,8 % media estatal, 61,7 % en Galicia), e mesmo cun índice menor que no ano 2021, de xeito que nos sitúa á cola de todo o Estado.





O mesmo barómetro advirte tamén que só un 3,4% escolle a lingua galega como preferencia para a lectura e só o 4% ten o galego como lingua habitual de lectura, sen que o Goberno galego adopte ningunha medida para corrir esta situación.

No documento de traballo do Consello da Cultura Galega (CCG) 'O sector do libro galego perante a crise da COVID-19' apúntase unha situación semellante: o descenso no consumo privado de libros. As familias gastan moito menos en libros non de texto que antes de 2008 e cada vez menos. Apunta tamén o informe un descenso moi importante no gasto das adquisicións en bibliotecas e na dotación dos principais programas de fomento do libro e da lectura, que sufriron grandes recortes nos últimos anos, nalgúns casos con descensos de máis do 50%.

Por outra banda, a lei 17/2006 establece na súa disposición adicional primeira que a Xunta de Galicia deberá presentar un Plan de fomento da lectura no que, ademais de contemplarse obxectivos e medidas, se determine unha periodización e o orzamento necesario para o seu desenvolvemento. Mais dezaseis anos despois Galicia segue sen contar con ese plan de dinamización da lectura a pesar dos múltiples anuncios do Goberno galego neste sentido.

A mesma lei determina no seu artigo 4 a elaboración, previa audiencia dos axentes do libro ou en colaboración con eles, plans e programas de actuación ademais de investigacións e estudos sobre os diversos aspectos que rodean o libro e a lectura para poder aplicar políticas eficaces. Mais dende a súa aprobación non se realizou ningún por parte do Goberno, fóra dos informes que realizan as entidades do sector e que semellan non ser tidos en conta pola Xunta de Galicia.



Todo o exposto evidencia o desleixo, a despreocupación e a falla de apoio do actual Goberno galego para co sector do libro, e por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar unha diagnose pormenorizada da situación do libro en Galicia e elaborar no primeiro semestre, conxuntamente cos representantes do sector, un Plan de fomento da lectura tal e como obriga a Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia. Dos resultados deste plan darase conta anualmente no Parlamento de Galicia.
2. Incrementar as axudas destinadas ao sector editorial galego e en especial as destinadas ao apoio á publicación en lingua galega.
3. Incrementar en 2023 a partida orzamentaria dedicada á adquisición de fondos en galego de xeito que supere o importe destinado no exercicio 2022 e co compromiso de non diminuíla en orzamentos posteriores.
4. Diseñar un plan de promoción do libro galego dentro e fóra de Galicia debidamente calendarizado e e orzamentado, con especial incidencia na internacionalización, tal e como reclaman as entidades do sector.

Santiago de Compostela, 22 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 22/03/2023 15:08:13





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 51821
Data envío: 22/03/2023 15:15:52.069

Noelia Otero Lago na data 22/03/2023 15:08:25

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/03/2023 15:08:33

CSV: BOPGDSPG-nNE6FQS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186761

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a transferencia a Galiza da AP9.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transferencia da AP a Galiza é unha vella reivindicación política e institucional, que deu lugar a numerosos acordos no parlamento galego. En marzo de 2016, o Pleno aprobou por unanimidade unha proposición de lei presentada polo BNG para reclamarlle ao goberno central a transferencia da autoestrada que atravesa o eixo atlántico de Galiza de norte a sur.

Posteriormente, esta mesma iniciativa volveuse aprobar no parlamento galego en dúas ocasións máis, debido ao veto do goberno central e da mesa do Congreso a admitila a trámite.

Logo do cambio de goberno de xuño de 2018, a proposición de lei aprobada polo Parlamento galego foi admitida a trámite pola mesa e polo pleno do Congreso en dúas ocasións, a última no mes de febreiro de 2021.

No trámite parlamentario do Congreso, o BNG amosouse partidario dunha tramitación express da proposición de lei, para evitar manobras dilatorias e novos atrasos na súa aprobación. Mais logo de meses de tramitación parlamentaria e de atrasos derivados da petición de até 17 prórrogas, tanto o grupo popular como o grupo socialista





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presentaron emendas que ameazan con facer descarrear, unha vez máis, a proposición aprobada de xeito unánime polo parlamento galego.

Recentemente iniciouse o proceso do relatorio na Comisión de Transportes do Congreso, trámite previo á votación da norma. Nesta fase decisiva, resulta de máximo interese que se respecten os acordos unánimes que se acadaron no parlamento galego, co obxecto de garantir a aprobación da transferencia no prazo máis rápido posíbel. É fundamental que se superen os atrancos plasmados nas emendas, para evitar unha nova frustración dunha demanda de grande simbolismo e interese. Cómpre ter en conta que estamos no treito final da lexislatura, e que se corre o risco de que esta histórica demanda fracase de novo. Apelamos pois á responsabilidade de todos os grupos políticos presentes no parlamento para que dean un apoio decidido ao texto que foi aprobado pola cámara galega.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento acorda como resolución instar aos grupos políticos con representación no Congreso a que apoiem o texto da proposición de lei de transferencia da AP9 nos termos votados de xeito unánime polo Pleno da Cámara galega, co obxecto de garantir a aprobación do traspaso no prazo máis rápido posíbel.”

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/03/2023 10:21:47

Iria Carreira Pazos na data 23/03/2023 10:21:57

Xosé Luis Bará Torres na data 23/03/2023 10:22:08





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súas deputadas e do seu deputado **Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O persoal traballador da CRTVG está a vivir nos últimos tempos unha situación xa insostible, con ordes de manipulación de informacións e traslados forzosos a outros postos de traballo a quen non comulgue con eses mandatos. Diante deste atropelo, hai unhas semanas decidiron convocar unha serie de paros e folgas baixo o lema 'Non máis abusos', cuxa primeira convocatoria foi o 6 de marzo.

Con estes paros denuncian “un clima laboral insostible marcado pola marxinação laboral, o trato degradante, a denegación de dereitos e as sancións e represión ao persoal crítico coa manipulación e o desmantelamento do servizo público”.

Para continuar co establecemento do calendario de protestas, o Comité Intercentros tiña convocadas dúas asembleas para os días 9 e 11 de marzo, que o Departamento de Recursos Humanos prohibiu argumentando que non tiñan transcorridos dous meses dende a anterior, nunha decisión inaudita que nunca se tiña producido ata o momento e que só vén confirmar a escalada de represalias da dirección da CRTVG contra o seu persoal.

O propio Colexio Oficial de Xornalistas dirixiuse o pasado 21 de febreiro ao director xeral da CRTVG para dar conta das múltiples queixas e solicitudes de





amparo que lles chegaran sobre traslados forzosos e inmediatos de persoal entre os diferentes postos de redacción da corporación e pedir explicacións. Como resposta só obtiveron unha misiva na que se lles indicaba que o Colexio non é ningún órgano ao que a dirección da RTVG teña que dar conta.

Sumado a todo isto, a Dirección Xeral da CRTVG segue a incumprir a lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia en moito do seu articulado, sendo especialmente gravosa a inexistencia, máis de once anos despois da aprobación do marco lexislativo, do Consello de Informativos e do Estatuto Profesional, cuestións que en boa medida solucionarían boa parte dos problemas dos que adoecen os medios públicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia acorda:

1. Reprobar o actual director xeral da CRTVG por vulneración dos dereitos fundamentais do persoal traballador e iniciar o correspondente trámite parlamentario para o seu cese conforme ao establecido nas disposicións legais e regulamentarias de aplicación.
2. Iniciar as negociacións entre os grupos con representación parlamentaria para a renovación da Dirección Xeral, tal e como establece a lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
3. Rexeitar as represalias ao persoal traballador, máis gravosas nos últimos tempos en forma de traslados forzosos, por parte da Dirección Xeral da CRTVG por defender a súa independencia e a pluralidade dos medios públicos.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2023 11:30:39
Nº Rexistro: 51844
Data envío: 23/03/2023 11:30:39.549

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 23/03/2023 11:26:45

Noelia Otero Lago na data 23/03/2023 11:28:58

Paloma Castro Rey na data 23/03/2023 11:29:06

Pablo Arangüena Fernández na data 23/03/2023 11:29:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/03/2023 11:29:26

CSV: BOPGDSPG-nNE6FOS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186767

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O Ministerio de Xustiza, puxo a disposición dos axentes xudiciais unha nova versión do Sistema de Xestión Procesal Atenea, que se atopa en funcionamento dende o pasado luns 13 de marzo 2023 en todas as comunidades autónomas que non teñen as competencias transferidas introducindo melloras funcionais.

Un novo Sistema de Xestión Procesal que constitúe un paso máis na transformación dixital que vive o Servizo Público de Xustiza para ofrecer servizos acordes ás necesidades que ten a cidadanía.

Atenea incorpora nesta nova versión novidades que non estaban incluídas no seu antecesor, o Sistema de Xestión Procesal Minerva, e que estaban a ser demandadas polas persoas usuarias.

Está previsto que, con Atenea, as máis de 230 mil itineracións de trámite realizadas no último ano, se rexistren de maneira automática, axilizando o proceso de tramitación e aforrando un tempo estimado de case 8.000 horas de traballo manual ao ano.





Durante o ano 2021, o Ministerio de Xustiza afrontou a migración tecnolóxica do seu Sistema de Xestión Procesual Minerva, coa creación deste novo sistema de xestión do Expediente Xudicial Electrónico, que permite á Administración de Xustiza prestar á cidadanía un servizo público que se adapte ao novo marco da sociedade dixital.

Funcionalmente, Atenea é similar ao anterior sistema Minerva, polo que se pode reutilizar a infraestrutura xurídica que xa está despregada. Ademais, ambos sistemas poden convivir sen necesidade de que se produza unha migración de datos dende Minerva, xa que poden traballar sobre unha mesma base de datos común.

En Galicia dende o ano 2008 utilízase o sistema de xestión procesual Minerva, e nos últimos anos vense denunciando moitos fallos de funcionamento e unha ralentización que aconsellan avanzar cara un programa máis axeitado.

Coa necesidade de avanzar no noso territorio na implantación do expediente electrónico dende o grupo socialista entendemos que a implantación deste novo sistema Atenea facilitaría o camiño cara esa necesaria transformación dixital.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2023 11:43:19
Nº Rexistro: 51846
Data envío: 23/03/2023 11:43:19.237

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a avanzar na dixitalización da Administración de Xustiza e cumprir os obxectivos marcados no Plan Senda 2025, utilizando o novo sistema de xestión procesual Atenea posto a disposición polo Ministerio de Xustiza.

Santiago de Compostela, 22 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 23/03/2023 11:40:55

Pablo Arangüena Fernández na data 23/03/2023 11:41:10

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/03/2023 11:41:19

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186770

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O 17 de febreiro de 2023 o Diario Oficial de Galicia recollía a delegación de competencias da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, distribuíndo parte das súas funcións entre diversos órganos. O propio DOG expoñía que o funcionamento da consellería supoñía unha concentración de funcións en torno ao seu titular que aconsellaba recorrer á delegación de competencias noutros órganos ante o alto volume de competencias.

Deste xeito incluíuse unha serie de delegacións na Secretaría Xeral Técnica, na Secretaría Xeral de Industria, na Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, na Dirección Xeral de Comercio e Consumo e nas xefaturas territoriais.

Esta decisión vén a mudar a estrutura de gobernanza da Consellería de Economía, Industria e Innovación sen que o seu titular teña explicado cales foron os motivos para reorganizar o seu departamento, se houbo erros de funcionamento ou debilidades na gobernanza que repercutiran na xestión pública.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2023 11:44:39
Nº Rexistro: 51852
Data envío: 23/03/2023 11:44:39.158

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Facer un informe no prazo de 20 días que detalle e explique a insuficiencia e debilidades da estrutura de gobernanza previa da Consellería de Economía, Industria e Innovación que conlevaron o cambio nesa estrutura e as delegacións.
2. Abordar unha reforma da estrutura organizativa do goberno da Xunta que nos ámbitos desta Consellería impulse un fortalecemento e reactivación da política industrial e de I+D+i, así como unha política económica máis capaz de xerar emprego de calidade en Galicia.
3. Reformular o modelo e estrutura do Igape para mellorar a súa capacidade, eficacia e eficiencia á hora de promover a economía e o apoio ás empresas galegas.

Santiago de Compostela, 22 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/03/2023 11:37:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/03/2023 11:37:45

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186772

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2023 11:44:39
Nº Rexistro: 51852
Data envío: 23/03/2023 11:44:39.158

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/03/2023 11:37:57

CSV: BOPGDSPG-nNE6FOS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186773

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a actuación a levar a cabo pola Xunta de Galiza diante dos incumprimentos da empresa adxudicataria do servizo de salvamento marítimo de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa no ano 2020, este Grupo denunciaba, mediante distintas iniciativas rexistradas no Parlamento, determinados incumprimentos da empresa Babcock International, agora Chamada Avincis, adxudicataria dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza, dependentes da Consellaríado Mar, para o desenvolvemento de labores de vixilancia, loita contra a contaminación e salvamento marítimo.

Naquel momento entre outras cousas solicitabamos:

- “As investigacións que determinen as posíbeis responsabilidades nas que a empresa Babcock España podería estar incurrindo respecto das cláusulas do contrato“
- “Determinar as responsabilidades da empresa adxudicataria en canto ás normativas que regulan as actividades que se recollen no contrato“.

A ambas as dúas propostas o Partido Popular votou NON na sesión da Comisión de Pesca do 22 de xaneiro de 2021. No entanto, todo indica que o incumprimento por





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parte da empresa dalgunhas das condicións establecidas no prego de contratación segue a ser manifesto, sen que nos conste que a Consellería estea a velar pola estrita execución do contrato.

Incumprimentos que non serían puntuais ou excepcionais senón sistemáticos e constantes e que estarían a someter, ademais, a unha situación intolerábel aos traballadores da adxudicataria, razóns máis que suficientes para ser motivo de atención e actuación inmediata por parte da Consellería do Mar, xa que se trata dun servizo vital para a xente do mar que de ningún xeito pode poñer en perigo nin ás tripulacións nin á resposta da seguridade no mar a aqueles que a necesiten.

O Pliego de Prescripciones Técnicas Particulares en vigor, sinala:

No punto 2.3 Misiones a realizar

2.3.1. Este servicio consiste en la operación técnica de las aeronaves objeto del contrato para la realización de las misiones propias del Servicio de Guardacostas de Galicia...

c) Colaboración con el 061 para el transporte de heridos, enfermos y cualquier tipo de accidentados, entre los puntos que se designen de la acción y de las atenciones primarias de urgencias y de hospitalización.

A normativa en vigor establece unha serie de requisitos legais en materia de aeronavegabilidade e licenzas para outras actividades aeronáuticas e distingue entre distintos tipos de voos, deixando claro que as “misiões de rescate“ e o “transporte sanitario“ non son o mesmo. Este último, por exemplo, esíxelle aos pilotos un maior adestramento en simulación de emerxencias en voo que non nos consta que leven a cabo os da empresa mencionada.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No punto 2.6 *Tiempo de resposta, inoperatividades y helicóptero de sustitución.*

2.6.5 *Dadas las características de este servicio, es primordial garantizar su continuidad. Así con el objeto de mantener el estado de máxima operatividad del servicio, en caso de que un helicóptero quedara fuera de servicio por cualquiera causa, la empresa adjudicataria pondrá a disposición de la consellería otro helicóptero de características y prestaciones igual o superiores en el menor tiempo posible (plazo máximo de relevo de 48 horas desde la interrupción del servicio) sin cargo alguno para la consellería.*

2.6.6 *Asimismo, para los períodos de revisión obligatoria, mantenimiento o cualquier otra parada técnica programada o previsible, la empresa adjudicataria pondrá a disposición de la consellería un helicóptero para su relevo temporal, de las características que se indican en este pliego, de modo que durante estos períodos no se interrumpa en ningún momento la prestación del servicio, por lo que antes de la retirada del helicóptero operativo, el adjudicatario deberá acercar el nuevo aparato que realizará el servicio mientras se realizan las oportunas revisiones.*

2.6.8 *Las características básicas del helicóptero de sustitución y su equipación, no serán inferiores a las exigidas a los helicópteros del Servicio y que se señalan como especificaciones técnicas en el punto 2.8.2., por lo que la oferta deberá especificar que unidades de sustitución son las ofertadas.*

2.6.9 *La empresa adjudicataria no podrá efectuar sustituciones de las aeronaves sin conocimiento ni aceptación previo de la consellería.*

Tal e como denunciabamos no 2020, estes puntos nin se cumprían daquela nin se están a cumprir na actualidade. Os helicópteros “titulares“ non son substituídos por





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outros das mesmas ou similares características. Moi ao contrario, as características das aeronaves “substitutas“ impiden, precisamente, que se poidan realizar os rescates con garantías e resultados. De feito, foron desbotadas polo ente público estatal SASEMAR as que agora prestan servizo en substitución das titulares no servizo de Gardacostas de Galiza.

Polo tanto, ademais da envergadura do incumprimento e das consecuencias que isto pode ter, a Administración galega está a pagar helicópteros, en todos os casos, dunhas prestacións superiores que non se corresponden coas dos que funcionan grande parte do ano.

Sería, ademais, de gravidade extrema o incumprimento do punto 2.6.9 e que a empresa realizase substitucións sen o coñecemento e a aceptación previa da Consellería, porque o Servizo de Salvamento Marítimo está para salvar vidas no mar, a comezar polas dos propios tripulantes dos helicópteros, non para poñelas en risco e/ou perdelas.

No punto 2.8.2 *Los helicópteros corresponderán como mínimo a las siguientes especificaciones técnicas*, recóllense precisamente as especificacións técnicas dos helicópteros. Moitas delas non se cumpren no caso dos de substitución e algunhas incluso nos titulares. De feito, xa teñen ocorrido percances de seguridade que a Xunta de Galiza deba non só coñecer, senón tomar as medidas para evitalos.

No punto 2.8.4 *Hangarización de los helicópteros*.

Tanto el helicóptero situado en la base de Vigo, como el que está en la base de Viveiro deberán poder acceder al interior de sus respectivos hangares, por lo que se indica a continuación las medidas máximas para poder acceder:

- *Hangar de Celeiro : 4,60 m. de alto, 18 m. de largo y 15 m. de ancho de la*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

puerta.

- Hangar de Vigo: 6,40 m. de alto, 20 m. de largo y 15 m. de ancho de la puerta.

No 3.4.2 Obras a construir por la Administración.

La Administración no tiene prevista la realización de cualquier tipo de obra o instalación fija en las bases de los helicópteros. Con todo, si en el futuro se considerara tal necesidad en una mejora cualitativa del servicio de que se trata, se procedería a la redacción de los oportunos proyectos y a la ejecución de los mismos dentro de los sistemas establecidos en la normativa vigente. La responsabilidad de custodia y mantenimiento de las instalaciones así realizadas recaería sobre el empresario adjudicatario del servicio quien, finalizado el período de contrato vendría en la obligación de la entrega de aquellas a la Administración, en perfecto estado del uso para que fueran creadas.

No 3.4.3 Obras o instalaciones a construir por el adjudicatario del servicio. *Cualquier tipo de instalación que la empresa contratista considere necesario llevar a cabo en las bases, para dar cumplimiento a las exigencias del presente pliego, las realizará a su cuenta (previo permiso explícito de la CM), quedando obligado a la entrega de aquellas susceptibles de uso para los fines del Servicio de Guardacostas, a la Administración, en perfecto estado de conservación. Asimismo estará obligado a retirar aquellas instalaciones que la propia Administración no considerara convenientes a los fines antes citados.*

No caso do hangar de Viveiro son perfectamente visíbeis dende o exterior do mesmo a cantidade de manobras que os traballadores do servizo teñen que realizar para facer entrar ou saír os helicópteros de substitución que, segundo o seu propio fabricante, miden 4,98 metros.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este aspecto, que pode parecer menor, adquire gran importancia cando, por exemplo, todas esas manobras se convirten nun obstáculo no momento no que xorde unha emerxencia e o tempo de resposta á mesma se ve incrementado por este motivo e por non se teren realizado en ningún momento as obras necesarias.

En canto ao punto 4.- *Personal*, a Xunta de Galiza debera realizar un seguimento exhaustivo de todos e cada un dos requisitos que se establecen no prego porque o incumprimento dun ou varios poderían significar serios problemas de seguridade para o desenvolvemento dun servizo para o que se esixen características moi singulares e para os propios traballadores que o desempeñan

O Goberno galego adxudicou no seu día un contrato cunhas condicións moi específicas e claras que se están a incumprir impunemente. As consecuencias desa impunidade e desa irresponsabilidade vennis sorportando un persoal sometido a constante presión e mesmo a despidos. E o verdadeiramente inaceptábel nun servizo destas características e coa función primordial de salvar vidas é que non se respecten escrupulosamente as condicións establecidas e que a adxudicataria, a Xunta de Galiza, non o vixie e non o impida con toda contundencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta o Goberno da Xunta de Galiza a:

. Levar a cabo as investigacións que determinen as posibles responsabilidades nas que a empresa Babcock International/Avincis podería estar incorrendo respecto das cláusulas do contrato do servizo de Salvamento marítimo de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Determinar as responsabilidades da empresa adjudicataria en canto ás normativas que regulan as actividades que se recollen no contrato.

. Aplicar as penalizacións establecidas no contrato polos posíbeis incumprimentos do mesmo.

. De se daren incumprimentos graves, poñer en marcha os mecanismos legais para a verificación da execución e cumprimento estrito do contrato coa empresa.

. Iniciar as actuacións precisas para tomar a xestión pública do Servizo de Gardacostas de Galiza.”

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/03/2023 11:36:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 23/03/2023 11:37:05

Carmela González Iglesias na data 23/03/2023 11:37:14

Rosana Pérez Fernández na data 23/03/2023 11:37:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Daniel Pérez López** e, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a responsabilidade da Xunta de Galiza no bloqueo termal da cidade de Ourense, singularmente das Burgas, e do fracaso da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dese hai anos, a cidade de Ourense continúa a arrastrar a incapacidade do bipartito PP-Democracia Ourensana e da propia Xunta de Galiza para desbloquear as repercusións negativas da lei de aproveitamento termal e superar a falta de planificación e dilixencia das diferentes partes.

Ata o momento de entrar en vigor a lei, Ourense tiña nos aproveitamentos termais un dos seus potenciais vectores de crecemento e desenvolvemento económico. Así mesmo, a cidade de Ourense foi no pasado unha referencia na existencia de espazos de desfrute termal de acceso e xestión pública, democratizando o seu use e desfrute por parte da veciñanza ourensá con independencia do seu nivel de renda. Non en balde, o Parlamento galego aprobou no ano 2008, a impulso do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a declaración de Ourense como capital termal.

Porén, nos últimos anos, lonxe das esperanzas postas naquel consenso e no consenso ourensán arredor daquel primeiro Plan Estratéxico Termal de Ourense





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

impulsado no Concello, a evolución do termalismo en Ourense estivo limitada pola falta de apoio da Xunta de Galiza e a desidia e bloqueo político dos dous últimos gobernos municipais. Entre outros problemas, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego temos sinalado o enfoque reduccionista centrado exclusivamente no turismo e sen unha avaliación rigorosa (como demostra o Plan de Turismo Termal), a falta de aposta pola conexión da realidade termal co Campus da Auga e a investigación, a carencia dunha estratexia de saúde pública, a necesidade de recuperación patrimonial e cultural (BIC das Burgas, Tinteiro...), as distorsións da xestión estatal dos ríos ou a necesidade de cumprir transformacións pendentes (boulevard termal, reforma da zona do matadoiro, etc).

Malia os globos sonda da Xunta e do Concello e o simulacro de acción da creación da “área termal”, a desidia e a falta de colaboración política e institucional entre Xunta e concello é, nestes momentos, a responsábel de que as termas de Ourense, singularmente As Burgas , estean sen abrir ao público furtando un dereito á veciñanza e unha oportunidade de dinamización económica nun momento complicado para unha zona tan castigada. Máis aínda, a Xunta vén de confirmar que até 2024 non estará operativo este enclave tan importante.

Esta situación require de explicacións, asunción de responsabilidades e medidas para a súa axilización e compensación.. É necesario superar a falta de capacidade da Xunta de Galiza e do Concello de Ourense para relanzar a actividade termal en Ourense e adaptar as instalacións ás novas condicións derivadas da situación de pandemia e da aplicación da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta a:

1. Impulsar as actuacións oportunas para permitir da forma máis áxil posible a reapertura das piscinas das Burgas e a flexibilización da súa regularización.
2. Impulsar un informe independente sobre os resultados e deficiencias da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza.
3. Compensar economicamente os concellos damnificados polas eivas da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza.”

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/03/2023 13:26:51

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/03/2023 13:26:55

Daniel Pérez López na data 23/03/2023 13:27:06

Noa Presas Bergantiños na data 23/03/2023 13:27:20





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Noelia Otero Lago** e **Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O noso rural, tal como foi, tal como aínda pode ser, é fonte de riqueza permanente, seguridade de supervivencia nosa, propia, e un medio útil, achegado e real de mantemento da poboación no lugar a onde pertencemos, que, non nos enganemos, é a principal arela do ser humano, vivir onde nacemos e medramos, aínda que estea ben coñecer o resto do mundo mentres tanto. Pero para que isto ocorra temos que prestarlle atención, porque deixalo á deriva, tal e como se ven facendo dende hai demasiadas décadas, trae de seu o que está pasando: o rural morre. Pero non morre porque se esgote, morre porque o matan outros intereses a curto prazo case nunca ben intencionados". Son palabras coas que desde as Anpas galegas reivindicamos algo tan básico e xusto como que as nenas e nenos do rural galego poidan gozar os mesmos dereitos que o resto de nenas e nenos do país; dereito a un ensino público de calidade e dereito ás mesmas oportunidades. Esta desigualdade e a falta de oportunidades redonda nun rural que esmorece. Na defensa desta igualdade de oportunidades, desde a Confederación de Anpas se ten asumido un papel activo e construtivo que cristaliza na publicación dun completo estudo que radiografía e recolle as demandas e necesidades para abordar un plan específico para o ensino rural galego.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2023 17:45:06
Nº Rexistro: 51900
Data envío: 23/03/2023 17:45:06.467

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar este 2023 unha estratexia ou plan para o ensino rural en colaboración co conxunto da comunidade educativa destinado a atallar as desigualdades que padece o alumnado e profesorado do rural, e que contemple todas as accións e os recursos necesarios para fornecer e garantir unha educación de calidade, inclusiva e equitativa.

Santiago de Compostela, 23 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 23/03/2023 17:41:01

Noa Susana Díaz Varela na data 23/03/2023 17:41:11

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/03/2023 17:41:19

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186787

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **Olalla Rodil Fernández** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Castro Garcia**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVO

A montaña lucense, polo menos na súa zona oriental e de norte a sur sofre microcortes de electricidade de modo constante que afectan á súa poboación e ás actividades profesionais e persoais que realizan a diario. Centrarémonos nesta zona, pero sabemos que é algo xeneralizado na provincia, incluso en concellos como Castro de Rei, próximo a Lugo, e probablemente tamén sexa común noutros lugares da Galiza.

Os concellos no rural interior da provincia de Lugo, teñen un rango de poboación mediana ou baixa que sigue reducíndose progresivamente, que se xunta cunha elevada idade media. Precisan fixar a poboación que teñen e atraer novas persoas e familias para o que resulta imprescindible protexer os servizos básicos públicos e privados e a delicada actividade produtiva, moita dela nas capitalidades dos concellos e nas cabeceiras de comarca.

Para o antedito non queda máis remedio que facilitar a vida das persoas novas, adultas e maiores nos seus ámbitos privados e laborais, cuestión que non sucede, porque se impide o normal acceso a internet para teletraballar, dirixirse telematicamente á administración, ou facer unha tarefa escolar. Ás conexións telemáticas xa son precarias en moitas zonas dado que a maioría de lugares non teñen fibra, aínda que noutros aínda téndoa tamén se ven afectados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes microcortes de electricidade conviven con cortes de luz máis evidentes, ata o punto que é común que en cada domicilio haxa un xerador eléctrico a combustible, aínda que temos que recoñecer que isto último pasa menos veces

Os microcortes apenas se percibirían facendo unha actividade ordinaria, pero son extremadamente dañinos para os electrodomésticos, TV e ordenadores, caldeiras ou aparatos médicos de uso habitual. Máxime cando a maioría teñen placas electrónicas especialmente sensibles.

En ningún caso as empresas eléctricas, ou as dedicadas a dar servizos de internet deixan de cobrar un servizo que non dan coa calidade precisa, tampouco o goberno da Xunta se preocupa da mellora do subministro eléctrico, xa que parece que dan por amortizadas estas zonas, aínda que encha a boca coa palabra rural, un rural que é sen dúbida unha mentira.

Estas empresas reciben importantes axudas públicas de modo continuado pero logo non manteñen as liñas de xeito adecuado para que non haxa perdas de electricidade e interrupción das mesmas.

Saben vostedes que somos grandes produtores de enerxías renovábeis, que estes anos estamos exportando un 40% desta enerxía, soportamos tódolos inconvintes de produci-la, e parece que no futuro aínda será peor, mentres na nosa casa non gozamos de ningún beneficio xa nin económico dicimos neste caso nin tan sequera do privilexio de ter luz sen cortes as 24hs do día.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta como autoridade competente a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Exercer estas competencias para que as empresas responsables resolvan tecnicamente os problemas que provocan estes cortes.

-De non resolvérense, tomarán medidas inmediatas de cara ás empresas.

-E de non dar resultado, procederán a legislar para obrigar a esta ao mantemento das liñas eléctricas.

-De ser necesario, procederá a propia Xunta á limpeza do entorno natural en torno a estas liñas.

-Favorecer a implantación da fibra no maior número de lugares posibles e a exercer o control para que este servizo teña unha óptima calidade.”

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 23/03/2023 18:44:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 23/03/2023 18:44:26

Olalla Rodil Fernández na data 23/03/2023 18:44:34

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/03/2023 18:44:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a negativa da Xunta de Galiza a convocar as axudas ao aluguer de vivenda habitual recollidas no Plan estatal de vivenda 2022-2025 para a anualidade de 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o bono alugueiro á mocidade e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, publicado no *Boletín Oficial del Estado* núm. 16, do 19 de xaneiro de 2022, establece no seu capítulo III do título II un programa de axuda ao alugueiro de vivendas, o cal ten por obxecto facilitar o goce dunha vivenda en réxime de alugueiro a sectores de poboación con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas arrendatarias.

A Xunta de Galiza, no uso das súas competencias, é a Administración responsable da convocatoria destas axudas. Porén a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda non realizou a convocatoria que correspondería para o ano 2022. A resolución de 29 de novembro de 2022 que establecía as bases reguladoras de dita subvención apenas abre o prazo de convocatoria para o ano 2023. Desta forma deixouse sen a posibilidade de solicitar dita axuda a aquelas unidades de convivencia con baixos recursos que agardan poder facelo dende abril de 2021- data na que se pechou a anterior convocatoria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, ao longo do ano 2022 apenas puideron pedir a axuda ao aluguer aquelas familias que xa as tiñan concedidas de anos antes e que se puideron acoller ao procedemento de renovación da axuda.

Non é a primeira vez que a Xunta de Galiza non realiza a convocatoria anual destas axudas. No ano 2020, no peor da pandemia, o goberno galego deixou sen convocar as axudas ao aluguer de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021.

A non convocatoria nos anos 2022 e 2020 non só ten efectos no investimento desas anualidades, senón que ten tamén efectos no volume de persoas que poden solicitar a prórroga das axudas nas seguintes anualidades.

Xa de seu, resulta inaceptable a reiteración por parte do goberno galego na non convocatoria dunhas axudas ás que os galegos teñen dereito. Pero, ademais, resulta extremadamente grave que, ante o contexto actual de aumento dos prezos dos arrendamentos, a Xunta non só se negue a actuar procurando frear a súa suba, senón que ademais bloquea a única subvención á que se poden acoller ás familias con menores recursos. A Xunta, pois, castiga aos galegos e galegas a non poder acceder aos recursos públicos aos que teñen dereito.

Para alén disto, a convocatoria para o ano 2023 establece un período de solicitude que vai do 2 de xaneiro ao 5 de maio, é dicir, que aquelas familias que se vexan na necesidade de acollerse a estas axudas para poder seguir facendo fronte ao pago do alugueiro pasado este período non teñen posibilidade de recibir ningunha axuda. Estas familias quedarían á espera dunha nova convocatoria no 2024, sen garantía de que isto suceda visto o historial de incumprimentos da Xunta de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a realizar unha convocatoria extraordinaria para as axudas ao aluguer, cun prazo de solicitude aberto dende maio até final de ano, co fin de compensar a non convocatoria no 2022 e facilitar o acceso a estas axudas de forma permanente.”

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/03/2023 10:20:03

Paulo Ríos Santomé na data 24/03/2023 10:20:08

Alexandra Fernández Gómez na data 24/03/2023 10:20:16





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Martín Seco García**, **Patricia Otero Rodríguez** e **Leticia Gallego Sanromán**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grupo portugués ALTRI, especializado en produción de fibras celulósicas, celulosa e produción de polpa, anunciou un investimento de máis de 850 millóns de euros para xerar máis de 2.500 postos de traballo directos e indirectos na creación dunha bio-fábrica de fibras téxtiles sostibles, que anunciou que estaría operativa en 2026.

A empresa lusa anunciou que o denominado “Proxecto Gama” estaría situado na localidade de Palas de Rei. Este proxecto supón a creación dunha planta para a elaboración de pasta soluble de papel, cunha capacidade para producir 200.000 toneladas ao ano que se integrará parcialmente na produción de fibras téxtiles de orixe forestal, concretamente de lyocell, cunha capacidade inicial de 60.000 toneladas ao ano, ata alcanzar a máxima capacidade instalada de 200.000 toneladas anuais.

O proxecto persegue ser un referente a nivel mundial por ser a primeira fábrica de produción integrada de polpa soluble e lyocell, supoñendo unha contribución crítica para a descarbonización da industria manufactureira e a minimización do seu impacto ambiental, posicionando a España á cabeza da innovación en descarbonización e sustentabilidade do sector polpa e téxtil, que ao día de hoxe representa máis de 10% das emisións globais de CO2.





O proxecto de bio-fábrica de fibras téxtiles sostibles de ALTRI en España foi declarado Proxecto Industrial Estratéxico (PE), demostrando o seu impacto transformacional, aliñado cos obxectivos Next Generation UE, a creación de emprego e relevancia do investimento comprometido.

No proxecto de bio-fábrica de fibras téxtiles sostibles fálase de descarbonización, circularidade e sustentabilidade do sector téxtil e anuncian que en pleno funcionamento non utilizarán combustibles fósiles e incorporarán unha unidade de reciclaxe de residuos téxtiles.

A Xunta de Galicia creou en 2021 a sociedade IMPULSA que conta coa participación de ABANCA nun 38 %, de Reganosa nun 12 % e Sogama nun 10%, quedando o goberno galego cun 40% de participación, unha sociedade público-privada creada con fin de axilizar iniciativas empresariais tractoras que incidan na dinamización, o progreso e a transformación da economía galega a través dun modelo verde e dixital.

Esta sociedade di que desexa converter ideas en proxectos tractores, buscar inversores e incorporar socios que acompañen a ditas iniciativas, facendo efectiva a colaboración entre institucións públicas e privadas para a posta en marcha e consolidación de propostas empresariais, tamén di que presta servizos de asesoramento para consolidar as iniciativas empresariais, como pode ser a administrativa.

A empresa promotora da planta de fibras téxtiles, transmite que están na fase máis crítica da preparación do proxecto, definindo as fontes de financiación para desenvolvelo e que tomarán decisións sobre éste a finais do primeiro semestre deste ano. Nesa liña o goberno do Estado ten posto en marcha diferentes PERTE's para acceder ás axudas de recuperación da Unión Europea, uns fondos que chegan ao Estado español despois da negociación do





Presidente do Goberno para modernizar a economía e a industria do noso país e que poden ser unha oportunidade para proxectos como o plantexado pola empresa ALTRI en Galicia.

O goberno galego e a sociedade mixta IMPULSA deben de utilizar as súas competencias para identificar e asesorar á empresa ALTRI para a consecución de fondos europeos nas liñas de PERTE establecidas polo goberno do estado, como a de economía circular ou o de descarbonización, co fin de conseguir que este proxecto sexa unha realidade neste 2023. A administración galega debe poñer a disposición da empresa promotora os equipos da administración galega para a consecución desta inversión necesaria e os mecanismos necesarios para articular este ambicioso proxecto para a nosa terra.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a poñer a disposición da empresa promotora da planta de fibras téxtiles en Palas de Rei o asesoramento técnico e económico para conseguir a financiación necesaria do proxecto e acudir as convocatorias de PERTE establecidas polo goberno de España, con garantías para a consecución duns fondos esenciais para a posta en marcha da planta.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2023.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2023 12:22:20
Nº Rexistro: 51927
Data envío: 24/03/2023 12:22:20.142

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 24/03/2023 12:11:22

Patricia Otero Rodríguez na data 24/03/2023 12:11:34

María Leticia Gallego Sanromán na data 24/03/2023 12:11:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/03/2023 12:12:41

CSV: BOPGDSPG-nNE6FQS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186798

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de marzo de 2022 fíxose público o “Anteproxecto de informe de fiscalización horizontal sobre percepcións económicas don salariais e indemnización de gastos efectivos en entidades locais: indemnización por razón de servizo, asistencias e outros cargos”. Este documento do Consello de Contas forma parte do plan anual de traballo para o exercicio de 2021, aprobado o 22 de decembro de 2020.

O citado informe foi obxecto de reprogramación, a última a finais de 2022 (Plan anual de traballo para o 2023) debido a unha nova comunicación do concello de Valga relativa ás percepcións por asistencia a órganos colexiados.

Unha das conclusións do informe é que edís dos gobernos municipais de Valga cobraron dietas ilegais desde o ano 1991 até o 2017. Segundo Contas, “tanto as reunións como as percepcións de asistencia á comisión de coordinación non se adecúan á legalidade ao non estar previsto como órgano complementario no Regulamento Orgánico Municipal”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Contas sinala que a creación da chamada “comisión de coordinación de concelleiros/as delegados/as” fíxose o 15 de xuño de 2017 mediante acordo plenario, en tanto que “órgano complementario de natureza consultiva e deliberante”

O artigo 14 in fine do ROF establece que “de cada sesión da Comisión de Coordinación levantarase acta por parte dun concelleiro/a designado no seu caso, e que terá a condición de concelleiro/a Secretario/a da Comisión de Coordinación...”. O informe de Contas deixa clara a ilegalidade desta previsión ao conculcar “a esixencia legal de que sexa un funcionario/a público quen actúe como secretario/a da devandita comisión de coordinación”.

O Consello establece unhas recomendación ao concello de Valga para garantir o funcionamento legal da citada Comisión de Coordinación, adaptándoa ao marco xurídico vixente en relación coa presenza preceptiva como secretario/a de funcionario/a público que vele pola legalidade formal e material das actuacións do órgano colexiado, certifique as súas actuacións e garanta que os procedementos e regras de adopción de acordos son respectados. Máxime cando as persoas asistentes á Comisión reciban asistencia pola concorrencia efectiva.

O consello de Contas tamén advirte da obriga de control interno e de reparo da intervención sobre as operacións non conformes co marco xurídico aplicábel. Así mesmo sinala a obriga de remisión ao CCG da información relativa ao exercicio do control interno.

En canto aos pagamentos percibidos en concepto de asistencia a esta comisión ilegais o Consello sinala que se aprobaban por decreto da alcaldía, sen reparo da intervención. Este asunto foi motivo dunha denuncia penal pola que se incoaron dilixencias previas que foron sobreesidas pola Xulgado de Caldas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

A análise da documentación achegada polo concello de Valga pon de manifesto o incumprimento da normativa legal desde o ano 1991 e a percepción irregular de cantidades económicas desde esa data.

O informe inclúe na páxina 69 un cadro de percepcións desde o 17 de xuño de 2017 até o 31 de decembro de 2021.

V.4.4. IMPORTE DAS ASISTENCIAS Á COMISIÓN DE COORDINACIÓN

Do 17 de xuño de 2017 ata o 31 de decembro de 2021 o Concello de Valga realizou o pagamento dos seguintes importes, de conformidade coa información facilitada pola dita entidade:

Cadro 13: Desagregación dos importes percibidos por asistencia ás Comisións de Coordinación (2017-2021)

Concelleiro/a Delegado/a	Importe das asistencias	Número de asistencias percibidas
Alcaldía-Presidencia da Corporación	18.190,00	223
Obras, Servizos, Urbanismo, Medio Ambiente e Desenvolvemento	14.150,00	220
Turismo, Novas Tecnoloxías e Escola de Música*	9.175,00	146
Economía, Facenda, Contas e Patrimonio	13.925,00	216
Cultura e Xuventude	5.475,00	73
Deportes	13.725,00	213
Protección, Civil, Seguridade e Interior	12.800,00	199
Total	87.440,00	1.290

*Inclúese o mandato de dúas Concelleiras-Delegadas.

O informe do Consello de Contas tamén advirte de irregularidades graves nos concellos de Catoira, Trazo e Vilasantar.

No caso de Catoira, por percepción por parte do alcalde como dietas de 15.600 euros que deberían ser percibidos como salario.

No caso de Vilasantar, incorrecta xustificación de dietas e gastos de locomoción entre novembro de 2017 e xaneiro de 2019.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No referido a Trazo, 37.000 euros en comidas sen a debida xustificación, entre outros gastos protocolarios.

Para o BNG, a Xunta non pode permanecer impasíbel diante desta administración irregular dos recursos públicos e desta conculcación da normativa reguladora das administracións públicas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a velar pola exemplaridade das administracións públicas locais, nomeadamente no caso de Valga, Catoira, Trazo e Vilasantar, e a colaborar co Consello de Contas para garantir a transparencia e a legalidade nas percepcións de indemnizacións polo exercicio do cargo e por gastos de protocolo e representación.”

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/03/2023 12:44:51

Iria Carreira Pazos na data 24/03/2023 12:45:02

Xosé Luis Bará Torres na data 24/03/2023 12:45:14





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Marina Ortega Otero** e **Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Fai máis dun ano, a comisión de sanidade do Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade a proposta socialista que urxía a necesidade duna novo espazo que ampliase a cobertura sanitaria da Comarca do Carballiño.

Unha comarca en cabezada polo Concello de O Caballíño, que conta con máis de 14.000 habitantes enmarcado todo elo nunha das provincias máis envellecidas do país.

Nesta ocasión os veciños e veciñas de O Carballiño unha vez máis reivindicán unha praza adicional de matrona no centro de saúde, así como a necesidade dunha maior cobertura de atención xinecolóxica e pediátrica.

Os servizos que se blinden nas provincias máis afectadas pola despoboación, nomeadamente Lugo e Ourense, serán parte da loita polo reto demográfico, un dos desafíos máis importantes para Galicia, tendo en conta que somos das comunidades autónomas co peor saldo vexetativo do país. Especialmente grave na provincia de Ourense, onde o número de persoas pensionistas xa superan ás cotizantes.

A sanidade pública é un dos servizos prioritarios e condicionantes para o benestar e asentamento da poboación. Tendo en conta que a provincia de Ourense é a que peores datos demográficos e de saldo vexetativo ofrece, o goberno galego ten que exercer políticas de discriminación positiva que





garantan servizos coma a sanidade pública. E máis aínda tendo en conta que as mulleres que deciden ser nais nesta provincia, e nomeadamente na Comarca de O Carballiño deberan ter blindados os servizos de matrona, xinecoloxía e pediatría como mínimo. Actualmente O Carballiño só conta cunha praza de matrona, cun día á semana de xinecoloxía e con dúas pediatras só de mañá e cunha previsible xubilación a curto prazo. Non existe pediatría polas tardes nin no servizo de urxencias.

Estamos a falar dun dos núcleos máis importantes da provincia despois da cidade, en termos poboacionais. Polo que é preciso que o goberno galego acolla estas demandas que os veciños e veciñas de O Carballiño trasladan, para garantir servizos da sanidade pública tan importantes para afianzar poboación como estes.

Segundo os últimos datos, Galicia conta cun número de matronas significativamente menor que a media estatal, de feito, somos das comunidades autónomas coa menor porcentaxe de toda España. Trátase polo tanto dunha carencia que o goberno galego debe corrixir para garantir a seguridade das mulleres embarazadas e os seus bebés, así como a atención á saúde sexual e reproductiva das mesmas.

A Asociación Galega de Matronas alertou da situación galega advertindo do momento de gran dificultade en canto á contratación de matronas, motivado, entre outras cousas, polas frecuentes e próximas xubilacións e polos anos (1986-1994) nos que non houbo formación de matronas, e sobre todo polas condicións laborais que se ofrecen por parte do goberno galego a través do SERGAS.

Así mesmo advirten de que a presenza das matronas non só se limita á sala de partos, senón que o seu ámbito competencial abrangue todas as unidades dedicadas á saúde sexual e reproductiva da muller (atención primaria, COF, unidade de chan pelviano, banco de leite, unidades de xestantes/puerperio).





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 51951
Data envío: 24/03/2023 14:31:38.142

Dende AGAM reclaman aumentar a acreditación de novas prazas EIR de matrona, para que nos vindeiros anos se formen a máis matronas e así solventar o problema de relevo xeracional que está a vivir esta necesaria profesión. Todo elo consta por escrito no SERGAS a través das reivindicacións das matronas mediante AGAM.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que através da Consellería de Sanidade incrementen unha praza adicional de matrona no centro de saúde de O Carballiño, así como un incremento significativo do número de días á semana na atención de xinecoloxía e pediatría no servizo de urxencias.

Santiago de Compostela, 24 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 24/03/2023 14:29:26

Julio Torrado Quintela na data 24/03/2023 14:29:35

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/03/2023 14:29:43

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186806

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en pleno do conselleiro de sanidade**, para que dea conta da decisión do Sergas de destinar ao Centro Oncolóxico equipamento tecnolóxico pagado con fondos públicos por valor de 3.330.000 euros: un acelerador lineal (prezo estimado na licitación de 1.900.000 euros), e un PET (con valor estimado de 1.430.000 euros).

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 21/03/2023 10:54:30

Carmela González Iglesias na data 21/03/2023 10:54:37

Paulo Ríos Santomé na data 21/03/2023 10:54:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/03/2023 10:54:57

Alexandra Fernández Gómez na data 21/03/2023 10:55:20

María Montserrat Prado Cores na data 21/03/2023 10:55:29

Xosé Luis Bará Torres na data 21/03/2023 10:55:37

María González Albert na data 21/03/2023 10:57:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/03/2023 10:57:31

Noa Presas Bergantiños na data 21/03/2023 10:57:38

María del Carmen Aira Díaz na data 21/03/2023 10:57:45

Daniel Castro García na data 21/03/2023 10:58:00

Olalla Rodil Fernández na data 21/03/2023 10:58:07

Iria Carreira Pazos na data 21/03/2023 10:58:14

Daniel Pérez López na data 21/03/2023 10:59:56

Ramón Fernández Alfonzo na data 21/03/2023 11:00:05

Rosana Pérez Fernández na data 21/03/2023 11:00:12

Mercedes Queixas Zas na data 21/03/2023 11:01:18

Xosé Luis Rivas Cruz na data 21/03/2023 11:01:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno da conselleira de infraestruturas e mobilidade** con motivo das irregularidades no proceso público de contratación “Concesión de Servicio Publico Regular de Viaxeiros de Uso Xeral por Estrada. Lotes XG800 A XG891. Expte. 1/2020 DXM” recentemente denunciado polo TSXG.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Olalla Rodil Fernández
Manuel Lourenzo Sobral
M^a Carmen Aira Díaz
Luis Bará Torres
Iria Carreira Pazos
Daniel Castro García
Ramón Fernández Alfonso
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
Carmela González Iglesias
Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2023 12:23:01

Carmela González Iglesias na data 28/03/2023 12:23:17

Paulo Ríos Santomé na data 28/03/2023 12:23:23

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/03/2023 12:23:31

Alexandra Fernández Gómez na data 28/03/2023 12:23:39

María Montserrat Prado Cores na data 28/03/2023 12:23:45

Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2023 12:23:53

Xosé Luis Rivas Cruz na data 28/03/2023 12:24:00

Mercedes Queixas Zas na data 28/03/2023 12:24:12

Rosana Pérez Fernández na data 28/03/2023 12:24:19

Ramón Fernández Alfonso na data 28/03/2023 12:24:27

Daniel Pérez López na data 28/03/2023 12:24:36





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 28/03/2023 12:24:43

María González Albert na data 28/03/2023 12:24:53

Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2023 12:25:01

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/03/2023 12:25:10

María del Carmen Aira Díaz na data 28/03/2023 12:25:17

Daniel Castro García na data 28/03/2023 12:25:24

Noa Presas Bergantiños na data 28/03/2023 12:25:32





Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

Agadic convocou en marzo de 2022 as axudas á creación audiovisual para a promoción do talento audiovisual galego, cun crédito global de 194.000 euros, e para a produción e coprodución de proxectos audiovisuais galegos, cun crédito de 2.500.000 millóns, ambas as dúas convocatorias financiadas con fondos propios.

O BOE publica o 6 de decembro unha resolución do Ministerio de Cultura dando conta do convenio asinado pola Agadic co Instituto de Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA) polo que se canaliza a concesión directa de axudas para fomentar a produción, distribución, exhibición e promoción da industria cinematográfica e audiovisual en lingua cooficial distinta ao castelán no ano 2022. A contía total que lle correspondeu a Galicia no reparto foi de 1.212.805,03 euros

Unha vez asinado este convenio, Agadic publica a finais de xaneiro deste ano sendas resolucións que modifican as convocatorias de marzo de 2022 no tocante á partida orzamentaria coa que se sufragarán.

Deste xeito, Agadic deixa de destinar parte dos seus fondos contemplados nos Orzamentos da Xunta asumindo para as súas liñas ordinarias un crédito extraordinario chegado do ICAA.

Por iso, as deputadas que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2023 10:00:00
Nº Rexistro: 51651
Data envío: 17/03/2023 19:59:48.819

1. Pode explicar o Goberno galego, Cal é a razón de asumir cos fondos extraordinarios do ICAA, cun importe de máis de 1,2 millóns de euros, parte das liñas ordinarias de axudas a talento e á produción para o audiovisual en vez de sumalas para Pode
2. De non incrementar o orzamento das axudas xa existentes, considera o Goberno galego conformar unha liña de subvención extraordinaria para o audiovisual en galego con eses fondos?
3. Segundo o Goberno galego, que outras comunidades do Estado procederon de igual xeito con eses fondos?
4. Ademais das liñas mencionadas, a que vai dedicar Agadic os máis de 1,2 millóns que aforra con esta operación?
5. Coñece o Goberno galego a contía das axudas que se destinará a Galicia en 2023 a través do convenio coa ICAA para o audiovisual en galego?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 17/03/2023 16:07:54

Noelia Otero Lago na data 17/03/2023 16:08:20

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186814

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Daniel Pérez López, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a creación de escolas infantís de 0 a 3 anos en contornas laborais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A conciliación da vida laboral e persoal é un dereito e, ao mesmo tempo, un dos grandes quebradeiras de cabeza para moitísimas familias.

Neste senso, hai dous factores determinantes para garantir o dereito de conciliación:

- a.- horarios laborais compatibles coa vida persoal
- b.- a existencia de recursos de conciliación e educativos para as crianzas próximos tanto aos domicilios como ás contornas laborais

En Galiza, durante uns anos existiron liñas de axudas para a construción de escolas infantís de 0 a 3 anos en polígonos industriais e contornas laborais. Porén, a Xunta de Galiza deixou de convocalas no ano 2019.

As entidades beneficiarias debían cumprir cuns requirimentos para obter a axuda, entre eles, constituíren un centro completo cun mínimo de 3 unidades con 41 prazas agás nos casos en que a demanda potencial non sexa suficiente para un centro completo nos que se creará o número de prazas e unidades internivelares que aprobe a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consellería de Política Social con base no proxecto presentado e á información que obre no seu poder.

Así mesmo, as entidades debían dispor dunha parcela e permanecer durante un mínimo de 5 anos desenvolvendo actividade.

A administración cubriría a través destas convocatorias (con cargo a fondos europeos): a realización do proxecto básico e de execución da construción ou reforma así como o equipamento da escola infantil.

Doutra banda, a Xunta de Galiza dispón dunha rede de escolas infantís pública (Galiña Azul) con 8.167 prazas en 145 escolas, xestionadas a través do Consorcio de Igualdade e Benestar e 27 centros con 2.242 prazas dependentes da Axencia galega de servizos sociais.

Porén, os últimos datos de matriculación evidencian que existe unha demanda superior á oferta existente o que fai necesaria a creación de novas escolas.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Cre a Xunta de Galiza que o noso país dispón dunha rede de escolas infantís de 0 a 3 (tanto pública como privada) anos suficiente?
- E nas contornas laborais, especialmente polígonos industriais?
- Cre o Goberno galego que sería necesario impulsar a creación de novos centros para garantir o dereito de conciliación das familias?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que deixou de convocar as axudas destinadas á creación de escolas de 0 a 3 anos en polígonos e outras contornas laborais?
- Vai impulsar a ampliación da rede de escolas infantís públicas de Galiza?
- De ser así, en cantos centros, en que lugares e en que prazo de tempo?
- Que medidas de conciliación da vida laboral e persoal impulsa a Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 20/03/2023 10:33:46

Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2023 10:33:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2023 10:34:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a avaliación e resultados da entrada en vigor da Lei Ángeles Alvariño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xullo de 2021 publicouse no Diario Oficial de Galiza a Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación; un texto normativo máis coñecido como Lei Ángeles Alvariño.

A nova norma, impulsada orixinalmente polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego mais aprobada pola unanimidade de todas as forzas parlamentarias, supuxo un grande paso adiante na loita pola igualdade na ciencia e a investigación, especialmente contra as pexas que as mulleres científicas e investigadoras aínda atopan cando deciden ser nais.

Neste senso, ademais de medidas encamiñadas a garantir e promover a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario, a lei prevé a introdución de factores de corrección nas convocatorias públicas de I+D, concretamente nos procesos de avaliación dos méritos, currículos vitae e traxectoria investigadora.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transcorrido máis dun ano desde a súa entrada en vigor, é preciso facer unha avaliación da súa aplicación e tamén dos éxitos obtidos mais tamén das eivas que poidan existir ou distorsións se se están a producir.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Avaliou a Xunta de Galiza os efectos da entrada en vigor da coñecida como Lei Ánxeles Alvariño?
- Que resultados obtivo desa avaliación?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Noa Presas Bergantiños
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2023 11:46:45

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2023 11:46:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Das tres da tarde en diante e ata as oito do día seguinte pola mañá, os concellos de Curtis, Vilasantar, Sobrado e máis Aranga que contan cunha poboación de 9.000 habitantes e con máis de 500 núcleos de poboación dispersos polos 416 km², teñen un PAC de referencia, o de Curtis cun único facultativo para o servizo de urxencias.

Como se pode deducir, no caso dunha visita domiciliaria, outra urxencia tanto en domicilio coma a que acuda ó pac queda sen posible cobertura. As visitas domiciliares nunha área rural tan extensa e cunha poboación tan dispersa teñen unha duración que so en tempos de desprazamento se volve complicada e longa.

Pois non lle abundaba ó maltreito servizo sanitario que dun tempo a esta parte esta complexa situación vese agravada pola lamentable situación médica do Centro Penitenciario de Paradela sito na parroquia do mesmo nome e próximo ó citado PAC de Curtis.

Este Centro Penitenciario, cunha poboación de 1.200 reclusos conta “oficialmente” con 9 médicos en plantilla deles 7 vacantes e un de recente xubilación





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que nos deixa un panorama dun so facultativo real para cubri-lo servizo as 24 horas os 365 días do ano.

E así, nestes últimos meses o persoal médico tanto do Pac coma do Centro de Saúde foron requiridos polo 061 para atender emerxencias debido a esa falta de persoal médico no Centro Penitenciario. Estas demandas provocan interrupcións na actividade e retrasos considerables na atención. Debemos facer constar que o Centro de Saúde de Teixeira conta cun médico e medio (un a tempo completo e outro a tempo parcial) máis dúas enfermeiras que no caso de atender unha urxencia, a súa lista de agarda e as consultas quedan sen atender e hai que reprogramalas.

Esta situación vese agravada pola falta de protocolos e as dificultades que se engaden ás visitas polas estritas medidas de seguridade para o acceso á atención da urxencia carceraria. Deste xeito, o persoal médico de Curtis indica que nos casos que atenderon houbo:

“un significativo desaxuste en canto aos procedementos que teñen relación coa seguridade e a protección de risco do persoal sanitario do PAC”

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

No BOE, en 2003 publicouse lexislación pola que os sistemas autonómicos de saúde deberían asumi-las competencias en sanidade penitenciaria, Cataluña, Euskadi e Navarra asumíronas xa, cal é a situación de Galiza e que solución se lle pensa dar á problemática que xorde en Curtis?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Montserrat Prado Cores

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/03/2023 17:42:22

María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2023 17:42:25

Iria Carreira Pazos na data 20/03/2023 17:42:32

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/03/2023 17:42:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os problemas para tramitar as solicitudes de queima por medios electrónicos e telefónicos e as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para solucionarlos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno do Estado aprobou o pasado abril de 2022 a Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. Esta norma, desenvolvida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, (MITECO) xerou unha importante preocupación e un grande enfado no mundo rural ao prohibiren, con carácter xeral, a queima de residuos agrarios e forestais. Equiparábase nese texto, por inconcreto, os restos de ramas, podas ou rozas a outro tipo de residuos que puideran ser perigosos.

Así o artigo 27 da citada norma, no seu punto 3, establecía que “con carácter xeral, non está permitida a queima de residuos vexetais xerados no entorno agrario ou silvícola”. Esta queima só podería permitirse con carácter excepcional e sempre e cando conten coa correspondente autorización individualizada que permita que esa queima, por razóns de carácter fitosanitario que non sexa posíbel abordar por outro tipo de tratamento, e motivando axeitadamente que non existen outros medios para evitaren a propagación de pragas ou, en entornos silvícolas co obxecto de previr os incendios forestais cando non poida accederse para a súa retirada e posterior xestión (en aplicación da exclusión prevista no artigo 3.2.e).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E cales son esas excepcións estabelecidas no artigo 3.2.e.?: “quedarán excluídas desta lei as materias fecais, se non están contempladas no apartado 3.b, palla e outro material natural, agrícola ou silvícola, non perigoso, usado en explotacións agrícolas e gandeiras, na silvicultura ou na produción de enerxía a base de biomasa, mediante procedementos ou métodos que non poñan en perigo a saúde humana ou o medio ambiente”.

Tratouse así, desde un primeiro momento, dunha norma confusa que ten xerado moitos problemas e ante a que a Xunta de Galiza se ten colocado de perfil, o que non resulta unha cuestión menor xa que o réxime sancionador da lei considera infracción “moi grave” a “queima de residuos agrarios e silvícolas sempre que non se conte cunha autorización individualizada de conformidade co previsto no artigo 27.3”. As sancións fixadas para este tipo de infraccións poden traer consigo multas que van desde os 100.001 € até os 3.500.000 euros.

No noso país, acuciado en boa parte do territorio polo abandono e o envellecemento acompañados dunha insuficiente e moi mellorábel política de xestión de residuos orgánicos por parte da Xunta de Galiza, a Consellaría do Medio Rural autoriza cada ano ao redor de 400.000 destas queimas. Unhas queimas que se teñen demostrado fundamentais para xestionar un exceso de combustible vexetal no noso país que é preciso atallar do mellor xeito posíbel para minimizar o risco de incendios forestais e a virulencia destes, máis tamén para garantir unha correcta xestión do territorio.

A aclaración da norma estatal, despois de que o Congreso aprobase en decembro levantaren a prohibición de queimaren restos de poda e vexetais ás explotacións agrícolas e forestais de menos de 50 empregados e que facturen menos de 10 millóns de euros, non ten mudado até o de agora as modificacións na tramitación dos permisos introducida pola Consellaría do Medio Rural desde abril, ao tempo que deixa na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

indefensión máis absoluta a todas aquelas persoas do noso país que, non estando dados de alta en ningunha actividade agrícola, realizan queimas de forma regular para xestionar os restos de roza nas súas propiedades.

Deste xeito na actualidade na maior parte dos Distritos Forestais da Consellaría no conxunto do territorio non se tramitan eses permisos de queima e as únicas vías que lles quedan a profesionais e particulares son a vía telefónica e a vía electrónica.

As dificultades que presenta a vía electrónica para boa parte da cidadanía son evidentes nun país no que unha parte importante do territorio ten problemas de conectividade mais, sobre todo, porque a idade avanzada de moitas persoas demandantes de queima imposibilitálles, en non poucas ocasións, poder xestionar estes permisos directamente deste xeito. Esta realidade fai que moitas persoas teñan que acudir a xestorías de pagamento para poder facer este simple trámite que antes facilitaban os Distritos. Iso sen contaren con que teñen que autorresponsabilizarse de que a queima solicitada correspóndese “a palla e/ou material natural, agrícola, non perigoso, **utilizado en explotacións agrícolas e/ou gandeiras**”.

A outra alternativa que lles resta é a vía telefónica a través do 012. Chamada de pago que está a ter unhas duracións medias de entre 4 e 5 minutos como mínimo e que, lonxe de ser gratuíta, supón un elevado coste para a cidadanía.

Deste xeito, e nun contexto como o do noso país no que toda a propaganda do Goberno galego xira en torno á obrigatoriedade de xestión da biomasa (incluso endurecendo as sancións no caso de non levar adiante esa xestión) resulta cando menos sorprendente e decepcionante que se dificulte deste xeito o acceso aos permisos correspondentes por parte da cidadanía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- A que se debe que nos Distritos Forestais se deixasen de tramitar estes permisos de queima?
- Ten pensado a Xunta de Galiza revertir esta situación?
- Por que non facilita a Xunta de Galiza un teléfono gratuíto para poderen levar a cabo as solicitudes de queima de restos agrícolas?
- Que medidas e/ou accións levaron a cabo neste último ano para garantiren a seguridade xurídica das persoas particulares que, non sendo propietarias de ningunha explotación agrícola nin forestal, queiran realizar queimas como método de xestión da biomasa que rozan e polo tanto da xestión do territorio?
- Que alternativas ás queimas están a poñer en marcha para a correcta xestión e aproveitamento deses residuos vexetais?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2023

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 21/03/2023 11:04:19

María del Carmen Aira Díaz na data 21/03/2023 11:04:22

María González Albert na data 21/03/2023 11:04:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a xustificación de destinar equipamentos tecnolóxicos pagados con fondos públicos ao Centro Oncolóxico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Sergas ten establecido un Concerto Singular co Centro Oncolóxico de Galiza, situado na Coruña, polo que lle deriva doentes da sanidade pública para tratamentos oncolóxicos fundamentalmente das áreas sanitarias de A Coruña, Ferrol e Lugo.

O Consello de Contas publicou recentemente o “Informe de Fiscalización da Contratación Dunha Solución Global que Cubra as Necesidades de Realización de Probas e Procedementos de Diagnóstico por Imaxe, Intervencionismo, Medicina Nuclear e Radioterapia no Sergas”

No mesmo fai unha avaliación do procedemento de contratación iniciado polo Sergas en 2013 que denominou “Contrato de colaboración entre o sector público e o sector privado para dispoñer dunha solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia”. Trátase dun contrato que ten por obxecto a renovación tecnolóxica dos dispositivos de “alta tecnoloxía” empregados no diagnóstico e tratamento de enfermidades.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contrato o Sergas incluíu dentro das súas necesidades tecnolóxicas as dotacións doutras entidades que lle prestan servizos, incluíndo no caso do Centro Oncolóxico o seguinte equipamento: un acelerador lineal (prezo estimado na licitación de 1.900.000 euros), e un PET (con valor estimado de 1.430.000 euros).

O Consello de Contas considera que *non está debidamente xustificada a súa participación no contrato xa que se trata dunha entidade privada que presta servizos de natureza sanitaria en condicións de mercado.*

Fai as seguintes consideracións:

1. Trátase dunha entidade de natureza privada, na que o Sergas forma parte do seu padroado.

2. É un operador libre de mercado, no sentido de que presta servizos de natureza sanitaria no mercado en condicións de competencia co resto de operadores sanitarios.

3. Non forma parte do sector público, xa que non reúne os requisitos establecidos pola Lei 16/2010 para ser considerada unha entidade do sector público autonómico.

O Centro Oncolóxico atende simultaneamente doentes procedentes da derivación que lle realiza o Sergas e de doentes privados. A súa memoria de actividade de 2021 recolle o importante peso da actividade privada: o 63% das consultas proveñen de persoas con seguros privados, ao igual que o 38% das persoas doentes en seguimento.

Consideramos preciso que por parte do Sergas se explique a xustificación de destinar ao Centro Oncolóxico equipamento tecnolóxico pagado con fondos públicos e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se clarifique se os cartos públicos do concerto asinado con esta entidade e este equipamento tecnolóxico tamén se están usando para atender doentes non procedentes da sanidade pública.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Cal é a xustificación para que o Sergas destine a un centro privado equipos tecnolóxicos pagados con fondos públicos por valor de 3.330.000 euros?

É coñecedora a Xunta que o Consello de Contas considera que non está debidamente xustificada a participación do Centro Oncolóxico no contrato que ten por obxecto a renovación tecnolóxica dos dispositivos de “alta tecnoloxía” xa que se trata dunha entidade privada que presta servizos de natureza sanitaria en condicións de mercado?

Que accións vai realizar para garantir que os cartos públicos do concerto asinado con esta entidade e este equipamento tecnolóxico non se están usando para atender doentes non procedentes da sanidade pública?

Até cando vai a Xunta de Galiza seguir engordando a conta de resultados da sanidade privada a costa dos recursos públicos?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/03/2023 11:35:11

Iria Carreira Pazos na data 21/03/2023 11:35:14

María Montserrat Prado Cores na data 21/03/2023 11:35:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas para rematar cos incumprimentos nos contratos do servizo de transporte público por estrada de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e no seu desenvolvemento práctico.

Este novo plan de transporte está a deixar unha Galiza peor comunicada e un servizo máis precarizado, con eliminación de horarios, o incumprimento continuado dos mesmos ou a eliminación de itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da sociedade galega.

Alén destas cuestións, o plan de transporte da Xunta de Galiza fomenta o monopolio do Grupo Empresarial Monbus, concentrando o 80% dos lotes licitados e nos que se rexistran as maiores cotas de incumprimentos e irregularidades.

A realidade é que este Plan de Transporte é o contrario do fomento do transporte público, a realidade é que este é un plan que dende o seu deseño, os seus procesos de adxudicación e valoración de ofertas e a súa aplicación práctica, busca o beneficio dun grupo empresarial concreto en detrimento de usuarios, traballadores e pequenas e medianas empresas do sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As deficiencias son moitas, xa que estamos a falar dos incumprimentos reiterados e a total impunidade coa que se traballa por parte de quen ten un monopolio de facto sobre o sector.

Autobuses que chegan tarde, outros que non chegan, vehículos en mal estado, duplicidade de matrículas en diferentes concesións, vehículos que superan a idade indicada polos pregos, modificación unilateral de horarios, falta de información, de prazas, caos e unha duplicidade nas matrículas en lotes non compatíbeis entre si, cuestión que pon de manifesto a actual falta de flota e a connivencia e o trato de favor da Xunta de Galiza co grupo empresarial hexemónico no país.

Isto acontece debido á falta de control, inspección e connivencia por parte da Xunta de Galiza, que permite que esta precarización do servizo e os incumprimentos que a motivan. Coa chegada do inicio do curso e da implantación de bonificacións tanto do estado, como da Xunta de Galiza como da principal empresa concesionaria deste servizo, Monbus, vemos como estas deficiencias, incumprimentos e irregularidades acadaron unhas maiores cotas de visibilidade en todo o país.

Hoxe, as persoas usuarias do servizo público de transporte, ven afectadas as súas vidas ao non poder contar cun servizo de transporte minimamente regular, que lle permita chegar a atender as súas responsabilidades nun período de tempo coñecido, contando cunha pequena marxe de tempo, o cal faría que puidese seguir apostando polo transporte público por estrada para os seus desprazamentos.

As persoas que simplemente non contan cun vehículo privado dependen directamente dos intereses e a acción dunha empresa para chegar en tempo, ou non, ao seu posto de traballo ou ao seu centro de estudos, xa que nin se cumpre nin se controla as condicións establecidas nos contratos de transporte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É responsabilidade da Xunta de Galiza o fomento do transporte colectivo, tanto polo carácter democratizador do transporte público, así como tamén pola defensa dunha Galiza máis sostible ambientalmente.

Hoxe, coa precarización do servizo e o incumprimento dos contratos, moita xente continúa a desprazarse no seu propio vehículo por non ter unha alternativa viable para facelo no sistema público de transporte.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para rematar cos incumprimentos e irregularidades nos contratos de transporte público por estrada de Galiza?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/03/2023 13:06:40

Paulo Ríos Santomé na data 21/03/2023 13:06:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de que a Xunta elabore un Plan integral para o ensino rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Anpas Galegas, a confederación de ANPAS que agrupa 9 federacións que representan 400 asociacións de nais e pais que comprenden ao redor de 80.000 familias, traballan na defensa dun ensino público, galego, laico, inclusivo e feminista.

Froito do seu traballo comprometido con estes obxectivos acaban de facer público, e de nos presentar aos grupos parlamentarios desta cámara, un exhaustivo e contrastado estudo intitulado Por un plan específico para o ensino rural galego que dá boa conta de cal é a perspectiva actual educativa no rural galego e, sobre todo, demostra que nesta realidade o alumnado non vive nunha situación de igualdade e equidade.

A implicación e compromiso de Anpas Galegas achéganos agora o resultado global dun proceso de varios anos: unha análise detallada que ofrece esta diagnose integral e pioneira da realidade educativa no rural galego nace do cruzamento informativo de varias fontes.

En primeiro lugar a través dos encontros coas familias a través do contacto directo das ANPAS; en segundo lugar mediante a consulta de enquisas en liña (un total





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de 640 recibidas de 93 concellos diferentes) e, en terceiro lugar, a partir do contraste con especialistas diversas nos debates que tiveron lugar en catro foros temáticos.

Entre as conclusións do estudo destacan as seguintes:

1. Non existe unha planificación do rural galego.
2. A escola rural é o soporte vital inescusábel da vida social, e do futuro do País no rural.
3. Non existe unha oferta educativa equitativa e en igualdade para o conxunto do noso país.
4. A escola rural non é a escola urbana.
5. Coidar da escola rural asegura manter unha forma de vida e de identidade galega que é responsabilidade de todas e cada unha de nós.

Mais, sen dúbida, todas as conclusións poden sintetizarse nunha principal que actúa como eixo central das demais e que debера ser o punto de reinicio para, por unha banda, afrontar a superación dun tempo limitador e discriminador para unha parte da poboación galega que vive no rural e, pola outra, a apertura dun tempo novo no ensino rural galego: cómpre activar un plan específico para o ensino no rural.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Considera o goberno que está a garantir o acceso ao ensino público en condicións de equidade e igualdade para a totalidade do alumnado?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten o goberno da Xunta realizado algún estudo sobre a realidade educativa no noso medio rural? Cales son as súas conclusións?
- Entende o goberno galego que a escola rural é igual á escola urbana?
- Coñece o goberno o estudo elaborado por Anpas Galegas?
- Considera o goberno que é preciso elaborar un Plan integral para o ensino rural?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/03/2023 17:11:43

Daniel Castro García na data 21/03/2023 17:11:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 21/03/2023 17:11:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo, Rosana Pérez Fernández e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación económica mundial, as incertezas no sector bancario e a valoración da Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas foron protagonistas de preocupantes informacións a realidade bancaria dos Estados Unidos a raíz da quebra do Silicon Valley Bank e do Signature Bank así como informacións respecto da realidade bancaria máis próxima, singularmente a respecto da situación da Credit Suisse coa consecuente absorción por UBS.

Estas novas traen o recordo da forte crise financeira desatada a partir do ano 2008, recordan o fracaso dos mecanismos reguladores e engaden incerteza a unha situación económica xeral xa marcada pola inflación, o incremento dos tipos de xuro e as consecuencias económicas e sociais das tensións xeopolíticas derivadas da crise enerxética, de materiais e bélica. Aínda que o Banco Central Europeo enviou mensaxes de confianza ao redor da estabilidade financeira da Unión Europea e de que fornecería de liquidez, a desconfianza fíxose notar nos mercados.

O Banco de España, pola súa banda, insistía, a través do seu gobernador, en diferentes comunicacións e entrevistas, en que os exercicios de stress test que se realizaran ao abeiro do Mecanismo Único de Supervisión e do propio Banco de España





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

confirmaban un presunto elevado grado de resiliencia do sector, incluso en escenarios adversos hipotéticos de carácter severo.

Así mesmo, este escenario aviva os debates sobre o avance nunha maior oligopolización, coa creación de máis instrumentos macrobancarios e ferramentas en pausa como a posta en marcha dun Fondo de Garantía de Depósitos europeo. Todo isto sen que a resolución da anterior crise e o avance na redución da oferta fosen adecuadamente analizados, singularmente respecto do impacto nos investimentos territoriais e no ámbito da clientela e dos seus dereitos.

Os tipos de interese ou as medidas de débeda son outros dous ámbitos nos que está a haber novidades importantes e unha grande inestabilidade, polo tanto, é necesario que a Xunta de Galiza se manteña alerta a respecto das consecuencias que todas estas transformacións poden ter sobre o noso país.

Por estes motivos fórmulase a seguinte interpelación :

Cal é a valoración do goberno galego respecto do escenario bancario internacional?

Considera o goberno galego que as medidas impulsadas polo BCE como as inxeccións de liquidez, os tipos de interese e as compras de débeda están a funcionar para loitar contra a inflación?

Como pode afectar o noso país respecto da capacidade de investimento e aforro?

Como pode afectar do punto de vista dos dereitos e seguridade da clientela en xeral e das PEMES e autónomos e autónomas en concreto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Prevé un avance na oligopolización?

Vai impulsar algún tipo de estudo ao abeiro do Consello Económico e Social sobre esta situación?

E ao abeiro do Instituto Galego do Consumo e da Competencia ou da Comisión Galega de Competencia?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 22/03/2023 10:14:36

Daniel Pérez López na data 22/03/2023 10:14:40

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/03/2023 10:14:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 22/03/2023 10:15:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o presunto cambio de opinión do goberno galego respecto da participación pública do sector eólico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transición enerxética leva parello outro debate, o da participación pública dos sectores estratéxicos da economía. Diante dos retos de futuro, lamentablemente, a Xunta de Galiza do Partido Popular veu renunciando a dar este debate tanto nas súas leis de implantación empresarial, popularmente coñecidas como leis de depredación, como nas súas directrices enerxéticas 2018-2020 , no Plan Estratéxico ou na Axenda Enerxética 2030, que se limita a ser unha colectánea de resultados enerxéticos e obxectivos europeos.

Máis aínda, o pasado 21 de febreiro de 2022, cando comparecía o Vicepresidente Conde en sede parlamentaria para informar da presunta estratexia eólica galega e non fixo mención á participación pública. De feito, reiterou dous dos seus leitmotivs: a autocompracencia cun canon eólico desfasado e fracasado, que non se adapta ás novas características técnicas do sector, que cada vez recada menos e que non reverte no territorio; e a crítica ao modelo eólico do BNG, tanto nas novas propostas como no espírito das modificacións impulsadas no período 2005-2009 arredor da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

blindaxe da Rede Natura e do impulso á participación cidadá e á participación pública directa en beneficios do sector.

Recentemente, o Grupo Parlamentario do Partido Popular votaba tamén en contra de que Galiza impulsase modificacións legislativas para, dunha banda, desenvolver un modelo enerxético de seu e, doutra, posicionarse nos debates estatais remitindo propostas de modificación do sector como están a traballar outras comunidades autónomas que non renunciaron ao exercicio do seu autogoberno.

Así as cousas, o pasado 21 de marzo de 2023 o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciaba unha lei “para que os beneficios do aproveitamento dos recursos naturais galegos se reinvestan en Galiza” coa “futura creación dunha sociedade coa que Galiza asumirá un papel protagonista na transición enerxética.”

A nota oficial da Xunta fala dunha “decisión pioneira para garantir que a sociedade galega no seu conxunto asuma un papel protagonista na transición enerxética, coa previsión de aprobar no Consello da Xunta o inicio da tramitación dunha lei que sentará o marco normativo para a creación dunha sociedade coa que asumirá esa participación directa, xunto con outros socios, e que permitirá velar para que o rendemento económico dos recursos naturais de Galiza se reinvesta en Galiza.

Sería unha boa noticia para o futuro de Galiza que o goberno galego apostase pola participación pública e directa no marco dun cambio de modelo que fixe como reto recuperar o control do sector, transformar as fontes de xeración, democratizar o acceso e restar poder ao oligopolio eléctrico. Porén, o seu historial en materia enerxética, sumado á falta de transparencia e dilixencia da última “sociedade” que artellou, a Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galiza, a través da cal entidades privadas coma un banco teñen máis información e capacidade decisoria do que tivo o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Parlamento Galego no ámbito dos fondos europeos, levan á necesidade de fiscalizar este presunto cambio de orientación.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Asume o goberno galego que fracasou absolutamente ao ter renunciado á participación pública e directa do sector enerxético?

Vai impulsar o goberno galego unha empresa pública de enerxía para garantir un cambio de modelo no que o público recupere o control do sector enerxético?

Vai impulsar un mecanismo que garanta a maioría da Xunta no seu seo?

Que fórmulas baralla?

Reelaborará, en coherencia, a política fiscal na materia?

Cal está a ser o mecanismo de elaboración das propostas? Está a contar coa Universidade? E co CES?

Que prazos manexa?

Que investimentos?

Valora remitir modificacións legislativas ao Estado?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2023 11:54:22

Ramón Fernández Alfonso na data 22/03/2023 11:54:27

Noa Presas Bergantiños na data 22/03/2023 11:54:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a valoración do goberno galego sobre o canon eólico, os seus resultados e previsións a medio prazo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza ten no seu papel de produtora enerxética unha enorme potencia de obtención de recursos económicos. Porén, a histórica renuncia do Partido Popular á participación pública e directa dos beneficios do sector, xunto coa súa conivencia co lobby eléctrico, fixo que perdamos oportunidades como país.

A Xunta de Galiza impulsou no ano 2009 a *Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental* e que viña a substituír o anterior marco legal, que si apostaba pola participación pública.

Ao longo dos últimos anos, este canon, que no ano 2021 recadou 22.142,07€ millóns de euros, reduciu a súa recadación e esta folla de ruta é a previsible, toda vez que o goberno galego non adapta a súa formulación ás novas características técnicas do sector.

O canon eólico arbitrado pola Xunta de Galiza grava o número de aeroxeradores establecendo un tramo exento e tres tramos con pagamentos unitarios crecentes segundo





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se incrementa o número de aeroxeradores. Dito imposto fornece, excluídos os gastos de xestión, o denominado Fondo de Compensación Ambiental, que se reparte por dúas vías. Unha, para os municipios directamente afectados polas instalacións dos aeroxeneradores e as súas poligonais e infraestruturas. Outra, para a totalidade dos concellos galegos, por vía competitiva. A lei direcciona as actuacións financiábeis para aquelas *“comprendidas en aplicacións orzamentarias que teñan entre as súas finalidades a protección do medio e do contorno natural, a súa conservación, reposición e restauración, así como o fomento da investigación dirixida á mellora na eficiencia do aproveitamento dos recursos das enerxías renovables”*. Anualmente a Xunta emite unha orde mediante a cal regula os criterios de repartición e establece as bases reguladoras e a convocatoria das subvencións do Fondo de Compensación Ambiental en réxime de concorrencia non competitiva e concorrencia competitiva, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida. A contía aproximada adoita rondar os 11 millóns de euros, a metade aproximadamente do recadado polo canon eólico.

Hai que recordar que dita lei do sector eólico xa foi modificada unilateralmente e sen diálogo sectorial ou social múltiples veces, a maioría a través do subterfuxio da lei de acompañamento dos orzamentos. Hai que recordar tamén que, para alén de que o seu carácter ambiental é relativo, hai que dicir que a lei do sector eléctrico estatal en vigor dende 1997 abría xa a porta a encarecer a tarifa nunha autonomía ou concello no caso de contar con tributos sobre o sector. Esta posibilidade converteuse en imposición coa reforma impulsada en 2013. Resultado diso e das políticas austericidas dos orzamentos estatais de Montoro co Partido Popular, Galiza chegou a pagar a tarifa eléctrica máis cara do estado ao repercutírense nela os suplementos territoriais do ano 2013 após diferentes sentenzas xudiciais en favor do lobby eléctrico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Canto máis tempo pasa, é máis evidente a eiva de concepción e funcionamento do canon eólico, tanto pola súa formulación inicial como polo uso que o goberno da Xunta fai del á hora de repartir o recadado.

En síntese, é evidente que esta non é a forma máis adecuada de retornar á sociedade unha compensación polo impacto xerado, pois é decrecente nun non contexto no que paradoxalmente está a aumentar. Polo tanto é necesario que o goberno galego faga unha profunda avaliación da situación e dialogue cos axentes afectados para introducir mudanzas, se é que non accede a transformar globalmente o marco enerxético e facelo desaparecer por outras fórmulas.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación :

Asume o goberno galego o fracaso do vixente canon eólico e a necesidade de superalo?

Vai rectificar o goberno galego e impulsar a participación pública no sector eólico como mecanismo para que unha parte dos beneficios xerados polo vento galego retornen ao pobo galego?

Considera o goberno galego necesario mudar o obxecto de gravame do canon eólico para adaptarse á nova realidade do sector?

Porque o goberno galego non busca outro mecanismo, como podería ser a potencia?

Considera o goberno galego que os concellos afectados pola expansión eólica están suficientemente compensados?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asume o goberno galego a necesidade de garantir por lei que os tributos autonómicos non poidan repercutirse na factura das persoas consumidoras?

Que valoración fai o goberno galego do Fondo de Compensación Ambiental? Estuda modificar a súa regulación e contías?

Por que o goberno galego non é máis transparente no destino da totalidade dos fondos recadados polo canon eólico?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2023 12:51:43

Ramón Fernández Alfonso na data 22/03/2023 12:51:47

Noa Presas Bergantiños na data 22/03/2023 12:52:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas que debería asumir o goberno ao respecto do programa REXURBE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O programa REXURBE foi posto en marcha en 2017 co fin de adquirir e rehabilitar inmobles e solares emprazados nos centros históricos. Segundo o programa electoral do PP do ano 2016, o obxectivo deste programa era rehabilitar até 1.500 vivendas e 350 locais comerciais. Unha aposta que se redobrou no programa electoral do PP en 2020, asegurando que rehabilitarían 3.000 vivendas.

Porén estes anuncios non pasaron de ser falsa propaganda electoral. Segundo os últimos datos publicados, dende o ano 2017 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda apenas logrou adquirir 59 inmobles, dos cais tan só 9 foron rehabilitados.

A falla de desenvolvemento do programa explícase pola negativa do goberno a dotala de recursos suficientes. O orzamento previsto inicialmente no ano 2020 foi de 8M€, mais a súa execución final foi de 3M€. No ano 2021 volveu a repetirse esta situación, tras anunciarse un investimento inicial de 10 M€, a execución final foi de 3, 2M€. Evidénciase, pois, que a parálise que sofre este programa é consecuencia dunha falla de vontade do goberno, que nin inviste fondos suficientes para acadar os obxectivos marcados, nin executa os que compromete.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulase a seguinte interpelación:

- Cantas vivendas foron rehabilitadas ao abeiro deste programa durante os anos 2020, 2021 e 2022?
- Cantos inmobles foron rehabilitados ao abeiro deste programa nos anos 2020, 2021 e 2022??
- De cantos inmobles e solares dispón o IGVS a través de REXURBE?
- Cal é o número de vivendas e inmobles das que dispón o IGVS?
- Cal é o número de vivendas que se atopan adxudicadas e ocupadas na actualidade?
- Cal é a previsión da Xunta en cuanto ao número de vivendas rehabilitadas para este ano 2023?
- Cal é o motivo da baixísima execución das partidas adicadas a este programa?
- Que actuacións vai afrontar a Xunta para aumentar sustancialmente os resultados deste programa?
- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a localización das actuacións?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 22/03/2023 13:14:33

Paulo Ríos Santomé na data 22/03/2023 13:14:38

Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2023 13:14:50





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Torrado Quintela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Consello de Contas evidencia, no seu último informe, un problema sinalado de xestión da sanidade de Galicia polo derivar a un centro privado unha tecnoloxía sanitaria doada para o tratamento de cancro no sistema público.

O caso, que ven de anos atrás, ten que ver cunha doazón feita pola Fundación Amancio Ortega ao sistema público de saúde. Esta doazón, que é unha boa nova para o sistema de saúde por aumentar a súa capacidade para tratamentos oncolóxicos, incluíu diversos aparataxes que foron destinados a centros sanitarios de Galicia. Entre eles, sendo esta unha doazón ao Sergas (que xestiona o sistema público), está unha clínica privada de A Coruña, o centro oncológico de Galicia. Este centro traballa, en parte, concesionado co sistema público e en parte cos seus clientes privados.

A tecnoloxía, cedida polo Sergas unha vez que foi recibida, utilízase por esta clínica para dar servizo tanto aos usuarios que veñen derivados do sistema público como aos seus propios pacientes vía privada. Ademais, e a pesares de que o centro asume un custe que paga ao Sergas pola citada aparataxe, logo cobra ao propio sistema público por tratar aos pacientes que son derivados. Por tanto, a realidade é que o goberno de Galicia destinou unha tecnoloxía de moito valor a unha clínica privada que obtén beneficio propio dela e que, despois, cobra ao propio goberno pola derivación de pacientes para os que usa esa mesma maquinaria.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 51817
Data envío: 22/03/2023 15:14:03.678

Esta situación surrealista é provocada pola decisión do goberno de Galicia de incluír a este centro como destinatario de parte destas doazóns, cuestión que o propio Consello de Contas sinala como irregular.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten previsto o goberno de Galicia atender ás indicacións do Consello de Contas sobre a xestión sanitaria respecto da doazón e empresas privadas de maquinaria destinada para o sistema público de saúde?
2. Que motivou que o goberno de Galicia incluíra ao centro oncológico de Galicia entre os destinatarios dunha doazón para o Sergas?

Santiago de Compostela, 22 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 22/03/2023 14:47:13

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/03/2023 14:47:21

Marina Ortega Otero na data 22/03/2023 14:47:33

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186856

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A industria do libro galego constitúe o primeiro sector cultural do país, declarado estratéxico pola Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia, e que leva unha década sufrindo multitude de problemas con descenso notables de produción e tamén dos índices de lectura en Galicia.

A crise da pandemia incidiu agravando notablemente a súa situación, tal como puxeron de manifesto no seu día a Asociación Galega de Editoras (AGE), a Federación de Librerías de Galicia (AELG) e a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG). E se ben é certo que globalmente o sector se vai recuperando, non o fai ao ritmo agardado e moito menos cando falamos do libro en galego.

O sector do libro sufriu ademais nesta última década unha forte redución das axudas e subvencións públicas nas últimas lexislaturas, a absoluta carencia de campañas de estímulo á lectura, o descenso de axudas a bibliotecas públicas e a falla de apoio ás librarías, entre outros asuntos.

O último barómetro ‘Hábitos de lectura e compra de libros 2022’ elaborado pola Federación de Gremios de Editores de España segue mostrando que Galicia está por baixo da media estatal na porcentaxe de lectores de libros en tempo libre (64,8 % media estatal, 61,7 % en Galicia), e mesmo cun índice menor que no ano 2021, de xeito que nos sitúa á cola de todo o Estado.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 51823
Data envío: 22/03/2023 15:16:18.147

O mesmo barómetro advirte tamén que só un 3,4% escolle a lingua galega como preferencia para a lectura e só o 4% ten o galego como lingua habitual de lectura, sen que o Goberno galego adopte ningunha medida para corrixir esta situación.

No documento de traballo do Consello da Cultura Galega (CCG) 'O sector do libro galego perante a crise da COVID-19' apúntase unha situación semellante: o descenso no consumo privado de libros. As familias gastan moito menos en libros non de texto que antes de 2008 e cada vez menos. Apunta tamén o informe un descenso moi importante no gasto das adquisicións en bibliotecas e na dotación dos principais programas de fomento do libro e da lectura, que sufriron grandes recortes nos últimos anos, nalgúns casos con descensos de máis do 50%.

Por outra banda, a lei 17/2006 establece na súa disposición adicional primeira que a Xunta de Galicia deberá presentar un Plan de fomento da lectura no que, ademais de contemplarse obxectivos e medidas, se determine unha periodización e o orzamento necesario para o seu desenvolvemento. Mais dezaseis anos despois Galicia segue sen contar con ese plan de dinamización da lectura a pesar dos múltiples anuncios do Goberno galego neste sentido.

A mesma lei determina no seu artigo 4 a elaboración, previa audiencia dos axentes do libro ou en colaboración con eles, plans e programas de actuación ademais de investigacións e estudos sobre os diversos aspectos que rodean o libro e a lectura para poder aplicar políticas eficaces. Mais dende a súa aprobación non se realizou ningún por parte do Goberno, fóra dos informes que realizan as entidades do sector e que semellan non ser tidos en conta pola Xunta de Galicia.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186858

@PSdeG



Todo o exposto evidencia o desleixo, a despreocupación e a falla de apoio do actual Goberno galego para co sector do libro, e por iso as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como valora o Goberno galego o cumprimento e desenvolvemento que está a facer da Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia?
2. Ten previsto incrementar as axudas e subvencións destinadas ao sector editorial galego e en especial as destinadas ao apoio á publicación en lingua galega?
3. Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos referidos a Galicia do barómetro 'Hábitos de lectura e compra de libros 2022', elaborado pola Federación de Gremios de Editores de España?
4. Como valora que Galicia ocupe os últimos postos entre as Comunidades Autónomas en porcentaxe de lectores e lectoras e teña empeorado os índices con respecto ao ano anterior?
5. Realizou a Xunta de Galicia algún estudo sobre a situación do sector do libro e os índices de lectura en Galicia, e nomeadamente do libro en galego?
6. Vai tomar a Xunta de Galicia algunha medida urxente para revertir esta situación e impulsar a lectura en lingua galega entre a cidadanía do noso país?
8. Cando ten previsto o Goberno galego aprobar o Plan de lectura ao que obriga a lei 17/2006?

Santiago de Compostela, 22 de marzo do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 51823
Data envío: 22/03/2023 15:16:18.147

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 22/03/2023 15:09:35

Noelia Otero Lago na data 22/03/2023 15:09:47

CSV: BOPGDSPG-nNE6FQS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186860

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e **Pablo Arangüena Fernández**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Ministerio de Xustiza, puxo a disposición dos axentes xudiciais unha nova versión do Sistema de Xestión Procesal Atenea, que se atopa en funcionamento dende o pasado luns 13 de marzo 2023 en todas as comunidades autónomas que non teñen as competencias transferidas introducindo melloras funcionais.

Un novo Sistema de Xestión Procesal que constitúe un paso máis na transformación dixital que vive o Servizo Público de Xustiza para ofrecer servizos acordes ás necesidades que ten a cidadanía.

Atenea incorpora nesta nova versión novidades que non estaban incluídas no seu antecesor, o Sistema de Xestión Procesal Minerva, e que estaban a ser demandadas polas persoas usuarias.

Está previsto que, con Atenea, as máis de 230 mil itineracións de trámite realizadas no último ano, se rexistren de maneira automática, axilizando o proceso de tramitación e aforrando un tempo estimado de case 8.000 horas de traballo manual ao ano.

Durante o ano 2021, o Ministerio de Xustiza afrontou a migración tecnolóxica do seu Sistema de Xestión Procesal Minerva, coa creación deste novo sistema de xestión do Expediente Xudicial Electrónico, que permite á





Administración de Xustiza prestar á cidadanía un servizo público que se adapte ao novo marco da sociedade dixital.

Funcionalmente, Atenea é similar ao anterior sistema Minerva, polo que se pode reutilizar a infraestrutura xurídica que xa está despregada. Ademais, ambos sistemas poden convivir sen necesidade de que se produza unha migración de datos dende Minerva, xa que poden traballar sobre unha mesma base de datos común.

En Galicia dende o ano 2008 utilízase o sistema de xestión procesual Minerva, e nos últimos anos vense denunciando moitos fallos de funcionamento e unha ralentización que aconsellan avanzar cara un programa máis axeitado.

Coa necesidade de avanzar no noso territorio na implantación do expediente electrónico dende o grupo socialista entendemos que a implantación deste novo sistema Atenea facilitaría o camiño cara esa necesaria transformación dixital.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Está a cumprir o Goberno galego os obxectivos de dixitalización da Administración de Xustiza previstos no Plan Senda 2025?

Santiago de Compostela, 22 de marzo do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2023 11:43:44
Nº Rexistro: 51848
Data envío: 23/03/2023 11:43:44.346

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 23/03/2023 11:39:50

Pablo Arangüena Fernández na data 23/03/2023 11:39:59

CSV: BOPGDSPG-nNE6FOS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186863

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2023 11:45:04
Nº Rexistro: 51854
Data envío: 23/03/2023 11:45:04.815

Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O 17 de febreiro de 2023 o Diario Oficial de Galicia recollía a delegación de competencias da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, distribuíndo parte das súas funcións entre diversos órganos. O propio DOG expoñía que o funcionamento da consellería supoñía unha concentración de funcións en torno ao seu titular que aconsellaba recorrer á delegación de competencias noutros órganos ante o alto volume de competencias.

Deste xeito incluíuse unha serie de delegacións na Secretaría Xeral Técnica, na Secretaría Xeral de Industria, na Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, na Dirección Xeral de Comercio e Consumo e nas xefaturas territoriais.

Esta decisión vén a mudar a estrutura de gobernanza da Consellería de Economía, Industria e Innovación sen que o seu titular teña explicado cales foron os motivos para reorganizar o seu departamento, se houbo erros de funcionamento ou debilidades na gobernanza que repercutiran na xestión pública.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186864

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2023 11:45:04
Nº Rexistro: 51854
Data envío: 23/03/2023 11:45:04.815

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Que erros de funcionamento detectou o goberno na Consellería de Economía, Industria e Innovación para mudar a súa gobernanza a través da delegación de diversas competencias noutros órganos?

Santiago de Compostela, 22 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/03/2023 11:36:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/03/2023 11:36:46

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186865

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-nNE6FQS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a actuación a levar a cabo pola Xunta de Galiza diante dos incumprimentos da empresa adxudicataria do servizo de salvamento marítimo de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa no ano 2020, este Grupo denunciaba, mediante distintas iniciativas rexistradas no Parlamento, determinados incumprimentos da empresa Babcock International, agora Chamada Avincis, adxudicataria dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza, dependentes da Consellaríado Mar, para o desenvolvemento de labores de vixilancia, loita contra a contaminación e salvamento marítimo.

Naquel momento entre outras cousas solicitabamos:

- “As investigacións que determinen as posíbeis responsabilidades nas que a empresa Babcock España podería estar incurrindo respecto das cláusulas do contrato“
- “Determinar as responsabilidades da empresa adxudicataria en canto ás normativas que regulan as actividades que se recollen no contrato“.

A ambas as dúas propostas o Partido Popular votou NON na sesión da Comisión de Pesca do 22 de xaneiro de 2021. No entanto, todo indica que o incumprimento por





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parte da empresa dalgunhas das condicións establecidas no prego de contratación segue a ser manifesto, sen que nos conste que a Consellería estea a velar pola estrita execución do contrato.

Incumprimentos que non serían puntuais ou excepcionais senón sistemáticos e constantes e que estarían a someter, ademais, a unha situación intolerábel aos traballadores da adxudicataria, razóns máis que suficientes para ser motivo de atención e actuación inmediata por parte da Consellería do Mar, xa que se trata dun servizo vital para a xente do mar que de ningún xeito pode poñer en perigo nin ás tripulacións nin á resposta da seguridade no mar a aqueles que a necesiten.

O Pliego de Prescripciones Técnicas Particulares en vigor, sinala:

No punto 2.3 Misiones a realizar

2.3.1. Este servicio consiste en la operación técnica de las aeronaves objeto del contrato para la realización de las misiones propias del Servicio de Guardacostas de Galicia...

c) Colaboración con el 061 para el transporte de heridos, enfermos y cualquier tipo de accidentados, entre los puntos que se designen de la acción y de las atenciones primarias de urgencias y de hospitalización.

A normativa en vigor establece unha serie de requisitos legais en materia de aeronavegabilidade e licenzas para outras actividades aeronáuticas e distingue entre distintos tipos de voos, deixando claro que as “misiões de rescate“ e o “transporte sanitario“ non son o mesmo. Este último, por exemplo, esíxelle aos pilotos un maior adestramento en simulación de emerxencias en voo que non nos consta que leven a cabo os da empresa mencionada.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No punto 2.6 *Tiempo de resposta, inoperatividades y helicóptero de sustitución.*

2.6.5 *Dadas las características de este servicio, es primordial garantizar su continuidad. Así con el objeto de mantener el estado de máxima operatividad del servicio, en caso de que un helicóptero quedara fuera de servicio por cualquiera causa, la empresa adjudicataria pondrá a disposición de la consellería otro helicóptero de características y prestaciones igual o superiores en el menor tiempo posible (plazo máximo de relevo de 48 horas desde la interrupción del servicio) sin cargo alguno para la consellería.*

2.6.6 *Asimismo, para los períodos de revisión obligatoria, mantenimiento o cualquier otra parada técnica programada o previsible, la empresa adjudicataria pondrá a disposición de la consellería un helicóptero para su relevo temporal, de las características que se indican en este pliego, de modo que durante estos períodos no se interrumpa en ningún momento la prestación del servicio, por lo que antes de la retirada del helicóptero operativo, el adjudicatario deberá acercar el nuevo aparato que realizará el servicio mientras se realizan las oportunas revisiones.*

2.6.8 *Las características básicas del helicóptero de sustitución y su equipación, no serán inferiores a las exigidas a los helicópteros del Servicio y que se señalan como especificaciones técnicas en el punto 2.8.2., por lo que la oferta deberá especificar que unidades de sustitución son las ofertadas.*

2.6.9 *La empresa adjudicataria no podrá efectuar sustituciones de las aeronaves sin conocimiento ni aceptación previo de la consellería.*

Tal e como denunciabamos no 2020, estes puntos nin se cumprían daquela nin se están a cumprir na actualidade. Os helicópteros “titulares“ non son substituídos por





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outros das mesmas ou similares características. Moi ao contrario, as características das aeronaves “substitutas“ impiden, precisamente, que se poidan realizar os rescates con garantías e resultados. De feito, foron desbotadas polo ente público estatal SASEMAR as que agora prestan servizo en substitución das titulares no servizo de Gardacostas de Galiza.

Polo tanto, ademais da envergadura do incumprimento e das consecuencias que isto pode ter, a Administración galega está a pagar helicópteros, en todos os casos, dunhas prestacións superiores que non se corresponden coas dos que funcionan grande parte do ano.

Sería, ademais, de gravidade extrema o incumprimento do punto 2.6.9 e que a empresa realizase substitucións sen o coñecemento e a aceptación previa da Consellería, porque o Servizo de Salvamento Marítimo está para salvar vidas no mar, a comezar polas dos propios tripulantes dos helicópteros, non para poñelas en risco e/ou perdelas.

No punto 2.8.2 *Los helicópteros corresponderán como mínimo a las siguientes especificaciones técnicas*, recóllense precisamente as especificacións técnicas dos helicópteros. Moitas delas non se cumpren no caso dos de substitución e algunhas incluso nos titulares. De feito, xa teñen ocorrido percances de seguridade que a Xunta de Galiza deba non só coñecer, senón tomar as medidas para evitalos.

No punto 2.8.4 *Hangarización de los helicópteros*.

Tanto el helicóptero situado en la base de Vigo, como el que está en la base de Viveiro deberán poder acceder al interior de sus respectivos hangares, por lo que se indica a continuación las medidas máximas para poder acceder:

- *Hangar de Celeiro : 4,60 m. de alto, 18 m. de largo y 15 m. de ancho de la*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

puerta.

- Hangar de Vigo: 6,40 m. de alto, 20 m. de largo y 15 m. de ancho de la puerta.

No 3.4.2 Obras a construir por la Administración.

La Administración no tiene prevista la realización de cualquier tipo de obra o instalación fija en las bases de los helicópteros. Con todo, si en el futuro se considerara tal necesidad en una mejora cualitativa del servicio de que se trata, se procedería a la redacción de los oportunos proyectos y a la ejecución de los mismos dentro de los sistemas establecidos en la normativa vigente. La responsabilidad de custodia y mantenimiento de las instalaciones así realizadas recaería sobre el empresario adjudicatario del servicio quien, finalizado el período de contrato vendría en la obligación de la entrega de aquellas a la Administración, en perfecto estado del uso para que fueran creadas.

No 3.4.3 Obras o instalaciones a construir por el adjudicatario del servicio. *Cualquier tipo de instalación que la empresa contratista considere necesario llevar a cabo en las bases, para dar cumplimiento a las exigencias del presente pliego, las realizará a su cuenta (previo permiso explícito de la CM), quedando obligado a la entrega de aquellas susceptibles de uso para los fines del Servicio de Guardacostas, a la Administración, en perfecto estado de conservación. Asimismo estará obligado a retirar aquellas instalaciones que la propia Administración no considerara convenientes a los fines antes citados.*

No caso do hangar de Viveiro son perfectamente visíbeis dende o exterior do mesmo a cantidade de manobras que os traballadores do servizo teñen que realizar para facer entrar ou saír os helicópteros de substitución que, segundo o seu propio fabricante, miden 4,98 metros.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este aspecto, que pode parecer menor, adquire gran importancia cando, por exemplo, todas esas manobras se convirten nun obstáculo no momento no que xorde unha emerxencia e o tempo de resposta á mesma se ve incrementado por este motivo e por non se teren realizado en ningún momento as obras necesarias.

En canto ao punto 4.- *Personal*, a Xunta de Galiza debera realizar un seguimento exhaustivo de todos e cada un dos requisitos que se establecen no prego porque o incumprimento dun ou varios poderían significar serios problemas de seguridade para o desenvolvemento dun servizo para o que se esixen características moi singulares e para os propios traballadores que o desempeñan

O Goberno galego adxudicou no seu día un contrato cunhas condicións moi específicas e claras que se están a incumprir impunemente. As consecuencias desa impunidade e desa irresponsabilidade vennas sorportando un persoal sometido a constante presión e mesmo a despidos. E o verdadeiramente inaceptábel nun servizo destas características e coa función primordial de salvar vidas é que non se respecten escrupulosamente as condicións establecidas e que a adxudicataria, a Xunta de Galiza, non o vixie e non o impida con toda contundencia.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que valoración fai o Goberno galego da prestación do servizo de Salvamento Marítimo de Galiza, nomeadamente do cumprimento de todas e cada unha das cláusulas establecidas no contrato de adxudicación?

. Que actuacións ten levado a cabo a Xunta de Galiza dende o ano 2020, data da última denuncia deste grupo no Parlamento, para comprobar se a empresa agora





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

chamada Avincis cumpre rigorosamente todas e cada unha das cláusulas do contrato dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros de Salvamento Marítimo de Galiza?

. Ten coñecemento dos feitos que este Grupo denunciaba daquela e dos que denuncia agora? De ser así, por que non ten actuado para corrixilos e evitar males maiores?

. Está a Xunta de Galiza en condicións de asegurar que está a cumprir as condicións do contrato de adxudicación en canto ás prerrogativas que este lle outorga sobre control, inspeccións e penalizacións á empresa adxudicataria?

. Diante da gravidade dos feitos que se veñen producindo, vai a tomar as medidas que poñan fin á situación de impiedade na que actúa a empresa?.

. Considera que as actuacións que se veñen dando por parte da empresa, tanto cos seus propios traballadores como coa propia prestación do servizo, merecen seguir sen consecuencias de ningún tipo?.

. Considera que existe proporcionalidade entre a prestación do servizo e o que todos os galegos e galegas pagamos por el?

. Vai iniciar as actuacións precisas para tomar a xestión pública do Servizo de Gardacostas de Galiza?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 23/03/2023 11:53:49

Carmela González Iglesias na data 23/03/2023 11:53:54

Rosana Pérez Fernández na data 23/03/2023 11:54:08





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a responsabilidade da Xunta de Galiza no bloqueo termal da cidade de Ourense, singularmente das Burgas, e do fracaso da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dese hai anos, a cidade de Ourense continúa a arrastrar a incapacidade do bipartito PP-Democracia Ourensana e da propia Xunta de Galiza para desbloquear as repercusións negativas da lei de aproveitamento termal e superar a falta de planificación e dilixencia das diferentes partes.

Ata o momento de entrar en vigor a lei, Ourense tiña nos aproveitamentos termais un dos seus potenciais vectores de crecemento e desenvolvemento económico. Así mesmo, a cidade de Ourense foi no pasado unha referencia na existencia de espazos de desfrute termal de acceso e xestión pública, democratizando o seu use e desfrute por parte da veciñanza ourensá con independencia do seu nivel de renda. Non en balde, o Parlamento galego aprobou no ano 2008, a impulso do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a declaración de Ourense como capital termal.

Porén, nos últimos anos, lonxe das esperanzas postas naquel consenso e no consenso ourensán arredor daquel primeiro Plan Estratéxico Termal de Ourense impulsado no Concello, a evolución do termalismo en Ourense estivo limitada pola falta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de apoio da Xunta de Galiza e a desidia e bloqueo político dos dous últimos gobernos municipais. Entre outros problemas, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego temos sinalado o enfoque reduccionista centrado exclusivamente no turismo e sen unha avaliación rigorosa (como demostra o Plan de Turismo Termal), a falta de aposta pola conexión da realidade termal co Campus da Auga e a investigación, a carencia dunha estratexia de saúde pública, a necesidade de recuperación patrimonial e cultural (BIC das Burgas, Tinteiro...), as distorsións da xestión estatal dos ríos ou a necesidade de cumprir transformacións pendentes (boulevard termal, reforma da zona do matadoiro, etc).

Malia os globos sonda da Xunta e do Concello e o simulacro de acción da creación da “área termal”, a desidia e a falta de colaboración política e institucional entre Xunta e concello é, nestes momentos, a responsábel de que as termas de Ourense, singularmente As Burgas, estean sen abrir ao público furtando un dereito á veciñanza e unha oportunidade de dinamización económica nun momento complicado para unha zona tan castigada. Máis aínda, a Xunta vén de confirmar que até 2024 non estará operativo este enclave tan importante.

Esta situación require de explicacións, asunción de responsabilidades e medidas para a súa axilización e compensación.. É necesario superar a falta de capacidade da Xunta de Galiza e do Concello de Ourense para relanzar a actividade termal en Ourense e adaptar as instalacións ás novas condicións derivadas da situación de pandemia e da aplicación da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é a valoración da Xunta de Galiza do seu fracaso coa nova lei de aproveitamento termal?

- Que responsabilidades asume a Xunta de Galiza polo bloqueo termal á cidade de Ourense e a confirmación de que, como cedo, As Burgas aínda deberá esperar ata 2024?

- Cal é a previsión por parte da Xunta de Galiza para a reapertura da totalidade instalacións termais públicas do Concello de Ourense?

- Que recursos económicos destinou ou vai destinar?

- Como vai compensar a cidade de Ourense por esta desfeita?

- Asume o goberno galego que erraba na aplicación de orzamento cero para a aplicación da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza?

- Canto ten custado xa ao erario público a súa falta de adecuación?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Daniel Pérez López

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/03/2023 13:34:29

Daniel Pérez López na data 23/03/2023 13:34:32

Noa Presas Bergantiños na data 23/03/2023 13:34:40





Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O noso rural, tal como foi, tal como aínda pode ser, é fonte de riqueza permanente, seguridade de supervivencia nosa, propia, e un medio útil, achegado e real de mantemento da poboación no lugar a onde pertencemos, que, non nos enganemos, é a principal arela do ser humano, vivir onde nacemos e medramos, aínda que estea ben coñecer o resto do mundo mentres tanto. Pero para que isto ocorra temos que prestarlle atención, porque deixalo á deriva, tal e como se ven facendo dende hai demasiadas décadas, trae de seu o que está pasando: o rural morre. Pero non morre porque se esgote, morre porque o matan outros intereses a curto prazo case nunca ben intencionados". Son palabras coas que desde as Anpas galegas reivindicamos algo tan básico e xusto como que as nenas e nenos do rural galego poidan gozar os mesmos dereitos que o resto de nenas e nenos do país; dereito a un ensino público de calidade e dereito ás mesmas oportunidades. Esta desigualdade e a falta de oportunidades redonda nun rural que esmorece. Na defensa desta igualdade de oportunidades, desde a Confederación de Anpas se ten asumido un papel activo e construtivo que cristaliza na publicación dun completo estudo que radiografía e recolle as demandas e necesidades para abordar un plan específico para o ensino rural galego.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2023 17:45:33
Nº Rexistro: 51902
Data envío: 23/03/2023 17:45:33.498

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Consideran aceptable a ausencia dunha estratexia ou plan específico para paliar as dificultades e desigualdades que denuncian as familias que viven no rural en canto a oportunidades educativas, formativas e laborais?
2. Que valoración fai do traballo realizado polas Anpas Galegas arredor da situación e desigualdades do ensino no rural?
3. Que medidas ten implementado a Xunta durante estes anos para atallar o esmorecemento do rural e a falta de oportunidades para a mocidade e infancia no ámbito educativo no rural?

Santiago de Compostela, 23 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 23/03/2023 17:42:04

Noa Susana Díaz Varela na data 23/03/2023 17:42:12

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186879

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a negativa da Xunta de Galiza a convocar as axudas ao aluguer de vivenda habitual recollidas no Plan estatal de vivenda 2022-2025 para a anualidade de 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o bono alugueiro á mocidade e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, publicado no *Boletín Oficial del Estado* núm. 16, do 19 de xaneiro de 2022, establece no seu capítulo III do título II un programa de axuda ao alugueiro de vivendas, o cal ten por obxecto facilitar o goce dunha vivenda en réxime de alugueiro a sectores de poboación con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas arrendatarias.

A Xunta de Galiza, no uso das súas competencias, é a Administración responsable da convocatoria destas axudas. Porén a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda non realizou a convocatoria que correspondería para o ano 2022. A resolución de 29 de novembro de 2022 que establecía as bases reguladoras de dita subvención apenas abre o prazo de convocatoria para o ano 2023. Desta forma deixouse sen a posibilidade de solicitar dita axuda a aquelas unidades de convivencia con baixos recursos que agardan poder facelo dende abril de 2021- data na que se pechou a anterior convocatoria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, ao longo do ano 2022 apenas puideron pedir a axuda ao aluguer aquelas familias que xa as tiñan concedidas de anos antes e que se puideron acoller ao procedemento de renovación da axuda.

Non é a primeira vez que a Xunta de Galiza non realiza a convocatoria anual destas axudas. No ano 2020, no peor da pandemia, o goberno galego deixou sen convocar as axudas ao aluguer de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021.

A non convocatoria nos anos 2022 e 2020 non só ten efectos no investimento desas anualidades, senón que ten tamén efectos no volume de persoas que poden solicitar a prórroga das axudas nas seguintes anualidades.

Xa de seu, resulta inaceptable a reiteración por parte do goberno galego na non convocatoria dunhas axudas ás que os galegos teñen dereito. Pero, ademais, resulta extremadamente grave que, ante o contexto actual de aumento dos prezos dos arrendamentos, a Xunta non só se negue a actuar procurando frear a súa suba, senón que ademais bloquea a única subvención á que se poden acoller ás familias con menores recursos. A Xunta, pois, castiga aos galegos e galegas a non poder acceder aos recursos públicos aos que teñen dereito.

Para alén disto, a convocatoria para o ano 2023 establece un período de solicitude que vai do 2 de xaneiro ao 5 de maio, é dicir, que aquelas familias que se vexan na necesidade de acollerse a estas axudas para poder seguir facendo fronte ao pago do alugueiro pasado este período non teñen posibilidade de recibir ningunha axuda. Estas familias quedarían á espera dunha nova convocatoria no 2024, sen garantía de que isto suceda visto o historial de incumprimentos da Xunta de Galiza.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que motivo a Xunta de Galiza non convocou as axudas ao aluguer de vivenda habitual para a anualidade 2022?
- Considera a Xunta de Galiza que as familias con baixas rendas poden agardar meses e incluso anos para poder acceder a esta subvención?
- Vai o goberno galego a compensar a non convocatoria destas axudas no ano 2022?
- Cal foi o destino dos fondos do Plan estatal de vivenda 2022-2025 achegados polo goberno central para a anualidade 2022?
- Considera suficiente o período de solicitude establecido para estas axudas no 2023?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/03/2023 10:30:07

Paulo Ríos Santomé na data 24/03/2023 10:30:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 24/03/2023 10:30:24





Á MESA DO PARLAMENTO

Martín Seco García, Patricia Otero Rodríguez e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O grupo portugués ALTRI, especializado en produción de fibras celulósicas, celulosa e produción de polpa, anunciou un investimento de máis de 850 millóns de euros para xerar máis de 2.500 postos de traballo directos e indirectos na creación dunha bio-fábrica de fibras téxtiles sostibles, que anunciou que estaría operativa en 2026.

A empresa lusa anunciou que o denominado “Proxecto Gama” estaría situado na localidade de Palas de Rei. Este proxecto supón a creación dunha planta para a elaboración de pasta soluble de papel, cunha capacidade para producir 200.000 toneladas ao ano que se integrará parcialmente na produción de fibras téxtiles de orixe forestal, concretamente de lyocell, cunha capacidade inicial de 60.000 toneladas ao ano, ata alcanzar a máxima capacidade instalada de 200.000 toneladas anuais.

O proxecto persegue ser un referente a nivel mundial por ser a primeira fábrica de produción integrada de polpa soluble e lyocell, supoñendo unha contribución crítica para a descarbonización da industria manufactureira e a minimización do seu impacto ambiental, posicionando a España á cabeza da innovación en descarbonización e sustentabilidade do sector polpa e téxtil, que ao día de hoxe representa máis de 10% das emisións globais de CO2.

O proxecto de bio-fábrica de fibras téxtiles sostibles de ALTRI en España foi declarado Proxecto Industrial Estratéxico (PE), demostrando o seu impacto





transformacional, aliñado cos obxectivos Next Generation UE, a creación de emprego e relevancia do investimento comprometido.

No proxecto de bio-fábrica de fibras téxtiles sostibles fálase de descarbonización, circularidade e sustentabilidade do sector téxtil e anuncian que en pleno funcionamento non utilizarán combustibles fósiles e incorporarán unha unidade de reciclaxe de residuos téxtiles.

A Xunta de Galicia creou en 2021 a sociedade IMPULSA que conta coa participación de ABANCA nun 38 %, de Reganosa nun 12 % e Sogama nun 10%, quedando o goberno galego cun 40% de participación, unha sociedade público-privada creada con fin de axilizar iniciativas empresariais tractoras que incidan na dinamización, o progreso e a transformación da economía galega a través dun modelo verde e dixital.

Esta sociedade di que desexa converter ideas en proxectos tractores, buscar inversores e incorporar socios que acompañen a ditas iniciativas, facendo efectiva a colaboración entre institucións públicas e privadas para a posta en marcha e consolidación de propostas empresariais, tamén di que presta servizos de asesoramento para consolidar as iniciativas empresariais, como pode ser a administrativa.

A empresa promotora da planta de fibras téxtiles, transmite que están na fase máis crítica da preparación do proxecto, definindo as fontes de financiación para desenvolvelo e que tomarán decisións sobre éste a finais do primeiro semestre deste ano. Nesa liña o goberno do Estado ten posto en marcha diferentes PERTE's para acceder ás axudas de recuperación da Unión Europea, uns fondos que chegan ao Estado español despois da negociación do Presidente do Goberno para modernizar a economía e a industria do noso país e que poden ser unha oportunidade para proxectos como o plantexado pola empresa ALTRI en Galicia.





O goberno galego e a sociedade mixta IMPULSA deben de utilizar as súas competencias para identificar e asesorar á empresa ALTRI para a consecución de fondos europeos nas liñas de PERTE establecidas polo goberno do estado, como a de economía circular ou o de descarbonización, co fin de conseguir que este proxecto sexa unha realidade neste 2023. A administración galega debe poñer a disposición da empresa promotora os equipos da administración galega para a consecución desta inversión necesaria e os mecanismos necesarios para articular este ambicioso proxecto para a nosa terra.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

- Asesorou o goberno galego e a sociedade IMPULSA á empresa promotora para acceder aos fondos de recuperación europeos nas diferentes liñas de PERTE plantexadas polo goberno do estado?
- Cales son as iniciativas presentadas para acceder ás liñas de PERTE existentes?
- Que outras vías de financiación e apoio técnico e económico ten previstas o goberno galego e a sociedade IMPULSA para que a empresa ALTRI decida implantar a fábrica de fibras téxtiles en Palas de Rei?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 24/03/2023 12:08:30





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2023 12:22:41
Nº Rexistro: 51929
Data envío: 24/03/2023 12:22:41.064

Patricia Otero Rodríguez na data 24/03/2023 12:08:47

María Leticia Gallego Sanromán na data 24/03/2023 12:08:57

CSV: BOPGDSPG-nNE6FQS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186887

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de marzo de 2022 fíxose público o “Anteproxecto de informe de fiscalización horizontal sobre percepcións económicas dos salariais e indemnización de gastos efectivos en entidades locais: indemnización por razón de servizo, asistencias e outros cargos”. Este documento do Consello de Contas forma parte do plan anual de traballo para o exercicio de 2021, aprobado o 22 de decembro de 2020.

O citado informe foi obxecto de reprogramación, a última a finais de 2022 (Plan anual de traballo para o 2023) debido a unha nova comunicación do concello de Valga relativa ás percepcións por asistencia a órganos colexiados.

Unha das conclusións do informe é que edís dos gobernos municipais de Valga cobraron dietas ilegais desde o ano 1991 até o 2017. Segundo Contas, “tanto as reunións como as percepcións de asistencia á comisión de coordinación non se adecúan á legalidade ao non estar previsto como órgano complementario no Regulamento Orgánico Municipal”.

Contas sinala que a creación da chamada “comisión de coordinación de concelleiros/as delegados/as” fíxose o 15 de xuño de 2017 mediante acordo plenario, en tanto que “órgano complementario de natureza consultiva e deliberante”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O artigo 14 in fine do ROF establece que “de cada sesión da Comisión de Coordinación levantárase acta por parte dun concelleiro/a designado no seu caso, e que terá a condición de concelleiro/a Secretario/a da Comisión de Coordinación...”. O informe de Contas deixa clara a ilegalidade desta previsión ao conculcar “a esixencia legal de que sexa un funcionario/a público quen actúe como secretario/a da devandita comisión de coordinación”.

O Consello establece unhas recomendación ao concello de Valga para garantir o funcionamento legal da citada Comisión de Coordinación, adaptándoa ao marco xurídico vixente en relación coa presenza preceptiva como secretario/a de funcionario/a público que vele pola legalidade formal e material das actuacións do órgano colexiado, certifique as súas actuacións e garanta que os procedementos e regras de adopción de acordos son respectados. Máxime cando as persoas asistentes á Comisión reciban asistencia pola concorrencia efectiva.

O consello de Contas tamén advirte da obriga de control interno e de reparo da intervención sobre as operacións non conformes co marco xurídico aplicábel. Así mesmo sinala a obriga de remisión ao CCG da información relativa ao exercicio do control interno.

En canto aos pagamentos percibidos en concepto de asistencia a esta comisión ilegais o Consello sinala que se aprobaban por decreto da alcaldía, sen reparo da intervención. Este asunto foi motivo dunha denuncia penal pola que se incoaron dilixencias previas que foron sobresidas pola Xulgado de Caldas.

A análise da documentación achegada polo concello de Valga pon de manifesto o incumprimento da normativa legal desde o ano 1991 e a percepción irregular de cantidades económicas desde esa data.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O informe inclúe na páxina 69 un cadro de percepcións desde o 17 de xuño de 2017 até o 31 de decembro de 2021.

V.4.4. IMPORTE DAS ASISTENCIAS Á COMISIÓN DE COORDINACIÓN

Do 17 de xuño de 2017 ata o 31 de decembro de 2021 o Concello de Valga realizou o pagamento dos seguintes importes, de conformidade coa información facilitada pola dita entidade:

Cadro 13: Desagregación dos importes percibidos por asistencia ás Comisións de Coordinación (2017-2021)

Concelleiro/a Delegado/a	Importe das asistencias	Número de asistencias percibidas
Alcaldía-Presidencia da Corporación	18.190,00	223
Obras, Servizos, Urbanismo, Medio Ambiente e Desenvolvemento	14.150,00	220
Turismo, Novas Tecnoloxías e Escola de Música*	9.175,00	146
Economía, Facenda, Contas e Patrimonio	13.925,00	216
Cultura e Xuventude	5.475,00	73
Deportes	13.725,00	213
Protección, Civil, Seguridade e Interior	12.800,00	199
Total	87.440,00	1.290

*Inclúese o mandato de dúas Concelleiras-Delegadas.

O informe do Consello de Contas tamén advirte de irregularidades graves nos concellos de Catoira, Trazo e Vilasantar.

No caso de Catoira, por percepción por parte do alcalde como dietas de 15.600 euros que deberían ser percibidos como salario.

No caso de Vilasantar, incorrecta xustificación de dietas e gastos de locomoción entre novembro de 2017 e xaneiro de 2019.

No referido a Trazo, 37.000 euros en comidas sen a debida xustificación, entre outros gastos protocolarios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o BNG, a Xunta non pode permanecer impasíbel diante desta administración irregular dos recursos públicos e desta conculcación da normativa reguladora das administracións públicas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que valoración fai a Xunta sobre o informe do Consello de Contas que pon de manifesto irregularidades na percepción de indemnizacións por parte de representantes públicos dos concellos de Valga, Catoira, Vilasantar e Trazo?

Comparte a Xunta o modo de funcionamento destes concellos e a actuación dos seus responsábeis políticos?

Como valora a Xunta o obstruccionismo ao labor do Consello de Contas?

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para velar pola integridade e a exemplaridade dos representantes públicos?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 24/03/2023 12:51:01

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/03/2023 12:51:05

Xosé Luis Bará Torres na data 24/03/2023 12:51:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a necesaria atención do goberno da Xunta á demanda de creación do Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola demanda social e profesional de que a Xunta se pronuncie canto antes a respecto da proposta de creación do Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Comisión 4^a celebrada o pasado venres 24 de marzo o Partido Popular votou en contra da proposta de creación do Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela. Deste xeito, o PP ratificábase no mesmo voto negativo emitido na comisión do 30 de outubro de 2020, actuando como freo que imposibilita o avance da formación profesional en danza en Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A única oferta de formación en danza pública e dependente da Xunta de Galiza reside no Conservatorio Profesional de Lugo, iniciada a súa andaina no curso 2003-04.

Esta localización xeográfica non dá resposta ao retrato poboacional de boa parte do noso país, dificultando, cando non impedindo, que as interesadas do centro e sur de Galiza accedan a esta formación.

A demanda do Conservatorio Profesional de Danza en Compostela, corazón xeográfico do noso país, está avalada por unhas 5.000 sinaturas de apoio e polos estudos de demanda realizados, en Compostela e comarca, desde hai anos pola Plataforma e dos que todos os grupos parlamentarios somos coñecedores. Unha información que a Plataforma tamén quixo entregar ao Conselleiro de Cultura, Educación, Ordenación universitaria e FP, mais que, dous anos despois, aínda non tivo a ben recibir.

Asemade, é público o compromiso do goberno municipal compostelán a cederlle á Xunta os terreos necesarios para a posta en marcha do Conservatorio Profesional de Danza en Compostela.

Nas últimas semanas, o deputado do grupo parlamentario do PP e candidato á alcaldía de Compostela nas vindeiras eleccións do 28 de maio, Borja Vereja, manifestaba publicamente o seu compromiso coa execución deste proxecto, agora desautorizado e desacreditado por este novo voto en contra do PP que nega calquera oportunidade para iniciar un proxecto que garantiría o acceso á cultura como un dereito para unha parte moi importante de galegos e galegas.

Unha decisión incomprensíbel que causou profunda decepción ao non entenderen esta nova decisión despois de ter manifestado en recentes reunións, tanto Borja Vereja como a presidenta da Comisión de Cultura Teresa Egenique, o apoio á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesaria creación dun centro de ensino destas características en Santiago de Compostela.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Vai rectificar a Xunta escoitando o clamor social e profesional do mundo da danza e do ensino, recibindo de urxencia a Plataforma pola creación dun Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela para comprometer prazos, orzamento e localización?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2023

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2023 10:00:19

Xosé Luis Rivas Cruz na data 28/03/2023 10:00:33

Mercedes Queixas Zas na data 28/03/2023 10:00:43

Rosana Pérez Fernández na data 28/03/2023 10:00:52

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/03/2023 10:01:01

Daniel Pérez López na data 28/03/2023 10:01:10

Iria Carreira Pazos na data 28/03/2023 10:01:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2023 10:01:29

Daniel Castro García na data 28/03/2023 10:01:41

María del Carmen Aira Díaz na data 28/03/2023 10:01:50

Noa Presas Bergantiños na data 28/03/2023 10:02:35

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/03/2023 10:02:52

María González Albert na data 28/03/2023 10:03:02

Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2023 10:03:41

María Montserrat Prado Cores na data 28/03/2023 10:03:54

Alexandra Fernández Gómez na data 28/03/2023 10:04:03

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/03/2023 10:04:12

Paulo Ríos Santomé na data 28/03/2023 10:04:19

Carmela González Iglesias na data 28/03/2023 10:04:26





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data 17-02-2023 dáse conta oficialmente da detección do serotipo 4 do virus da Lingua Azul por parte dos Servizos Veterinarios da Xunta de Galiza, en catro explotacións “centinela” de bovino, sitas nos concellos de Fornelos de Montes e As Neves, en Pontevedra e Sarreaus e máis Castro Caldelas en Ourense.

Trátase dunha doenza vírica que se transmite por medio de mosquitos do xénero culicoides e que afecta a ruminantes de diferentes especies, tendo especial interese no noso País en vacas, ovellas e cabras.

Esta doenza xa afectara en 2.008 e 2.009 na nosa comunidade efectuándose naquela altura unha campaña de vacinación.

O día 7 do presente mes de marzo iniciouse a campaña de vacinación gratuíta e obrigatoria para gando bovino e ovino nas provincias de Ourense e Pontevedra e nas comarcas de Sarria, Chantada e Terra de Lemos e Quiroga en Lugo. No gando bovino a vacinación faise en dúas doses cun período intermedio de 21 días.

Neste tempo e debido á temporada, estamos aínda no inverno, o vector transmisor oficialmente está desaparecido sendo abril o mes en que os insectos do tipo





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mosquito comezan a súa actividade picadora. Isto non é totalmente certo, pois nalgunhas zonas obsérvase actividade entomolóxica no trampeo non oficial.

Na campaña de vacinación anterior observáronse un bo número de reaccións adversas á vacinación tanto en ovino coma en bovino con mortes, abortos en ocasións tardíos... Non sabemos se desta vez se prevén estas incidencias, mais consideramos que esta campaña e vistos os precedentes, debería ir acompañada dun protocolo de seguimento de efectos adversos (mortes, abortos...), así coma de compensacións destes e dos prexuízos ocasionados aos gandeiros polas inmovilización de animais e a súa posible prohibición de compra ou venda.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Teñen previsto dende o goberno algún protocolo de seguimento de reaccións adversas á aplicación da vacina da Lingua Azul nesta campaña iniciada en marzo deste ano, e que abrangue ás provincias de Pontevedra, Ourense e o sur da de Lugo, vistos os precedentes da campaña anterior?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2023

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/03/2023 10:09:55

María González Albert na data 17/03/2023 10:09:58

María del Carmen Aira Díaz na data 17/03/2023 10:10:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández, Carmen Aira Díaz e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as necesidades educativas da unidade de psiquiatría infanto-xuvenil do HULA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A unidade de psiquiatría infanto-xuvenil do HULA é a de referencia para as case 40.000 persoas menores de idade que viven nesta provincia. A pesar desta grande poboación, esta unidade conta cun cadro de persoal extremadamente reducido, ademais de instalacións escasas e recursos extremadamente limitados.

No hospital de día desta unidade préstase asistencia a pacientes entre os 12 e os 18 anos de idade e que requiran unha intervención intensiva e precoz. Actualmente, reciben asistencia 20 pacientes e as súas familias durante un horario de mañá nos días laborables, a través de grupos de traballo, por exemplo, de asistencia aos trastornos da conduta alimentaria grave ou aos trastornos mentais graves. Os niveis educativos varían, polo tanto, entre os últimos cursos de Educación Primaria ata 2º de Bacharelato.

Segundo recolle o artigo 25.2 do decreto 229/2011 será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

- a) Longa hospitalización: máis de trinta días.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.

c) Curta hospitalización: menos de quince días.

A atención neste hospital de día infanto-xuvenil establécese cun mínimo de 6 meses de intervención, aínda que se podería alongar no caso de non conseguir a melloría clínica precisa ou non acadar os obxectivos terapéuticos básicos.

Non obstante, cando está próximo o ano desde a posta en funcionamento deste hospital de día, aínda non conta con ningún tipo de persoal educativo asignado. Cómpre ter presente que este apoio educativo, ademais de atender ás propias necesidades académicas, ten tamén implicacións terapéuticas, sobre todo en menores con períodos tan longos sen acudir ás súas aulas habituais.

Foi solicitado en numerosas ocasións, tanto por parte do persoal do hospital de día, como tamén polas propias pacientes e as súas familias esta dotación de profesorado, que comprendería profesorado de nivel de secundaria, tanto da área de humanidades coma científica, así como de pedagogía terapéutica, dado que algunhas destas pacientes presentan necesidades educativas específicas de longa evolución (TEA, TDAH, trastornos da aprendizaxe, etc.). Esta falta de resposta por parte da administración chegou a poñer en compromiso os obxectivos terapéuticos dalgunhas destas pacientes, que chegaron a deixar de acudir ao hospital de día, interrompendo así a súa recuperación, por non ter garantidas as súas necesidades académicas.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando se vai producir esa dotación de persoal docente no hospital de día de psiquiatría infanto-xuvenil do HULA que lle reclama tanto o persoal sanitario coma as propias pacientes e as súas familias?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2023

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Carmen Aira Díaz

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 17/03/2023 11:58:33

Olalla Rodil Fernández na data 17/03/2023 11:58:38

María del Carmen Aira Díaz na data 17/03/2023 11:58:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/03/2023 11:59:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación dos galegos e galegas que formaban parte da mutualista Casa de Galiza.

Hai cerca de un ano a histórica Casa de Galiza de Montevideo deixaba de existir oficialmente para pasar a formar parte da empresa Círculo Católico. Deste xeito, dábase fin a décadas e décadas de historia dun centro de vital importancia para a emigración galega no Uruguai.

Mais, alén da triste nova e do debate a respecto do patrimonio que albergaba a Casa de Galiza o máis importante é saber cal foi e está a ser a cobertura sanitaria que están recibindo os galegos e galegas que anteriormente pertencían á Casa de Galiza, xa que todas as informacións que chegan desde o país suramericano falan de irregularidades tanto no proceso de compra de Casa de Galiza por Círculo Católico como na adxudicación dos mutualistas ás diferentes empresas, así como un empeoramento do servizo sanitario recibido.

Por outra banda, mentres o proceso de desaparición de Casa de Galiza ocorría o ex Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, visitaba o Uruguai e afirmaba que faría todo o posible para que Casa de Galiza seguise sendo Casa de Galiza e que desde a Xunta se seguiría moi de cerca todo este proceso.

Pola contra, e pesa as promesas, Casa de Galiza desapareceu e nada sabemos da actuación da Xunta de Galiza e da defensa e protección sanitaria dos galegos e galegas que pertencían a esta entidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales foron as actuacións da Xunta de Galiza para garantir a cobertura sanitaria dos galegos e galegas pertencentes a Casa de Galiza?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 17/03/2023 12:04:07

María Montserrat Prado Cores na data 17/03/2023 12:04:18

Iria Carreira Pazos na data 17/03/2023 12:04:26



Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Raquel Arias Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Atraer talento, mellorar o índice de empregabilidade e acadar a estabilidade nun emprego deben ser obxectivos sólidos de calquera sociedade que aspire ao verdadeiro avance económico e social, máis aínda se cabe na actualidade, pois segundo manifestan diferentes colectivos de profesionais, existen sectores económicos con postos de traballo vacantes que precisan ser cubertos.

Por ese motivo, a Xunta de Galicia está a acometer unha serie de transformacións no eido laboral que perseguen casar oferta e demanda de emprego, favorecendo que as persoas avancen no desenvolvemento das súas capacidades grazas á formación para o emprego e potenciando que ás empresas dispoñan dos perfís profesionais que precisan para a mellora da súa competitividade.

Así, están en marcha instrumentos integrais como a Axenda Galega de Capacidades para o Emprego, a modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia, e tamén, para atraer talento profesional, entre outros obxectivos, a Xunta puxo en marcha a Estratexia Retorna 2023-2026.

Esta última iniciativa, que foi presentada no Consello da Xunta celebrado o pasado 15 de decembro, mobiliza ao conxunto do Goberno galego, á fin de facilitar o regreso de todas as galegas e galegos que queiran volver a Galicia a vivir e a traballar, ao tempo que busca facer fronte ao reto laboral e demográfico da nosa Comunidade.

Así, para favorecer a atracción profesional de poboación galega residente no exterior contéplanse medidas que fomentan o emprendemento e ao autoemprego, en especial no rural galego, que facilitan a participación nos programas de inclusión sociolaboral e que reforzan a capacitación das habilidades transversais máis demandadas polo mercado laboral, entre outras.

Non obstante, en aras de coñecer en profundidade cal é o alcance do eixo laboral no marco da Estratexia Retorna 2023-2026, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Que programas e accións comprende a dimensión laboral da Estratexia Retorna 2023-2026?



Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 17/03/2023 12:26:02

María Corina Porro Martínez na data 17/03/2023 12:26:19

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/03/2023 12:26:32

López Sánchez, Rosalía na data 17/03/2023 12:26:46

José Alberto Pazos Couñago na data 17/03/2023 12:26:55

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 17/03/2023 12:27:09

Raquel Arias Rodríguez na data 17/03/2023 12:27:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Árias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Dende que comezou a prestarse o novo servizo de transporte interurbano de viaxeiros por estrada son numerosas as queixas dos usuarios e usuarias de toda Galicia polos problemas que está a dar o servizo debido a atrasos, reducións de frecuencias e horarios e mala comunicación, o que está a afectar moi negativamente a toda a cidadanía.

A veciñanza do concello de Ribeira, sendo cabeceira de comarca, asiste diariamente a esa prestación deficitaria do servizo, algo que o Grupo Parlamentario Socialista ten denunciado en numerosas ocasións sen atopar por parte do Goberno galego máis resposta que a inexistencia de queixas por parte das persoas usuarias.

O Grupo Parlamentario Socialista, á vista do argumento esgrimido polo Goberno galego, conseguiu o recente venres 3 de marzo un acordo unánime na comisión 3ª do Parlamento galego para instar a Xunta de Galicia a “Situación nun lugar visible e accesible do *web bus.gal* o espazo para que a cidadanía poida informar das incidencias que teñen lugar con este servizo”. Mais lonxe de cumprir este mandato, na actualidade ese *web* non dispón de ningún formulario de fácil acceso.

Fronte a esta actitude incomprensible do Goberno galego, moi recentemente un grupo de veciñas de Ribeira entregou na Oficina de Atención Cidadá do



Concello un escrito avalado por case tres mil sinaturas no que se esixe a mellora do servizo de transporte público. O escrito tamén foi remitido á Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade e á propia empresa concesionaria.

A problemática que denuncian é recorrente: cambios nos horarios, ausencia de publicidade clara de horarios e rutas, impuntualidade ou supresión de frecuencias por vontade da empresa sen motivo aparente, o que provoca un lóxico prexuízo na veciñanza que precisa desprazarse por motivos laborais, de estudos, de saúde ou de calquera outra índole.

Ademais, no que é tamén unha queixa xeral, advirten do mal estado dos vehículos e dos problemas constantes que se producen nos institutos de educación desde o inicio do curso, con alumnado que chega tarde ás súas clases ou que mesmo non chega.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

Cando ten previsto o Goberno galego dar solución inmediata aos numerosos problemas que está a padecer a veciñanza de Ribeira como consecuencia da mala planificación previa e do mal funcionamento actual do transporte interurbano de viaxeiros por estrada?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 17/03/2023 12:19:53

Patricia Otero Rodríguez na data 17/03/2023 12:20:11





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2023 12:53:21
Nº Rexistro: 51641
Data envío: 17/03/2023 12:53:21.829

Eduardo Ojea Arias na data 17/03/2023 12:20:25

CSV: BOPGDSPG-nNE6FOS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Agadic convocou en marzo de 2022 as axudas á creación audiovisual para a promoción do talento audiovisual galego, cun crédito global de 194.000 euros, e para a produción e coprodución de proxectos audiovisuais galegos, cun crédito de 2.500.000 millóns, ambas as dúas convocatorias financiadas con fondos propios.

O BOE publica o 6 de decembro unha resolución do Ministerio de Cultura dando conta do convenio asinado pola Agadic co Instituto de Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA) polo que se canaliza a concesión directa de axudas para fomentar a produción, distribución, exhibición e promoción da industria cinematográfica e audiovisual en lingua cooficial distinta ao castelán no ano 2022. A contía total que lle correspondeu a Galicia no reparto foi de 1.212.805,03 euros

Unha vez asinado este convenio, Agadic publica a finais de xaneiro deste ano sendas resolucións que modifican as convocatorias de marzo de 2022 no tocante á partida orzamentaria coa que se sufragarán.

Deste xeito, Agadic deixa de destinar parte dos seus fondos contemplados nos Orzamentos da Xunta asumindo para as súas liñas ordinarias un crédito extraordinario chegado do ICAA.

Por iso, as deputadas que asinan, preguntan:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2023 10:00:00
Nº Rexistro: 51649
Data envío: 17/03/2023 19:58:31.835

Cal é a razón de asumir cos fondos extraordinarios do ICAA, cun importe de máis de 1,2 millóns de euros, parte das liñas ordinarias de axudas a talento e á produción para o audiovisual en vez de sumalas para incrementalas?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 17/03/2023 16:06:47

Noelia Otero Lago na data 17/03/2023 16:07:35

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186912

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-nNE6FOS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación real da muller no rural galego permanece oculta a ollos públicos, porque hai moi poucos datos ordenados que poidan posibilitar unha análise de necesidades que logo conduzan a modificar a mellor a súa posición.

As análises da situación das mulleres relativas á súa vida laboral e condicións de vida ou ben se fan por sectores sen distinguir o lugar onde habita ou se fan por estudos estatais que non reflicten a realidade galega.

Isto aconteceu co relativo aos estudos sobre violencia de xénero promovidos polo goberno estatal en colaboración con asociacións privadas, previos ao Pacto de Estado sobre violencia de xénero. Tiráronse daquel estudo unha serie de conclusións que non reflectían a realidade galega tal e como quedou claro cando da comisión sétima saíu un acordo unánime a proposta do BNG, para instar ao goberno galego a facer un estudo propio que representara a nosa realidade rural a respecto da violencia de xénero.

Sábese que hai que mellorar as súas condicións de vida, dotar o rural de servizos que alivien a carga de coidados para as mulleres, pero non se sabe exactamente de onde partimos en canto á renda media das mulleres no rural, ou ás súas condicións laborais,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tipos de emprego, a cantas persoas coidan, que idades teñen, que relación de parentesco manteñen con elas...

A iniciativa da Xunta de facer un Estatuto da Muller rural (que debería ser do rural) e do Mar (que igual merecía un estatuto separado) a instancias de varios colectivos, é benvida en termos xerais, mais non temos coñecemento de como van eses traballos nin que metodoloxía están empregando. Precisaría facerse partindo de datos fidedignos e ben estruturados que dentro do Estatuto sirvan de punto de partida para marcar un cronograma de obxectivos realistas que poidan supoñer unha mellora profunda das condicións de vida das mulleres no rural.

Desta volta non podemos perder a oportunidade de traballar con datos relativos á muller que vive ou tamén traballa no rural porque xa se perdeu no VIII Plan Estratéxico da Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 22-27.

Descoñecemos as realidades cuantitativas e cualitativas das mulleres que viven nel, a que sector de actividade se dedican, cantas a cada un, cantas fan labores de coidados, cantas a fillas e fillos, cantas a persoas maiores, se teñen soporte para iso, cantas non o teñen e por que; como perciben a súa calidade de vida, que nivel de corresponsabilidade se vive no seu fogar, que nivel de renda alcanzan, que nivel de independencia poden desfrutar, que diferencias hai entre as diferentes zonas do rural... cantas fillas e fillos teñen... que futuro consideran que é mellor para eles, cantas sofren violencia de xénero e as dificultades engadidas que teñen para poder poñer fin a esa situación, etc.

Mais con respecto a estas variables dispomos de varias hipóteses ou certezaas, que gustariamos corroborar con datos. A título de exemplo, cal é a porcentaxe de mulleres novas e adultas novas (menos de 50 anos) nos concellos rurais e cal é o seu número respecto aos efectivos masculinos. Estimamos que hai un problema de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

masculinización no rural. Se hai menos mulleres, porque abandonan o rural? ¿Cantos fillos teñen as mulleres do rural menores de 50 anos de promedio? ¿Cal é a súa relación coa media de Galiza? ¿Que problemas de conciliación laboral/familiar teñen as mulleres do rural? ¿Cantos nenos/as e persoas maiores teñen ao seu cargo? ¿Que servizos públicos de proximidade demandan? ¿Como valoran seguir vivindo no rural e que opinan para o futuro dos seus fillos/as?

Non temos a máis mínima dúbida de que precisamos datos ordenados e ben estruturados para coñecer a realidade das mulleres galegas que viven nos distintos tipos de rural e que se deben compilar de xeito previo a calquera outra intervención, co fin de marcar obxectivos que nos leven a cambios profundos. Sabemos que eses datos son de dous tipos, cuantitativos e cualitativos. Os cuantitativos están dispoñibles no IGE e no INE a partir dos censos e dos padróns municipais. Só se trata de encargar operacións estatísticas de desagregación de datos. Os cualitativos poden obterse e enquisas representativas en número e calidade. Só se trata de realizalas e costealas, con aval académico sobre o seu nivel de representatividade.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno da Xunta facer un estudo profundo para determinar a situación actual das mulleres no medio rural previamente a tomar determinacións lexislativas que melloren as condicións nas que viven e traballan?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Carmen Aira Díaz
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 20/03/2023 09:48:00

Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2023 09:48:04

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2023 09:48:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Daniel Pérez López, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a creación de escolas infantís de 0 a 3 anos en contornas laborais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A conciliación da vida laboral e persoal é un dereito e, ao mesmo tempo, un dos grandes quebradeiros de cabeza para moitísimas familias.

Neste senso, hai dous factores determinantes para garantir o dereito de conciliación:

- a.- horarios laborais compatibles coa vida persoal
- b.- a existencia de recursos de conciliación e educativos para as crianzas próximos tanto aos domicilios como ás contornas laborais

En Galiza, durante uns anos existiron liñas de axudas para a construción de escolas infantís de 0 a 3 anos en polígonos industriais e contornas laborais. Porén, a Xunta de Galiza deixou de convocalas no ano 2019.

As entidades beneficiarias debían cumprir cuns requirimentos para obter a axuda, entre eles, constituíren un centro completo cun mínimo de 3 unidades con 41 prazas agás nos casos en que a demanda potencial non sexa suficiente para un centro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

completo nos que se creará o número de prazas e unidades internivelares que aprobe a Consellería de Política Social con base no proxecto presentado e á información que obre no seu poder.

Así mesmo, as entidades debían dispor dunha parcela e permanecer durante un mínimo de 5 anos desenvolvendo actividade.

A administración cubría a través destas convocatorias (con cargo a fondos europeos): a realización do proxecto básico e de execución da construción ou reforma así como o equipamento da escola infantil.

Doutra banda, a Xunta de Galiza dispón dunha rede de escolas infantís pública (Galiña Azul) con 8.167 prazas en 145 escolas, xestionadas a través do Consorcio de Igualdade e Benestar e 27 centros con 2.242 prazas dependentes da Axencia galega de servizos sociais.

Porén, os últimos datos de matriculación evidencian que existe unha demanda superior á oferta existente o que fai necesaria a creación de novas escolas.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cre o Goberno galego que sería necesario impulsar a creación de novos centros para garantir o dereito de conciliación das familias?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2023 10:32:20

Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2023 10:32:24

Daniel Pérez López na data 20/03/2023 10:32:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a avaliación e resultados da entrada en vigor da Lei Ángeles Alvariño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xullo de 2021 publicouse no Diario Oficial de Galiza a Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación; un texto normativo máis coñecido como Lei Ángeles Alvariño.

A nova norma, impulsada orixinalmente polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego mais aprobada pola unanimidade de todas as forzas parlamentarias, supuxo un grande paso adiante na loita pola igualdade na ciencia e a investigación, especialmente contra as pexas que as mulleres científicas e investigadoras aínda atopan cando deciden ser nais.

Neste senso, ademais de medidas encamiñadas a garantir e promover a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario, a lei prevé a introdución de factores de corrección nas convocatorias públicas de I+D, concretamente nos procesos de avaliación dos méritos, currículos vitae e traxectoria investigadora.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transcorrido máis dun ano desde a súa entrada en vigor, é preciso facer unha avaliación da súa aplicación e tamén dos éxitos obtidos mais tamén das eivas que poidan existir ou distorsións se se están a producir.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que resultados obtivo a entrada en vigor da Lei Ánxeles Alvariño?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2023 11:45:48

Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2023 11:45:52



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Na información aos medios sobre os acordos do Consello da Xunta de Galicia do 16 de marzo anúnciase a próxima convocatoria de subvencións para embelecer o litoral galego, establecéndose dúas liñas de axuda, unha dirixida a concellos cun importe de máis de 4,4 millóns de euros e outra dirixida a establecementos turísticos por máis de 2 millóns de euros.

Na mesma nota, infórmase de que o presidente Rueda salientou o “grande atractivo turístico dos 2.500 quilómetros de costa cos que conta Galicia e considerou necesarias este tipo de axudas para revalorizar o patrimonio e a paisaxe costeira galega, e destacou estas axudas para actuacións para a conservación, rehabilitación, revalorización e mellora do patrimonio singular, natural e de uso turístico do litoral galego no marco del Plan de recuperación, transformación e resiliencia.”

Tamén se establece que na liña de axudas dirixida a concellos, poderán ser beneficiarios os concellos situados no territorio do litoral galego, 71 repartidos ao longo da costa galega e debulla cada un dos posibles beneficiarios:

Na provincia de Pontevedra: Catoira, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa, Cambados, Meaño, Sanxenxo, O Grove, Poio, Pontevedra, Marín, Bueu, Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán, Baiona, Oia, O Rosal e A Guarda.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2023 12:33:23
Nº Rexistro: 51674
Data envío: 20/03/2023 12:33:23.423

Na provincia de Lugo: O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros e Ribadeo.

Na provincia da Coruña: Mañón, Ortigueira, Cariño, Cedeira, Valdoviño, Narón, Ferrol, Neda, Mugardos, Ares, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Bergondo, Sada, Oleiros, A Coruña, Arteixo, A Laracha, Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Camariñas, Muxía, Cee, Fisterra, Corcubión, Carnota, Muros, Outes, Noia, Porto do Son, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

É consciente o Goberno galego de que o concello de Dumbría forma parte dos concellos con litoral en Galicia?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/03/2023 11:22:04

Paloma Castro Rey na data 20/03/2023 11:22:20

Pablo Arangüena Fernández na data 20/03/2023 11:22:33

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/03/2023 11:22:52

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

971 Madrid

186923

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O traballo social é fundamental nos nosos servizos públicos, para o noso rural é óptimo que estes servizos se acheguen á poboación. O traballo social sanitario forma parte da carteira de servizos do Servizo Galego de Saúde. A súa integración nos equipos de atención primaria permite detectar as situacións de máis necesidade, de máis urxencia pero tamén programar un traballo coa sociedade ademais de dar asistencia a demanda.

A poboación destinataria dos seus servizos é ampla incluíndo ás persoas con problemas de saúde e as súas familias en tódolos seus estratos de idade e situacións de necesidades sanitarias e sociais.

En concellos do rural onde a dispersión xeográfica é evidente, a media de idade da poboación é elevada a vivencia de situacións relacionadas coa discapacidade teñen unhas dificultades especiais como tamén a vivencia da enfermidade ou mesmo a soidade das persoas que cada vez son máis maiores, teñen máis patoloxías e se encontran máis illadas nos seus lugares.

A atención ás necesidades da sociedade dende a confluencia dos servizos sanitarios e sociais é un valor que pode cambiar a vivencia que usuarias e usuarios poden





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

chegar a ter da súa situación de necesidade, mellorándoa e polo tanto mellorando a súa calidade de vida.

O concello de Quiroga, cabeceira da comarca do seu mesmo nome carece do posto de Traballo Social no seu Centro de Saúde dende hai anos, ou se conta con esa praza estrutural está sen cubrir. Os e as habitantes desta comarca deben acudir a Monforte para poder cubrir coas súas necesidades de apoio social.

Vense afectados os concellos de Folgoso de Caurel con 900 habitantes, Ribas de Sil con outros tantos e o de Quiroga con pouco máis de 3000, en total 5000 persoas que quedan sen atención social para as súas cuestións sanitarias ou ben se teñen que desprazar a Monforte para ser atendidos/as.

Hai que subliñar que dende algunhas zonas de Caurel ou Quiroga a distancia pode chegar a ser de moitos quilómetros, sobre 150, moito tempo e moito gasto de recursos que pode chegar a ser do 10% da súa pensión por viaxe realizado, o que resulta insostible para as persoas e vergoñento para as administracións.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Van dotar ao Centro de Saúde de Quiroga da figura de Traballo Social para achegar este servizo á poboación da comarca e cando?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2023 11:52:23

María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2023 11:52:34

María del Carmen Aira Díaz na data 20/03/2023 11:52:44





Á MESA DO PARLAMENTO

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Colexio Rural Agrupado (CRA) de Peitieiros en Gondomar, ata o ano 2021 o seu comedor estaba xestionado polo Concello de Gondomar e comían todos no comedor do Colexio Neira Vilas. Desde o ano pasado, a Xunta encárgase da xestión, e sen ningunha xustificación e inexplicamente só permite que catro nenos e nenas utilicen o comedor, quedando outros catro sen servizo.

Como consecuencia, algúns pais víronse obrigados a cambiar de centro para conciliar e outros deixaron de matricular aos seus fillos no centro. Así o que conseguirá a Consellería de Educación é acabar cos colexio rurais agrupados, un modelo educativo polo que tanto os pais e nais como nós estamos firmemente comprometidos, e non permitiremos que se desmantelen.

Para dar solución a este problema houbo unha reunión en novembro do ano pasado que mantivo o delegado territorial de Educación en Pontevedra cos pais e nais onde a solución que traslada é que o concello firme un convenio coa consellería, cando as competencias son da Xunta de Galicia.

O Concello de Gondomar solicitou formalmente o 12 de decembro de 2022, levar a cabo un convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional co obxecto de poder levar adiante o servizo de comedor do CRA de Peitieiros, dado que a mencionada Consellería non presta o devandito servizo ao alumnado coma así o fai co resto da comunidade educativa deste concello.





Esta solicitude foi reiterada ante a falta de resposta por parte da administración autonómica nas seguintes datas:

- 30.12.2022, dirixida á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional.
- 17.01.2023, dirixida á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional.
- 08.02.2023, dirixida á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional.
- 08.02.2023, dirixida á Xefatura Territorial Da Consellería De Política Social E Xuventude De Vigo.
- 03.03.2023, dirixida á Xefatura Territorial Da Consellería De Política Social E Xuventude De Vigo.

A día de hoxe o Concello de Gondomar segue sen ter ningunha resposta por parte da Consellería de Educación. Por iso, o alcalde desta vila o 15 de marzo procedeu a formular unha queixa ante a Valedora do Pobo de Galicia. Porque esta situación, tan inxusta, causa un prexuízo considerable ás familias que ante a incerteza actual non saben onde van matricular aos seus fillos e fillas para o próximo curso escolar, tendo en conta a necesidade de conciliar, imprescindible nos nosos días e na nosa sociedade.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten pensado a Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional levar a cabo un convenio de colaboración co Concello de Gondomar co obxecto de poder prestar o servizo de comedor do CRA de Peitieiros?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2023 12:44:19
Nº Rexistro: 51687
Data envío: 20/03/2023 12:44:19.111

Santiago de Compostela, 17 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/03/2023 12:42:14

Noelia Otero Lago na data 20/03/2023 12:42:22

Noa Susana Díaz Varela na data 20/03/2023 12:42:30

CSV: BOPGDSPG-nNE6FQS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186929

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral e Iria Carreira Pazos, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que o goberno galego garanta a permanencia da EEI do Gaioso de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A escola de EEI do Gaioso é un centro de educación infantil de referencia en Santiago de Compostela. Trátase dunha escola unitaria na que se imparten ensinanzas de educación infantil de segundo ciclo e na que, polo tanto, están a ser escolarizadas nenas e nenos de 3 a 6 anos sen separación de idades.

Esta escola, alén da súa importancia na contorna por ser un centro histórico no que estudaron centos de familia, é ademais unha escola de referencia no que ten a ver co seu modelo educativo e coa función social que ten para toda a veciñanza.

Na EEI lévase adiante un modelo educativo baseado na aprendizaxe colaborativa con aulas multigrao onde o alumnado convive en todo o proceso de aprendizaxe. Nesta escola, o proceso educativo pon tamén o foco nas necesidades de apoio emocional, tanto para o alumnado como para as familias, nomeadamente na etapa de adaptación.

Trátase en definitiva dunha unitaria na que se traballa cun modelo educativo de vangarda, con metodoloxías activas e na que o contexto educativo e o respecto polo medio ambiente son piares estratéxicos do enfoque pedagóxico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais a pesar de ser este un centro de referencia, o temor á clausura desta escola estivo presente durante todo este curso. O proceso de centrificación e o abandono do ensino rural que caracterizan o modelo educativo do Partido Popular fixo que esta escola estivese en risco de peche por non acadar nun único curso o límite mínimo de matrícula. Un descenso de matrícula que tivo un carácter claramente conxuntural e que viña marcado pola pandemia da Covid-19.

Esta realidade ocasionou unha grande preocupación para toda a comunidade educativa que tivo que levar adiante un traballo de promoción e difusión da escola determinante para evitar o peche. Así e todo, é agora a propia comunidade educativa a que esixe que esa situación non se volva dar e que o futuro da EEI non se vexa condicionado polo descenso conxuntural de alumnado que se poida dar nun curso concreto.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar o goberno galego para garantir a permanencia da EEI do Gaioso e para evitar situacións como as que se deron no actual curso?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 20/03/2023 17:18:31

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/03/2023 17:18:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Das tres da tarde en diante e ata as oito do día seguinte pola mañá, os concellos de Curtis, Vilasantar, Sobrado e máis Aranga que contan cunha poboación de 9.000 habitantes e con máis de 500 núcleos de poboación dispersos polos 416 km², teñen un PAC de referencia, o de Curtis cun único facultativo para o servizo de urxencias.

Como se pode deducir, no caso dunha visita domiciliaria, outra urxencia tanto en domicilio coma a que acuda ó pac queda sen posible cobertura. As visitas domiciliares nunha área rural tan extensa e cunha poboación tan dispersa teñen unha duración que so en tempos de desprazamento se volve complicada e longa.

Pois non lle abundaba ó maltreito servizo sanitario que dun tempo a esta parte esta complexa situación vese agravada pola lamentable situación médica do Centro Penitenciario de Paradela sito na parroquia do mesmo nome e próximo ó citado PAC de Curtis.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este Centro Penitenciario, cunha poboación de 1.200 reclusos conta “oficialmente” con 9 médicos en plantilla deles 7 vacantes e un de recente xubilación que nos deixa un panorama dun so facultativo real para cubri-lo servizo as 24 horas os 365 días do ano.

E así, nestes últimos meses o persoal médico tanto do Pac coma do Centro de Saúde foron requiridos polo 061 para atender emerxencias debido a esa falta de persoal médico no Centro Penitenciario. Estas demandas provocan interrupcións na actividade e retrasos considerables na atención. Debemos facer constar que o Centro de Saúde de Teixeira conta cun médico e medio (un a tempo completo e outro a tempo parcial) máis dúas enfermeiras que no caso de atender unha urxencia, a súa lista de agarda e as consultas quedan sen atender e hai que reprogramalas.

Esta situación vese agravada pola falta de protocolos e as dificultades que se engaden ás visitas polas estritas medidas de seguridade para o acceso á atención da urxencia carceraria. Deste xeito, o persoal médico de Curtis indica que nos casos que atenderon houbo:

“un significativo desaxuste en canto aos procedementos que teñen relación coa seguridade e a protección de risco do persoal sanitario do PAC”

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

No BOE, en 2003 publicouse lexislación pola que os sistemas autonómicos de saúde deberían asumi-las competencias en sanidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

penitenciaria, Cataluña, Euskadi e Navarra asumíronas xa, cal é a situación de Galiza e que solución se lle pensa dar á problemática que xorde en Curtis?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Montserrat Prado Cores

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/03/2023 17:43:46

Iria Carreira Pazos na data 20/03/2023 17:43:49

María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2023 17:44:06

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/03/2023 17:44:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os problemas para tramitar as solicitudes de queima por medios electrónicos e telefónicos e as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para solucionarlos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno do Estado aprobou o pasado abril de 2022 a Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. Esta norma, desenvolvida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, (MITECO) xerou unha importante preocupación e un grande enfado no mundo rural ao prohibiren, con carácter xeral, a queima de residuos agrarios e forestais. Equiparábase nese texto, por inconcreto, os restos de ramas, podas ou rozas a outro tipo de residuos que puideran ser perigosos.

Así o artigo 27 da citada norma, no seu punto 3, establecía que “con carácter xeral, non está permitida a queima de residuos vexetais xerados no entorno agrario ou silvícola”. Esta queima só podería permitirse con carácter excepcional e sempre e cando contén coa correspondente autorización individualizada que permita que esa queima, por razóns de carácter fitosanitario que non sexa posíbel abordar por outro tipo de tratamento, e motivando axeitadamente que non existen outros medios para evitaren a propagación de pragas ou, en entornos silvícolas co obxecto de previr os incendios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

forestais cando non poida accederse para a súa retirada e posterior xestión (en aplicación da exclusión prevista no artigo 3.2.e).

E cales son esas excepcións establecidas no artigo 3.2.e.?: “quedarán excluídas desta lei as materias fecais, se non están contempladas no apartado 3.b, palla e outro material natural, agrícola ou silvícola, non perigoso, usado en explotacións agrícolas e gandeiras, na silvicultura ou na produción de enerxía a base de biomasa, mediante procedementos ou métodos que non poñan en perigo a saúde humana ou o medio ambiente”.

Tratouse así, desde un primeiro momento, dunha norma confusa que ten xerado moitos problemas e ante a que a Xunta de Galiza se ten colocado de perfil, o que non resulta unha cuestión menor xa que o réxime sancionador da lei considera infracción “moi grave” a “queima de residuos agrarios e silvícolas sempre que non se conte cunha autorización individualizada de conformidade co previsto no artigo 27.3”. As sancións fixadas para este tipo de infraccións poden traer consigo multas que van desde os 100.001 € até os 3.500.000 euros.

No noso país, acuciado en boa parte do territorio polo abandono e o envellecemento acompañados dunha insuficiente e moi mellorábel política de xestión de residuos orgánicos por parte da Xunta de Galiza, a Consellaría do Medio Rural autoriza cada ano ao redor de 400.000 destas queimas. Unhas queimas que se teñen demostrado fundamentais para xestionar un exceso de combustible vexetal no noso país que é preciso atallar do mellor xeito posíbel para minimizar o risco de incendios forestais e a virulencia destes, máis tamén para garantir unha correcta xestión do territorio.

A aclaración da norma estatal, despois de que o Congreso aprobase en decembro levantaren a prohibición de queimaren restos de poda e vexetais ás explotacións agrícolas e forestais de menos de 50 empregados e que facturen menos de 10 millóns de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

euros, non ten mudado até o de agora as modificacións na tramitación dos permisos introducida pola Consellaría do Medio Rural desde abril, ao tempo que deixa na indefensión máis absoluta a todas aquelas persoas do noso país que, non estando dados de alta en ningunha actividade agrícola, realizan queimas de forma regular para xestionar os restos de roza nas súas propiedades.

Deste xeito na actualidade na maior parte dos Distritos Forestais da Consellaría no conxunto do territorio non se tramitan eses permisos de queima e as únicas vías que lles quedan a profesionais e particulares son a vía telefónica e a vía electrónica.

As dificultades que presenta a vía electrónica para boa parte da cidadanía son evidentes nun país no que unha parte importante do territorio ten problemas de conectividade mais, sobre todo, porque a idade avanzada de moitas persoas demandantes de queima imposibilítalles, en non poucas ocasións, poder xestionar estes permisos directamente deste xeito. Esta realidade fai que moitas persoas teñan que acudir a xestorías de pagamento para poder facer este simple trámite que antes facilitaban os Distritos. Iso sen contaren con que teñen que autorresponsabilizarse de que a queima solicitada correspóndese “a palla e/ou material natural, agrícola, non perigoso, **utilizado en explotacións agrícolas e/ou gandeiras**”.

A outra alternativa que lles resta é a vía telefónica a través do 012. Chamada de pago que está a ter unhas duracións medias de entre 4 e 5 minutos como mínimo e que, lonxe de ser gratuíta, supón un elevado coste para a cidadanía.

Deste xeito, e nun contexto como o do noso país no que toda a propaganda do Goberno galego xira en torno á obrigatoriedade de xestión da biomasa (incluso endurecendo as sancións no caso de non levar adiante esa xestión) resulta cando menos sorprendente e decepcionante que se dificulte deste xeito o acceso aos permisos correspondentes por parte da cidadanía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como pensa facilitar a Xunta de Galiza o acceso aos permisos de queima de restos agrícolas de particulares e profesionais toda vez que os Distritos Forestais deixaron de prestar este servizo?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2023

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 21/03/2023 11:02:57

María del Carmen Aira Díaz na data 21/03/2023 11:03:03

Xosé Luis Rivas Cruz na data 21/03/2023 11:03:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a xustificación de destinar equipamentos tecnolóxicos pagados con fondos públicos ao Centro Oncolóxico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Sergas ten establecido un Concerto Singular co Centro Oncolóxico de Galiza, situado na Coruña, polo que lle deriva doentes da sanidade pública para tratamentos oncolóxicos fundamentalmente das áreas sanitarias de A Coruña, Ferrol e Lugo.

O Consello de Contas publicou recentemente o “Informe de Fiscalización da Contratación Dunha Solución Global que Cubra as Necesidades de Realización de Probas e Procedementos de Diagnóstico por Imaxe, Intervencionismo, Medicina Nuclear e Radioterapia no Sergas”

No mesmo fai unha avaliación do procedemento de contratación iniciado polo Sergas en 2013 que denominou “Contrato de colaboración entre o sector público e o sector privado para dispoñer dunha solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia”. Trátase dun contrato que ten por obxecto a renovación tecnolóxica dos dispositivos de “alta tecnoloxía” empregados no diagnóstico e tratamento de enfermidades.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contrato o Sergas incluíu dentro das súas necesidades tecnolóxicas as dotacións doutras entidades que lle prestan servizos, incluíndo no caso do Centro Oncolóxico o seguinte equipamento: un acelerador lineal (prezo estimado na licitación de 1.900.000 euros), e un PET (con valor estimado de 1.430.000 euros).

O Consello de Contas considera que *non está debidamente xustificada a súa participación no contrato xa que se trata dunha entidade privada que presta servizos de natureza sanitaria en condicións de mercado.*

Fai as seguintes consideracións:

1. Trátase dunha entidade de natureza privada, na que o Sergas forma parte do seu padroado.

2. É un operador libre de mercado, no sentido de que presta servizos de natureza sanitaria no mercado en condicións de competencia co resto de operadores sanitarios.

3. Non forma parte do sector público, xa que non reúne os requisitos establecidos pola Lei 16/2010 para ser considerada unha entidade do sector público autonómico.

O Centro Oncolóxico atende simultaneamente doentes procedentes da derivación que lle realiza o Sergas e de doentes privados. A súa memoria de actividade de 2021 recolle o importante peso da actividade privada: o 63% das consultas proveñen de persoas con seguros privados, ao igual que o 38% das persoas doentes en seguimento.

Consideramos preciso que por parte do Sergas se explique a xustificación de destinar ao Centro Oncolóxico equipamento tecnolóxico pagado con fondos públicos e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se clarifique se os cartos públicos do concerto asinado con esta entidade e este equipamento tecnolóxico tamén se están usando para atender doentes non procedentes da sanidade pública.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Até cando vai a Xunta de Galiza seguir engordando a conta de resultados da sanidade privada a costa dos recursos públicos?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/03/2023 11:32:05

Iria Carreira Pazos na data 21/03/2023 11:32:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 21/03/2023 11:32:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas para rematar cos incumprimentos nos contratos do servizo de transporte público por estrada de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e no seu desenvolvemento práctico.

Este novo plan de transporte está a deixar unha Galiza peor comunicada e un servizo máis precarizado, con eliminación de horarios, o incumprimento continuado dos mesmos ou a eliminación de itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da sociedade galega.

Alén destas cuestións, o plan de transporte da Xunta de Galiza fomenta o monopolio do Grupo Empresarial Monbus, concentrando o 80% dos lotes licitados e nos que se rexistran as maiores cotas de incumprimentos e irregularidades.

A realidade é que este Plan de Transporte é o contrario do fomento do transporte público, a realidade é que este é un plan que dende o seu deseño, os seus procesos de adxudicación e valoración de ofertas e a súa aplicación práctica, busca o beneficio dun grupo empresarial concreto en detrimento de usuarios, traballadores e pequenas e medianas empresas do sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As deficiencias son moitas, xa que estamos a falar dos incumprimentos reiterados e a total impunidade coa que se traballa por parte de quen ten un monopolio de facto sobre o sector.

Autobuses que chegan tarde, outros que non chegan, vehículos en mal estado, duplicidade de matrículas en diferentes concesións, vehículos que superan a idade indicada polos pregos, modificación unilateral de horarios, falta de información, de prazas, caos e unha duplicidade nas matrículas en lotes non compatíbeis entre si, cuestión que pon de manifesto a actual falta de flota e a connivencia e o trato de favor da Xunta de Galiza co grupo empresarial hexemónico no país.

Isto acontece debido á falta de control, inspección e connivencia por parte da Xunta de Galiza, que permite que esta precarización do servizo e os incumprimentos que a motivan. Coa chegada do inicio do curso e da implantación de bonificacións tanto do estado, como da Xunta de Galiza como da principal empresa concesionaria deste servizo, Monbus, vemos como estas deficiencias, incumprimentos e irregularidades acadaron unhas maiores cotas de visibilidade en todo o país.

Hoxe, as persoas usuarias do servizo público de transporte, ven afectadas as súas vidas ao non poder contar cun servizo de transporte minimamente regular, que lle permita chegar a atender as súas responsabilidades nun período de tempo coñecido, contando cunha pequena marxe de tempo, o cal faría que puidese seguir apostando polo transporte público por estrada para os seus desprazamentos.

As persoas que simplemente non contan cun vehículo privado dependen directamente dos intereses e a acción dunha empresa para chegar en tempo, ou non, ao seu posto de traballo ou ao seu centro de estudos, xa que nin se cumpre nin se controla as condicións establecidas nos contratos de transporte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É responsabilidade da Xunta de Galiza o fomento do transporte colectivo, tanto polo carácter democratizador do transporte público, así como tamén pola defensa dunha Galiza máis sostible ambientalmente.

Hoxe, coa precarización do servizo e o incumprimento dos contratos, moita xente continúa a desprazarse no seu propio vehículo por non ter unha alternativa viable para facelo no sistema público de transporte.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para rematar cos incumprimentos e irregularidades nos contratos de transporte público por estrada de Galiza?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 21/03/2023 13:05:50

Xosé Luis Bará Torres na data 21/03/2023 13:05:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a necesidade de que a Xunta elabore un Plan integral para o ensino rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Anpas Galegas, a confederación de ANPAS que agrupa 9 federacións que representan 400 asociacións de nais e pais que comprenden ao redor de 80.000 familias, traballan na defensa dun ensino público, galego, laico, inclusivo e feminista.

Froito do seu traballo comprometido con estes obxectivos acaban de facer público, e de nos presentar aos grupos parlamentarios desta cámara, un exhaustivo e contrastado estudo intitulado Por un plan específico para o ensino rural galego que dá boa conta de cal é a perspectiva actual educativa no rural galego e, sobre todo, demostra que nesta realidade o alumnado non vive nunha situación de igualdade e equidade.

A implicación e compromiso de Anpas Galegas achéganos agora o resultado global dun proceso de varios anos: unha análise detallada que ofrece esta diagnose integral e pioneira da realidade educativa no rural galego nace do cruzamento informativo de varias fontes.

En primeiro lugar a través dos encontros coas familias a través do contacto directo das ANPAS; en segundo lugar mediante a consulta de enquisas en liña (un total





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de 640 recibidas de 93 concellos diferentes) e, en terceiro lugar, a partir do contraste con especialistas diversas nos debates que tiveron lugar en catro foros temáticos.

Entre as conclusións do estudo destacan as seguintes:

1. Non existe unha planificación do rural galego.
2. A escola rural é o soporte vital inescusábel da vida social, e do futuro do País no rural.
3. Non existe unha oferta educativa equitativa e en igualdade para o conxunto do noso país.
4. A escola rural non é a escola urbana.
5. Coidar da escola rural asegura manter unha forma de vida e de identidade galega que é responsabilidade de todas e cada unha de nós.

Mais, sen dúbida, todas as conclusións poden sintetizarse nunha principal que actúa como eixo central das demais e que debера ser o punto de reinicio para, por unha banda, afrontar a superación dun tempo limitador e discriminador para unha parte da poboación galega que vive no rural e, pola outra, a apertura dun tempo novo no ensino rural galego: cómpre activar un plan específico para o ensino no rural.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Ten previsto a Xunta elaborar un Plan integral para o ensino rural que permita garantir o acceso á educación pública galega en condicións de equidade e igualdade para o conxunto da infancia e mocidade galega?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 21/03/2023 17:10:28

Daniel Castro García na data 21/03/2023 17:10:31

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/03/2023 17:10:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da Pediatría nos concellos de Curtis, Sobrado e Vilasantar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A irrupción da pandemia da COVID19 supuxo múltiples cambios no sistema sanitario, moitos deles a nivel organizativo. Neste senso, produciuse, por exemplo, o peche de determinados centros máis pequenos e periféricos, mais tamén a centralización de servizos en centros máis grandes que permitisen a asistencia sanitaria en condicións de seguridade tanto para pacientes coma para o persoal.

Coa remisión da pandemia, a melloría nas cifras de morbimortalidade e nas condicións de prevención, sobre todo desde a vacinación xeneralizada, algúns destes cambios foron reverténdose de xeito gradual. Non obstante, hai outros que aínda persisten, sobre todo na Atención Primaria dos concellos máis rurais, no que parece unha estratexia do Partido Popular para degradar máis aínda este nivel asistencial atacando a súa accesibilidade.

Isto é o que sucede no caso da pediatría nos concellos de Curtis, Sobrado e Vilasantar. Ata marzo de 2020, a asistencia de pediatría realizábase por unha única profesional nos catro centros de saúde destes concellos: en Vilasantar e Sobrado, contaban con atención durante tres horas e media un único día á semana, no centro de saúde de Curtis, dous días de atención en media xornada, e os tres días restantes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

realizábase a asistencia desde o centro de saúde de Teixeiro. Durante a pandemia, esta atención foi centralizada neste último centro, situación que persiste a día de hoxe.

As familias das crianzas dos concellos afectados veñen solicitando desde que se produciu a melloría nos datos epidemiolóxicos que se restabeleza de novo a atención como se viña realizando de xeito deslocalizado, para favorecer a accesibilidade, chave na atención primaria e no ámbito rural. Reclamacións que foron formuladas no propio centro de saúde a través das canles administrativas que ten previstas o Sergas, mais tamén directamente ante a Xerencia da Coruña, aínda que non recibiron ningún tipo de resposta ao respecto.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando ten previsto o goberno galego recuperar o horario de asistencia descentralizado nos 4 centros de saúde como estaba previamente á COVID-19?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 21/03/2023 17:42:59

María Montserrat Prado Cores na data 21/03/2023 17:43:03

Xosé Luis Rivas Cruz na data 21/03/2023 17:43:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo, Rosana Pérez Fernández e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación económica mundial, as incertezas no sector bancario e a valoración da Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas foron protagonistas de preocupantes informacións a realidade bancaria dos Estados Unidos a raíz da quebra do Silicon Valley Bank e do Signature Bank así como informacións respecto da realidade bancaria máis próxima, singularmente a respecto da situación da Credit Suisse coa consecuente absorción por UBS.

Estas novas traen o recordo da forte crise financeira desatada a partir do ano 2008, recordan o fracaso dos mecanismos reguladores e engaden incerteza a unha situación económica xeral xa marcada pola inflación, o incremento dos tipos de xuro e as consecuencias económicas e sociais das tensións xeopolíticas derivadas da crise enerxética, de materiais e bélica. Aínda que o Banco Central Europeo enviou mensaxes de confianza ao redor da estabilidade financeira da Unión Europea e de que fornecería de liquidez, a desconfianza fíxose notar nos mercados.

O Banco de España, pola súa banda, insistía, a través do seu gobernador, en diferentes comunicacións e entrevistas, en que os exercicios de stress test que se





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

realizaran ao abeiro do Mecanismo Único de Supervisión e do propio Banco de España confirmaban un presunto elevado grado de resiliencia do sector, incluso en escenarios adversos hipotéticos de carácter severo.

Así mesmo, este escenario aviva os debates sobre o avance nunha maior oligopolización, coa creación de máis instrumentos macrobancarios e ferramentas en pausa como a posta en marcha dun Fondo de Garantía de Depósitos europeo. Todo isto sen que a resolución da anterior crise e o avance na redución da oferta fosen adecuadamente analizados, singularmente respecto do impacto nos investimentos territoriais e no ámbito da clientela e dos seus dereitos.

Os tipos de interese ou as medidas de débeda son outros dous ámbitos nos que está a haber novidades importantes e unha grande inestabilidade, polo tanto, é necesario que a Xunta de Galiza se manteña alerta a respecto das consecuencias que todas estas transformacións poden ter sobre o noso país.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a valoración do goberno galego respecto do escenario bancario internacional e como pode afectar o noso país, a capacidade de investimento e os dereitos e seguridade da clientela?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/03/2023 10:12:49

Ramón Fernández Alfonso na data 22/03/2023 10:12:55

Daniel Pérez López na data 22/03/2023 10:13:14

Rosana Pérez Fernández na data 22/03/2023 10:13:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O conxunto muralístico do pintor Urbano Lugrís localizado no entresollado do edificio en estado ruinoso da coruñesa Rúa Olmos, 25-27 non só segue a correr severo risco de desaparición á vista do propia fachada do edificio, senón que así acaba de ser recoñecido polos técnicos municipais do Concello da Coruña na inspección do interior realizada o 31 de xaneiro de 2023.

O devandito informe confirma a afectación dos murais provocada por varias entradas de auga, nomeadamente a que se produce polo lucernario da escaleira situada no inmovible, e a apertura de fendas reabertas no gran mural que preside a arcada, o que compromete a súa conservación.

Este informe verifica as sospeitas sobre o severo risco de perda deste importante e recoñecido patrimonio cultural galego que, xa desde o grupo parlamentario do BNG evidenciamos na Comisión 4ª o pasado 10 de marzo na pregunta oral dirixida á Directora xeral de patrimonio cultural, á que demandamos incoar o expediente como Ben de Interese Cultural para estes murais, como xa se ten feito con outra obra do pintor surrealista coruñés, actualmente recuperada, conservada e accesíbel ao público nunha entidade bancaria situada xusto en fronte no número 26.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A resposta da Directora xeral de patrimonio cultural ás nosas preguntas explicitou que este conxunto muralístico de Lugo xa contaba con protección, polo que non era preciso apremiar a declaración BIC, unha seguridade de conservación que agora o informe técnico compromete definitivamente.

As medidas de protección recollidas neste informe indícase que deberán de ser adoptadas no prazo máximo de corenta e oito horas, mais transcorridos case dous meses, aínda non se teñen activado.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas de protección vai activar o goberno da Xunta co conxunto muralístico de urbano Lugo, situados no entresollado dun edificio en ruínas na coruñesa Rúa Olmos, 25-27, á vista do severo risco de desaparición?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 22/03/2023 10:53:39

Daniel Castro García na data 22/03/2023 10:53:43

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/03/2023 10:53:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da estrada AC-543 en Urdilde, Rois.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada AC-543, que conecta a localidade de Noia coa capital galega, acaba de ser cortada ao tráfico por mor dunha fochanca de dous metros de diámetro e catro de profundidade no punto quilométrico 17,800 ao seu paso por Urdilde, no concello de Rois. As primeiras hipóteses apuntan a que as riadas que se produciron neste inverno poderían ter sido a causa, ao desprazar a terra que se atopaba baixo ese punto.

Esta estrada foi obxecto de anuncios recentes de inversións tanto en Lousame e Noia, como hai tan só un par de meses, para eliminar un punto de concentración de accidentes en Brión.

Esta estrada sufriu unha perda de tráfico após a apertura do corredor de Noia, mais con isto tamén se deixou de atender axeitadamente, como se evidencia isto nas fendas que presenta actualmente. Cómpre sinalar tamén a falta de control que se produciu despois das intensas chuvias deste inverno e que son potenciais causas de correntes de terra e fenómenos coma o que se vén de producir.

As infraestruturas viarias no noso País sofren un grave problema por falta de investimento, tanto para a reparación e mantemento das mesmas, como para a construción de novas vías que se teñen demostrado como necesarias e urxentes. Este inverno e as súas condicións meteorolóxicas puxeron en evidencia o abandono





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sistemático que se vén producindo por parte do Partido Popular na Xunta de Galiza, mais tamén por parte do goberno estatal, con varios peches de estradas que supuxeron graves inconvenientes para a veciñanza e usuarias destas vías.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son as previsións económicas e temporais para as obras de reparación e inspección da estrada AC-543?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 22/03/2023 11:18:37

Paulo Ríos Santomé na data 22/03/2023 11:18:44

Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2023 11:19:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o presunto cambio de opinión do goberno galego respecto da participación pública do sector eólico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transición enerxética leva parello outro debate, o da participación pública dos sectores estratéxicos da economía. Diante dos retos de futuro, lamentablemente, a Xunta de Galiza do Partido Popular veu renunciando a dar este debate tanto nas súas leis de implantación empresarial, popularmente coñecidas como leis de depredación, como nas súas directrices enerxéticas 2018-2020 , no Plan Estratéxico ou na Axenda Enerxética 2030, que se limita a ser unha colectánea de resultados enerxéticos e obxectivos europeos.

Máis aínda, o pasado 21 de febreiro de 2022, cando comparecía o Vicepresidente Conde en sede parlamentaria para informar da presunta estratexia eólica galega e non fixo mención á participación pública. De feito, reiterou dous dos seus leitmotivs: a autocompracencia cun canon eólico desfasado e fracasado, que non se adapta ás novas características técnicas do sector, que cada vez recada menos e que non reverte no territorio; e a crítica ao modelo eólico do BNG, tanto nas novas propostas como no espírito das modificacións impulsadas no período 2005-2009 arredor da





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

blindaxe da Rede Natura e do impulso á participación cidadá e á participación pública directa en beneficios do sector.

Recentemente, o Grupo Parlamentario do Partido Popular votaba tamén en contra de que Galiza impulsase modificacións legislativas para, dunha banda, desenvolver un modelo enerxético de seu e, doutra, posicionarse nos debates estatais remitindo propostas de modificación do sector como están a traballar outras comunidades autónomas que non renunciaron ao exercicio do seu autogoberno.

Así as cousas, o pasado 21 de marzo de 2023 o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciaba unha lei “para que os beneficios do aproveitamento dos recursos naturais galegos se reinvestan en Galiza” coa “futura creación dunha sociedade coa que Galiza asumirá un papel protagonista na transición enerxética.”

A nota oficial da Xunta fala dunha “decisión pioneira para garantir que a sociedade galega no seu conxunto asuma un papel protagonista na transición enerxética, coa previsión de aprobar no Consello da Xunta o inicio da tramitación dunha lei que sentará o marco normativo para a creación dunha sociedade coa que asumirá esa participación directa, xunto con outros socios, e que permitirá velar para que o rendemento económico dos recursos naturais de Galiza se reinvesta en Galiza.

Sería unha boa noticia para o futuro de Galiza que o goberno galego apostase pola participación pública e directa no marco dun cambio de modelo que fixe como reto recuperar o control do sector, transformar as fontes de xeración, democratizar o acceso e restar poder ao oligopolio eléctrico. Porén, o seu historial en materia enerxética, sumado á falta de transparencia e dilixencia da última “sociedade” que artellou, a Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galiza, a través da cal entidades privadas coma un banco teñen máis información e capacidade decisoria do que tivo o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Parlamento Galego no ámbito dos fondos europeos, levan á necesidade de fiscalizar este presunto cambio de orientación.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Asume o goberno galego que fracasou absolutamente ao ter renunciado á participación pública e directa do sector enerxético?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/03/2023 11:53:10

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/03/2023 11:53:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2023 11:53:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a valoración do goberno galego sobre o canon eólico, os seus resultados e previsións a medio prazo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza ten no seu papel de produtora enerxética unha enorme potencia de obtención de recursos económicos. Porén, a histórica renuncia do Partido Popular á participación pública e directa dos beneficios do sector, xunto coa súa conivencia co lobby eléctrico, fixo que perdamos oportunidades como país.

A Xunta de Galiza impulsou no ano 2009 a *Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental* e que viña a substituír o anterior marco legal, que si apostaba pola participación pública.

Ao longo dos últimos anos, este canon, que no ano 2021 recadou 22.142,07€ millóns de euros, reduciu a súa recadación e esta folla de ruta é a previsible, toda vez que o goberno galego non adapta a súa formulación ás novas características técnicas do sector.

O canon eólico arbitrado pola Xunta de Galiza grava o número de aeroxeradores establecendo un tramo exento e tres tramos con pagamentos unitarios crecentes segundo





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se incrementa o número de aeroxeradores. Dito imposto fornece, excluídos os gastos de xestión, o denominado Fondo de Compensación Ambiental, que se reparte por dúas vías. Unha, para os municipios directamente afectados polas instalacións dos aeroxeneradores e as súas poligonais e infraestruturas. Outra, para a totalidade dos concellos galegos, por vía competitiva. A lei direcciona as actuacións financiábeis para aquelas *“comprendidas en aplicacións orzamentarias que teñan entre as súas finalidades a protección do medio e do contorno natural, a súa conservación, reposición e restauración, así como o fomento da investigación dirixida á mellora na eficiencia do aproveitamento dos recursos das enerxías renovables”*. Anualmente a Xunta emite unha orde mediante a cal regula os criterios de repartición e establece as bases reguladoras e a convocatoria das subvencións do Fondo de Compensación Ambiental en réxime de concorrencia non competitiva e concorrencia competitiva, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida. A contía aproximada adoita rondar os 11 millóns de euros, a metade aproximadamente do recadado polo canon eólico.

Hai que recordar que dita lei do sector eólico xa foi modificada unilateralmente e sen diálogo sectorial ou social múltiples veces, a maioría a través do subterfuxio da lei de acompañamento dos orzamentos. Hai que recordar tamén que, para alén de que o seu carácter ambiental é relativo, hai que dicir que a lei do sector eléctrico estatal en vigor dende 1997 abría xa a porta a encarecer a tarifa nunha autonomía ou concello no caso de contar con tributos sobre o sector. Esta posibilidade converteuse en imposición coa reforma impulsada en 2013. Resultado diso e das políticas austericidas dos orzamentos estatais de Montoro co Partido Popular, Galiza chegou a pagar a tarifa eléctrica máis cara do estado ao repercutírense nela os suplementos territoriais do ano 2013 após diferentes sentenzas xudiciais en favor do lobby eléctrico.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Canto máis tempo pasa, é máis evidente a eiva de concepción e funcionamento do canon eólico, tanto pola súa formulación inicial como polo uso que o goberno da Xunta fai del á hora de repartir o recadado.

En síntese, é evidente que esta non é a forma máis adecuada de retornar á sociedade unha compensación polo impacto xerado, pois é decrecente nun non contexto no que paradoxalmente está a aumentar. Polo tanto é necesario que o goberno galego faga unha profunda avaliación da situación e dialogue cos axentes afectados para introducir mudanzas, se é que non accede a transformar globalmente o marco enerxético e facelo desaparecer por outras fórmulas.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Asume o goberno galego o fracaso do vixente canon eólico e a necesidade de superalo?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/03/2023 12:50:23

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/03/2023 12:50:27

Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2023 12:50:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas que debería asumir o goberno ao respecto do programa REXURBE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O programa REXURBE foi posto en marcha en 2017 co fin de adquirir e rehabilitar inmobles e solares emprazados nos centros históricos. Segundo o programa electoral do PP do ano 2016, o obxectivo deste programa era rehabilitar até 1.500 vivendas e 350 locais comerciais. Unha aposta que se redobrou no programa electoral do PP en 2020, asegurando que rehabilitarían 3.000 vivendas.

Porén estes anuncios non pasaron de ser falsa propaganda electoral. Segundo os últimos datos publicados, dende o ano 2017 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda apenas logrou adquirir 59 inmobles, dos cais tan só 9 foron rehabilitados.

A falla de desenvolvemento do programa explícase pola negativa do goberno a dotala de recursos suficientes. O orzamento previsto inicialmente no ano 2020 foi de 8M€, mais a súa execución final foi de 3M€. No ano 2021 volveu a repetirse esta situación, tras anunciarse un investimento inicial de 10 M€, a execución final foi de 3, 2M€. Evidénciase, pois, que a parálise que sofre este programa é consecuencia dunha falla de vontade do goberno, que nin inviste fondos suficientes para acadar os obxectivos marcados, nin executa os que compromete.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza ante os resultados do programa REXURBE?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 22/03/2023 13:11:23

Paulo Ríos Santomé na data 22/03/2023 13:11:27

Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2023 13:11:37





Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

A estrada AC-543 sufriu o 21 de marzo no seu punto quilométrico 18 ao seu paso por Urdilde, no Concello de Rois, un desprendemento que provocou unha focha de 4 metros de diámetro e 2 de profundidade.

A Xunta asinaba a comezos deste ano un convenio co concello de Brión para realizar obras de mellora nesta estrada, sumándose así aos asinados a finais de 2022 cos concellos de Lousame e Noia co mesmo obxectivo. Non obstante, non sucedeu así co concello afectado, cando non é a primeira vez que esta estrada sofre desprendementos semellantes.

As autoridades competentes informaron que esta vía de comunicación de titularidade autonómica, que conecta Santiago de Compostela e Noia, permanecerá pechada mentres duren as labores para restablecer as condicións de seguridade.

Mais dados os problemas recorrentes nesta vía ao seu paso polo municipio de Rois parece máis axeitado realizar un estudo rigoroso de todo o seu trazado para así evitar novos desprendementos que poñan en serio risco a seguridade das persoas usuarias.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2023 13:56:11
Nº Rexistro: 51810
Data envío: 22/03/2023 13:56:11.444

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que a falla de mantemento da estrada AC-543 ao seu paso polo concello de Rois foi a causante do gran desprendemento do firme que tivo lugar en Urdilde?

Santiago de Compostela, 22 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 22/03/2023 13:53:40

Patricia Otero Rodríguez na data 22/03/2023 13:53:52

Eduardo Ojea Arias na data 22/03/2023 13:54:05

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186972

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Torrado Quintela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Consello de Contas evidencia, no seu último informe, un problema sinalado de xestión da sanidade de Galicia polo derivar a un centro privado unha tecnoloxía sanitaria doada para o tratamento de cancro no sistema público.

O caso, que ven de anos atrás, ten que ver cunha doazón feita pola Fundación Amancio Ortega ao sistema público de saúde. Esta doazón, que é unha boa nova para o sistema de saúde por aumentar a súa capacidade para tratamentos oncolóxicos, incluíu diversos aparataxes que foron destinados a centros sanitarios de Galicia. Entre eles, sendo esta unha doazón ao Sergas (que xestiona o sistema público), está unha clínica privada de A Coruña, o centro oncológico de Galicia. Este centro traballa, en parte, concesionado co sistema público e en parte cos seus clientes privados.

A tecnoloxía, cedida polo Sergas unha vez que foi recibida, utilízase por esta clínica para dar servizo tanto aos usuarios que veñen derivados do sistema público como aos seus propios pacientes vía privada. Ademais, e a pesares de que o centro asume un custe que paga ao Sergas pola citada aparataxe, logo cobra ao propio sistema público por tratar aos pacientes que son derivados. Por tanto, a realidade é que o goberno de Galicia destinou unha tecnoloxía de moito valor a unha clínica privada que obtén beneficio propio dela e que, despois, cobra ao propio goberno pola derivación de pacientes para os que usa esa mesma maquinaria.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 51818
Data envío: 22/03/2023 15:14:38.131

Esta situación surrealista é provocada pola decisión do goberno de Galicia de incluír a este centro como destinatario de parte destas doazóns, cuestión que o propio Consello de Contas sinala como irregular.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno de Galicia atender ás indicacións do Consello de Contas sobre a xestión sanitaria respecto da doazón e empresas privadas de maquinaria destinada para o sistema público de saúde?

Santiago de Compostela, 22 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 22/03/2023 14:49:54

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/03/2023 14:50:07

Marina Ortega Otero na data 22/03/2023 14:50:18

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186974

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A industria do libro galego constitúe o primeiro sector cultural do país, declarado estratéxico pola Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia, e que leva unha década sufrindo multitude de problemas con descenso notables de produción e tamén dos índices de lectura en Galicia.

A crise da pandemia incidiu agravando notablemente a súa situación, tal como puxeron de manifesto no seu día a Asociación Galega de Editoras (AGE), a Federación de Librerías de Galicia (AELG) e a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG). E se ben é certo que globalmente o sector se vai recuperando, non o fai ao ritmo agardado e moito menos cando falamos do libro en galego.

O sector do libro sufriu ademais nesta última década unha forte redución das axudas e subvencións públicas nas últimas lexislaturas, a absoluta carencia de campañas de estímulo á lectura, o descenso de axudas a bibliotecas públicas e a falla de apoio ás librarías, entre outros asuntos.

O último barómetro ‘Hábitos de lectura e compra de libros 2022’ elaborado pola Federación de Gremios de Editores de España segue mostrando que Galicia está por baixo da media estatal na porcentaxe de lectores de libros en tempo libre (64,8 % media estatal, 61,7 % en Galicia), e mesmo cun índice menor que no ano 2021, de xeito que nos sitúa á cola de todo o Estado.





O mesmo barómetro advirte tamén que só un 3,4% escolle a lingua galega como preferencia para a lectura e só o 4% ten o galego como lingua habitual de lectura, sen que o Goberno galego adopte ningunha medida para corrixir esta situación.

No documento de traballo do Consello da Cultura Galega (CCG) 'O sector do libro galego perante a crise da COVID-19' apúntase unha situación semellante: o descenso no consumo privado de libros. As familias gastan moito menos en libros non de texto que antes de 2008 e cada vez menos. Apunta tamén o informe un descenso moi importante no gasto das adquisicións en bibliotecas e na dotación dos principais programas de fomento do libro e da lectura, que sufriron grandes recortes nos últimos anos, nalgúns casos con descensos de máis do 50%.

Por outra banda, a lei 17/2006 establece na súa disposición adicional primeira que a Xunta de Galicia deberá presentar un Plan de fomento da lectura no que, ademais de contemplarse obxectivos e medidas, se determine unha periodización e o orzamento necesario para o seu desenvolvemento. Mais dezaseis anos despois Galicia segue sen contar con ese plan de dinamización da lectura a pesar dos múltiples anuncios do Goberno galego neste sentido.

A mesma lei determina no seu artigo 4 a elaboración, previa audiencia dos axentes do libro ou en colaboración con eles, plans e programas de actuación ademais de investigacións e estudos sobre os diversos aspectos que rodean o libro e a lectura para poder aplicar políticas eficaces. Mais dende a súa aprobación non se realizou ningún por parte do Goberno, fóra dos informes que realizan as entidades do sector e que semellan non ser tidos en conta pola Xunta de Galicia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 51824
Data envío: 22/03/2023 15:16:37.162

Todo o exposto evidencia o desleixo, a despreocupación e a falla de apoio do actual Goberno galego para co sector do libro, e por iso as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora o Goberno galego o cumprimento e desenvolvemento que está a facer da Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia?

Santiago de Compostela, 22 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 22/03/2023 15:11:32

Noelia Otero Lago na data 22/03/2023 15:11:42

CSV: BOPGDSPG-nNE6FOS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186977

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e **Pablo Arangüena Fernández**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Ministerio de Xustiza, puxo a disposición dos axentes xudiciais unha nova versión do Sistema de Xestión Procesal Atenea, que se atopa en funcionamento dende o pasado luns 13 de marzo 2023 en todas as comunidades autónomas que non teñen as competencias transferidas introducindo melloras funcionais.

Un novo Sistema de Xestión Procesal que constitúe un paso máis na transformación dixital que vive o Servizo Público de Xustiza para ofrecer servizos acordes ás necesidades que ten a cidadanía.

Atenea incorpora nesta nova versión novidades que non estaban incluídas no seu antecesor, o Sistema de Xestión Procesal Minerva, e que estaban a ser demandadas polas persoas usuarias.

Está previsto que, con Atenea, as máis de 230 mil itineracións de trámite realizadas no último ano, se rexistren de maneira automática, axilizando o proceso de tramitación e aforrando un tempo estimado de case 8.000 horas de traballo manual ao ano.

Durante o ano 2021, o Ministerio de Xustiza afrontou a migración tecnolóxica do seu Sistema de Xestión Procesal Minerva, coa creación deste novo sistema de xestión do Expediente Xudicial Electrónico, que permite á





Administración de Xustiza prestar á cidadanía un servizo público que se adapte ao novo marco da sociedade dixital.

Funcionalmente, Atenea é similar ao anterior sistema Minerva, polo que se pode reutilizar a infraestrutura xurídica que xa está despregada. Ademais, ambos sistemas poden convivir sen necesidade de que se produza unha migración de datos dende Minerva, xa que poden traballar sobre unha mesma base de datos común.

En Galicia dende o ano 2008 utilízase o sistema de xestión procesual Minerva, e nos últimos anos vense denunciando moitos fallos de funcionamento e unha ralentización que aconsellan avanzar cara un programa máis axeitado.

Coa necesidade de avanzar no noso territorio na implantación do expediente electrónico dende o grupo socialista entendemos que a implantación deste novo sistema Atenea facilitaría o camiño cara esa necesaria transformación dixital.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Está a cumprir este goberno os obxectivos de dixitalización da Administración de Xustiza previstos no Plan Senda 2025?

Santiago de Compostela, 22 de marzo do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2023 11:43:54
Nº Rexistro: 51849
Data envío: 23/03/2023 11:43:54.768

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 23/03/2023 11:41:56

Pablo Arangüena Fernández na data 23/03/2023 11:42:04

CSV: BOPGDSPG-nNE6FQS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186980

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2023 11:45:15
Nº Rexistro: 51855
Data envío: 23/03/2023 11:45:15.877

Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O 17 de febreiro de 2023 o Diario Oficial de Galicia recollía a delegación de competencias da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, distribuíndo parte das súas funcións entre diversos órganos. O propio DOG expoñía que o funcionamento da consellería supoñía unha concentración de funcións en torno ao seu titular que aconsellaba recorrer á delegación de competencias noutros órganos ante o alto volume de competencias.

Deste xeito incluíuse unha serie de delegacións na Secretaría Xeral Técnica, na Secretaría Xeral de Industria, na Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, na Dirección Xeral de Comercio e Consumo e nas xefaturas territoriais.

Esta decisión vén a mudar a estrutura de gobernanza da Consellería de Economía, Industria e Innovación sen que o seu titular teña explicado cales foron os motivos para reorganizar o seu departamento, se houbo erros de funcionamento ou debilidades na gobernanza que repercutiran na xestión pública.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186981

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2023 11:45:15
Nº Rexistro: 51855
Data envío: 23/03/2023 11:45:15.877

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que erros de funcionamento detectou o goberno na Consellería de Economía, Industria e Innovación para mudar a súa gobernanza a través da delegación de diversas competencias noutros órganos?

Santiago de Compostela, 22 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/03/2023 11:38:46

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/03/2023 11:38:55

CSV: BOPGDSPG-nNE6FQS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
186982

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a actuación a levar a cabo pola Xunta de Galiza diante dos incumprimentos da empresa adxudicataria do servizo de salvamento marítimo de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa no ano 2020, este Grupo denunciaba, mediante distintas iniciativas rexistradas no Parlamento, determinados incumprimentos da empresa Babcock International, agora Chamada Avincis, adxudicataria dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza, dependentes da Consellaríado Mar, para o desenvolvemento de labores de vixilancia, loita contra a contaminación e salvamento marítimo.

Naquel momento entre outras cousas solicitabamos:

- “As investigacións que determinen as posíbeis responsabilidades nas que a empresa Babcock España podería estar incurrindo respecto das cláusulas do contrato“
- “Determinar as responsabilidades da empresa adxudicataria en canto ás normativas que regulan as actividades que se recollen no contrato“.

A ambas as dúas propostas o Partido Popular votou NON na sesión da Comisión de Pesca do 22 de xaneiro de 2021. No entanto, todo indica que o incumprimento por





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parte da empresa dalgunhas das condicións establecidas no prego de contratación segue a ser manifesto, sen que nos conste que a Consellería estea a velar pola estrita execución do contrato.

Incumprimentos que non serían puntuais ou excepcionais senón sistemáticos e constantes e que estarían a someter, ademais, a unha situación intolerábel aos traballadores da adxudicataria, razóns máis que suficientes para ser motivo de atención e actuación inmediata por parte da Consellería do Mar, xa que se trata dun servizo vital para a xente do mar que de ningún xeito pode poñer en perigo nin ás tripulacións nin á resposta da seguridade no mar a aqueles que a necesiten.

O Pliego de Prescripciones Técnicas Particulares en vigor, sinala:

No punto 2.3 Misiones a realizar

2.3.1. Este servicio consiste en la operación técnica de las aeronaves objeto del contrato para la realización de las misiones propias del Servicio de Guardacostas de Galicia...

c) Colaboración con el 061 para el transporte de heridos, enfermos y cualquier tipo de accidentados, entre los puntos que se designen de la acción y de las atenciones primarias de urgencias y de hospitalización.

A normativa en vigor establece unha serie de requisitos legais en materia de aeronavegabilidade e licenzas para outras actividades aeronáuticas e distingue entre distintos tipos de voos, deixando claro que as “misiões de rescate“ e o “transporte sanitario“ non son o mesmo. Este último, por exemplo, esíxelle aos pilotos un maior adestramento en simulación de emerxencias en voo que non nos consta que leven a cabo os da empresa mencionada.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No punto 2.6 *Tiempo de resposta, inoperatividades y helicóptero de sustitución.*

2.6.5 *Dadas las características de este servicio, es primordial garantizar su continuidad. Así con el objeto de mantener el estado de máxima operatividad del servicio, en caso de que un helicóptero quedara fuera de servicio por cualquiera causa, la empresa adjudicataria pondrá a disposición de la consellería otro helicóptero de características y prestaciones igual o superiores en el menor tiempo posible (plazo máximo de relevo de 48 horas desde la interrupción del servicio) sin cargo alguno para la consellería.*

2.6.6 *Asimismo, para los períodos de revisión obligatoria, mantenimiento o cualquier otra parada técnica programada o previsible, la empresa adjudicataria pondrá a disposición de la consellería un helicóptero para su relevo temporal, de las características que se indican en este pliego, de modo que durante estos períodos no se interrumpa en ningún momento la prestación del servicio, por lo que antes de la retirada del helicóptero operativo, el adjudicatario deberá acercar el nuevo aparato que realizará el servicio mientras se realizan las oportunas revisiones.*

2.6.8 *Las características básicas del helicóptero de sustitución y su equipación, no serán inferiores a las exigidas a los helicópteros del Servicio y que se señalan como especificaciones técnicas en el punto 2.8.2., por lo que la oferta deberá especificar que unidades de sustitución son las ofertadas.*

2.6.9 *La empresa adjudicataria no podrá efectuar sustituciones de las aeronaves sin conocimiento ni aceptación previo de la consellería.*

Tal e como denunciabamos no 2020, estes puntos nin se cumprían daquela nin se están a cumprir na actualidade. Os helicópteros “titulares“ non son substituídos por





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outros das mesmas ou similares características. Moi ao contrario, as características das aeronaves “substitutas“ impiden, precisamente, que se poidan realizar os rescates con garantías e resultados. De feito, foron desbotadas polo ente público estatal SASEMAR as que agora prestan servizo en substitución das titulares no servizo de Gardacostas de Galiza.

Polo tanto, ademais da envergadura do incumprimento e das consecuencias que isto pode ter, a Administración galega está a pagar helicópteros, en todos os casos, dunhas prestacións superiores que non se corresponden coas dos que funcionan grande parte do ano.

Sería, ademais, de gravidade extrema o incumprimento do punto 2.6.9 e que a empresa realizase substitucións sen o coñecemento e a aceptación previa da Consellería, porque o Servizo de Salvamento Marítimo está para salvar vidas no mar, a comezar polas dos propios tripulantes dos helicópteros, non para poñelas en risco e/ou perdelas.

No punto 2.8.2 *Los helicópteros corresponderán como mínimo a las siguientes especificaciones técnicas*, recóllense precisamente as especificacións técnicas dos helicópteros. Moitas delas non se cumpren no caso dos de substitución e algunhas incluso nos titulares. De feito, xa teñen ocorrido percances de seguridade que a Xunta de Galiza deba non só coñecer, senón tomar as medidas para evitalos.

No punto 2.8.4 *Hangarización de los helicópteros*.

Tanto el helicóptero situado en la base de Vigo, como el que está en la base de Viveiro deberán poder acceder al interior de sus respectivos hangares, por lo que se indica a continuación las medidas máximas para poder acceder:

- *Hangar de Celeiro : 4,60 m. de alto, 18 m. de largo y 15 m. de ancho de la*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

puerta.

- Hangar de Vigo: 6,40 m. de alto, 20 m. de largo y 15 m. de ancho de la puerta.

No 3.4.2 Obras a construir por la Administración.

La Administración no tiene prevista la realización de cualquier tipo de obra o instalación fija en las bases de los helicópteros. Con todo, si en el futuro se considerara tal necesidad en una mejora cualitativa del servicio de que se trata, se procedería a la redacción de los oportunos proyectos y a la ejecución de los mismos dentro de los sistemas establecidos en la normativa vigente. La responsabilidad de custodia y mantenimiento de las instalaciones así realizadas recaería sobre el empresario adjudicatario del servicio quien, finalizado el período de contrato vendría en la obligación de la entrega de aquellas a la Administración, en perfecto estado del uso para que fueran creadas.

No 3.4.3 Obras o instalaciones a construir por el adjudicatario del servicio. Cualquier tipo de instalación que la empresa contratista considere necesario llevar a cabo en las bases, para dar cumplimiento a las exigencias del presente pliego, las realizará a su cuenta (previo permiso explícito de la CM), quedando obligado a la entrega de aquellas susceptibles de uso para los fines del Servicio de Guardacostas, a la Administración, en perfecto estado de conservación. Asimismo estará obligado a retirar aquellas instalaciones que la propia Administración no considerara convenientes a los fines antes citados.

No caso do hangar de Viveiro son perfectamente visíbeis dende o exterior do mesmo a cantidade de manobras que os traballadores do servizo teñen que realizar para facer entrar ou saír os helicópteros de substitución que, segundo o seu propio fabricante, miden 4,98 metros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este aspecto, que pode parecer menor, adquire gran importancia cando, por exemplo, todas esas manobras se convirten nun obstáculo no momento no que xorde unha emerxencia e o tempo de resposta á mesma se ve incrementado por este motivo e por non se teren realizado en ningún momento as obras necesarias.

En canto ao punto 4.- *Personal*, a Xunta de Galiza debera realizar un seguimento exhaustivo de todos e cada un dos requisitos que se establecen no prego porque o incumprimento dun ou varios poderían significar serios problemas de seguridade para o desenvolvemento dun servizo para o que se esixen características moi singulares e para os propios traballadores que o desempeñan

O Goberno galego adxudicou no seu día un contrato cunhas condicións moi específicas e claras que se están a incumprir impunemente. As consecuencias desa impunidade e desa irresponsabilidade vennis sorportando un persoal sometido a constante presión e mesmo a despidos. E o verdadeiramente inaceptábel nun servizo destas características e coa función primordial de salvar vidas é que non se respecten escrupulosamente as condicións establecidas e que a adxudicataria, a Xunta de Galiza, non o vixie e non o impida con toda contundencia.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións está levando ou vai levar a cabo o Goberno galego diante dos incumprimentos sistemáticos da empresa Babcock International/Avincis das cláusulas establecidas no prego de contratación para a prestación de servizo de Salvamento Marítimo de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 23/03/2023 11:52:16

Carmela González Iglesias na data 23/03/2023 11:52:20

Daniel Castro García na data 23/03/2023 11:52:30





Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

As taxas de emprego aumentan a medida que aumenta o nivel de formación: o 78% das e dos mozos con estudos terciarios ten emprego en España, 20 puntos porcentuais por encima dos que teñen como titulación máxima a ESO. É unha das conclusións que recolle o Ministerio de Educación do informe co que a OCDE radiografía a educación dos Estados membros. A Enquisa de Poboación Activa que analiza o abandono escolar recolle o último dato a ano cerrado, correspondente ao 2022, que sitúa a nosa comunidade por primeira vez en retroceso tras nove anos de mellora. En concreto, Galicia pechou o ano 2022 cun 9,9% de persoas de 18 a 24 anos que non completaron a segunda etapa de educación secundaria e non seguía formación, o que supón case dous puntos máis respecto ao dato de 2021, do 8,1%.

Daquela, desde a Consellería de Educación se relacionou directamente este descenso cos programas de mellora impulsados desde a Xunta en prol do esforzo e o éxito escolar. Vimos de pechar un ano de enormes dificultades económicas e sociais para as familias galegas que viron como, sen apenas ter superados os efectos da pandemia derivada da Covid, lles azoutaba a actual crise de prezos co conseguinte encarecemento da vida. As contas da nosa Comunidade Autónoma e no que atinxe á Consellería de Educación son a ferramenta para garantir a igualdade de oportunidades e a equidade e máis agora neste contexto de incerteza internacional que afecta directamente ás familias. Sabemos ademais que as nenas e os nenos e mozas e mozos xunto ás mulleres galegas son o sector máis vulnerable. Toda esta problemática, a Covid primeiro e a crise actual teñen un impacto demostrado tamén no





benestar e no estado anímico das e dos alumnos. Desenvolver todas as ferramentas posibles que están na man da Consellería de Educación para que ningún rapaz ou rapaza queden atrás debería de ter sido e ser máis que nunca unha obriga, pero o grado de execución das contas correspondentes ao terceiro trimestre en partidas como a 423B para a prevención do abandono escolar amosan un desleixo inxustificable xa que non chega sequer ao 40%. En concreto, unicamente executaron o 39,6%.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como explica a coincidencia entre o aumento da taxa de abandono escolar na nosa comunidade xunto a baixa execución da partida orzamentaria destinada a facer fronte a esta problemática?

Santiago de Compostela, 23 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 23/03/2023 12:40:50

Noa Susana Díaz Varela na data 23/03/2023 12:40:58





A Mesa do Parlamento

Ana Belén García Vidal, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O centro de saúde de Noia atende a máis de 13.000 persoas deste concello, e a través do PAC chega a 32.000, xa que da servizo á veciñanza de Lousame, Porto do Son e Outes.

O centro de saúde actual comparte o edificio con outros organismos. Aínda que se teñen realizado algunhas melloras, o espazo é insuficiente e presenta deficiencias importantes que impiden o crecemento tanto en número de profesionais, como na carteira de servizos e faltan salas de técnicas para a incorporación de novas tecnoloxías.

O pasado mes de outubro de 2022 asinábase un convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Noia para levar a cabo o plan de execución das obras de construción dun novo e moderno centro de saúde.

A axilidade e rapidez por parte do Concello de Noia na posta a disposición da Xunta dos terreos onde se construíra esta nova infraestrutura sanitaria, permitirá que o de Noia sexa o primeiro centro de saúde da provincia da Coruña da fase 1 do Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria.

Polo exposto anteriormente, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En que estado se atopa o proxecto de construción do novo Centro de Saúde de Noia e previsión dos prazos para a súa licitación?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Ana Belén García Vidal na data 23/03/2023 12:55:17

María Corina Porro Martínez na data 23/03/2023 12:55:32

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/03/2023 12:55:43

José Alberto Pazos Couñago na data 23/03/2023 12:55:59

Noelia Pérez López na data 23/03/2023 12:56:14

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 23/03/2023 12:56:29

López Sánchez, Rosalía na data 23/03/2023 12:56:41

Raquel Arias Rodríguez na data 23/03/2023 12:56:51





A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os orzamentos da Consellería de Sanidade para 2023 consolidan o compromiso da Xunta de Galicia coa modernizaciónn integral do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, non só no relativo a infraestruturas,co novo edificio de hospitalización ou a reforma do Materno-Infantil por poñer un exemplo, senón tamén coa incorporación de novas tecnoloxías e equipamentos sanitarios como é o PET-TC e as dúas gammacámaras do novo servizo de medicina nuclear que sen dúbida redudarán en maiores e prestacións para a cidadanía de Ourense.

Pero ademáis nos orzamentos deste ano tamén se consolida a aposta do goberno galego polos sete hospitais comarcais de Galicia entre os que se atopan o Hospital de Verín e o Hospital do Barco de Valdeorras.

Có obxectivo de reforzar a súa capacidade asistencial e mellorar os servizos e a funcionalidade para as veciñas e veciños da Comarca de Valdeorras o Hospital de O Barco xa viu o pasado ano renovado boa parte do seu mobiliario e equipamentos ademáis da posta en marcha de diversas obras e actuacións para renovar, modernizar e aumentar o espazo dispoñible co fin de mellorar a atención dos pacientes.



Unido á remodelación da infraestrutura e ao amparo da Lei 2/2022, de medidas extraordinarias para a provisión de postos de difícil cobertura, aprobada en outubro de 2022 no Parlamento de Galicia, está previsto tamén reforzar en materia de persoal diferentes especialidades médicas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que previsións ten a Xunta de Galicia en relación có desenvolvemento das obras de remodelación no Hospital Público de Valdeorras?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 23/03/2023 13:00:05

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 23/03/2023 13:00:21

María Corina Porro Martínez na data 23/03/2023 13:00:32

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/03/2023 13:00:44

José Alberto Pazos Couñago na data 23/03/2023 13:01:00

López Sánchez, Rosalía na data 23/03/2023 13:01:14

Raquel Arias Rodríguez na data 23/03/2023 13:01:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Axencia galega de doazón de sangue, órganos e tecidos (ADOS), ten como fins xerais e obxectivos básicos actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas coa doazón e o abastecemento de sangue e os seus derivados, a coordinación de transplantes de órganos e tecidos, e o procesamento e almacenaxe de células, tecidos e mostras biolóxicas humanas con fins diagnósticos, terapéuticos e de investigación.

Desde a súa creación a Axencia, xunto a xenerosidade dos galegos, consolidou a Galicia como terceira comunidade en doazóns no ano 2021, a pesar de tratarse un ano moi marcado pola pandemia.

Este boa posición entre as outras comunidades autónomas faínos ver da xenerosidade de todos os galegos e galegas na doazón de sangue, órganos e tecidos.

A Axencia ten desenvolvido ao longo dos últimos anos diversos proxectos colaborativos, así como implantado diversas melloras internas que lle permitiron acadar un maior número de doazóns.

Malia isto, a veces as reservas de sangue sofren momentos de escaseza como o vivido o pasado mes de decembro de 2022 no que a Axencia tivo que facer un chamamento á

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



poboación debido ós baixos niveis de sangue, o que obrigou á Consellería de Sanidade a interromper varias intervencións cirúrxicas nos hospitais públicos galegos.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que medidas está a tomar a Axencia galega de doazón de sangue, órganos e tecidos para incentivar a doazón por parte dos galegos e galegas?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 23/03/2023 13:04:12

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/03/2023 13:04:25

José Alberto Pazos Couñago na data 23/03/2023 13:04:40

María Corina Porro Martínez na data 23/03/2023 13:04:52

Noelia Pérez López na data 23/03/2023 13:05:03

López Sánchez, Rosalía na data 23/03/2023 13:05:18

Raquel Arias Rodríguez na data 23/03/2023 13:05:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia leva tempo apostando polas políticas de Saúde Pública e particularmente polas políticas de prevención primaria, co seu maior expoñente nos programas de vacinación.

O pasado mes de setembro de 2022, presentouse o novo calendario de vacinación ao longo de toda a vida, para contemplalo como unha protección en todas as etapas da vida dunha persoa, dende o nacemento ata a idade adulta.

O establecemento deste Calendario permitiu cambiar a visión de que a vacinación é só importante nas idades infantís, dándolle un carácter continuo ao longo de toda a vida dunha persoa.

Ademais ampliou a protección brindada, incorporando e estendendo o calendario vacinal a novas vacinas como a do virus do papiloma humano para os varóns a partir dos 12 anos, a vacina fronte a meninxite B ós lactantes e a vacina antigripal de forma sistemática na idade infantil.

En marzo de 2023 tivemos coñecemento de que a Xunta de Galicia ampliou este calendario vacinal ó longo da vida introducindo a inmunización fronte ó virus respiratorio sincitial (VRS) e ó rotavirus, virus que afectan principalmente ós menores de 2 anos.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A introdución destas dúas novas vacinas situou a Galicia como unha rexión pioneira, co calendario máis completo, e sendo a primeira do mundo que anuncia o compromiso de incorporar a inmunización fronte ó VRS.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance fai a Xunta de Galicia sobre a ampliación do calendario de vacinación ao longo de toda a vida?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 23/03/2023 13:07:58

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/03/2023 13:08:12

José Alberto Pazos Couñago na data 23/03/2023 13:08:27

María Corina Porro Martínez na data 23/03/2023 13:08:41

Noelia Pérez López na data 23/03/2023 13:08:57

López Sánchez, Rosalía na data 23/03/2023 13:09:13

Raquel Arias Rodríguez na data 23/03/2023 13:09:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 (FPUSG-061), ten por obxecto a realización de actividades de xestión, coordinación, consultoría, docencia e investigación prioritariamente en materia de atención extrahospitalaria en caso de emerxencia e urgencia sanitaria.

Entre os seus principais fins atopase a xestión e coordinación da atención e transporte sanitario urxente de soporte vital básico e avanzado.

No pasado 2019 licitouse o expediente de prestación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 (FPUSG-061) para os catorce lotes nos que se desagrega a Rede de Transporte Sanitario Urxente Terrestre, cunha duración de 4 anos.

Despois destes catro anos de contrato, neste 2023 vaise realizar a licitación dun novo contrato que, como cada expediente novo que se realiza, recollerá a análise de múltiples factores, como variacións demográficas, variación nas demandas sanitarias, tempos de resposta, distancias ós centros sanitarios, así coma as necesidades e actividades das diferentes comarcas e concellos da nosa Comunidade Autónoma.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Que melloras vai recoller o novo contrato de transporte sanitario urxente que a Xunta de Galicia ten que licitar este mesmo ano?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/03/2023 13:12:04

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 23/03/2023 13:12:21

José Alberto Pazos Couñago na data 23/03/2023 13:12:33

María Corina Porro Martínez na data 23/03/2023 13:12:44

Noelia Pérez López na data 23/03/2023 13:12:58

López Sánchez, Rosalía na data 23/03/2023 13:13:14

Raquel Arias Rodríguez na data 23/03/2023 13:13:25





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia continúa reforzando a Atención Primaria con medidas para facer fronte ás actuais demandas da poboación galega. Froito dilo é a posta en marcha dunha nova unidade de apoio aos equipos de atención primaria (médico y enfermeira) para reforzar a atención domiciliaria nas zonas rurais e semi rurais de Galicia.

O pasado mes de xaneiro levouse a Consello da Xunta de Galicia o informe sobre a aprobación da creación dos equipos de soporte de atención domiciliaria, coñecidos como ESAD.

A creación destes 35 novos equipos de soporte de atención domiciliaria (ESAD), formados por 70 profesionais de enfermaría, supuxo a ampliación da carteira de servizos do Sergas en atención primaria.

Segundo se indicou, o obxectivo desta acción é potenciar a atención domiciliaria dos pacientes inmovilizados e con enfermidades crónicas ou situacións clínicas de elevada complexidade asistencial, que requiran dunha abordaxe integral e proactiva.

Pero tamén reforzar a atención sanitaria ós pacientes vulnerables no seu propio domicilio coa realización de valoracións integrais e proactivas para detectar potenciais problemas clínicos ou sociais que requiran de intervencións por parte dos/as profesionais que integran os equipos de atención primaria.





Esta acción está recollida nos principais documentos estratéxicos de referencia para a Consellería de Sanidade, nos que se basea a reforma e mellora do actual modelo de atención primaria: o Plan de acción de atención primaria e comunitaria 2022-2023, o Plan galego atención primaria 2019-2021 e o documento Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde.

A posta en marcha destes equipos demostra que se da continuidade ás reformas iniciadas pola Consellería de Sanidade no seu día e que se continúa cos obxectivos fixados.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do funcionamento dos equipos de soporte de atención domiciliaria?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/03/2023 13:19:21

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 23/03/2023 13:19:38

José Alberto Pazos Couñago na data 23/03/2023 13:19:48

María Corina Porro Martínez na data 23/03/2023 13:20:01

Noelia Pérez López na data 23/03/2023 13:20:13

López Sánchez, Rosalía na data 23/03/2023 13:20:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2023 13:29:25
Nº Rexistro: 51881
Data envío: 23/03/2023 13:29:25.811

Raquel Arias Rodríguez na data 23/03/2023 13:20:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-nNE6FOS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a responsabilidade da Xunta de Galiza no bloqueio termal da cidade de Ourense, singularmente das Burgas, e do fracaso da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dese hai anos, a cidade de Ourense continúa a arrastrar a incapacidade do bipartito PP-Democracia Ourensana e da propia Xunta de Galiza para desbloquear as repercusións negativas da lei de aproveitamento termal e superar a falta de planificación e dilixencia das diferentes partes.

Ata o momento de entrar en vigor a lei, Ourense tiña nos aproveitamentos termais un dos seus potenciais vectores de crecemento e desenvolvemento económico. Así mesmo, a cidade de Ourense foi no pasado unha referencia na existencia de espazos de desfrute termal de acceso e xestión pública, democratizando o seu use e desfrute por parte da veciñanza ourensá con independencia do seu nivel de renda. Non en balde, o Parlamento galego aprobou no ano 2008, a impulso do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a declaración de Ourense como capital termal.

Porén, nos últimos anos, lonxe das esperanzas postas naquel consenso e no consenso ourensán arredor daquel primeiro Plan Estratéxico Termal de Ourense impulsado no Concello, a evolución do termalismo en Ourense estivo limitada pola falta





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de apoio da Xunta de Galiza e a desidia e bloqueo político dos dous últimos gobernos municipais. Entre outros problemas, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego temos sinalado o enfoque reduccionista centrado exclusivamente no turismo e sen unha avaliación rigorosa (como demostra o Plan de Turismo Termal), a falta de aposta pola conexión da realidade termal co Campus da Auga e a investigación, a carencia dunha estratexia de saúde pública, a necesidade de recuperación patrimonial e cultural (BIC das Burgas, Tinteiro...), as distorsións da xestión estatal dos ríos ou a necesidade de cumprir transformacións pendentes (boulevard termal, reforma da zona do matadoiro, etc).

Malia os globos sonda da Xunta e do Concello e o simulacro de acción da creación da “área termal”, a desidia e a falta de colaboración política e institucional entre Xunta e concello é, nestes momentos, a responsábel de que as termas de Ourense, singularmente As Burgas, estean sen abrir ao público furtando un dereito á veciñanza e unha oportunidade de dinamización económica nun momento complicado para unha zona tan castigada. Máis aínda, a Xunta vén de confirmar que até 2024 non estará operativo este enclave tan importante.

Esta situación require de explicacións, asunción de responsabilidades e medidas para a súa axilización e compensación.. É necesario superar a falta de capacidade da Xunta de Galiza e do Concello de Ourense para relanzar a actividade termal en Ourense e adaptar as instalacións ás novas condicións derivadas da situación de pandemia e da aplicación da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que responsabilidades asume a Xunta de Galiza polo bloqueo termal á cidade de Ourense e a confirmación de que, como cedo, As Burgas aínda deberá esperar ata 2024?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/03/2023 13:33:21

Daniel Pérez López na data 23/03/2023 13:33:24

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/03/2023 13:33:36



Á Mesa do Parlamento

Adrián Pardo López, Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suarez Sarmiento, María Sol Diaz Mouteira, José Luís Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, María Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno**.

Exposición de Motivos:

A Xunta de Galicia é a administración que máis inviste no concello de Culleredo, en especial se falamos no referente a educación.

Podemos destacar como nos últimos anos construíuse un instituto de educación secundaria, o IES Rego da Trabe e un colexio de educación infantil e primaria, o CEIP Vila de Rutis.

Recentemente coñecíamos como dous centros educativos deste concello, o CEIP Sofía Casanova e o IES Eduardo Blanco Amor son elixidos para o programa de integración das familias na actividade da biblioteca escolar dentro da iniciativa coñecida como Lecturas en Familia.

A través desta iniciativa, ten como obxectivo estimular o deseño e desenvolvemento de iniciativas que favorezan a participación das familias en actividades da biblioteca escolar, destinadas ao conxunto da comunidade educativa ou especificamente pensadas para a formación e a participación destas familias en experiencias de lectura e de traballo coa información e medios de comunicación. Deste xeito, poderán intervir con mellores recursos e eficacia na formación dos seus fillos como lectores e usuarios de información.





Tamén cabe destacar que o IES Eduardo Blanco Amor foi seleccionado para participar por primeira vez no programa Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais, co que a Xunta de Galicia dá un paso máis no reforzo da educación dixital responsable.

Esta iniciativa, que se desenvolve por primeira vez este curso ao abeiro da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 e da Estratexia Dixital 2030, ten como finalidade ofrecerlle aos alumnos información e ferramentas para a adquisición de competencias e destrezas para o uso responsable, útil, seguro e ético destas novas formas de comunicación e interacción.

Ou como tamén o IES Rego da Trabe é un dos dez centros educativos de toda Galicia seleccionados para participar na terceira edición do programa 'Talentos inclusivos'.

Un programa que ten por obxectivo incrementar o coñecemento e competencias no ámbito da ciencia e da tecnoloxía da mocidade a través da participación activa e colaborativa no desenvolvemento de desafíos tecnolóxicos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Como valora a Xunta de Galicia a mellora dos recursos educativos no concello de Culleredo?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023





Asinado dixitalmente por:

Pardo López, Adrián na data 23/03/2023 14:24:16

Ovidio Rodeiro Tato na data 23/03/2023 14:24:41

Teresa Egerique Mosquera na data 23/03/2023 14:25:15

María Elena Suárez Sarmiento na data 23/03/2023 14:25:47

María Sol Díaz Mouteira na data 23/03/2023 14:26:20

José Luis Ferro Iglesias na data 23/03/2023 14:26:52

Gómez Salgado, Carlos na data 23/03/2023 14:27:17

María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/03/2023 14:27:43

Rodríguez Pérez, Moisés na data 23/03/2023 14:28:07





Á Mesa do Parlamento

Adrián Pardo López, Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suarez Sarmiento, María Sol Diaz Mouteira, José Luís Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, María Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno**.

O IES Francisco Aguiar de Betanzos é un dos institutos escollidos para a inversión do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica polo que tivo algunhas melloras moi importantes para a comunidade educativa de dito centro.

Estas obras do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica consistiron principalmente en reformas e adaptacións en diferentes zonas do centro (como aseos e comedores), ampliacións de aulas, melloras de accesibilidade, actuacións nos peches dos recintos, así como traballos de modernización e para mellorar o confort de alumnos e profesores.

Tamén, hai que destacar que este centro foi un dos centros nos que se mellorou o seu transporte grazas ao reforzo dos servizos de autobús entre Miño e Betanzos os xoves pola tarde para atender o alumnado.

Así, na liña que conecta en ambos os dous sentidos o centro de saúde de Betanzos e Miño, créanse dous novos servizos, de ida e volta, en horarios próximos ás clases da tarde do instituto, análogos aos que existen os martes para os estudantes do IES Francisco Aguiar.

Con estas melloras no servizo, a Xunta, a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, atende as peticións trasladadas polas familias do alumnado e polo Concello, ofrecendo servizos que reducen as esperas dos estudantes.





Nestes servizos, como en todo o transporte público da Xunta, os menores de 21 anos poden viaxar gratis empregando a tarxeta Xente Nova, mentres que o resto de usuarios poden beneficiarse dos descontos da tarxeta de mobilidade de Galicia (TMG).

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Como valora a Xunta de Galicia a inversión e a mellora dos servizos no IES Francisco Aguiar de Betanzos?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Pardo López, Adrián na data 23/03/2023 16:41:21

Ovidio Rodeiro Tato na data 23/03/2023 16:41:48

José Luis Ferro Iglesias na data 23/03/2023 16:42:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Teresa Egerique Mosquera na data 23/03/2023 16:42:11

Gómez Salgado, Carlos na data 23/03/2023 16:42:25

Rodríguez Pérez, Moisés na data 23/03/2023 16:42:33

María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/03/2023 16:42:47

María Sol Díaz Mouteira na data 23/03/2023 16:42:59

María Elena Suárez Sarmiento na data 23/03/2023 16:43:39





Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O noso rural, tal como foi, tal como aínda pode ser, é fonte de riqueza permanente, seguridade de supervivencia nosa, propia, e un medio útil, achegado e real de mantemento da poboación no lugar a onde pertencemos, que, non nos enganemos, é a principal arela do ser humano, vivir onde nacemos e medramos, aínda que estea ben coñecer o resto do mundo mentres tanto. Pero para que isto ocorra temos que prestarlle atención, porque deixalo á deriva, tal e como se ven facendo dende hai demasiadas décadas, trae de seu o que está pasando: o rural morre. Pero non morre porque se esgote, morre porque o matan outros intereses a curto prazo case nunca ben intencionados". Son palabras coas que desde as Anpas galegas reivindicamos algo tan básico e xusto como que as nenas e nenos do rural galego poidan gozar os mesmos dereitos que o resto de nenas e nenos do país; dereito a un ensino público de calidade e dereito ás mesmas oportunidades. Esta desigualdade e a falta de oportunidades redonda nun rural que esmorece. Na defensa desta igualdade de oportunidades, desde a Confederación de Anpas se ten asumido un papel activo e construtivo que cristaliza na publicación dun completo estudo que radiografía e recolle as demandas e necesidades para abordar un plan específico para o ensino rural galego.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2023 17:45:43
Nº Rexistro: 51903
Data envío: 23/03/2023 17:45:43.607

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Consideran aceptable a ausencia dunha estratexia ou plan específico para paliar as dificultades e desigualdades que denuncian as familias que viven no rural en canto a oportunidades educativas, formativas e laborais?

Santiago de Compostela, 23 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 23/03/2023 17:43:47

Noa Susana Díaz Varela na data 23/03/2023 17:43:54

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

187015

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-nNE6FOS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Neste Parlamento, tanto na Comisión de control como en pleno, así como en comparecencias públicas do Presidente da Xunta, se afirma unha e outra vez que “ A TVG é a canle máis vista en Galicia”, ademais de que “é a canle autonómica con mellores datos”. Sen ir máis lonxe, o 22 de marzo durante un debate de interpelación sobre a situación que se está a vivir na CRTVG, o Vicepresidente Segundo Diego Calvo incidía nestas afirmacións asegurando que cada día a TVG lidera as audiencias do conxunto de canles televisivas ademais de ser a autonómica con mellor audiencia. Segundo o último dato de audiencias dispoñibles da Análise do consumo televisivo referidos ao ámbito galego, os do martes 21 de marzo, a TVG situouse en terceiro lugar cun 10, por detrás de Antena 3 cun 15,3 e TVE cun 10,2 . Esta terceira posición da TVG a só unha décima da cuarta canle pro audiencia ese día Telecinco cun 9,9. Cómpre salientar ademais a cifra da TVG2 cun residual 1 por cento. O acumulado a día 22 de marzo do mes sería asemade o seguinte:

Antena 3 14,7

Telecinco 11

TVG 9,9

TVE 8,6

La Sexta 6,4

La 2 2,5

TVG2 0,9



Se collemos os datos do luns 20 de marzo

Antena 3	15,3
Telecinco	12,5
TVG	10,3
TVE	9
La Sexta	6,3
la 2	3,8
TVG2	0,7

Outra das afirmacións recorrentes dos responsables da Xunta de Galicia e director xeral da CRTVG neste Parlamento e comparecencias públicas é que os informativos da TVG son con diferenza os máis vistos.

Os datos acumulados do mes de marzo na franxa mediodía (13:30-15:30) son:

Antena 3	17,9
TVG	15,7
Telecinco	13,1
La Sexta	9,8
TVE	6,5

Igualmente se collemos o Prime Time, a canle máis vista no acumulado mensual de marzo é Antena 3 cun 16,7 a moita distancia da TVG. Na franxa do Late Night non só a TVG segue sen acadar ser a canle máis vista, senón que as cifras caen ata a quinta posición. Como exemplo a última referencia publicada do martes 21 de marzo:

Antena 3	17,3
TVE	10,5
Telecinco	8,5
Cuatro	6,6
TVG	4,1





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2023 17:59:16
Nº Rexistro: 51907
Data envío: 23/03/2023 17:59:16.201

Poderíamos tamén achegar os datos e curvas de audiencias das televisións autonómicas (lideradas por Cataluña) para ilustrar que as afirmacións arredor do liderado de audiencias que se veñen empregando como único argumento para apoiar a cuestionada xestión dos nosos medios públicos non responden a realidade. As continuas mensaxes arredor do suposto liderado “indiscutible” de audiencias diarias non se corresponden cos datos oficiais que as curvas de audiencia diarias revelan.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera aceptable o Goberno galego que responsables políticos da Xunta afirmen coñecendo os datos diarios sobre audiencias das distintas canles autonómicas que a TVG ten os mellores datos de todas elas?

Santiago de Compostela, 23 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 23/03/2023 17:57:43

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
187018

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2023 17:59:16
Nº Rexistro: 51907
Data envío: 23/03/2023 17:59:16.201

Noa Susana Díaz Varela na data 23/03/2023 17:57:51

CSV: BOPGDSPG-nNE6FOS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
187019

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Castro Garcia, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A montaña lucense, polo menos na súa zona oriental e de norte a sur sofre microcortes de electricidade de modo constante que afectan á súa poboación e ás actividades profesionais e persoais que realizan a diario. Centrarémonos nesta zona, pero sabemos que é algo xeneralizado na provincia, incluso en concellos como Castro de Rei, próximo a Lugo, e probablemente tamén sexa común noutros lugares da Galiza.

Os concellos no rural interior da provincia de Lugo, teñen un rango de poboación mediana ou baixa que sigue reducíndose progresivamente, que se xunta cunha elevada idade media. Precisan fixar a poboación que teñen e atraer novas persoas e familias para o que resulta imprescindible protexer os servizos básicos públicos e privados e a delicada actividade produtiva, moita dela nas capitalidades dos concellos e nas cabeceiras de comarca.

Para o antedito non queda máis remedio que facilitar a vida das persoas novas, adultas e maiores nos seus ámbitos privados e laborais, cuestión que non sucede, porque se impide o normal acceso a internet para teletraballar, dirixirse telematicamente á administración, ou facer unha tarefa escolar. Ás conexións telemáticas xa son precarias en moitas zonas dado que a maioría de lugares non teñen fibra, aínda que noutros aínda téndoa tamén se ven afectados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes microcortes de electricidade conviven con cortes de luz máis evidentes, ata o punto que é común que en cada domicilio haxa un xerador eléctrico a combustible, aínda que temos que recoñecer que isto último pasa menos veces

Os microcortes apenas se percibirían facendo unha actividade ordinaria, pero son extremadamente dañinos para os electrodomésticos, TV e ordenadores, caldeiras ou aparatos médicos de uso habitual. Máxime cando a maioría teñen placas electrónicas especialmente sensibles.

En ningún caso as empresas eléctricas, ou as dedicadas a dar servizos de internet deixan de cobrar un servizo que non dan coa calidade precisa, tampouco o goberno da Xunta se preocupa da mellora do subministro eléctrico, xa que parece que dan por amortizadas estas zonas, aínda que encha a boca coa palabra rural, un rural que é sen dúbida unha mentira.

Estas empresas reciben importantes axudas públicas de modo continuado pero logo non manteñen as liñas de xeito adecuado para que non haxa perdas de electricidade e interrupción das mesmas.

Saben vostedes que somos grandes produtores de enerxías renovábeis, que estes anos estamos exportando un 40% desta enerxía, soportamos tódolos inconvintes de produci-la, e parece que no futuro aínda será peor, mentres na nosa casa non gozamos de ningún beneficio xa nin económico dicimos neste caso nin tan sequera do privilexio de ter luz sen cortes as 24hs do día.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que vai facer a Xunta para dotar á provincia de Lugo e aos seus concellos de montaña dun servizo eléctrico sen cortes que favoreza a vida dos seus habitantes en tódolos rangos de idade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Castro García

Olalla Rodil Fernández

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/03/2023 18:52:58

Ramón Fernández Alfonso na data 23/03/2023 18:53:02

María del Carmen Aira Díaz na data 23/03/2023 18:53:19

Daniel Castro García na data 23/03/2023 18:53:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a posición da Xunta de Galiza a respecto do informe da Mesa pola Normalización Lingüística *O Galego nos centros públicos de ensino secundario obrigatorio: avaliación do decreto 79/2010*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos foron moitos os informes de entidades e institucións de renome que alertaban sobre os pésimos resultados do decreto do plurilingüismo 79/2010. A todos estes temos que engadir un novo informe da Mesa pola Normalización Lingüística que se centra na lingua na que aparecen os materiais e libros de texto para a docencia.

Este estudo recolle información de 303 centros públicos que imparte o Ensino Secundario Obrigatorio e ten como punto de partida o artigo 13.1 do decreto que di que *os materiais e libros de texto das materias impartidas en galego e en castelán estarán redactados na lingua en que se imparta a materia*.

Para iso partíase dunha hipotética distribución equitativa do castelán, o galego e o inglés, mais coa existencia da LOMCE outorgóuselle maior carga horaria a todas aquelas materias nas que o galego estaba e está prohibido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito, e despois de analizar os libros de texto empregados nos cursos 2022/2023 púidose comprobar que en 53 centros os libros de texto cos que debe contar o alumnado presentan variacións entre a lingua na que se imparte a materia segundo o proxecto e a lingua do libro, levando a que se reduza sempre a presenza do galego.

De igual maneira, no que ten a ver co libro de texto dixital só as materias das áreas que deben ser impartidas en galego contan con todos os materiais nesta lingua. Para contrarrestar isto, a única posibilidade que se lle dá ao profesorado para empregar materiais dixitais en galego é a de elaboralos directamente eles e elas e subilos a EDIXGAL.

Alén de todo isto, tamén se destaca a realidade de que proxectos de éxito como o de “21 días co galego” cos que a Xunta de Galiza colabora non están establecidos en todos os centros ou que polo menos desde o 2017 até o día de hoxe a Xunta de Galiza non desenvolveu ningún tipo de acción de formación para a competencia oral e escrita en galego para o profesorado, a pesar de aparecer no artigo 16 do Decreto.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora a Xunta de Galiza o informe *O Galego nos centros públicos de ensino secundario obrigatorio: avaliación do decreto 79/2010*?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas
Manuel Lourenzo Sobral
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 24/03/2023 09:47:45

Mercedes Queixas Zas na data 24/03/2023 09:47:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/03/2023 09:48:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a negativa da Xunta de Galiza a convocar as axudas ao aluguer de vivenda habitual recollidas no Plan estatal de vivenda 2022-2025 para a anualidade de 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o bono alugueiro á mocidade e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, publicado no *Boletín Oficial del Estado* núm. 16, do 19 de xaneiro de 2022, establece no seu capítulo III do título II un programa de axuda ao alugueiro de vivendas, o cal ten por obxecto facilitar o goce dunha vivenda en réxime de alugueiro a sectores de poboación con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas arrendatarias.

A Xunta de Galiza, no uso das súas competencias, é a Administración responsable da convocatoria destas axudas. Porén a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda non realizou a convocatoria que correspondería para o ano 2022. A resolución de 29 de novembro de 2022 que establecía as bases reguladoras de dita subvención apenas abre o prazo de convocatoria para o ano 2023. Desta forma deixouse sen a posibilidade de solicitar dita axuda a aquelas unidades de convivencia con baixos recursos que agardan poder facelo dende abril de 2021- data na que se pechou a anterior convocatoria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, ao longo do ano 2022 apenas puideron pedir a axuda ao aluguer aquelas familias que xa as tiñan concedidas de anos antes e que se puideron acoller ao procedemento de renovación da axuda.

Non é a primeira vez que a Xunta de Galiza non realiza a convocatoria anual destas axudas. No ano 2020, no peor da pandemia, o goberno galego deixou sen convocar as axudas ao aluguer de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021.

A non convocatoria nos anos 2022 e 2020 non só ten efectos no investimento desas anualidades, senón que ten tamén efectos no volume de persoas que poden solicitar a prórroga das axudas nas seguintes anualidades.

Xa de seu, resulta inaceptable a reiteración por parte do goberno galego na non convocatoria dunhas axudas ás que os galegos teñen dereito. Pero, ademais, resulta extremadamente grave que, ante o contexto actual de aumento dos prezos dos arrendamentos, a Xunta non só se negue a actuar procurando frear a súa suba, senón que ademais bloquea a única subvención á que se poden acoller ás familias con menores recursos. A Xunta, pois, castiga aos galegos e galegas a non poder acceder aos recursos públicos aos que teñen dereito.

Para alén disto, a convocatoria para o ano 2023 establece un período de solicitude que vai do 2 de xaneiro ao 5 de maio, é dicir, que aquelas familias que se vexan na necesidade de acollerse a estas axudas para poder seguir facendo fronte ao pago do alugueiro pasado este período non teñen posibilidade de recibir ningunha axuda. Estas familias quedarían á espera dunha nova convocatoria no 2024, sen garantía de que isto suceda visto o historial de incumprimentos da Xunta de Galiza.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que motivo a Xunta de Galiza non convocou as axudas ao aluguer de vivenda habitual para a anualidade 2022?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 24/03/2023 10:25:48

Paulo Ríos Santomé na data 24/03/2023 10:25:53

Xosé Luis Bará Torres na data 24/03/2023 10:26:01



Á MESA DO PARLAMENTO

Martín Seco García, Patricia Otero Rodríguez e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O grupo portugués ALTRI, especializado en produción de fibras celulósicas, celulosa e produción de polpa, anunciou un investimento de máis de 850 millóns de euros para xerar máis de 2.500 postos de traballo directos e indirectos na creación dunha bio-fábrica de fibras téxtiles sostibles, que anunciou que estaría operativa en 2026.

A empresa lusa anunciou que o denominado “Proxecto Gama” estaría situado na localidade de Palas de Rei. Este proxecto supón a creación dunha planta para a elaboración de pasta soluble de papel, cunha capacidade para producir 200.000 toneladas ao ano que se integrará parcialmente na produción de fibras téxtiles de orixe forestal, concretamente de lyocell, cunha capacidade inicial de 60.000 toneladas ao ano, ata alcanzar a máxima capacidade instalada de 200.000 toneladas anuais.

O proxecto persegue ser un referente a nivel mundial por ser a primeira fábrica de produción integrada de polpa soluble e lyocell, supoñendo unha contribución crítica para a descarbonización da industria manufactureira e a minimización do seu impacto ambiental, posicionando a España á cabeza da innovación en descarbonización e sustentabilidade do sector polpa e téxtil, que ao día de hoxe representa máis de 10% das emisións globais de CO2.





O proxecto de bio-fábrica de fibras téxtiles sostibles de ALTRI en España foi declarado Proxecto Industrial Estratéxico (PE), demostrando o seu impacto transformacional, aliñado cos obxectivos Next Generation UE, a creación de emprego e relevancia do investimento comprometido.

No proxecto de bio-fábrica de fibras téxtiles sostibles fálase de descarbonización, circularidade e sustentabilidade do sector téxtil e anuncian que en pleno funcionamento non utilizarán combustibles fósiles e incorporarán unha unidade de reciclaxe de residuos téxtiles.

A Xunta de Galicia creou en 2021 a sociedade IMPULSA que conta coa participación de ABANCA nun 38 %, de Reganosa nun 12 % e Sogama nun 10%, quedando o goberno galego cun 40% de participación, unha sociedade público-privada creada con fin de axilizar iniciativas empresariais tractoras que incidan na dinamización, o progreso e a transformación da economía galega a través dun modelo verde e dixital.

Esta sociedade di que desexa converter ideas en proxectos tractores, buscar inversores e incorporar socios que acompañen a ditas iniciativas, facendo efectiva a colaboración entre institucións públicas e privadas para a posta en marcha e consolidación de propostas empresariais, tamén di que presta servizos de asesoramento para consolidar as iniciativas empresariais, como pode ser a administrativa.

A empresa promotora da planta de fibras téxtiles, transmite que están na fase máis crítica da preparación do proxecto, definindo as fontes de financiación para desenvolvelo e que tomarán decisións sobre éste a finais do primeiro semestre deste ano. Nesa liña o goberno do Estado ten posto en marcha diferentes PERTE´s para acceder ás axudas de recuperación da Unión Europea, uns fondos que chegan ao Estado español despois da negociación do Presidente do Goberno para modernizar a economía e a industria do noso país





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2023 12:22:51
Nº Rexistro: 51930
Data envío: 24/03/2023 12:22:51.095

e que poden ser unha oportunidade para proxectos como o plantexado pola empresa ALTRI en Galicia.

O goberno galego e a sociedade mixta IMPULSA deben de utilizar as súas competencias para identificar e asesorar á empresa ALTRI para a consecución de fondos europeos nas liñas de PERTE establecidas polo goberno do estado, como a de economía circular ou o de descarbonización, co fin de conseguir que este proxecto sexa unha realidade neste 2023. A administración galega debe poñer a disposición da empresa promotora os equipos da administración galega para a consecución desta inversión necesaria e os mecanismos necesarios para articular este ambicioso proxecto para a nosa terra.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Pleno:

Asesorou o goberno galego e a sociedade IMPULSA á empresa promotora para acceder aos fondos de recuperación europeos nas diferentes liñas de PERTE plantexadas polo goberno do estado?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 24/03/2023 12:19:45

Patricia Otero Rodríguez na data 24/03/2023 12:19:56

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
187031

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2023 12:22:51
Nº Rexistro: 51930
Data envío: 24/03/2023 12:22:51.095

María Leticia Gallego Sanromán na data 24/03/2023 12:20:08

CSV: BOPGDSPG-nNE6FOS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

187032

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de marzo de 2022 fíxose público o “Anteproxecto de informe de fiscalización horizontal sobre percepcións económicas dos salariais e indemnización de gastos efectivos en entidades locais: indemnización por razón de servizo, asistencias e outros cargos”. Este documento do Consello de Contas forma parte do plan anual de traballo para o exercicio de 2021, aprobado o 22 de decembro de 2020.

O citado informe foi obxecto de reprogramación, a última a finais de 2022 (Plan anual de traballo para o 2023) debido a unha nova comunicación do concello de Valga relativa ás percepcións por asistencia a órganos colexiados.

Unha das conclusións do informe é que edís dos gobernos municipais de Valga cobraron dietas ilegais desde o ano 1991 até o 2017. Segundo Contas, “tanto as reunións como as percepcións de asistencia á comisión de coordinación non se adecúan á legalidade ao non estar previsto como órgano complementario no Regulamento Orgánico Municipal”.

Contas sinala que a creación da chamada “comisión de coordinación de concelleiros/as delegados/as” fíxose o 15 de xuño de 2017 mediante acordo plenario, en tanto que “órgano complementario de natureza consultiva e deliberante”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O artigo 14 in fine do ROF establece que “de cada sesión da Comisión de Coordinación levantarase acta por parte dun concelleiro/a designado no seu caso, e que terá a condición de concelleiro/a Secretario/a da Comisión de Coordinación...”. O informe de Contas deixa clara a ilegalidade desta previsión ao conculcar “a esixencia legal de que sexa un funcionario/a público quen actúe como secretario/a da devandita comisión de coordinación”.

O Consello establece unhas recomendación ao concello de Valga para garantir o funcionamento legal da citada Comisión de Coordinación, adaptándoa ao marco xurídico vixente en relación coa presenza preceptiva como secretario/a de funcionario/a público que vele pola legalidade formal e material das actuacións do órgano colexiado, certifique as súas actuacións e garanta que os procedementos e regras de adopción de acordos son respectados. Máxime cando as persoas asistentes á Comisión reciban asistencia pola concorrencia efectiva.

O consello de Contas tamén advirte da obriga de control interno e de reparo da intervención sobre as operacións non conformes co marco xurídico aplicábel. Así mesmo sinala a obriga de remisión ao CCG da información relativa ao exercicio do control interno.

En canto aos pagamentos percibidos en concepto de asistencia a esta comisión ilegais o Consello sinala que se aprobaban por decreto da alcaldía, sen reparo da intervención. Este asunto foi motivo dunha denuncia penal pola que se incoaron dilixencias previas que foron sobresidas pola Xulgado de Caldas.

A análise da documentación achegada polo concello de Valga pon de manifesto o incumprimento da normativa legal desde o ano 1991 e a percepción irregular de cantidades económicas desde esa data.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O informe inclúe na páxina 69 un cadro de percepcións desde o 17 de xuño de 2017 até o 31 de decembro de 2021.

V.4.4. IMPORTE DAS ASISTENCIAS Á COMISIÓN DE COORDINACIÓN

Do 17 de xuño de 2017 ata o 31 de decembro de 2021 o Concello de Valga realizou o pagamento dos seguintes importes, de conformidade coa información facilitada pola dita entidade:

Cadro 13: Desagregación dos importes percibidos por asistencia ás Comisións de Coordinación (2017-2021)

Concelleiro/a Delegado/a	Importe das asistencias	Número de asistencias percibidas
Alcaldía-Presidencia da Corporación	18.190,00	223
Obras, Servizos, Urbanismo, Medio Ambiente e Desenvolvemento	14.150,00	220
Turismo, Novas Tecnoloxías e Escola de Música*	9.175,00	146
Economía, Facenda, Contas e Patrimonio	13.925,00	216
Cultura e Xuventude	5.475,00	73
Deportes	13.725,00	213
Protección, Civil, Seguridade e Interior	12.800,00	199
Total	87.440,00	1.290

*Inclúese o mandato de dúas Concelleiras-Delegadas.

O informe do Consello de Contas tamén advirte de irregularidades graves nos concellos de Catoira, Trazo e Vilasantar.

No caso de Catoira, por percepción por parte do alcalde como dietas de 15.600 euros que deberían ser percibidos como salario.

No caso de Vilasantar, incorrecta xustificación de dietas e gastos de locomoción entre novembro de 2017 e xaneiro de 2019.

No referido a Trazo, 37.000 euros en comidas sen a debida xustificación, entre outros gastos protocolarios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o BNG, a Xunta non pode permanecer impasíbel diante desta administración irregular dos recursos públicos e desta conculcación da normativa reguladora das administracións públicas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai a Xunta sobre o informe do Consello de Contas que pon de manifesto irregularidades na percepción de indemnizacións por parte de representantes públicos dos concellos de Valga, Catoira, Vilasantar e Trazo?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/03/2023 12:49:57

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/03/2023 12:50:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 24/03/2023 12:50:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de marzo de 2022 fíxose público o “Anteproxecto de informe de fiscalización horizontal sobre percepcións económicas dos salariais e indemnización de gastos efectivos en entidades locais: indemnización por razón de servizo, asistencias e outros cargos”. Este documento do Consello de Contas forma parte do plan anual de traballo para o exercicio de 2021, aprobado o 22 de decembro de 2020.

O citado informe foi obxecto de reprogramación, a última a finais de 2022 (Plan anual de traballo para o 2023) debido a unha nova comunicación do concello de Valga relativa ás percepcións por asistencia a órganos colexiados.

Unha das conclusións do informe é que edís dos gobernos municipais de Valga cobraron dietas ilegais desde o ano 1991 até o 2017. Segundo Contas, “tanto as reunións como as percepcións de asistencia á comisión de coordinación non se adecúan á legalidade ao non estar previsto como órgano complementario no Regulamento Orgánico Municipal”.

Contas sinala que a creación da chamada “comisión de coordinación de concelleiros/as delegados/as” fíxose o 15 de xuño de 2017 mediante acordo plenario, en tanto que “órgano complementario de natureza consultiva e deliberante”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O artigo 14 in fine do ROF establece que “de cada sesión da Comisión de Coordinación levantárase acta por parte dun concelleiro/a designado no seu caso, e que terá a condición de concelleiro/a Secretario/a da Comisión de Coordinación...”. O informe de Contas deixa clara a ilegalidade desta previsión ao conculcar “a esixencia legal de que sexa un funcionario/a público quen actúe como secretario/a da devandita comisión de coordinación”.

O Consello establece unhas recomendación ao concello de Valga para garantir o funcionamento legal da citada Comisión de Coordinación, adaptándoa ao marco xurídico vixente en relación coa presenza preceptiva como secretario/a de funcionario/a público que vele pola legalidade formal e material das actuacións do órgano colexiado, certifique as súas actuacións e garanta que os procedementos e regras de adopción de acordos son respectados. Máxime cando as persoas asistentes á Comisión reciban asistencia pola concorrencia efectiva.

O consello de Contas tamén advirte da obriga de control interno e de reparo da intervención sobre as operacións non conformes co marco xurídico aplicábel. Así mesmo sinala a obriga de remisión ao CCG da información relativa ao exercicio do control interno.

En canto aos pagamentos percibidos en concepto de asistencia a esta comisión ilegais o Consello sinala que se aprobaban por decreto da alcaldía, sen reparo da intervención. Este asunto foi motivo dunha denuncia penal pola que se incoaron dilixencias previas que foron sobreesidas pola Xulgado de Caldas.

A análise da documentación achegada polo concello de Valga pon de manifesto o incumprimento da normativa legal desde o ano 1991 e a percepción irregular de cantidades económicas desde esa data.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

O informe inclúe na páxina 69 un cadro de percepcións desde o 17 de xuño de 2017 até o 31 de decembro de 2021.

V.4.4. IMPORTE DAS ASISTENCIAS Á COMISIÓN DE COORDINACIÓN

Do 17 de xuño de 2017 ata o 31 de decembro de 2021 o Concello de Valga realizou o pagamento dos seguintes importes, de conformidade coa información facilitada pola dita entidade:

Cadro 13: Desagregación dos importes percibidos por asistencia ás Comisións de Coordinación (2017-2021)

Concelleiro/a Delegado/a	Importe das asistencias	Número de asistencias percibidas
Alcaldía-Presidencia da Corporación	18.190,00	223
Obras, Servizos, Urbanismo, Medio Ambiente e Desenvolvemento	14.150,00	220
Turismo, Novas Tecnoloxías e Escola de Música*	9.175,00	146
Economía, Facenda, Contas e Patrimonio	13.925,00	216
Cultura e Xuventude	5.475,00	73
Deportes	13.725,00	213
Protección, Civil, Seguridade e Interior	12.800,00	199
Total	87.440,00	1.290

*Inclúese o mandato de dúas Concelleiras-Delegadas.

O informe do Consello de Contas tamén advirte de irregularidades graves nos concellos de Catoira, Trazo e Vilasantar.

No caso de Catoira, por percepción por parte do alcalde como dietas de 15.600 euros que deberían ser percibidos como salario.

No caso de Vilasantar, incorrecta xustificación de dietas e gastos de locomoción entre novembro de 2017 e xaneiro de 2019.

No referido a Trazo, 37.000 euros en comidas sen a debida xustificación, entre outros gastos protocolarios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o BNG, a Xunta non pode permanecer impasíbel diante desta administración irregular dos recursos públicos e desta conculcación da normativa reguladora das administracións públicas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai a Xunta sobre informe do Consello de Contas sobre percepcións económicas non salariais e indemnización de gastos no referente ao concello de Valga?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/03/2023 12:52:23

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/03/2023 12:52:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 24/03/2023 12:52:38





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2023 13:42:09
Nº Rexistro: 51948
Data envío: 24/03/2023 13:42:09.627

Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O 21 de marzo aparecía nun xornal que o presidente da Xunta de Galicia anunciaba, nunha visita ao parque eólico experimental Sotavento de Xermade, a creación dunha empresa mixta para participar en proxectos de enerxías renovables e que legislará para que os beneficios desas instalacións revertan alí onde se xeran.

Segundo se manifestaba na nova, o sr. Rueda comunicaba que ían iniciar a tramitación dun proxecto de lei que incluíría a creación desa empresa mixta, na que a Xunta de Galicia estará presente e que buscará que o sector público participe xunto ao capital privado, no desenvolvemento destas novas fontes de enerxía.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando vai entrar no Parlamento galego ese proxecto de lei anunciado?

Santiago de Compostela, 24 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
187043

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2023 13:42:09
Nº Rexistro: 51948
Data envío: 24/03/2023 13:42:09.627

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/03/2023 13:38:30

María Leticia Gallego Sanromán na data 24/03/2023 13:38:42

Martín Seco García na data 24/03/2023 13:38:50

CSV: BOPGDSPG-nNE6FQS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

187044

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e **Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Fai máis dun ano, a comisión de sanidade do Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade a proposta socialista que urxía a necesidade duna novo espazo que ampliase a cobertura sanitaria da Comarca do Carballiño.

Unha comarca en cabezada polo Concello de O Caballiño, que conta con máis de 14.000 habitantes enmarcado todo elo nunha das provincias máis envellecidas do país.

Nesta ocasión os veciños e veciñas de O Carballiño unha vez máis reivindicán unha praza adicional de matrona no centro de saúde, así como a necesidade dunha maior cobertura de atención xinecolóxica e pediátrica.

Os servizos que se blinden nas provincias máis afectadas pola despoboación, nomeadamente Lugo e Ourense, serán parte da loita polo reto demográfico, un dos desafíos máis importantes para Galicia, tendo en conta que somos das comunidades autónomas co peor saldo vexetativo do país. Especialmente grave na provincia de Ourense, onde o número de persoas pensionistas xa superan ás cotizantes.

A sanidade pública é un dos servizos prioritarios e condicionantes para o benestar e asentamento da poboación. Tendo en conta que a provincia de Ourense é a que peores datos demográficos e de saldo vexetativo ofrece, o goberno galego ten que exercer políticas de discriminación positiva que garantan servizos coma a





sanidade pública. E máis aínda tendo en conta que as mulleres que deciden ser nais nesta provincia, e nomeadamente na Comarca de O Carballiño deberan ter blindados os servizos de matrona, xinecoloxía e pediatría como mínimo. Actualmente O Carballiño só conta cunha praza de matrona, cun día á semana de xinecoloxía e con dúas pediatras só de mañá e cunha previsible xubilación a curto prazo. Non existe pediatría polas tardes nin no servizo de urxencias.

Estamos a falar dun dos núcleos máis importantes da provincia despois da cidade, en termos poboacionais. Polo que é preciso que o goberno galego acolla estas demandas que os veciños e veciñas de O Carballiño trasladan, para garantir servizos da sanidade pública tan importantes para afianzar poboación como estes.

Segundo os últimos datos, Galicia conta cun número de matronas significativamente menor que a media estatal, de feito, somos das comunidades autónomas coa menor porcentaxe de toda España. Trátase polo tanto dunha carencia que o goberno galego debe corrixir para garantir a seguridade das mulleres embarazadas e os seus bebés, así como a atención á saúde sexual e reproductiva das mesmas.

A Asociación Galega de Matronas alertou da situación galega advertindo do momento de gran dificultade en canto á contratación de matronas, motivado, entre outras cousas, polas frecuentes e próximas xubilacións e polos anos (1986-1994) nos que non houbo formación de matronas, e sobre todo polas condicións laborais que se ofrecen por parte do goberno galego a través do SERGAS.

Así mesmo advirten de que a presenza das matronas non só se limita á sala de partos, senón que o seu ámbito competencial abrangue todas as unidades dedicadas á saúde sexual e reprodutiva da muller (atención primaria, COF, unidade de chan pelviano, banco de leite, unidades de xestantes/puerperio). Dende AGAM reclaman aumentar a acreditación de novas prazas EIR de matrona, para que nos vindeiros anos se formen a máis matronas e así solventar





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 51953
Data envío: 24/03/2023 14:32:05.814

o problema de relevo xeracional que está a vivir esta necesaria profesión. Todo elo consta por escrito no SERGAS a través das reivindicacións das matronas mediante AGAM.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que o servizo médico de atención xinecolóxica diminuíu significativamente no número de horas e días de atención no centro de saúde de O Carballiño?

Santiago de Compostela, 24 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 24/03/2023 14:30:20

Julio Torrado Quintela na data 24/03/2023 14:30:29

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
187047

@PSdeG



A Mesa do Parlamento

Rosalía López Sánchez, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Raquel Arias Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte, **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Desde 2003, unha disposición adicional da Ley 16/2003, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, establece que “os servizos sanitarios dependentes de Instituciones Penitenciarias serán transferidos ás comunidades autónomas para a súa plena integración nos correspondentes servizos autonómicos de saúde”.

En varias ocasións, o Parlamento de Galicia respaldou esta transferencia, sendo a última delas un acordo acadado en xuño de 2021 na Comisión de Sanidade do Parlamento por unanimidade có seguinte contido no punto 1:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que solicite do Goberno do Estado:

- 1.- O traspaso das competencias en materia de saúde penitenciaria á Xunta de Galicia para a súa asunción polo Servizo Galego de Saúde, de conformidade co establecido na disposición adicional sexta da Lei de Cohesión do Sistema Nacional de Saúde 16/2003 de 28 de maio, de xeito que a atención a este colectivo se realice na rede sanitaria pública galega. Esta transferencia debe estar acompañada dos medios humanos, económicos e materiais necesarios, atendendo á suficiencia dinámica para a prestación do correspondente servizo; así como da compensación da débeda contraída polo Ministerio de Interior co Sergas”.

Sen embargo, ata o de agora o Ministerio nunca se comprometeu de forma efectiva con este traspaso, negándose a dotalo dos medios axeitados, polo que o Goberno de





España continúa a ser, por decisión propia, o responsable da atención sanitaria da poboación reclusa nos cárceres de Galicia.

Neste contexto, o persoal do centro de saúde e do PAC de Teixeira (concello de Curtis) trasladou hai uns días xunto co alcalde unha problemática importante de sobrecarga de traballo derivada da falta de cobertura sanitaria que está a sufrir o centro penitenciario de Teixeira, obrigando ao persoal médico a desprazarse varias veces ao cárcere para atender a persoas reclusas pola ausencia de facultativos na prisión.

O centro penitenciario ten a obriga de manter o seu propio servizo sanitario para atender á poboación reclusa pero os sindicatos do persoal de institucións penitenciarias denuncian que nesa prisión hai sete de nove prazas médicas vacantes, nun contexto no que o 60% de prazas médicas no conxunto das prisións galegas están vacantes, polo que o o acontecido en Curtis pode repetirse pronto noutros centros penitenciarios. Unha situación que, tal e como teñen trasladado as organizacións sindicais, o Goberno de España está a tratar de paliar recorrendo aos servizos de empresas de sanidade privada.

As comunidades autónomas, máxime neste momento de escaseza de facultativos, non están en disposición de soportar unha sobrecarga na atención primaria derivada de que o Goberno do Estado non garanta a atención sanitaria na que é competente.

Por todo o anterior exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia ante a situación de déficit de cobertura sanitaria que o Goberno de España ofrece á poboación reclusa en Galicia e o impacto que isto ten no Servizo Galego de Saúde tal e como se ten evidenciado recentemente no caso do PAC de Teixeira (Curtis)?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





López Sánchez, Rosalía na data 24/03/2023 13:05:45

María Corina Porro Martínez na data 24/03/2023 13:05:58

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/03/2023 13:06:09

José Alberto Pazos Couñago na data 24/03/2023 13:06:25

Noelia Pérez López na data 24/03/2023 13:06:37

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 24/03/2023 13:06:52

Raquel Arias Rodríguez na data 24/03/2023 13:07:03





Á Mesa do Parlamento

Rosalía López Sánchez, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, María Sol Díaz Mouteira, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, María Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez, deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno polo trámite de Urgencia**.

Xustificación da Urgencia:

A urgencia ven motivada pola importancia de ter en Sede Parlamentaria unha posición ante a recentes informacións.

O Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade (TDAH) é un dos trastornos do neurodesenvolvemento máis frecuentes na infancia e adolescencia cuxo número de casos diagnosticados aumentou nos últimos anos por unha maior sensibilización das familias e dos profesionais sanitarios e educativos. Moitas veces os síntomas de impulsividade e inatención que acompañan a este trastorno interfieren de xeito importante no eido académico pero tamén no social e familiar.

En España actualmente a prevalencia do TDAH é dun 5% entre a poboación infantil e adolescente, un total de 415.000 nenos e nenas.

Tendo en conta este feito e as necesidades de dito colectivo o Ministerio de Educación e Formación Profesional viña convocando ata o curso 2019-2020 unhas axudas dirixidas a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de discapacidade ou trastorno grave de conduta acreditados mediante algunha das seguintes vías:

- Certificado dun equipo de valoración e orientación dun centro base do Instituto de Mayores y de Servicios Sociales ou órgano correspondente da comunidade autónoma.
- Certificado dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica ou do departamento de orientación dependentes da administración educativa correspondente.
- Certificado de discapacidade.

É no curso 2020-2021, cando a resolución destas axudas se modifica de xeito significativo; as axudas estarán só destinadas ao alumnado con certificado de





discapacidade, ao que ademais pasou a esixírselle un grao de discapacidade de polo menos o 33%.

De feito, o artigo 7 do Real Decreto 471/2021 concreta as axudas a catro grupos específicos do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo. (o alumnado con Trastorno do Espectro Autista (TEA), trastorno grave de comunicación e da linguaxe, necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade ou trastorno grave de conduta e aqueles con alta capacidade intelectual), deixando fora a alumnos con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH), dislexia, discalculia ou disortografía, xa que este grupo, para poder optar ás bolsas deberá acreditar un 33% de discapacidade; unha decisión absolutamente discriminatoria.

En setembro do 2021 a Federación Española de Asociacións de Axuda ao Déficit de Atención e Hiperactividade (FEAADAH), xunto con outras 36 asociacións de toda España, interpuxeron 37 recursos na Audiencia Nacional contra a decisión do Ministerio de Educación de non incluír a 20.000 menores con TDAH nas axudas ao estudo e subsidios para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De feito, a Audiencia Nacional dirixiu ao Tribunal Superior de Xustiza a demanda interposta polas Asociacións galegas de Déficit de Atención e Hiperactividade (Anhida Vigo, Anhida A Coruña, ADAHPO Pontevedra e Ourense), que se sumaron aos 37 recursos presentados pola Federación Española de nenos e nenas con TDAH, coa intención de impugnar o Real Decreto 471/2021 do Ministerio de Educación por consideralo discriminatorio.

A finais do 2021 dende a Comisión de Educación e a través dunha proposición non de lei presentada polo Grupo Parlamentario Popular, o Parlamento de Galicia instaba á Xunta a demandar ao Ministerio de Educación que rectificase a súa exixencia para o acceso ás bolsas para alumnado con necesidades educativas especiais e con necesidades específicas de apoio educativo, de xeito que se recuperasen e mellorasen os criterios para facilitar a concesión das bolsas e así propiciar un mellor acceso a unha atención educativa e social e tamén á inclusión real.

Recentemente vimos de coñecer a sentenza do Tribunal Supremo que determina que os alumnos con TDAH non precisan acreditar un 33% de discapacidade para optar ás bolsas NEAE, dándolle así a razón tanto ao goberno galego como ás entidades demandantes.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Consellería de Educación da sentenza do Tribunal Supremo en relación coas bolsas do alumnado con TDAH que falla a favor das demandas





tanto do Goberno galego como das entidades de apoio ás persoas que presentan este cadro clínico?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

López Sánchez, Rosalía na data 27/03/2023 13:33:53

Teresa Egerique Mosquera na data 27/03/2023 13:34:12

María Sol Díaz Mouteira na data 27/03/2023 13:34:27

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/03/2023 13:34:38

José Luis Ferro Iglesias na data 27/03/2023 13:34:49

Rodríguez Pérez, Moisés na data 27/03/2023 13:35:03

María Felisa Rodríguez Carrera na data 27/03/2023 13:35:13

Gómez Salgado, Carlos na data 27/03/2023 13:35:45





Á Mesa do Parlamento,

Pedro Puy Fraga, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ana Belén García Vidal, Adrian Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez e Borja Vereas Fraiz deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Consello da Xunta vén de anunciar unha futura Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia como eixo fundamental para que a comunidade galega non perda a oportunidade de estar no centro da transición enerxética que está a vivir Europa, porque conta con condicións especialmente idóneas para o aproveitamento sustentable de enerxías renovables e materias primas estratéxicas para o noso futuro.

Unha das achegas importantes da futura lei é que establecerá que as declaracións de impacto ambiental avaliarán os efectos sociais e económicos dos proxectos. Isto, segundo o publicado, permitirá determinar en que iniciativas poderá implicarse a futura sociedade mixta na que tomará parte a Xunta de Galicia, xunto con outros axentes públicos e privados, para que parte dos beneficios que aproveiten recursos naturais teñan un impacto directo positivo na Comunidade, e especialmente nas zonas máis implicadas neste procesos.

Trátase, polo tanto, dunha lei pioneira e innovadora que favorecerá dar un salto cualitativo e cuantitativo no desenvolvemento das enerxías renovables e dos vectores enerxéticos do futuro e o arraigamento social, por exemplo, da eólica mariña, que vai medrar nos próximos anos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- En que consiste a futura Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia anunciada tras o Consello da Xunta do pasado 23 de marzo?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2023.





Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 28/03/2023 17:50:19

Marta Nóvoa Iglesias na data 28/03/2023 17:50:50

Cristina Sanz Arias na data 28/03/2023 17:51:08

José Antonio Armada Pérez na data 28/03/2023 17:52:20

Ana Belén García Vidal na data 28/03/2023 17:52:32

Pardo López, Adrián na data 28/03/2023 17:52:41

Rodríguez Pérez, Moisés na data 28/03/2023 17:52:50

Borja Verea Fraiz na data 28/03/2023 17:53:02





Á Mesa do Parlamento,

Elena Suárez Sarmiento, José Manuel Balseiro Orol, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Paez, José Luis Ferro Iglesias, María Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e María Belén Salido Maroño deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego dea conta deste proxecto de gran importancia no ámbito do saneamento das rías

Preservar e mellorar a calidade das augas das nosas rías é un dos obxectivos estratéxicos prioritarios que se autoimpuxo a Xunta nestes últimos anos co fin de preservar o seu importante valor socioeconómico, ambiental e paisaxístico.

Un traballo que, entre outros importantes resultados, permitiu que o 78% das masas de auga das nosas rías se atopen en bo estado. Para seguir a afondar neste cometido, o Goberno galego vén de iniciar as obras de renovación do sistema de saneamento de Vilagarcía de Arousa e solucionar os problemas que se teñen detectado de exceso de sólidos, ineficiencia dos colectores e unha entrada excesiva de augas limpas e auga do mar.

As actuacións previstas suporán dedicar preto de 10 millóns de euros de orzamento.

Co propósito de coñecer polo miúdo os detalles das obras que se van a acometer nesta ría os deputados e deputadas asinantes formulamos a seguinte pregunta oral:

- En que consisten as obras que ten en marcha a Xunta de Galicia na ría de Vilagarcía encamiñadas a mellorar o saneamento?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2023.

Asinado dixitalmente por:

María Elena Suárez Sarmiento na data 28/03/2023 17:54:07

José Manuel Balseiro Orol na data 28/03/2023 17:54:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2023 17:56:24
Nº Registro: 52114
Data envío: 28/03/2023 17:56:24.442

Carmen María Pomar Tojo na data 28/03/2023 17:54:35

Ramón Carballo Páez na data 28/03/2023 17:54:48

José Luis Ferro Iglesias na data 28/03/2023 17:55:09

Freire Vázquez, María Begoña na data 28/03/2023 17:55:21

Rubén Lorenzo Gómez na data 28/03/2023 17:55:33

María Belén Salido Maroño na data 28/03/2023 17:55:44


Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-nNE6FOS2X-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

